



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 71

Sesión plenaria
9 de maio de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 19450 (10/PNP-001439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203, do 31.10.2017

5.2 24025 (10/PNP-001737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 31.01.2018

5.3 28878 (10/PNP-002092)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

5.4 29120 (10/PNP-002114)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

5.5 29342 (10/PNP-002133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun pacto pola lingua galega e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

5.6 29544 (10/PNP-002161)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de caducidade da concesión mineira *San Rafael* (núm. 2946) no concello de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

5.7 29632 (10/PNP-002167)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

5.8 29902 (10/PNP-002197)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 296, do 25.04.2018

Punto 6. Interpelacións**6.1 9314 (10/INT-000394)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as consecuencias no mercado financeiro galego da posible venda do Banco Popular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

6.2 21522 (10/INT-000734)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 229, do 19.12.2017

6.3 28982 (10/INT-000936)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 30278 (10/POPX-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da súa política en relación coa lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

7.2 30279 (10/POPX-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto das súas políticas en relación coa corrección dos desequilibrios territoriais internos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

7.3 30280 (10/POPX-000090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de xeito partidario dos medios públicos para facer campaña electoral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 30240 (10/PUP-000161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para o asinamento dun protocolo co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para a xestión do bordo litoral da cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

8.2 29131 (10/POP-003424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o futuro do servizo ferroviario Renfe-Feve, a súa planificación e xestión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

8.3 29707 (10/POP-003480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para aliviar a densidade de tráfico pesado na A-55, no tramo Vigo-O Porriño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

8.4 30238 (10/PUP-000160)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis**

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe oficial a México que vai realizar o presidente da Xunta de Galicia, xunto co conselleiro de Economía, Emprego e Industria no mes de maio de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

8.5 29564 (10/POP-003468)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da integración dos profesionais de Educación Social en toda a educación obrigatoria de primaria e secundaria, así como na infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

8.6 24249 (10/POP-002926)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis**

Sobre os recursos destinados e as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

8.7 28931 (10/POP-003404)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade na provincia de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

8.8 30005 E C.E. 30155 (10/PUP-000159)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis**

Sobre o tipo de controis que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento dos requisitos exixidos na concesión das axudas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

8.9 30277 (10/PUP-000163)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen**

Sobre as razóns do Goberno galego para considerar agora vangarda tecnolóxica os medios de salvamento aéreo da Xunta de Galicia que pasaron a mans privadas no seu día por considerar que estaban obsoletos e que precisaban de actualización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

8.10 22696 (10/POP-002735)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Consellería do Mar respecto do desenvolvemento das campañas para o fomento do consumo de peixes e mariscos tituladas *O sabor da aventura está no mar*, *Ponlle as pilas ao teu bocata* e *Do mar ao prato*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

8.11 28662 (10/POP-003372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a garantía polo Goberno galego do cumprimento polos helicópteros Pesca I e Pesca II das condicións técnicas necesarias para a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da súa política en relación coa lingua galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra e intervén por unha cuestión de orde en relación cunha interpretación das súas palabras por parte do señor presidente da Xunta. (Páx. 20.)

O señor presidente da Cámara responde a esta cuestión. (Páx. 21.)

Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto das súas políticas en relación coa corrección dos desequilibrios territoriais internos de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 22.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de xeito partidario dos medios públicos para facer campaña electoral. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 28.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 31.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 41.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 43.) e *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 44.)

O señor Moreira Ferro (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx.46 .)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 48.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Toja Suárez (S).* (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 52.) e *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 55.)

A señora Toja Suárez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 61.) e *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 63.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 64.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 66.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun pacto pola lingua galega e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 70.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 72.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 73.)

Nova intervención da señora Burgo López (S). (Páx. 75.)

Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de caducidade da concesión mineira *San Rafael* (núm. 2946) no concello de Touro. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 77.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 81.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 83.)

O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 85.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 90.), *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 91.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 93.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 95.)

O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra ao abeiro do artigo 76.3. O señor presidente concédelle a palabra e durante a súa intervención expón que entende que a expresión do señor Pazos Couñago «xenofobia veciñal» afecta ao decoro do seu grupo parlamentario. (Páx. 96.)

O señor presidente concédelle, a continuación, a palabra para intervir sobre este asunto ao señor Pazos Couñago (P), que retira a devantida expresión. (Páx. 97.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 102.) e *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 104.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 106.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 108.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Consello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 110.)*

O señor Moreira Ferro (P) solicita a votación por puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. Popular de Galicia. (Páx. 110.)

Votación do primeiro punto da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións. (Páx. 110.)*

Votación do segundo punto da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 6 votos en contra e 26 abstencións. (Páx. 111.)*

Votación do terceiro punto da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 6 votos en contra e 26 abstencións. (Páx. 111.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 111.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa dona Luca Pérez Chao e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun pacto pola lingua galega e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de caducidade da concesión mineira San Rafael (núm. 2946) no concello de Touro: *rexeitada por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións* (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bara Torres e cinco deputados/as máis, sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto: *aprobado por 53 votos a favor, 18 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Declaración institucional en relación coa sentenza da Audiencia Provincial de Navarra respecto dos feitos acaecidos en Pamplona durante a madrugada do 7 de xullo de 2016

O señor presidente procede á súa lectura e é aprobada por asentimento. (Páx. 113.)

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as consecuencias no mercado financeiro galego da posible venda do Banco Popular. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños López (BNG).* (Páx. 114.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 118.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños López (BNG).* (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 123.)

Interpelación de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 125.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 132.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Xunta de Galicia para o asinamento dun protocolo co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para a xestión do bordo litoral da cidade da Coruña. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 135.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 137.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o futuro do servizo ferroviario Renfe-Feve, a súa planificación e xestión. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para aliviar a densidade de tráfico pesado na A-55, no tramo Vigo-O Porriño. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 144.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe oficial a México que vai realizar o presidente da Xunta de Galicia, xunto co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, no mes de maio de 2018. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 148.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 150.)

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da integración dos profesionais de Educación Social en toda a educación obrigatoria de primaria e secundaria, así como na infantil. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 154.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os recursos destinados e as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 155.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 156.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 158.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade na provincia de Pontevedra. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 159.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 160.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 161.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 162.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica o debate acumulado das preguntas 8.9 e 8.11. (Páx. 163.)

Pregunta de D^a Carmen Santos Queiruga, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para considerar agora vangarda tecnolóxica os medios de salvamento aéreo da Xunta de Galicia que pasaron a mans privadas no seu día por considerar que estaban obsoletos e que precisaban de actualización. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía polo Goberno galego do cumprimento polos helicópteros Pesca I e Pesca II das condicións técnicas necesarias para a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 163.) e *Sra. Toja Suárez. (S)*. (Páx. 165.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 166.)

Réplica dos autores: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 168.) e *Sra. Toja Suárez. (S)*. (Páx. 169.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 170.)

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Consellería do Mar respecto do desenvolvemento das campañas para o fomento do consumo de peixes e mariscos tituladas «O sabor da aventura está no mar», «Ponlle as pilas ao teu bocata» e «Do mar ao prato». (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Salorio Porral (P)*. (Páx. 171.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 172.)

Réplica da autora: *Sra. Salorio Porral (P)*. (Páx. 173.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 174.)

Declaración institucional en relación coa Declaración dos defensores e defensoras dos dereitos humanos

O señor presidente procede á súa lectura e é aprobada por asentimento. (Páx. 174.)

Remata a sesión ás sete e catorce minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión.

Punto sétimo da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da súa política en relación coa lingua galega

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

«Eu fáloa porque si, porque me gusta,/ porque me peta e quero e dáme a gana;/ porque me sae de dentro...». Señor Feijóo, se aínda somos galegas, é por obra e graza do idioma. Ter unha lingua propia é unha riqueza, pero vostede preferiu debilitar o galego. Chegou á Xunta a cabalo desa gran mentira da imposición e leva durante todo o seu mandato facéndolle un escrache á nosa lingua. E as consecuencias están á vista: o galego é a única lingua do Estado, a única, que perde falantes. O galego é a única lingua do Estado prohibida para ensinar Matemáticas ou Ciencias. O galego é a única lingua do Estado que non ten un xornal propio, é a única na que está descendendo a edición do libro. O galego é a única lingua discriminada na escola. Até a Xunta recoñece que no caso de infantil o galego está reducido, está excluído nun 90 % das escolas nas cidades.

Estes datos déixano, desde logo, a vostede en moi mal lugar. Pero tamén lle desmontan esa estratexia de botarlles a culpa ás familias, cando son vostedes ou vostede o responsable de dinamitar os consensos e favorecer o monolingüismo en castelán. Porque mire, a súa política nin é bilingüe nin é cordial, nin é harmónica. E isto non llo di só o BNG, dillo Queremos Galego, dinllo os sindicatos do ensino, dinllo os movementos de renovación pedagóxica, dillo o Consello da Cultura, dillo a Real Academia Galega; Real Academia Galega que hai moi poucos meses fixo público un informe no que di dúas cousas que son ben importantes. A primeira é que desde 2010, co seu decretazo, o galego retrocedeu na escola até índices dos anos noventa. E tamén denuncia que hai unha gran parte da cidadanía que sente unha presión forte para abandonar o galego e instalarse no castelán. Señor Feijóo, co seu escrache vostede está incumprindo o propio Estatuto, que di con claridade que hai que camiñar cara á normalización do galego e á súa igualdade co castelán.

E, neste contexto, desde o BNG chamamos a recompoñer os consensos en relación co galego. A nós válenos o Plan xeral de normalización lingüística de 2004. ¿Válelle a vostede? ¿Está disposto a derrogar o decreto contra o galego? ¿Está disposto a apoiar a edición do libro, a

recuperar o apoio, a cumprir a lei que aprobamos por unanimidade? ¿Está disposto a que as axudas aos medios para a normalización sexan realmente para iso? ¿Está disposto a garantir que os nenos e as nenas non perdan o galego na escola?

Señor Feijóo, renegar da nosa lingua é renegar do país. Pídlle que non renegue de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, despois de escoitar a súa opinión, minoritaria, sobre a situación do galego, creo que non sería razoable que eu lle dera a miña opinión, porque penso que hai que recoller as opinións da xente que, dende a independencia, estuda a situación sociolingüística de Galicia. Polo tanto, señoría, non lle vou dar a miña opinión. Para opinión xa chegan as opinións minoritarias que vostede representa. Pero si lle vou dar as opinións escritas e publicadas da Real Academia da Lingua Galega.

Lingua e sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2013, que é o último informe completo da Real Academia. Conclusión — cito —: «O galego ten unha posición demolingüística vantaxosa en comparación con outras linguas de España e unha posición forte na propia Galicia». Acaba de desmontar totalmente o seu discurso. É dicir, a Real Academia Galega vén lembrar algo que xa temos falado e concreta en tres conclusións: primeiro, que a saúde e a presenza do galego na sociedade é boa comparada co resto das linguas de España; segundo, que o nivel de coñecemento do galego é o máis alto da historia de Galicia; e terceiro, que o seu uso, especialmente entre os máis novos —e, concretamente, entre os máis novos nas zonas urbanas—, non está acompasado co seu nivel de coñecemento. Aí está o problema, señoría, aí está o problema.

A Real Academia indica que a lingua ten unha vitalidade incuestionable e que o 73 % da poboación usa habitualmente o galego, e insiste: «destaca tamén o elevado grao de coñecemento do galego». Cítao o informe.

Á altura de 2013 os galegos e as galegas a partir dos 5 anos declaran ter un nivel de comprensión oral practicamente total, e 9 de cada 10 considéranse capaces de falalo. Sigo: 8 de cada 10 persoas son capaces de ler e 6 de cada 10 de escribir en galego. É unha boa nova, pero o de que é unha boa nova non o digo eu, dío a Real Academia.

Señoría, se vostede quere proseguir, prosigamos.

O galego pode ser utilizado polo 89 % da poboación galega, fronte ao 85 % do catalán e ao 55 % do euskera. É dicir, 9 de cada 10 galegos poden expresarse no seu idioma propio, a taxa máis alta de todas as comunidades autónomas con idioma propio. (*Aplausos.*) Señoría, eses son os datos, e non son as opinións.

Como vostede comprenderá, sempre representando as minorías, nin sequera acepta os informes da Real Academia. Eu, señoría, que de momento representamos as maiorías, fíome polos informes independentes que fai a Real Academia da nosa lingua.

Señoría, o que vostede non pode ocultar é que Galicia é unha sociedade bilingüe, e por iso eu asumo a súa proposta de defender, acatar e facer noso o Plan de normalización lingüística do ano 2004, entre outras cousas, porque no ano 2004 estabamos nós no Goberno. (*Murmurios.*) Do que se apartaron vostedes foi dos acordos —como vén sendo habitual—. E ao que non podo en ningún caso renunciar é a un decreto que ten todas as avaliacións legais dos tribunais galegos, do Tribunal Superior e, por suposto, señoría...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que garante o coñecemento do galego. E, de feito, por iso —a Real Academia indícao— estamos na posición máis alta de coñecemento do galego da nosa historia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, como vostede di que a súa referencia é o que di a Real Academia Galega, pois, efectivamente, nós temos aquí ese informe (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*). Por certo, é 1992–2016. Creo que non lle pasaron ben os datos. Non sei, supoño que non ten vostede tempo para ler en detalle este tipo de informes.

Pero mire, precisamente falando sobre esta cuestión, o presidente da Real Academia Galega, nunha entrevista recente que lle fixeron nun medio de comunicación deste país, dicía literalmente: «A Xunta argumenta que o galego ten aínda maior porcentaxe de falantes que o euskera e o catalán, pero ¿por que? Porque nós partiamos dunha posición histórica moi favorable, mais o retroceso nestes anos ten sido inquietante. Coas políticas seguidas até agora, non se foi capaz de, nos ámbitos urbanos, incorporar a poboación ao galego».

E di algo que creo que é tamén relevante —non sei se o preocupa a vostede, a min si—: hai moitos nenos e nenas que na súa casa falan en galego que cando chegan á escola perden a lingua. Esa é unha responsabilidade da Administración pública. (*Aplausos.*) Isto é o que di o presidente da Real Academia Galega, aínda que haxa conselleiras ás que lles dá a risa, porque, efectivamente, se mofan deste país. (*Murmurios.*) Nunca pensei ter que dicilo, pero é evidente que en materia lingüística vostede é un retroceso a respecto mesmo do que significaron os gobernos de Fraga. (*Aplausos.*)

E mire, no que non se van poder cambiar as cousas é se realmente non se asume o problema que se está creando. Sei que o seu Goberno fala de que agora ten un plan para creo que é di-

namizar —porque agora xa non queren falar de normalización, a pesar de que o recolle o Estatuto—, para a mocidade. Pero, ¿cre realmente que pode haber algún plan de futuro para a nosa lingua e algún plan para incorporar a mocidade cando, por exemplo, vostede segue tendo na TVG os mesmos debuxos animados que vía eu cando era nena —Doraemon, Son Goku, Shin Chan...—, debuxos do século XX para nenas do século XXI?

Non se vai poder avanzar en materia de normalización da nosa lingua se realmente non se derroga ese vergoñento decreto que lle dixo o propio Tribunal de Xustiza de Galiza que era ilegal e que incumpre o que di o Plan xeral de normalización lingüística. ¡Por favor, non sexa cínico, señor Feijóo, non sexa cínico! O plan di, por exemplo, que é fundamental que Matemáticas e Ciencias se dean en galego, e vostede fixo un decreto para prohibilo. *(Aplausos.)* É unha auténtica vergoña, señor Feijóo. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Facémolles, xa que di que está de acordo con ese plan xeral, un chamamento... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para recuperar ese consenso a favor de que executemos o que di literalmente o Plan xeral de normalización lingüística.

O BNG está disposto a sentarse nesa mesa para recompoñer o consenso. Pero dáme, señor Feijóo, que vostede non está disposto a facer absolutamente nada para cambiar esa vergoñenta situación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Nin cumpre o plan nin aproba a lei, nin aplica a Lei do libro e da lectura. Está dinamitando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...ata os programas na Tele galega de difusión cultural, señor Feijóo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, xa non se escoita. Grazas. Grazas, señora Pontón, terminou o seu tempo, xa non se lle escoita. Grazas. *(Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Cal é o problema? ¿Cal é o problema? Non, preguntolle ao señor Sánchez cal é o problema. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Por favor. 1,48, ¿que quere vostede dicir con isto? A ver se nos comportamos, porque xa está ben. *(Murmurios.)*

Turno de peche desta pregunta do señor presidente.

(Murmurios.)

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señora Pontón, sorpréndeme que unha portavoz coma vostede faga un comentario tan machista sobre as conselleiras que forman parte do Goberno. Alá vostede, señoría, alá vostede e os seus comportamentos tan machistas. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Si, señoría, si. Si, si. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señoría, si, si.

Pero como o importante... *(Interrupcións.)* Señora Pontón, señora Pontón, reitero...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pode vostede rectificar no *Diario de Sesións*, pero acaba de facer vostede un comentario machista, clarísimamente, neste Parlamento. *(Murmurios.) (A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Está no uso da palabra o señor presidente. *(Murmurios.)* Silencio, por favor, silencio. Silencio, por favor. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Pontón, xa está, terminou o tempo.

Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Teño máis cousas importantes das que falar que dos seus comentarios.

Señora Pontón, vostede cita entrevistas do presidente, eu cito informes. Parece máis axeitado traer informes á Cámara que traer entrevistas. E neses informes —reitero— leo: aumento do índice do coñecemento oral e escrito do galego. No ano 1998 sabía falar galego o 96,8 % da poboación. No ano 2013, o 97,4 %. No ano 2008 non sabía falar nada en galego o 3 % da poboación e baixou ao 2,5 %. No ano 2008 sabía escribir galego o 81 %. No ano 2013, o 83,5 %. E no ano 2008 non sabían escribir nada en galego o 18 % e baixa ao 16,5 %. Estes son os datos da Real Academia, señoría, non as entrevistas.

Pero se vostede quere profundar nos datos, sempre nos sorprende como os nacionalistas ocultan outro informe da Real Academia. Si. Resulta que nese informe da Real Academia a porcentaxe de rapaces de 5 a 14 anos que falaban sempre en galego baixou de forma abrupta

cando vostedes gobernaban. (*Murmurios.*) Si, señoría, permítame que llo recorde. No ano 2003, un ano e medio antes de recoller o Goberno da Xunta de Galicia polo BNG, no ano 2003, falaban galego o 27,1 % dos rapaces, e no ano 2008 deixárono no 15,3 %; é dicir, baixou 12 puntos namentres vostedes gobernaban. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Pontón, estes son os datos. Dende o ano 2003 ao ano 2008. O momento histórico, de acordo coa Real Academia, onde máis baixou a utilización do galego por parte da mocidade foi cando vostedes gobernaban. Por algo será, señora Pontón, por algo será. Evidentemente, os rapaces son libres, a maioría deles non votan, teñen a súa propia liberdade e quedaron fartos da política lingüística do BNG. (*Aplausos.*) Iso foi o que pasou, señora Pontón, iso foi o que pasou. E o que pasou, señoría, é que é un galego cordial. É a primeira vez que a República Portuguesa condecora este goberno por facer unha política de proximidade, por facer unha política de respecto, de promoción da lingua galega dentro do mundo lusófono, e é a primeira vez —insisto— na historia que o presidente da República Portuguesa condecora este goberno.

Señoría, imos seguir traballando, ese é o meu obxectivo, non llo oculto. ¿Que estou preocupado pola baixa utilización dos mozos en zonas urbanas do galego? Sen dúbida. Aí coincidimos, plenamente. Pero que, dende logo, en Galicia os galegos falamos máis o idioma propio que os cataláns e os vascos falan o seu idioma iso é incuestionable. Por iso, señora Pontón, o maior dano que se lle pode facer ao idioma é apropialo, é considerar que é unha propiedade intelectual dos nacionalistas. (*Murmurios.*) Os nacionalistas non son a Sociedade Xeral de Autores, propietaria do galego. O galego existía antes que os nacionalistas... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e seguirá existindo a pesar da debacle do voto nacionalista.

Señora Pontón, Galicia quere ser galega, quere ser española, quere ser bilingüe, quere ser tolerante, e imos seguir sendo cordiais, señora Pontón. Ten vostede a miña palabra de que, namentres sexa presidente, seguirei traballando polo galego. Non teña vostede ningunha dúbida. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(*A señora Pontón Mondelo pide a palabra.*)

¿Para que quere a palabra, señora Pontón? (*Murmurios.*)

Silencio, por favor, silencio. Silencio.

¿Cal é a cuestión?

A señora PONTÓN MONDELO: Quero saber se vostede viu na miña intervención algunhas palabras que puideran faltarlle á dignidade a algunha persoa, porque se me acaba de acusar

de facer unha intervención machista. Quero que me aclare, en todo caso, o presidente a que se refire, porque... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón. Perdoe...

A señora PONTÓN MONDELO: Porque eu creo que até o momento... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, perdón. Señora Prado e señor Bará,...

A señora PONTÓN MONDELO: Eu estou aquí falando con absoluta tranquilidade, non sei por que están... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: A señora Pontón falou comigo e voulle responder eu, respóstolle eu.

O señor PRESIDENTE: Eu o que quero...

O señor PRESIDENTE: Pero respóstolle eu, non se preocupe.

A señora PONTÓN MONDELO: Non, non, pero quero, en todo caso, que mo aclare, porque aquí se fan acusacións...

O señor PRESIDENTE: Pero para iso está o presidente, para interpretar o que pasou. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...dun calibre que frivoliza cun tema moi serio...

O señor PRESIDENTE: Está... Non, non, non...

A señora PONTÓN MONDELO: ...e, desde logo,... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Está entendido todo. Respóstolle eu, señora Pontón, respóstolle eu.

Creo que a interpretación que fago eu —e, neste caso, é a que vale—... *(Murmurios.)* ¡Claro!, para iso son o presidente, teño estas prerrogativas. *(Risos.)* ¡Claro!, pois vouno facer. Eu creo que a interpretación vén de que vostede fai que as dúas conselleiras nun momento determinado ríronse dunha expresión que vostede utilizou, pero vostede só menciona as conselleiras cando no hemiciclo se riron outras persoas. *(Murmurios.)* No hemiciclo ríronse outras persoas. Creo que o comentario... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostede non entre, que, señor Sánchez, a cuestión non é con vostede. Zanjada a cuestión, zanjada. *(Murmurios.)* Zanjada. Está claro, está claro. Non, non, está claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio.

Interpretación da Presidencia, que é a quen lle corresponde velar pola orde na Cámara.

E agora correspóndelle facer a pregunta ao señor portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

Cando queira.

Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto das súas políticas en relación coa corrección dos desequilibrios territoriais internos de Galicia

(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, vostede ten unha chamada á orde. Recórdollo porque, como foi onte, ao mellor esqueceuse. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Corre o risco dunha segunda e xa sabe o que pasa despois. Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moitas grazas.

Señor Feijóo, non sei se vostede coñece este anuncio da FIFA co campo inclinándose. Pois eu creo que en Galicia está ocorrendo desde hai tempo algo parecido. Está inclinándose progresivamente a actividade, a poboación, cara ao eixo atlántico. Case toda a perda da poboación en Galicia nos últimos dez anos produciuse en Lugo e en Ourense, ademais de na Costa da Morte, en Ortegal e na Terra de Montes. Houbo 180 concellos, 180 concellos, que, desde que vostede goberna, perderon máis dun 10 % da poboación, e destes, 122 están nas provincias de Lugo e de Ourense. Hai comarcas enteiras de Galicia onde por cada nacemento se producen máis de dez mortes no último ano no que hai referencias. Hai moitas zonas onde temos a posibilidade dun baleiro nos próximos tempos.

Temos tamén que nesas provincias, en Lugo e en Ourense, non hai proxectos relevantes na última década de implantación industrial, apenas; non recordo ningún relevante. Hai tamén que as exportacións nestas provincias, mentres as de Galicia van ben, languidecen. Está levando por diante a crise moitos dos agricultores que conformaban o tecido produtivo nestas áreas.

E vostede eliminou o Plan de equilibrio territorial do Goberno anterior e substituíuno por un Plan Impulsa Lugo ou Impulsa Ourense, do que nunca coñecemos o balance. Non sabemos que balance tivo. Rematou en principio no ano 2015, pero ¿que pasou con el? Ten unha oportunidade agora para explicárnolo.

Si coñecemos que, desde ese ano, desde o 2015, ¿sabe cantos avais foron concedidos polo Igape a empresas das provincias de Lugo e de Ourense? Un aval, un aval en tres anos para esas provincias. Algo está pasando e necesitamos non só explicalo, senón tamén corrixilo.

E dos servizos públicos, por exemplo, dos sanitarios, as noticias que nos chegan do seu Goberno é que está coa eliminación das áreas hospitalarias comarcais, está introducindo máis división e afectando máis directamente zonas periféricas de Galicia.

O outro día nunha entrevista un profesional sanitario recoñecido reclamaba —e con el, nós— que Hemodinámica, os servizos de cardioloxía, estean operando 24 horas os 7 días á semana tamén en Lugo e en Ourense, e esta é unha reivindicación histórica que debería completarse canto antes.

Cando temos problemas nestas áreas e noutras de servizos sociais, estamos contribuindo a alimentar estes desequilibrios internos.

¿E que falar das infraestruturas? Vostede prometeu no ano 2009 o AVE Lugo-Ourense dicindo: se non o fai Fomento, pagámolo nós. E onte subiu a un tren co ministro de Fomento para dicirlle en Lugo que de AVE nada, que non vai haber o AVE. Non vai haber o AVE. Iso é o que nos din onte. *(O señor presidente da Xunta de Galicia pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, exactamente iso é o que nos din onte.

Da VAC da costa norte pasaron dez anos e ningunha noticia; da A-74 non sabemos nada; da A-56, tampouco; da A-76, tampouco. E hai proxectos que levan anos parados pendentes de licitar. E isto é o que permitiría conectar mellor a xente destas provincias e darlle unha oportunidade para que se desenvolvan. Logo falaremos doutras cousas.

Pero, señor Núñez Feijóo, desde que vostede está gobernando, ese campo, que estaba xa desnivelado —non o vou facer responsable a vostede—, incluso se desnivelou un pouco máis, e eu creo que temos a obriga desde o ámbito público de volver introducir na axenda os problemas dos desequilibrios territoriais internos, de conseguir equilibrar un pouco ese campo, pouco a pouco, e de darlle unha oportunidade á xente que vive fóra do eixo atlántico, que é a zona de maior dinamismo do noso país. E eu o que lle pido é que faga un esforzo para que isto sexa posible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señoría, creo que as decisións que adoptou o Goberno e que leva adoptando e que segue adoptando o Goberno non poden ser máis claras, sendo consciente, efectivamente, de que o equilibrio territorial é unha cuestión irrenunciabile para calquera goberno democrático e, en segundo lugar, que os gobernos —vostede sábeo ben— escriben nos orzamentos anuais desde o punto de vista da súa política económica, desde o punto de vista das súas decisións e prioridades en investimentos.

Se vostede colle —e supoño que collería— todos os orzamentos da Xunta de Galicia dende que son presidente, vostede irá comprobando como, ano tras ano, o investimento per cápita en Galicia é superior en Lugo e Ourense ao resto das provincias. O investimento per cápita nas provincias atlánticas, por exemplo, neste ano 2008 é de 2.730 euros por habitante; en

Lugo e Ourense, 3.700, un 35 % máis. Por exemplo, en Lugo investimos 1.200 euros máis por persoa que na provincia da Coruña e en Ourense investimos 800 euros máis por persoa que na provincia de Pontevedra.

Se vostede quere volver mirar este presuposto, o último —por non coller calquera outro—, verá que o incremento do investimento en Lugo é do 6,7 % e en Ourense é do 8,7 %; é dicir, maiores incrementos nestas provincias. É dicir, que, a pesar de que estas provincias supoñen o 23 % da poboación galega —non chega ao 24 %—, o investimento supera o 30 %. Isto é constante e continuo, señoría.

Cando seguimos coas outras políticas sectoriais, vemos que, por exemplo, en ordenación do territorio, na decisión das comunicacións, en benestar, en sanidade, no tecido produtivo, na creación de riqueza, continúa.

Aprobamos unha nova Lei do solo, pero serán os concellos de menos de 5.000 habitantes aos que lles ofrecemos facer un plan básico por parte da Xunta de Galicia. Axilizamos todos os trámites nesa lei para as explotacións gandeiras e agrogandeiras. E axilizamos todos os requisitos para rehabilitación.

En mellora de infraestruturas, levamos abertos en Galicia 212 quilómetros, dende que chegamos ao Goberno, de vías de alta capacidade. Pois ben, 97 deles están na provincia de Lugo e Ourense. Temos neste momento 33 quilómetros que están en execución e comprometidos nesta lexislatura e 16 deles volven estar nas provincias de Lugo e Ourense. Se colle vostede calquera outro indicador, poderá comprobar que, efectivamente, no ferrocarril sorprende o que me acaba de dicir.

Mire, señor Leiceaga, se vostede me di que un dos problemas do equilibrio territorial é o horario da sala de hemodinámica en Lugo, supoño que non o di vostede en serio, simplemente porque lle mandan as autoridades socialistas de Lugo —que, de momento, aínda non sabemos quen son—. Pero, en fin... Cando vostedes estiveron no Goberno, non había sala de hemodinámica, catro anos sen sala de hemodinámica. E agora resulta que o problema é que a sala de hemodinámica empeza dende as 8 da mañá ás 10 da noite. Cando vostedes estaban no Goberno, non había medicina nuclear, non había radioterapia. Agora hai medicina nuclear, radioterapia e sala de hemodinámica, e o problema é a sala de hemodinámica. (*Aplausos.*)

Señor Leiceaga, cando vostedes estiveron no Goberno, na vía de alta capacidade do norte non fixeron un quilómetro na provincia de Lugo, nin un quilómetro. Nós abrimos un tramo. Sendo eu conselleiro, presentei cinco variantes en Viveiro, cinco variantes en Viveiro sendo conselleiro, e agora, que son presidente, ímoslle presentar a Viveiro a sexta proposta. Espero que vostedes a apoién.

É lamentable, señoría, que, aínda encima, me dea leccións sobre as vías de alta capacidade do norte da provincia de Lugo. Cero quilómetros en catro anos de bonanza económica.

E, señor Leiceaga, que fale vostede do AVE de Lugo é sorprendente. Claro que dixen que estaba disposto a adiantar o diñeiro do AVE de Lugo. O problema que me atopei é que debiamos

2.000 millóns de euros. (*Murmurios.*) Claro, señor Leiceaga, e o AVE de Lugo está entre 1.300 e 1.600 millóns de euros en investimento total. Imaxinen: poderíamos facer o AVE de Lugo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e aínda sobran cartos, señor Leiceaga. Pero acabamos de comprometer o AVE de Lugo.

¿É que acaso unha hora e trinta minutos no ano 2021 lle parece pouco para a conectividade con Ourense? ¿É que acaso unha hora e cinco minutos, unha vez finalizadas as variantes con Ourense, e tres horas e vinte minutos entre Lugo e Ourense lle parece que iso non é un tren de alta velocidade?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Perdón, entre Lugo e Madrid, tres horas e vinte minutos, ¿non é un tren de alta velocidade?

Señor Leiceaga, o que non é alta velocidade é o Partido Socialista en Lugo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Agrádame que o presidente da Xunta estea contento por como van as cousas en relación cos desequilibrios territoriais internos. Eu xa lle digo que non, que hai que ir máis rápido, entre outras cousas hai que facer unha alta de velocidade de verdade.

Se vostede me está dicindo que no ano 2021 os cidadáns de Lugo poden ir Lugo-Ourense nun tren de alta velocidade (*Aplausos.*), se me está dicindo iso, dígao nesta Cámara, que queda gravado, como recordaba onte o presidente. Díganos se vai ser capaz o Ministerio de Fomento de facelo, porque vostede Os Peares seguramente non os coñece ben, pero, co desnivel que hai naquela zona por onde vai ir a liña do AVE, pensar que pode estar listo no ano 2021 é unha tomadura de pelo a todos os cidadáns de Lugo, unha tomadura de pelo aos cidadáns de Lugo, señor presidente, (*Aplausos.*) un insulto á intelixencia. Non pode dicirnos isto. Non pode dicirnos iso nin intentar desviar a atención cara a outras cousas. É unha absoluta tomadura de pelo o que veu facer onte o ministro de Fomento a Lugo.

Está ben renovar a liña, pero renovar a liña é dicirlles aos cidadáns de Lugo que non van ter AVE, que non van ter AVE nun horizonte razoable mentres sigan gobernando vostedes. E iso é o que veu certificar. (*Murmurios.*)

Dez anos despois da súa promesa, unha vez que xa hai recuperación económica, que xa están gobernando tamén en España dende hai non sei canto tempo, ao mellor daquela non tiña os

fondos —supoño que hoxe os terá—, pois póñaos agora, xa que non vai haber AVE, póñaos agora, *(Aplausos.)* e díganos aquí que vai cumprir por fin a súa promesa, dez anos despois. E así sucesivamente.

Mire, na VAC da costa norte o que vostede inaugurou foi licitado no Goberno de Emilio Pérez Touriño e outro tramo que vostede tamén inaugurou foi licitado durante a época de presidente de Emilio Pérez Touriño, da VAC da costa norte. Claro, a variante de Cedeira... —perdón—, a variante... *(Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Quen a pagou? ¡Por favor!

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Pero fíxese, fíxese, hai tramos pendentes...

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio!

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...de licitar na A-56 e na A-76 que permitirían renovar sensiblemente as comunicacións internas entre Lugo e Ourense, e entre Ponferrada e Ourense, que levan seis anos perdidos nos caixóns de Fomento. Supoño que tería tempo nesa viaxe en tren co ministro para contarlle estas cousas, e a ver se, por fin, somos capaces de desencravar estas provincias.

E eu o que pido é que volvamos introducir na axenda pública de Galicia os desequilibrios territoriais internos e que fagamos todo o posible para, dende o ámbito público, nos servizos, nas infraestruturas, nos incentivos económicos, darlles unha saída a estas provincias, alimentando aqueles proxectos que xa están en marcha. Parécenme ben algunhas cousas. No de Rozas as promesas van moi por diante da realidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...están ocultando a realidade. Fagamos que esas promesas se concreten e fagamos algo parecido en Ourense, onde vostedes están gobernando en todas partes, e resulta que é a provincia que ten máis dificultades económicas e demográficas de todas. Iso é o que ten que contestar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: A min paréceme ben que houbera un compromiso seu dicíndonos que ía por fin introducir na axenda os desequilibrios territoriais internos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): *(O señor presidente da Xunta pronuncia palabras que non se perciben.)...equivocarse. Non é a variante de Cedeira, señoría, é a variante de Ortigueira. Pero iso non está na provincia de Lugo, como vostede sabe. (Risos.) Claro que si, non está na provincia de Lugo. Pero non pasa nada, señor Leiceaga. Vostede é raro que cometa fallos, pero neste caso é clamoroso.*

Mire, reitero: unha cousa é licitar e outra cousa é pagar, como vostede debería de saber. Págoose por parte deste goberno en plena recesión económica. *(Aplausos.)*

Señoría, debería vostede de saber, *(Murmurios.)*, si, señoría, cada vez que fala de reequilibrio territorial, que a autovía entre Lugo e Ourense, durante oito anos do Goberno Zapatero, despois do Plan Galicia «*de mie...*», que quedaba xa comprometida, durante oito anos, vostedes entre Lugo e Ourense fixeron un tramo, entre A Barrela e Chantada. ¿Sabe o que fixeron despois? Descontractualizalo, é dicir, anular o contrato. ¿Sabe por que? Porque vostedes estaban implementando a débeda pública e chamou a señora Merkel por teléfono, modificaron a Constitución, empezaron a cumprir o déficit público, *(Murmurios.)* e a primeira cuestión que se fixo foi anular o único tramo da autovía, entre Guntín e Ourense, licitado polo Goberno socialista, A Barrela-Chantada. Tome nota, señor Leiceaga. Iso é o que me atopei eu cando cheguei ao Goberno. *(Aplausos.)*

Señorías, sobre o AVE de Lugo, con moito gusto llo explico, con moito gusto llo explico, señor Leiceaga. Lugo-Ourense, unha hora e trinta minutos no ano 2021. Lugo-Madrid, tres horas e corenta e sete minutos no ano 2021. Lugo-Madrid, despois das dúas variantes de Canaval aos Peares e de Rubián, tres horas e vinte minutos. Ese é o compromiso do Goberno do Partido Popular en Madrid, e eu son depositario dese compromiso. E, se non se cumpre, non teña vostede ningunha dúbida de que serei o primeiro que o denuncie. Non vou calar, como facía o Partido Socialista e o BNG cando gobernaba o señor Rodríguez Zapatero en Madrid. Non conte comigo para iso. Pero, dende logo, leccións de reequilibrio territorial de Lugo e Ourense, señor Leiceaga, leccións académicas, todas; leccións políticas, ningunha. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, polo tecnolóxico de Rozas, 150 millóns de euros. Grao de enxeñería aeroespacial en Ourense. Unha nova titulación de FP en Lugo. Gasoduto da Mariña lucense, 65 millóns de euros. Directrices enerxéticas de Galicia en Lugo, incrementase a potencia eólica un 23 %; suporá nada máis e nada menos que 5.000 empregos creados durante os próximos tres anos.

Seguimos. Volta á actividade de Cementos Cosmos, en Oural (Sarria), 3 millóns de euros, 375 empregos.

Prosigamos. O único barrio de España neste momento financiado desde o punto de vista enerxético con xeotermia, Ourense 2018, 22 millóns de euros. Conexión do polígono San Cibrao coa A-52, adxudicado, 22 millóns de euros. Autovía Lugo-Sarria, neste momento en proxecto construtivo; ¿non tiveron tempo nin sequera de facer o proxecto construtivo en catro anos, señor Leiceaga, nin facer o proxecto construtivo entre Lugo e Sarria?; se xa non

lle pido que o licite, pero polo menos deixen vostedes os proxectos feitos. Bonificación de solo industrial entre Lugo e Ourense do 55 %. Unidade mixta do Centro Tecnolóxico da Carne, en Ourense, 20 millóns de euros. Paro rexistrado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a provincia onde máis diminuíu o paro dende o ano 2009, Lugo, o 39,3 %; en Ourense, o 36,4 %.

Señor Leiceaga, estamos traballando polo reequilibrio territorial —non teña dúbidas—, incluso estamos suplindo o desgobierno da Deputación de Lugo —non teña vostede dúbida—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se o modelo de reequilibrio territorial é o modelo do goberno da Deputación de Lugo, señor Leiceaga, comprenderá vostede que, cando menos, produce un sorriso.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de xeito partidario dos medios públicos para facer campaña electoral

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señor presidente.

Señor Núñez, o futuro da cidade da Coruña pasa nestes momentos pola ordenación da súa fachada litoral, da súa fachada marítima. Isto é algo que é evidente para toda a cidade da Coruña, para todos os coruñeses e coruñesas, que ven na situación actual do porto unha oportunidade histórica para repensar a súa cidade, para abrila ao mar, para poñela ao servizo do ben común, para poñela ao servizo do conxunto da cidadanía.

Por iso, o conxunto da cidadanía da Coruña se mobiliza, sae á rúa en defensa dun uso público e dotacional do conxunto dos terreos portuarios, e por iso existe un debate social e institucional claro arredor deste tema.

E isto non é unha preocupación menor, e ademais ten fundamento, porque, no ano 2004, os convenios do pelotazo urbanístico, tecidos naquel momento entre Concello, Xunta e Fomento, buscaron nada máis e nada menos que, no contexto da burbulla inmobiliaria, unha especulación de carácter urbanístico que crease unha verdadeira muralla de cemento que

cerrase a cidade ao mar, que privase a cidadanía da Coruña de disfrutar duns terreos que nunca deberon de deixar de pertencer ao público e que, polo tanto, agora neste contexto histórico se reclaman para o público.

Hoxe en día esta situación é insostible. A situación dos convenios de 2004 é insostible desde o punto de vista da ordenación do territorio, desde o punto de vista urbanístico e, sobre todo, desde o punto de vista da transparencia.

Existe hoxe en día unha cidadanía consciente que aprendeu da década pasada todos os erros cometidos no contexto da burbulla inmobiliaria e da especulación, toda exclusión que produciu desde o punto de vista social, desde o punto de vista económico, e hoxe queren ser partícipes. A cidadanía da Coruña quere ser protagonista do futuro da súa cidade, non quere nin especulación nin quere novas prácticas inmobiliarias que supoñan negarlle á cidade o seu futuro.

Por esta razón, o Concello da Coruña, no mes de outubro pasado, ofreceu diálogo ao conxunto das administracións que tivesen algo que dicir sobre o futuro da cidade, sobre o futuro do seu porto, e por iso pediron unha revisión profunda dos convenios do pelotazo urbanístico do ano 2004 en clave non especulativa e en clave de defensa do ben común.

¿Que se encontrou a cidadanía da Coruña, representada lexitimamente pola Corporación municipal? Nada máis e nada menos que un protocolo indecente firmado no mes de abril deste ano, de 2018. E dicimos indecente porque se fixo de costas á cidadanía da Coruña, se fixo de costas á Corporación municipal, se fixo de costas a quen ostentaba a representación municipal e quen lexitimamente tiña dereito a opinar para decidir o futuro da cidade, ademais de ter, evidentemente, competencias en materia urbanística.

¿Por que se fixo esa exclusión? ¿Por que a Xunta de Galicia protagonizou esa exclusión indecente, reeditando ese pelotazo urbanístico? Desde logo, con isto o Partido Popular amosou unha vez máis a súa cara máis activa de especulación inmobiliaria, de exclusión, de sectarismo, sobre todo de vivir de costas á cidadanía. E todo ¿para que? Para sancionar, pretendidamente, un goberno que quería única e exclusivamente máis transparencia, máis participación, máis democracia e poñer isto ao servizo do ben común.

Miren, vostedes pretendían, coa súa práctica, con ese protocolo —vou rematando—, o castigo a un goberno que era lexítimo dunha cidade como era a da Coruña, e vostedes o que fixeron como resultado foi castigar o conxunto da cidadanía, negándolle escoller o seu futuro.

O protocolo da vergoña pon de relevo cales son os intereses do Partido Popular e que son contrarios a cidadanía, o protocolo da especulación enfróntaos a vostedes ao ben común e o protocolo dos intereses do Partido Popular supón gobernar unicamente para uns poucos, para os ricos, empobrecendo o conxunto da Coruña.

Queda vostede, non obstante, falto de todo coñecemento cando non le a letra pequena e non dá a coñecer á opinión pública a letra pequena dese protocolo, que é a de, entre todos os que asinan, mandar á oposición do concello coruñés a unha conselleira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non lle oculto que me gusta moito a cidade da Coruña, pero tampouco lle oculto que non me vou presentar a alcalde da Coruña. Polo que se ve, vostede ten algún interese en presentarse á Alcaldía da Coruña, a min non me parece mal, pero dado que vostede quere falar da situación da cidade da Coruña e da Alcaldía da Coruña, pois eu teño que contestar, como é natural, porque eu son unha persoa respectuosa, e, por suposto, vou contestar ao que di o alcalde da Coruña a través de vostede nesta sesión parlamentaria.

Non, non, o futuro da Coruña non empezou o outro día cando asinamos o protocolo, o futuro da Coruña foi cando conseguimos o porto exterior da Coruña. Aí foi cando empezou, iso si que era un reclamo permanente. Levabamos varias catástrofes petroleiras ás portas da cidade da Coruña e alí estabamos algúns, outros nunca estiveron. E alí conseguimos máis de 1.200 millóns de euros, o maior porto da fachada atlántica europea. Vostede dedicábase a outras cousas daquela.

Pois ben, señoría, eu estaba alí, e conseguimos ese porto, conseguimos fondos europeos e conseguimos un acordo coa cidade da Coruña; por certo, onde había un alcalde que tiña maioría absoluta na Coruña, e asinamos coa cidade da Coruña a forma de financiar o porto exterior da Coruña. Aí empezou o futuro da Coruña.

Prosigamos. Agora acúsanos de chegar a un acordo con Portos do Estado e o Ministerio de Fomento, o mesmo acordo que me pedía o alcalde da Coruña que chegara, porque el era incapaz de entenderse con ninguén, e ademais di que é o protocolo da vergoña, o convenio feito de espaldas á cidade da Coruña, e resulta que o convenio está sen asinar, porque o primeiro que fixemos foi remitirillo ao alcalde da Coruña para ver se está de acordo ou quere alegar algunha cuestión concreta. (*Murmurios.*)

Polo tanto, ¿de que acordo me fala vostede? ¿Do acordo de chegar ao acordo de remitirillo ao alcalde da Coruña para ver se acorda algo que beneficie a cidade da Coruña? (*Risos.*) ¿Ese é exactamente o seu problema, señor Villares? Debería vostede de ver ese protocolo, que ao mellor llo ocultou o alcalde da Coruña. Eu pásollo de forma inmediata. Ten catro claves.

Primeiro, blíndase a propiedade pública dos peiraos interiores da Coruña, Batería e Calvo Sotelo, en copropiedade, titularidade 51 % Xunta de Galicia, institución pública por natureza.

Segundo, ofrecéselles ao Concello da Coruña e á Deputación da Coruña se queren entrar para concretar —si, se queren—; é que me dixeron que querían e agora parece ser que non queren, polo tanto, nada pode ocultar a posibilidade de que volvan cambiar de opinión. ¡Ao mellor queren! ¿Que pensa, que non imos facer nada na Coruña mentres o señor alcalde da Coruña non adopte ningunha decisión consigo mesmo e co seu grupo? Non parece razoable. Polo tanto, remitimos ese protocolo ao alcalde da Coruña para ver se está de acordo.

En terceiro lugar, un tema menor, conseguimos 140 millóns de euros, o financiamento completo, o 100 %, o porto exterior da Coruña financiado polo Goberno central. Primeira vez que un ferrocarril se financia polo Goberno central. *(Aplausos.)*

Señor Villares, ¿de que se me acusa? Acúsame de cumprir unha moción aprobada no pleno do Concello da Coruña en xaneiro de 2017, que di, e leo: «Defender ante Puertos del Estado e Ministerio de Fomento os dereitos da Coruña e dos coruñeses, evitar a subasta dos terreos portuarios e dos peiraos de Batería e Calvo Sotelo.»

Si, efectivamente, evítase a subasta, non se vende, van ser públicos. ¿Verdade que vostede estaría enormemente satisfeito se ese alcalde ao que vostede representa conseguira este protocolo? ¿Verdade que si?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero de pelotazos no concello da Coruña, se quere seguimos falando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Resulta lamentable que o presidente da Xunta de Galicia veña aquí dicir que para defender a cidade da Coruña hai que aspirar a ser alcalde. Desde logo, os que estamos aquí, polo menos desde esta bancada, preocupámonos pola Coruña e polo interese xeral do conxunto de Galicia, con independencia de que esteamos nun goberno ou noutro, por unha razón, porque nós non somos sectarios, *(Protestas.)* e nós si que queremos gobernar para o ben común e para o conxunto da cidadanía, a diferenza do que fan vostedes. *(Aplausos.)*

Así que tome nota e as actuacións que faga non as faga para favorecer a futura concelleira da oposición do Partido Popular no Concello da Coruña, que aproveito para saudar neste momento.

Mire, a construción do porto exterior da Coruña, desde logo, foi unha das medidas que vostede puido poñer para solucionar os problemas do tráfico marítimo e dos problemas dos accidentes. Preguntaba que faciamos nosoutros nese momento, estabamos integrados en equipos de investigación para modificar o réxime de responsabilidade civil dos danos causados por hidrocarburos, aínda que iso a vostede non lle interesará tanto, porque supón, tamén, perda de negocio para os seus amigos, eses que teñen petroleiras domiciliadas en Xibraltar, a pesar de seren altos cargos da Comisión Europea.

Mire, dito isto, o porto exterior ten outros sistemas de financiamento que non sexan á custa de especular na cidade da Coruña, porque a propia Lei de portos do Estado ten esa finalidade, e fronte a iso o presidente da Autoridade portuaria tivo nada máis e nada menos que a desfachatez de dicir que a súa función —aínda que sexa certo, ¡eh!— non é a de construír cidade. Efec-

tivamente, como non é a de construír cidade, senón simplemente a de obter recursos, aínda que sexa á custa de especular en contra dos intereses da cidade, pois pódeno facer. ¡Perfecto!

Pero para algo existe unha corporación democrática do conxunto da cidade da Coruña, para defender os intereses das maiorías sociais, para defender os intereses de todo o mundo, non soamente dunha minoría que se agocha detrás deses convenios que vostedes firmaron en 2004 e que é necesario revisar. Por iso pedimos, absolutamente, a revisión.

¿Que se lle pide agora ao concello que se sume? ¿Pero vostede que pensa, que a cidadanía da Coruña pode ser unha simple convidada de pedra ao que vostedes previamente pactan nun despacho de costas á cidadanía? Non señor, os tempos onde as cousas se pactan de costas á cidade acabáronse. (*Protestas.*) Iso era propio das corporacións non democráticas, pero non é propio dun sistema democrático como o noso.

Por certo, se ten interese en saber que pensa a cidadanía da Coruña do que vostedes acaban de facer, mire, por amplísima maioría o Concello da Coruña aprobou a semana pasada unha moción que lle traio un recado para vostede, e dille: «Por amplísima maioría social e política na Coruña, primeiro, reprobar a deslealdade institucional e a falta de respecto á veciñanza por parte do presidente da Xunta.» Iso non llo di un alcalde, non llo di un grupo parlamentario, dillo a cidadanía da Coruña, que non quere ser convidada de pedra (*Murmurios.*) da súa descidade, da súa anticidade, da cidade pechada ao mar. Non queren iso.

Ademais, instan a Xunta de Galicia a deixar sen efecto ese protocolo do 18 de abril para abrirse a un proceso dialogado, onde a cidadanía sexa escoitada e non se lle pase xa un convenio rematado, onde soamente poden firmar si ou firmar non. Queren decidir os coruñeses e coruñesas como queren vivir un espazo público, como queren abrir a cidade ao mar, como queren o desfrute do ben común e do conxunto da fachada litoral, e non un acordo que lles veña prefixado nos despachos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares, rematou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que pensa nos intereses particulares do Partido Popular e dos seus amigos, e non no conxunto da cidadanía.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Claro, señor Villares, que podemos falar da Coruña, por suposto, se eu estou encantado, pero que quede claro que vostede quere falar dese asunto concreto. O que me sorprende, señoría, é que vostede non entenda que a nós nos interesa A Coruña cando acabamos de asinar a solución definitiva para que os peiraos interiores da Coruña sigan propiedade dos coruñeses. (*Aplausos.*) É sorprendente que vostede non o entenda, ¡é sorprendente!

Mire, señoría, polo que vexo vostede está en contra da porto exterior da Coruña, vostede está en contra do ferrocarril ao porto exterior da Coruña e vostede está en contra de que os peiraos interiores da Coruña sigan sendo dos coruñeses, e di: claro, é que o que vostede está patrocinando é un posible candidato do PP. Debe de ser que as tres cousas son positivas, *(Risos.)* porque patrocinar a alguén con cousas negativas, iso só se lles ocorre ás mareas, señoría. *(Aplausos.) (Risos.)* Non se preocupe, que iso só se lles ocorre ás mareas. *(Aplausos.)*

Pero prosigamos, resulta que a única corporación democrática que hai na historia da Coruña é a actual. A corporación democrática do ano 2004, como gobernaba o Partido Socialista por maioría absoluta, non era democrática. E agora resulta que como governa En Marea despois de perder as eleccións, iso é absolutamente democrático, como é lóxico.

É dicir, cando acordamos coa corporación democrática e cun alcalde con moitos máis votos e moitos máis concelleiros que o alcalde das mareas a solución para o porto exterior e a solución para os peiraos interiores, iso non era democrático.

E agora resulta que por escoitar o alcalde que perdeu as eleccións —pero alcalde é, e eu respectoo— e por cumprir unha moción do Concello da Coruña de blindar a titularidade pública dos peiraos cun preacordo que asino con Portos do Estado e lle propoño ao concello se ten algo que alegar, iso non é democrático.

Señor Villares, comprenderá vostede que diso da democracia vostede fala moito, pero practícaa pouco. Nós señoría, falamos dela, practicámola, cremos nela e non nos gusta para nada que, por exemplo, as mareas me pidan explicacións pola intervención de Banesco por parte do Goberno venezolano. *(Murmurios.) (Risos.)* Iso, dende logo, señoría, non o admito, xa sei que vostedes me van pedir explicacións, xa as pediron. Pídenme explicacións de que un goberno amigo das mareas interveña un banco, e resulta que a responsabilidade é do presidente da Xunta do Partido Popular de Galicia. Iso si que é democracia, señor Villares. *(Aplausos.)* ¡Iso si que é democracia! ¡Sen ningunha dúbida!

Hai que aprender o que é a democracia neste hemiciclo. Mire, señoría, democracia é, por parte da xente das mareas da Coruña, pois comprarlles pisos aos amigos. *(Murmurios.)* Iso é absolutamente demócrata, ¡por suposto! Democracia é, por exemplo, en publicidade e propaganda incrementar o presuposto da cidade da Coruña un 37 %. Si, si, si, estou lendo datos do presuposto. Democrático é, facendo unha broma que se chama Tecendo Litoral, gastar 100.000 euros en facer unha reunión e, sen embargo, non querer falar co presidente da Xunta sobre o litoral da Coruña. *(Murmurios.)* Iso é moi democrático.

Democrático é gastarse 1.340.000 euros en publicidade e propaganda e 328.000 euros en vivendas. *(Murmurios.)* Iso é moi democrático. Si, señoría.

Por certo, dos 382.000 euros en vivendas, van vostedes anular 225.000 por irregularidades. *(Protestas.)*

Mire, non teño ningún inconveniente, sempre me entendín con el, co alcalde da Coruña, estou convencido de que o alcalde da Coruña está satisfeito co que fixo o presidente da Xunta

pola cidade da Coruña, non teña vostede ningunha dúbida. Outra cousa é o que teña que dicir. E dígolle unha cousa, estou absolutamente orgulloso de que este goberno adoptara unha decisión: blindar os peiraos para os coruñeses por primeira vez dende que iniciamos o proxecto do porto exterior. É tan verdade como verdade é o protocolo que asinamos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, de democracia ningunha lección. Pactei unha solución co Goberno democrático da Coruña no ano 2004 e cumprín unha moción do Goberno da Coruña do ano 2018. Iso é democracia e respecto polos coruñeses.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Continuamos coa orde do día. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Para que quere a palabra, señor Casal?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.) (Murmurios.) Non, non, silencio, silencio. ¡Silencio, por favor! ¡Silencio! Non sei se iso..., dende aquí non se escoitou nada. *(Risos.)* Non, perdón, por favor, silencio. ¡Silencio! Isto non é un patio de colexio, nin é unha taberna, eu aquí... Non, señor Balseiros. Señor Balseiros e señor Casal, non dialoquen. Non se escoitou o que pasou aquí. En todo caso, compórtense. Non, pero vostede non me serve tampouco, porque se non vai dicir... Entre vostedes, entre vostedes mesmos, ¡eh!

Grazas, grazas, por favor. Entre vostedes mesmos, ¡eh! Entre vostedes mesmos, grazas. ¡Por favor, onde chegamos!

Bueno, silencio. Non sei cal é o problema. *(Murmurios.)* ¡Silencio! ¡Silencio!

Reanudaremos cando isto estea para reanudar. Non teño présa. *(Murmurios.)* Non, non hai présa. Imos facelo ben, cando isto estea en ambiente de poder falar. A xente que estea aquí no uso da palabra debe estar protexida, non necesita un ambiente que lle moleste. Imos tomarnos isto con tranquilidade por parte de todos. *(Murmurios.)*

Si, si, vostedes os primeiros, tamén.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei.

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que continúe, con cargo á nova programación 2018, coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia, que de xeito consensuado propoña a Comisión Mixta, en atención a necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades que lle sexan asignadas á Comunidade Autónoma.

Concretamente, a creación mencionada terá, como mínimo, o seguinte contido:

1) Os seguintes novos órganos xurisdicionais: prazas dun novo maxistrado nas Salas das Audiencias Provinciais de Lugo e de Pontevedra (en Vigo); dun novo Xulgado do Social en Santiago, Lugo e Vigo e dun novo Xulgado de Primeira Instancia en A Coruña.

2) incremento efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada.

3) A creación de Xulgados exclusivos en Violencia contra a Muller nas 5 cidades principais de Galicia onde non existen, que son Santiago de Compostela, Ferrol, Pontevedra, Lugo e Ourense.

4) compromiso de investir en formación específica e permanente para todas as persoas pertencentes ás carreiras xudicial e fiscal, que garanta a adquisición de coñecementos en violencia machista e ofrezca capacitación para a interpretación da normativa con perspectiva de xénero.

5) A dotación a cada un dos Xulgados con competencias exclusivas en Violencia contra a Muller dun psicólogo permanente para asistir ás vítimas, así como a posta en marcha dun acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia machista sobre o itinerario e procedemento máis seguros no seu percorrido xudicial.

6) A comarcalización dos servizos do Imelga (especialmente as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial.

7) A creación dunha partida específica reservada en exclusiva a contratar xuízas e xuíces de substitución.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Que cumpra, respecto da Fiscalía, a ratio que esixe o Decreto 124/2014, de 11 de setembro.

2) Que aprobe unha nova partida orzamentaria para aumentar o persoal do Imelga que está a prestar servizos nos Xulgados de Galicia.

3) Que adopte medidas urxentes para que a nova oficina xudicial estea implantada nos Xulgados das 7 cidades galegas e en todos os órganos cabeceira de partido xudicial antes de que remate o ano 2018.

4) Que realice, nesta ano 2018, as reformas necesarias nas dependencias xudiciais habilitando espazos independentes para evitar os cruces entre vítimas de violencia machista e agresores.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a dar cumprimento aos acordos parlamentares relativos á administración de Xustiza.

Asemade, o Parlamento adopta como resolución:

Constituír un grupo de traballo que, sobre a base dos acordos parlamentares, analice as necesidades en materia de novos xulgados en Galiza, así como as medidas necesarias e as prioridades para a modernización, axilidade e eficiencia da administración de Xustiza.»)

(O G. P. de En Marea, a iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei.

Emenda de substitución da parte resolutiva.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para:

1.- Crear as seguintes unidades xudiciais:

A. Crear 3 novos xulgados do social: 1 en Lugo, 1 en Santiago e 1 en Vigo

B. Crear e dotar de presuposto o incremento dunha praza da Audiencia Provincial de Lugo, que non se levou a cabo por falta de consignación orzamentaria.

C. Creación de xulgados de familia na Coruña, en Pontevedra, en Vigo, Ourense e Lugo.

D. Crear Xulgados especializados de Violencia de Violencia sobre a Muller exclusivos e con competencia para toda a provincia, en Ourense e Lugo así como a creación dun máis con competencia comarcal para Pontevedra e arredores.

E. Ampliar o coñecemento dos asuntos a outros xulgados, daqueles que agora mesmo se atribúen aos xulgados especializados en materia de accións individuais sobre condicións xerais incluídas nos contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias nos que a persoa prestataria sexa unha persoa física, para desconxestionar e axilizar a tramitación das causas.

F. Reforzo e creación dos xulgados de instrucións penais e civís nas zonas costeiras en Vigo e na Coruña, así como en Santiago, así como os xulgados contencioso-administrativos nas 7 grandes cidades de Galicia.

2.- Incrementar o número de persoas na xudicatura, equiparándoo a media europea, para desconxestionar e aliviar a carga de traballo dos xulgados.

3.- Implantar os tribunais de instancia, tal e como reclaman a xudicatura e a fiscalía, con respecto aos principios de independencia e inmovilidade garantindo o acceso da cidadanía á xustiza.

4.- Consignar os recursos necesarios para a implantación xeneralizada da nova oficina xudicial.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei.

Emenda de adición

Débase engadir ao texto da parte resolutiva o seguinte texto:

«2.- Asemade, e coa mesma vontade de garantir e mellorar o servizo de administración de Xustiza e evitar retrasos indebidos nos procedementos, o Parlamento de Galicia manifesta que, unha vez que a Xunta de Galicia ten presentado ante as organización sindicais con representación no eido xudicial unha oferta que da cumprimento aos cinco puntos do acordo parlamentario acadado sobre a Moción nº de rexistro 21265 e particularmente ao primeiro punto referido ás retribucións deste persoal, urxe proceder a unha solución inmediata do conflito a través da sinatura por parte das organización sindicais do acordo nos termos propostos pola Xunta e que coinciden co mandato unánime expresado por este Parlamento o 19 de decembro de 2017.

3.- Do mesmo xeito, en coherencia con ter expresado a súa firme vontade de favorecer a resolución do conflito sindical, o Parlamento de Galicia manifesta a súa enérxica condena ás actitudes amosadas por un sector sindical contra as persoas traballadoras da administración de xustiza que acudiron o pasado 27 de abril a expresar a súa libre vontade sobre a fin do conflito no eido da Xustiza».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Moreira.

(Murmurios.)

Espera a que haxa silencio.

(Murmurios.)

¡Silencio!

O señor MOREIRA FERRO: Bos días.

Grazas, señor presidente.

O ano 2010 fora o último ano no que se crearan xulgados no sentido tradicional do termo na nosa comunidade, xa que por mor da crise económica e a lexislación sobre creación de prazas no sector público o Ministerio de Xustiza adoptara a decisión de non proceder á creación de novas unidades xudiciais con cargo á programación do 2011. Hai que dicir que isto fora co anterior Goberno Socialista.

Así, logo da creación en Galicia no ano 2010 de 9 xulgados non se creou ningún xulgado ata o de agora. Incluso naquel momento do 2010 houbo territorios, como a Comunidade Autónoma de Valencia, que non puideron poñer en funcionamento os órganos xudiciais que o Ministerio de Xustiza lles outorgara ese ano. Por isto foi un feito salientable que con cargo á programación de 2017 o Ministerio de Xustiza procedera á creación de 37 novos xulgados.

E no que se refire á concreta creación de xulgados no sentido tradicional do termo, o Ministerio consultou coas administracións instrumentais a súa dispoñibilidade para a súa posta en marcha, sendo a realidade que tan só 15 dos 87 entraron en funcionamento o pasado 31 de xaneiro, e entre eles os 4 xulgados correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia. E sendo, tamén, a realidade que outros territorios pospuxeron a súa entrada en funcionamento, a maioría deles para o último semestre deste ano, e algúns aínda sen data de entrada en funcionamento.

E cabe salientar, así mesmo, que en todas as ocasións nas que o Goberno central ten decidido a creación de novas unidades, o Goberno da Xunta ten manifestado sempre a súa dispoñibilidade para asumir o número de órganos que consonte os criterios obxectivos lle resultan asignados á nosa comunidade. E que a concreta determinación de cales deben ser estas unidades é froito sempre da análise das necesidades no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza, realizando a petición de creación de xeito sempre consensuado coa Sala do Goberno do Tribunal Superior e por unanimidade da Comisión Mixta.

E temos que seguir avanzando para satisfacer o catálogo de necesidades que o dito órgano estime necesarias, e sempre máis alá de opinións subxectivas ou de colectivos sectoriais, pois son os ditos representantes do Poder Xudicial os que coñecen de primeira man —como se pode entender—, e cunha visión global, as medidas máis axeitadas, e mesmo a Xunta de Galicia respecto dos recursos dispoñibles no territorio. Polo tanto, a nosa proposta inclúe unha petición para que o Ministerio continúe coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia con cargo á programación deste ano 2018.

Pero a nosa proposta trata, tamén, dunha cuestión que preocupa actualmente aos galegos, e é o desexo de que se poña fin á folga na Xustiza e se asine a proposta presentada pola Xunta de Galicia, unha oferta que dá cumprimento aos cinco puntos do acordo parlamentario que fora adoptado por esta Cámara por unanimidade.

Por outra banda, a mellora na Xustiza hai que dicir que non só se acada coa creación de novos órganos e tamén de infraestruturas xudiciais, como se están construíndo, require, tamén, de importantes doses de xustiza e tolerancia dos propios implicados.

A oferta formulada pola Xunta de Galicia íase someter á consulta dos traballadores. Pero, polo que puidemos ver e escoitar tanto de traballadores como de dirixentes sindicais, esa consulta non se desenvolveu nin baixo o clima axeitado nin tampouco coas mínimas garantías necesarias. E así asistimos con certa vergoña e atónitos ao que estaba acontecer o pasado venres 27 de abril durante a consulta. Son imaxes, as que temos, nas que a xornada de votación se desenvolvía entre insultos por parte dun sector de representantes sindicais aos traballadores que pensaban diferente ao que ese interesado sector pretendía. E o máis grave é que eran proferidos por aqueles que se chaman representantes dos traballadores. Incluso os ditos representantes dos traballadores chegaron a recriminar os directores das oficinas xudiciais, os letrados e secretarios —agora letrados da Administración de xustiza— que estes estean a exercer as funcións directivas que a lei orgánica lles atribúe. Ata tal punto que os letrados foron cuestionados na súa tarefa de organizar o servizo para evitar prexuízos aos cidadáns que acoden a un servizo esencial, como é o da xustiza, e por evitar poñer en perigo bens xurídicos esenciais. Pero non só se enfrontaron cos directores das oficinas xudiciais, tamén se enfrontaron cos traballadores que din representar, compañeiros, pero simplemente ocorría que non son da súa corda.

E creo que todos os que estamos aquí presentes condenamos as imaxes que están a circular polas redes sociais, que vimos nos medios de comunicación, de berros, de insultos, para perturbar unha consulta democrática, incluso de danos nun vehículo particular dun dirixente sindical. Creo que son situacións máis ben propias doutros países nos que a democracia é un valor en entredito, pero que, dende logo, deberían estar afastadas na nosa comunidade. Comportamentos que non se deben producir en ningún sector, en ningún, pero creo que moito menos no sector da xustiza.

E gustaríame pensar que todos os grupos temos a mesma opinión sobre o que ocorreu nesa consulta aos traballadores. Espero que si, porque ata os propios representantes das outras organizacións sindicais expresaron que a consulta aos traballadores da Xustiza do pasado venres se levou a cabo..., literalmente dixeron: «nun ambiente de coacción que non permitiu que se desenvolvese con garantías». E denuncian tamén que «desde a primeira hora da mañá houbo unha intolerable persecución por grupos de asalto organizados por CUT, STAJ e CIG». Estas son palabras dos outros dirixentes sindicais.

E quero soltar unha diferenza, en particular. Cando se produciu a votación do acordo, produciuse baixo coaccións, baixo insultos, baixo danos en vehículos, con intervención da Policía, e o resultado foi un non ao acordo. E onte, nunhas asembleas nas que non houbo ningún tipo de coacción nin disturbios, pois o que saíu foi parar a folga, creo que é unha diferenza moi imporante a subliñar.

E o que hai que dicir é que a folga fixo un dano terrible, difícil de calcular, aos usuarios da Xustiza e aos operadores xurídicos, como avogados e procuradores. Pero o que hai que dicir é que a Xunta cumpriu o mandato parlamentario aquí aprobado, e cumpriuno escrupulosamente.

O pasado 2 de maio o comité de folga pediu unha reunión á Xunta de Galicia na que pedía a reunión para avanzar en dous aspectos: na definición da cláusula de revisión e no plan de recuperación de horas de traballo. Curiosamente, dúas cuestións que non estaban no mandato parlamentario, dúas cuestións que non formaban parte das reivindicacións que deron inicio á folga. O que quere dicir que non hai discrepancia sobre o que está no acordo parlamentario, e o que significa é que o que estaba incluído no mandato parlamentario está cumprido. Creo que esta é a demostración palmaria, pero, por se fora pouco, hoxe mesmo un dirixente sindical di que se fala dun acordo que cumpría as reivindicacións. Están recoñecendo que este acordo cumpría as reivindicacións do sector da Xustiza.

Porén, se todo o que se pedía está ofertado e para firmar, a pregunta é, ¿por que segue a folga? Isto é o que se preguntan os galegos e moitos traballadores da Xustiza. E agora hai sindicatos que acuñan unha modalidade novidosa, que é a de interromper a folga, algo así como o paro do paro. Creo que é un malabarismo semántico que ata algúns sindicatos están afirmando que é unha figura que non existe.

Agora mesmo xa tampouco están todos os sindicatos no comité de folga, hai dúbidas, hai confusión, ¿quen é o interlocutor agora no caso da folga? E ao final o que se está producindo é que se está engadindo máis confusión, e o que se precisa, señorías, é claridade para resolver canto antes esta situación. Porque os funcionarios, se estivera asinado o acordo, xa a día de hoxe podían estar desfrutando das vantaxes e das melloras salariais, ou doutro tipo de vantaxes que se inclúen nesta proposta.

Onte o seguimento da folga foi inferior ao 4 % —non chegou ao 4 %—, e cando a folga foi convocada —e tivo un seguimento importante, como se recoñeceu pola Xunta de Galicia e por este grupo parlamentario— nós tomamos nota. E creo que agora que a folga apenas ten seguimento nós agardamos que os sindicatos tamén tomen nota, porque o que cómpre agora é finalizar con este litixio, con este conflito e que se asine un acordo que está enriba da mesa, pero hai que asinar con todos os sindicatos.

Por tanto, propoñemos instar a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Ministerio de Justicia para que continúe, con cargo á programación de 2018, coa creación de novas unidades xudiciais. Pero tamén cremos que é conveniente —e propoñémolo hoxe aquí— que o Parlamento se manifeste condenando enerxicamente as actitudes amosadas por un sector sindical contra os traballadores da Administración de xustiza.

Creo que non se poden volver producir este tipo de actuacións e pedimos, polo tanto, que cheguemos entre todos a un acordo. Que se recoñeza que esta proposta da Xunta de Galicia cumpre con todos os puntos do mandato parlamentario aquí xurdido por unanimidade, porque está claro que o que agora está en cuestión son dous puntos que non formaban parte do acordo parlamentario.

Polo tanto, pola nosa banda, nada máis. Logo pronunciareime en relación coas emendas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Saudamos os alumnos de primeiro da ESO do Instituto Plurilingüe de Elviña, da Coruña, e tamén os profesores que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Señor Moreira, quedounos claro que a súa iniciativa non era sobre a creación de novos xulgados, senón sobre a folga da Xustiza. O que pasa é que non se atreveron a presentala como tal, (*Aplausos.*) nestes catro meses non se atreveron a presentar aquí ningunha proposta concreta para resolver esta folga. E veñen agora de tapadillo metendo aquí, de maneira oportunista, esta proposta. ¿Sabe o que lle dicimos? A folga é un dereito democrático, é un dereito para a defensa dos intereses da clase traballadora, (*Aplausos.*) e quen ten que decidir se chega a acordos é a representación da clase traballadora, dos traballadores e das traballadoras, mediante procedementos democráticos como as consultas.

A vostedes non lles gustan as consultas, sobre todo cando as perden, porque vostedes xa tiñan preparada a foto. (*Aplausos.*) O señor Rueda xa tiña preparada a rolda de prensa e chafáronlle a foto, como lla chafaron canto intentou dividir o comité de folga negociando tamén de tapadillo, tiña preparada tamén a conferencia de prensa e chafáronlla porque non lle aceptaron o acordo.

E vostedes menten e manipulan con absoluto descaro, porque veñen dicir aquí que se cumpre o acordo parlamentario. Mire, quen ten que decidir se se cumpre o acordo parlamentario en todos os seus termos, en todos os termos da negociación, é a representación sindical e son os traballadores e as traballadoras en votación democrática. Non vostedes, nin sequera este Parlamento. Porque a vostedes valíalles o incremento de 55 euros en tres anos que propuña a Xunta en decembro, e que tamén —segundo vostedes— cumpría o acordo parlamentario. E agora estamos en 140 euros. ¿De que estamos falando? Quen ten que decidir se lle vale a proposta é a representación sindical e, en todo caso, os traballadores e as traballadoras. Non vostedes impoñelo aquí.

Pero, realmente, vostedes o que fixeron foi prolongar artificialmente a folga, porque o que querían era derrotar e humillar a representación sindical. Pero non o conseguiron e non conseguiron gañar esa votación, e por iso esta resposta, por iso este espírito de vinganza, que é o que os move neste momento a vostedes.

E, efectivamente, a folga é un fracaso colectivo, pero é un fracaso colectivo sobre todo pola responsabilidade do Goberno do Partido Popular e do señor Rueda, que é o principal responsable de que este conflito non estea aínda resolto.

E claro que si, a representación sindical ten dereito a reivindicar como un dos puntos fundamentais do acordo a recuperación dos días perdidos, a recuperación, tamén, que permitiría, en todo caso, recuperar todo o traballo perdido e axilizar as tramitacións que están atrasadas.

A súa iniciativa que nos presentou aquí hoxe inicialmente, que era sobre a creación dos novos xulgados, o que pon de manifesto —igual que pon de manifesto o conflito da folga— é a situación crítica na que está a Administración de xustiza. Realmente está na UCI, está en coitados intensivos a Administración de xustiza, e non pola folga, xa o estaba antes. Porque no Xulgado do Social de Lugo xa tiñan dous anos de atraso nas tramitacións e non había folga. E iso é porque non se puxeron os medios para unha administración de xustiza áxil, próxima, que dera resposta aos problemas da xente, e porque temos, ademais, unha administración de xustiza neste país que é profundamente reaccionaria, retrógrada e machista, como acabamos de ver nas últimas sentenzas que se acaban de ditar. *(Aplausos.)* Ese é un dos grandes problemas dunha administración de xustiza herdeira, tamén, do franquismo, como moitos dos seus plantexamentos ideolóxicos.

E con respecto á proposta de creación de novos xulgados, xa discutimos aquí esta cuestión o ano pasado, xa concluímos que era absolutamente insuficiente, como veu recoñecer no seu día, tamén, o señor Rueda na negociación da Comisión Mixta, que era absolutamente insuficiente a proposta de 4 novos xulgados. Xa chegamos a acordos nese sentido, pero nós estamos cansos de chegar a acordos con vostedes, a acordos que non se cumpren, que se converten en papel mollado e que os tiran á papeleira despois de chegar aquí a acordos con vostedes. Polo tanto, temos moitas dúbidas, realmente, de se debemos de novo chegar a un acordo que non valla para nada.

Mire, a Administración de xustiza ten moitos problemas que teñen que ver coa carencia de medios, coa carencia de persoal, coa discriminación que sofre o persoal da Administración de xustiza galega que o levou a esta folga; cos problemas, tamén, das infraestruturas e dos equipamentos, cos problemas de creación de novos xulgados, cos problemas das substitucións. Non se poden pechar os xulgados no mes de agosto, sobre todo os xulgados de violencia machista; non se poden pechar no mes de agosto como estivo pasando nestes anos.

Nós o que propoñemos —porque isto non é unha tómbola, isto non é unha subasta de a ver canto se lle ocorre a calquera, a cadaquén dos xulgados— é que hai que crear o que pedimos, que nos parece unha proposta sensata, e constituír un grupo de traballo sobre a base dos acordos parlamentarios que analice as necesidades de novos xulgados en Galiza, que xa o Tribunal Superior de Xustiza dixo que eran moitos máis das que se plantexaron aquí, así como as medidas necesarias e as prioridades para modernizar, axilizar e ter unha administración de xustiza realmente eficiente e moderna.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Esta é a nosa proposta, esperemos que a acepten e que poidamos chegar a un acordo que realmente valla para algo, non como ata agora, que foi papel mollado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Eu aproveito para saudar os nosos convidados, que sempre está ben ver caras novas neste Parlamento.

Conversa posible entre o señor Rueda e o señor Rafael Catalá: «Rafa, mándame medio quilo de xulgados para este ano». Isto é o seu balance, en oito anos 4 órganos xurisdicionais na nosa comunidade autónoma. Ese é o resultado, ese é o balance real.

E hai que ter morro para traer esta iniciativa hoxe a este Parlamento. Un grupo parlamentario que agora vén aquí dicirnos que conseguiron medio quilo de xulgados cada ano para Galicia, e vén aquí dicirnos que necesitamos dicirlles que necesitamos máis, pero sen dicir nada máis. Necesitamos moito máis do que vostedes din e do que vostedes conseguen, xa non digo piden, senón conseguen. Necesitamos novos órganos xurisdicionais nas audiencias provinciais de Lugo, na de Pontevedra para Vigo, que tardan anos en ditar sentenza, anos, señor Moreira; un novo xulgado do social en Santiago, en Lugo, en Vigo, porque tardan anos en poder ir a xuízo, en citar as persoas para ir a xuízo; un novo xulgado de primeira instancia na Coruña; máis fiscais, máis funcionarios na fiscalía. Bastaría con que vostedes cumpran o seu propio decreto do ano 2014, con cumprir as súas propias normas chegábanos de sobra.

Un fiscal contra a corrupción e a criminalidade organizada para Galicia, que o propio fiscal superior de Galicia pide na súa memoria. Máis persoal para o Imelga, unha partida orzamentaria para non quedar sen xuizas e xuíces substitutos a metade de ano —en xuño o ano pasado—. Unha nova oficina xudicial nas sete cidades galegas e en todos os órganos de cabeceira de partida xudicial e que funcione, non unha experiencia piloto só en Ourense. E de todo iso vai a nosa emenda.

Dende logo, temos que darlle os parabéns, porque debe de ser —habería que revisar o *Diario de Sesións*— a primeira vez na historia que unha iniciativa é emendada por todos os grupos parlamentarios, incluído o seu propio. Porque hai que ter morro para autoemendarse, vostedes non presentaron nin unha soa iniciativa durante o conflito da xustiza, relativa ao conflito da xustiza. E vostedes poden rexistrar..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ao señor deputado ao mellor interésalle. Poden rexistrar —porque como nos din moitas veces teñen 41 deputados— proposicións non de lei urxentes. Polo tanto, señor Moreira, vostede podería ter rexistrada unha proposición non de lei urxente para este pleno só co que di na súa emenda se, efectivamente, lles importase algo, algo, o conflito da xustiza. O problema é que non lles interesa nin o conflito nin a xustiza.

Agora que está de moda isto de defender a loita contra o machismo, pois na nosa emenda recolleemos as demandas que a sociedade galega nos ten pedido durante todo este tempo: máis xulgados exclusivos de violencia contra a muller, un psicólogo permanente para asistir

as vítimas nesas xulgados, a posta en marcha dun acompañamento xudicial personalizado —que vostedes rexeitan—, a comarcalización dos servizos do Imelga, as oficinas de atención ás vítimas e a policía xudicial, sobre todo para esas provincias de Lugo e Ourense que vostedes rexeitan. E o compromiso de investir en formación específica e permanente para todas esas persoas que pertencen á carreira xudicial e fiscal, que nós non cremos que sexan herdeiras do franquismo; non cremos, son persoas demócratas exactamente igual que os demais e que fan o seu traballo todos os días, os traballadores e todos os funcionarios da Administración de xustiza.

Pero si necesitan que alguén lles ensine a interpretar a normativa dende o punto de vista da perspectiva de xénero, iso é indubidable. E iso serviría —con todo o que estamos pedindo na nosa emenda— para que non se nos caia a cara de vergonza entre aquela sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra de hai case trinta anos, da vida licenciosa, e o voto particular de La Manada de hai escasamente un mes.

Porque naquela sentenza de hai case trinta anos —vinte e nove para ser exactos— falábase da vítima como unha rapaza casada, aínda que separada, e por iso con experiencia sexual, de vida licenciosa, sen domicilio fixo, soa nunha discoteca e que se sentara no coche entre dous homes descoñecidos en disposición de ser usada sexualmente.

Pois para avanzar en xustiza e que non pasen outros vinte e nove anos e teñamos que ter sentenzas parecidas, estaría ben que vostedes acepten a nosa emenda, e se quere no seguinte pleno, señor Moreira, rexistro unha proposición non de lei un pouco máis seria que a súa autoemenda.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Turno para o Grupo Parlamentario de En Marea, e ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, a verdade é que dende o noso grupo pensamos que viñamos debater sobre unha PNL e non entrar a escoitar os ataques do Grupo Popular —aínda que tampouco nos estraña— ao dereito á folga e ás actuacións dos representantes sindicais. A verdade é que é un pouco xa surrealista que dediquen este tempo a manifestar o seu espírito profundamente antidemocrático e que lles sigan chirriando todos os dereitos acadados.

Tamén, ao mellor, pode ser que como presentaron unha proposta baleira de contido e non teñen moito que dicir, ou ao mellor teñen moito que dicir para non acabar dicindo nada, pois teñen que estar atacando as liberdades e dereitos que se exercen a través da loita sindical e do dereito á folga para non falar de que utilizan este Parlamento para facer oposición á oposición, para preparar as municipais e non para facer política para os galegos e galegas en materia propositiva. Ese é o gran problema, ao mellor, que teñen as maiorías absolutistas.

Dende En Marea plantexamos a necesidade de concretar en que aspectos se traduce a declaración de intencións que contén a proposta contedor do Partido Popular imputado. É necesaria a creación de novos xulgados derivada da existencia de carga de traballo que fai necesaria a súa creación, situación recoñecida e coñecida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e pola propia Comisión Mixta, e así presentamos unha emenda que, igual que aos outros grupos, recolle a necesidade de crear, polo menos, 3 novos xulgados do social en Lugo, Santiago e Vigo; novos xulgados de familia na Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo; novos xulgados especializados en violencia de xénero en Ourense e Lugo; e 1 máis con competencia comarcal en Pontevedra. Novos xulgados do contencioso-administrativo nas sete grandes cidades do país.

Mellorar a xustiza é mellorar os tempos de resposta e aproximala á cidadanía. A xustiza, para ser eficaz, debe responder de xeito áxil e en curto espazo de tempo, e isto non é posible se non existen máis recursos, non só físicos ou técnicos, senón tamén humanos. Por iso tamén a nosa emenda contempla comprometer a necesaria partida orzamentaria ao efecto. Pero, sobre todo, ¿quen se pode tomar en serio o Partido Popular que sostén un goberno incapaz de destinar recursos á xustiza, nin materiais nin persoais? ¿Como imos tomar en serio un goberno incapaz de solucionar unha folga devastadora na Xustiza?, onde non tomaron en serio as demandas de mellora nas condicións de traballo dos traballadores e traballadoras da Xustiza, demandas que non só eran e son de carácter económico, senón tamén de recursos e de recoñecemento de dereitos que ían repercutir nun mellor servizo de calidade á cidadanía. Unha Xunta que está máis preocupada en terxiversar publicamente os motivos da folga, en criminalizar a folga, que en atopar unha solución para tapar a inutilidade, o fracaso e o intento de submisión por parte do señor Rueda, a súa inoperancia política e a súa forma tiránica de intentar resolver este conflito. E como fracasou, agora temos que derivar a atención e desviar a atención a outras cousas que nada teñen que ver, máis alá de atacar dereitos e liberdades civís.

A Xunta e os seus responsables, neste caso o señor Rueda, amosaron incapacidade para xestionar a folga e acadar acordos. Esa é a única verdade. Por iso o Goberno ten que preocuparse, e vostede, señor Moreira, ten que vir aquí e preocuparse de garantir os recursos necesarios e a capacidade de acordo que permita superar a situación actual da mala xestión da xustiza, da mala situación dos traballadores e traballadoras e da falta de recursos que repercute directamente na cidadanía.

A xustiza debe de garantir o acceso á mesma pola cidadanía ao disposto no artigo 24 da Constitución española: todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xulgados e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que en ningún caso poida producirse indefensión. Iso é do que debería preocuparse vostede aquí, exercendo a súa maioría absolutista para falar de xustiza. Existe indefensión, e xa o vimos nos casos xa máximos como o da Manada, cando non se garante, ademais, o acceso e cando durante a tramitación e ata a resolución do mesmo se producen —á parte de sentenzas cun sesgo ideolóxico claro— atrasos inxustificados ou dilacións indebidas, consecuencia do anormal funcionamento da Administración de xustiza.

Polo tanto, vostedes en vez de intentar botarlle a responsabilidade a quen loita por dereitos e por liberdades, e pola igualación dos dereitos e por unhas cuestións absolutamente lexíti-

mas, deberían tomar conciencia de que a Administración se non funciona é un dano para toda a cidadanía e hai unha demanda dos tribunais de novas prazas, demandas de máis xuíces e xuízas, demandas de máis recursos, e se non se atenden é porque vostedes non queren.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Porque teñen unha cruzada persoal coa xustiza, porque ultimamente teñen un montón de xuíces e de traballadores revoltosos que se dedican a destapar a corrupción do Partido Popular.

Así que, polo tanto, atendan as demandas da Xustiza, fagan uso debido da confianza que lles deron os galegos e galegas, non busquen excusas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...non criminalicen dereitos e liberdades civís e liberdades públicas e fagan o seu traballo, que para iso lles pagan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos. Moitas grazas.

Ten o turno, por parte do grupo autor da proposición non de lei, o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Aquí nesta proposición non de lei hai máis grupos que tamén se autoemendaron, En Marea e BNG tamén se autoemendaron a si mesmos con escasos minutos de diferenza.

Por outra banda, eu quero recordar aquí —despois de que haxa unha oferta da Xunta de Galicia coa que hai sindicatos que están xa de acordo con ela, e hai traballadores que están de acordo con ela, e que non se ten acreditado que haxa ningún punto en discusión que non se cumprise—o que dicían portavoces da oposición.

O BNG falaba de prepotencia e cerrazón da Xunta de Galicia, que persiste en manter unha discriminación laboral, salarial e de dereitos deste colectivo, e dun bloqueo. ¿Onde está o bloqueo? O acordo está para asinar. ¿Onde está o boqueo por parte da Xunta?

Señor Bará, vostede creo que é concelleiro en Pontevedra ou era, non sei, non o vexo moito por alí; en todo caso, o seu partido segue gobernando en minoría en Pontevedra. Eu invítoa a que lles ofrezca vostede aos funcionarios do Concello de Pontevedra un acordo cun 13 % de incremento. Estano agardando. Os funcionarios de Pontevedra están agardando esa mellora do 13 %, e a Policía local. Sábeo vostede moi ben. *(Aplausos.)* Déanos exemplo de como facer melloras.

É curioso, vostede mesmo onte aquí, que trouxemos unha proposta de acordo, unha emenda a unha moción do PSOE na que se pedía desenvolver un acordo que se asinou a nivel nacional

entre o Ministerio de Facenda coas principais organizacións sindicais, froito do diálogo dun goberno do Partido Popular cos sindicatos, vostede veu dicir aquí que iso era un acordo negociado entre bambalinas polas cúpulas e os sindicatos.

¿En que quedamos, señor Bará?, ¿en que quedamos? ¿Hai que falar cos sindicatos e chegar a acordos? ¿Ou cando se chega a acordos son acordos entre bambalinas? Esa foi unha falta de respecto, pola súa banda, aos sindicatos. E hoxe vén aquí dicir xusto o contrario, como se fosen episodios separados o pleno de onte e o de hoxe. É o mesmo pleno e a mesma Cámara, e o mesmo pobo galego o que está escoitando; o que cambia de tesitura e de opinión é o BNG.

Vostede non ten criterio, señor Bará, non ten criterio. Seguro que, se se chega a un acordo agora, dirá tamén que é un acordo entre bambalinas. ¿En que quedamos? ¿Quere vostede finalizar o conflito da xustiza ou non? ¿Parécelle pouco esta subida do 13 % ou non? Se lle parece pouca, mellórea vostede e déanos exemplo de como se mellora.

En canto á Marea, vostede di que atentamos contra o dereito a folga. ¡Home! eu creo que as únicas coaccións que houbo aquí foron cando houbo traballadores que trataron de votar en liberdade sobre a proposta do Goberno da Xunta de Galicia e non se lles deixou.

E mire, falaba vostede de recursos, voulle dar un simple dato. A xustiza ten hoxe en Galicia mellor dotación orzamentaria neste ano que no mellor ano do Bipartito, por buscar unha referencia, cando había 2.000 millóns de euros máis. E daquela había 99 millóns de euros na xustiza. Hoxe o Goberno do presidente Feijóo destina, con 2.000 millóns de euros menos, 146 millóns, case un 50 % máis. Eses son os recursos que destina o Goberno da Xunta de Galicia á xustiza, que vostede non coñece os datos.

E por último, xa para rematar, en relación coas emendas, non as imos aceptar. Non cremos, en canto á do BNG, que haxa que constituír un grupo de traballo para determinar que órganos xudiciais son necesarios ou non. Xa hai un grupo de traballo, xa existe a Comisión mixta, que é onde se deciden...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...todas estas cuestións.

En canto ás outras propostas, propoñen crear órganos en particular. Creo que iso hai que debatelo no seo da Comisión mixta. Polo tanto, non imos aceptar ningunha das emendas, e o que pedimos é que entre todos, desde esta Cámara parlamentaria, se condenen esas actitudes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor MOREIRA FERRO: ...que se produciron entre os traballadores da xustiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei (doc. núm. 28878).

Emenda de adición.

Débase engadir un punto co seguinte texto:

«O Parlamento galego manifesta a necesidade de garantir cotas propias á frota artesanal do Cantábrico Noroeste, restrinxindo o acceso doutras frotas ás súas cotas e capturas, ademais da non aplicación das ITQ's.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 28878)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo un estudo que analice a evolución da implantación do sistema de Cotas Individuais Transferibles, e as súas implicacións para as pesquerías multiespecíficas que operan no Cantábrico, tanto en termos de mellora de descargas como en disposición de cotas en Galicia.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Dentro das tendencias que se observan dentro do marco da política pesqueira común, observamos que comezan a proliferar propostas sobre as alternativas á xestión dos recursos. Unha destas son as denominadas ITQ. Pero ¿que son as ITQ? As ITQ son cotas individuais transferibles. A diferenza respecto do sistema de TAC e cotas tradicionais fundamentalmente está en que os pescadores son os propietarios dos recursos pesqueiros. Polo tanto, no sistema baseado en ITQ caben escenarios posibles, e un deles, por exemplo, no que se podería gañar

máis cartos alugando cota, alugando posibilidades de pesca, en lugar de pescando. Implica investir no sector para mercar cota, e ao final, do que estamos falando é de privatizar o mar.

Dous modelos de xestión. Un baseado no ben común. Outro, ben distinto, que implica a especulación dun mercado aberto como consecuencia de dificultades do control e acceso real ás posibilidades de pesca para os máis débiles, e, por outro lado, beneficio para aqueles sectores alleos, que poden explotar e beneficiarse incluso de xeito oculto. O negocio dos grandes fronte aos máis débiles, que non sempre saen perdendo os mesmos.

Fronte á sobrepesca, cada día soa con máis forza este modelo, para promover e protexer a propiedade privada aplicable a pesca. Nos discursos conservadores está cada vez máis presente a idea de que unha boa parte dos problemas ambientais poden solucionarse a través dunha mellora e maior asignación dos dereitos de propiedade privada.

E, ¿por que traemos esta cuestión hoxe a pleno? Pois por varios motivos. Un deles, o documento do Rexistro nacional de posibilidades de pesca, que é o paso previo á creación do sistema de ITQ.

Dous. Outro motivo. Sabemos que actualmente Segepesca está a traballar sobre un borrador que pecha a xestión do modelo de ITQ, un documento que o sector está á espera. Díciánlle que llo ían dar alá para Semana Santa, agora dixo a señora Seijo o outro día en Burela que ao mellor llo daban para xuño. Xa é unha realidade, todos puidemos ler na prensa o outro día que o Goberno abre a porta á compra de cupos.

Ante unha xestión pesqueira fracasada ata o momento, establecer un sistema de dereitos de propiedade como solución. Iso é o que nos quere vender Segepesca, un sistema, unha xestión pesqueira fracasada. Simplemente consultando os datos da EPA, se consultamos e comparamos o primeiro trimestre do ano 2017 co primeiro trimestre de 2018, vemos que en Galicia se perderon 4.400 persoas no sector do mar. E 4.400 persoas significa que de cada cinco postos de traballo, hai un menos. Iso é o que é un modelo fracasado.

Fronte á agricultura, á industria, conservación e servizos, os datos de pesca son devastadores, e aínda peor se revisamos o dato para as mulleres; un 31 % de mulleres menos tan só nun ano, dende o primeiro trimestre de 2017 ata o primeiro trimestre do ano 2018. Un plan fracasado porque, como saben, o ano 2013 foi declarado nulo, o do 15 tivo denuncias, houbo que modificalo dúas veces. Ao final, un problema derivado da incompetencia dun goberno que ofrece como solución agora a privatización; é dicir, que o sector asuma a incompetencia do Goberno. A boa gobernanza sería saír dun problema no que o Goberno nos meteu. O Goberno central e o Goberno galego, que non souberon facer cumprir coas normas que regularon, abrindo fendas, causando problemas nun sector, problemas presentes e problemas futuros.

Futuros porque, como saben, temos máis de 4.400 embarcacións que non teñen garantido o relevo xeracional. O Plan de xestión do Cantábrico é un documento intransixente, non permite operar en equilibrio á frota. Existe un problema dende 2013, a Administración non pode tardar tanto tempo en facer un cambio de xestión, e a alternativa non pode ser privatizar o mar. E o Goberno galego, fronte a isto, ten que protexer, ten que defender, a frota galega.

¿Canto tempo leva o sector preguntando, sen ter resposta, por que neste país existen privilexios nas pesqueiras en función de onde vivas? Porque todo, todo isto xa se sabía. ¿E por que non todo o mundo igual?

Chama a atención que os documentos, coas modificacións realizadas todos estes anos, sempre foron moeda de cambio coas comunidades autónomas, as posibilidades de pesca nas negociacións políticas, incluso se dubida da constitucionalidade das reparticións. Sempre estiveron en entredito eses datos, e vostedes sábeno. ¿Por que o sector —pregunto— ten que estar suplicando? ¿Onde imos con datas de peches nos meses de marzo e abril? Simplemente, ¿cales son as razóns? Porque no mesmo caladoiro uns teñen unhas posibilidades e outros teñen outras posibilidades, en función, por exemplo, da bandeira ou do poder adquisitivo. Parece de sentido común facerse estas preguntas, simplemente poñerlle voz ao sector. Se non cambiamos de gobernanza, imos continuar cos mesmos problemas no sector.

Este sistema que se plantexa, o sistema de ITQ, supón graves riscos para os máis débiles. En Galicia, como saben, o 85 % da frota é artesanal, pequena e frota artesanal. ¿Quen vai saír beneficiado dun sistema de ITQ, dun sistema de privatización? Dende logo, os máis pequenos non. Farano os de sempre, os máis poderosos fronte aos máis débiles. ¿A quen vai prexudicar? Eu creo que a resposta é evidente: aos de sempre. É unha realidade, este sistema abre a posibilidade de perigos serios para os máis pequenos, evidentes riscos.

Sabemos, polo tanto, que dende a Administración española se pretende abrir a porta á compra de cupos, cunha liña que, en definitiva, consiste en gañar máis cartos negociando coas cotas que pescando, que en lugar de coa captura de especies. Este modelo non parece axeitado no Cantábrico noroeste, onde as pesqueiras son multiespecíficas, multiartes; é dicir, poucas cantidades sobre moitas especies. Galicia non é Noruega, que ten poucas especies. Galicia é multiespecífica.

Optar por un modelo ou outro non cabe dúbida que é unha opción ideolóxica e obedece a un xeito de gobernanza, con intereses creados e encamiñados a establecer a propiedade do acceso aos recursos; iso vai determinar o futuro da pesca galega.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a rendibilidade económica da actividade pesqueira debe basearse nunha planificación a longo prazo que permita recuperar as poboacións de peixe, tendo en conta o equilibrio ambiental, pero tamén tendo en conta a supervivencia da frota.

En medio de todo isto, a auténtica preocupación do sector é subsistir. Por iso hoxe dende o Grupo Socialista o que lle pedimos ao Goberno é que faga un estudo, que valore, que mida as consecuencias que para Galiza poida ter a implantación do sistema de ITQ. Instamos o Goberno a que se anticipe, a que valore esas consecuencias, e polo menos por catro motivos:

Un. Por un lado, porque das 4.000 embarcacións de Galicia, o 85 %, son artesanais e multiespecíficas.

Dous. Porque hai un anuncio público, feito polo Goberno central, que abre a porta cara a esa compra de cupos.

Tres. Porque existe unha ameaza real para aqueles que son máis débiles.

Catro. Porque cabe a posibilidade de que entren especuladores. Iso é unha realidade.

E cinco. Evitar que se cometan os mesmos erros que se viñeron cometendo historicamente no Cantábrico noroeste.

Cinco razóns de peso para que se aprobe esta iniciativa. Simplemente está pedindo que se faga un estudo previo á implantación dun sistema que pode traer graves consecuencias para os mariñeiros galegos.

Pero se todas estas razóns, estas cinco razóns, non lles resultan suficientes, plantéxolles unhas cuestións que polo de agora non teñen resposta. Nun ámbito no que temos aí, para o ano 2019 —vén pronto, xa é cuestión duns meses—, a obriga de desembarque, e por se non o sabemos, parece que en Europa pechan as portas á flexibilización da mesma, ¿nese ámbito como encaixa este sistema de ITQ e como vai afectar en concreto a aqueles que dicíamos, máis pequenos e de artes menores. ¿Que lles vai quedar para pescar? ¡Miserias! Polo menos, darlles resposta a este tipo de cuestións.

E outra cuestión que lles plantexamos. ¿Valoraron vostedes que, en lugar de vender estas cotas, se repartan, por exemplo, entre aqueles máis desfavorecidos? Son cuestións que están abertas e que ao mellor, antes de que se implante este sistema, debería o Goberno galego ter un estudo que valore as repercusións que podería ter para a frota galega este modelo.

Desenmascarando a realidade, non ten outro obxectivo que reducir a frota do Cantábrico. Europa está empeñada en reducir a frota do Cantábrico, e este obxectivo nace para iso, porque se realmente amora amortizas, ao final podes amortizar tamén esa posibilidade de pesca e recibir cartos a cambio. Desesa forma, pouco a pouco vanse reducindo os barcos do caladoiro do Cantábrico.

Desenmascarando a realidade, ese é o obxectivo, este sistema é adecuado para reducir a frota do Cantábrico. En xuño o sector terá o documento, o que lle estamos pedindo hoxe ao Goberno é que se anticipe, que fagan un estudo, que valoren como impactará para Galicia a implantación deste sistema. Queremos supoñer que non terá ningún inconveniente en aceptar esta iniciativa. Se non lle convencen todas as razóns que nós lle demos, simplemente por cautela...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: ...—si—, porque o propio tratado da comunidade europea establece no seu artigo 174 o principio de cautela, que normalmente se utiliza para a conservación de recursos, pero que tamén é preciso telo en conta para a sustentabilidade social.

Polo de agora, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Pasamos á intervención dos grupos parlamentarios. Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, en primeiro lugar, quero agradecer ao Grupo Socialista esta iniciativa. É unha proposta na que compartimos o que é o fondo da cuestión e a preocupación polo sector, e, evidentemente, compartimos a análise dos datos, iso vaia por diante.

É unha proposta que plantexa facer un estudo, un informe que analice como afectaría a aplicación das ITQ ás pesqueiras do Cantábrico, e nós compartimos dende logo esta mesma preocupación, pero entendemos que o efecto desta aplicación sería bastante negativo.

Por iso presentamos a nosa emenda de engádega; é dicir, estamos de acordo en que se vaia adiante co informe, pero a verdade é que xa existen estudos que detectan os problemas derivados deste modelo pesqueiro privatizador, e, entón, polo tanto, referímonos a eses estudos.

Para nós sería como podar unha árbore cunha rebarbadora. Por iso non nos parece ao mellor o máis axeitado. É necesario actuar para garantir a sustentabilidade dos *stocks* de peixe no Cantábrico e no conxunto dos mares do planeta, pero non compartimos que esta sexa a fórmula. Por iso engadimos, mediante a nosa emenda, o seguinte texto, que sería: «O Parlamento galego manifesta a necesidade de garantir cotas propias á frota artesanal do Cantábrico noroeste, restrinxindo o acceso doutras frotas ás súas cotas e capturas, ademais da non aplicación das ITQ.»

A aplicación das ITQ noutros lugares do planeta demostrou dúas cousas: por unha banda, non serve para reducir o esforzo pesqueiro, pero si para acadar reducións de ata o 30 % das frotas e concentrar en menos barcos o esforzo pesqueiro e o beneficio, o que se traduce en concentración de capital, menos emprego e máis desguaces. Pode chegar incluso a crear burbullas especulativas sobre as cotas. Lembremos os problemas do noso agro coa cota láctea; precisamente é un caso que se pode equiparar.

A implantación de cotas individuais transferibles significa que estas poidan ser vendidas e compradas ao mellor postor, algo que consideramos que sería moi pernicioso, igual que a privatización dos recursos mariños. Incluso poderían ser utilizados como garantías hipotecarias ou monetarias subsidiarias, provocando a súa utilización como avais e, polo tanto, un novo mercado e especulación financeira coas cotas, que podería producir unhas sobreinflación do prezo destas cotas, de tal forma que en moitos casos superen o valor real xerado pola industria pesqueira afectada.

Pero, ademais, provocaría desaxustes inaceptables para a frota artesanal —a cal é a prioridade do noso grupo protexer— e faríase seguramente en base a criterios históricos, o que prolongaría no tempo, polo seu feito de ser permanentes, as desigualdades que xa sofren os nosos traballadores e traballadoras do mar e toda a frota.

En Marea defende a repartición de cota, que debe de responder a criterios socioeconómicos, non en base aos históricos, e favorecer máis a cota que máis empregos produza por tonelada descargada.

Impide o acceso ao mar a novas xeracións, que estarían obrigadas a comprar cotas que estarían por encima do seu valor real, precisamente polo mercado especulativo, e lembremos o que pasou e pasa en Galicia coa compravenda dos GT para as embarcacións e todo o problema que temos derivado desta xestión.

En definitiva, estaríamos deixando pescar soamente a quen poida pagalo, o cal é totalmente inxusto —e nós en ningún caso podemos apoialo—, e concentrando os recursos nas mans dos máis fortes e poderosos, e non da maioría do sector do mar do noso país, e sobre todo a xente que ten todo o dereito a poder traballar en igualdade con quen ten máis recursos ca eles, porque o mar sempre foi unha fonte de riqueza inigualable na nosa terra e que deu acceso a todas as clases traballadoras e ás maiorías sociais de toda a franxa litoral, de xeito directo e indirecto.

Polo tanto, se o Grupo Socialista acepta a nosa emenda de engádega, imos apoiar esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días, grazas presidente, e bos días, señorías.

Teño que empezar dicindo que o Partido Socialista trae hoxe aquí unha iniciativa que xera certo alarmismo. Póñense vostedes como moi alarmistas e asustando moito o sector pesqueiro, dende o punto de vista das suposicións, do que vostedes pensan, coas teimas das que falan sempre, ademais, hoxe, pois vemos que especialmente parecidas ás teimas que ten sempre En Marea aquí; ata vostede chega a dicir ese tema de privatizar o mar. E temos que dicir que isto non é nada rigoroso. Primeiro, porque non hai plan de xestión do Cantábrico aínda —xa o dixo vostede agora—; eses argumentos que vostede saca, esas conclusións que sacan non son de ningún plan, e, polo tanto, primeiro terá que verse o plan e despois terán que sacar vostedes as conclusións.

Estase traballando, pero nada de negocio, nada de negocio, nada de privatizar, nada desa teima que teñen vostedes de dicir sempre que se vai acabar co sector e que se vai rematar, cando, ademais, os datos din todo o contrario, porque vostede fala de conclusións, e di aquí frases e expón temas moi horribles que vostede conclúe aquí, pero a verdade é que, despois, os datos din todo o contrario.

A realidade é que se está traballando —si, é verdade— dende o Goberno central polo aproveitamento de todas as cotas e da repartición de todas as cotas que lle corresponden a España. Estase traballando ademais dun xeito ordenado, e estase traballando e tendo en conta

as ITQ, que sempre se ve o demo, como ven vostedes sempre, o demo en calquera palabra que poida conter ou algunha palabra de propiedade privada. Entón, agora aplícano ao mar, aplican «burbulla marítima, aplican «privatización» a todo o que se lles pon diante, e isto é unha reordenación do sector do mar e aproveitamento das cotas que hai, e estar adiantándonos ademais a algúns temas —como vostede dixo aquí tamén—, que é a posibilidade da implantación de que despois haxa a obriga de desembarque, e que, ademais, por certo, este é un tema que poderá axudar a esa adaptación.

A lei impide totalmente que a xente que non ten barco adquiera cotas pesqueiras separadamente. Iso está claro. E vostede sabe tamén, ademais, que hai moitas limitacións nas transferencias de cotas, permanentes e que non sexan permanentes. Ás veces quedan tamén cotas sen aproveitar e moitas veces, ademais, as permanentes están a barcos do mesmo censo. Polo tanto, iso que di vostede de que moitos van acabar sempre co mesmo, esas teorías son especulacións súas, non son realidades, nin son ningunha conclusión, como digo eu, de ningún estudo.

Iso si, se vostedes queren máis estudos, como dixo tamén a señora Santos —xa hai un—, se queren máis estudos, nós estamos dispostos a ter unha modificación, metemos unha emenda cunha modificación soamente no texto, que non modifica a esencia da súa PNL, porque non temos ningún problema en que se fagan estudos, porque a verdade é que, ademais, as conclusións soen dar que o sistema que se está empregando e as medidas que se están levando adiante son positivas para o sector e están ademais mellorando a rendibilidade, mellorando en moitos casos ademais e facilitando as posibilidades e poñendo e dando os pasos necesarios para despois adaptarnos á medida europea, sobre todo á dos descartes, que é a que máis nos preocupa agora.

Polo tanto, vostedes non veñan aquí falar dunha xestión ideolóxica. ¿Que ideoloxía? Vostede non sei se ten memoria de cando gobernaba o Partido Socialista —xa hai tempo claro, xa hai tempo que non goberna o Partido Socialista; non sei, ademais, se volverá gobernar—, pero resulta curioso que vostedes, cando estaban gobernando no Goberno central, e incluso no Bipartito, pois si que había ordes que dicían exactamente o mesmo. Por exemplo, a orde do 2008 que regulou a distribución de cotas de atún vermello, na que se optaba exactamente polo mesmo modelo, e foi unha orde emitida por vostedes.

Despois, aínda por riba, foron os que iniciaron as reparticións de frotas encamiñando a xestión das ITQ, e despois, cando chegou o Partido Popular, si que foi o que tivo que mellorar a repartición para defender a frota das artes menores. Chegou o Partido Popular e mellorou a repartición para defender a frota de artes menores. Polo tanto, non diga vostede aquí todo o contrario.

Non entendemos moi ben a exposición de motivos. Eu, sinceramente, cando lin a exposición de motivos desta PNL, non a entendín moi ben, e sobre todo sabendo como foi a política pesqueira que practicou o Partido Socialista cando gobernaba e a política pesqueira común que se está realizando en Europa, que se está desenvolvendo no conxunto de España e co interese específico e a presión de Galicia, sempre por diante doutras comunidades autónomas.

Calquera sistema de cotas é malo se se baixan as cotas, pero non se se aumentan, e, polo tanto, o que se está facendo aquí, e o interese que hai permanentemente por parte da Xunta de Galicia e por parte deste Goberno, e por parte do Partido Popular, sempre, é estar da man do sector. E nada de ideoloxía. Aquí hai un ditame do Consello Galego de Pesca, que plantexou unhas necesidades e unhas peticións e é o que se está levando a cabo. Pero o Partido Socialista rexeitou ese ditame do sector do Consello Galego de Pesca no Parlamento.

Polo tanto, nós a conclusión que temos que sacar é que isto non é negativo. Vou darlle os últimos datos, que seguramente xa os escoitaron, porque non se pode perder a oportunidade de falar dos datos, dos termos de descarga e volume de facturación.

O ano 2017 foi o mellor exercicio da serie histórica, cun 27 % da media anual, e en termos de volume de facturación o récord da serie histórica, cun 18,7 % por riba da media anual, e, polo tanto, rompendo esa barreira dos 500 millóns de euros en facturación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Remato, presidente, dicindo que nós presentamos unha emenda. Nós estamos de acordo en aceptar a esencia desta PNL, que é facer un estudo, pero non instar o Goberno galego a levar a cabo o estudo que analice a posible implantación do sistema de cotas, senón a evolución da implantación do sistema de cotas, e engadir, ademais: «tanto en termos de mellora de descargas como de disposición de cotas en Galicia». Cremos que queda máis completo e que é máis rigoroso que o que presentan vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Máis unha vez, o Partido Popular volve acusar de alarmismo infundado, e, claro, o que produce alarmismo non son as iniciativas que traemos aquí, señora deputada do Partido Popular; o que produce alarmismo son as medidas que toma.

E di que o que lle preocupa neste momento ao Partido Popular son as medidas dos descartes. Cando trouxemos aquí iniciativas e alertamos do que ía supoñer esa medida, resulta que o Partido Popular nos acusou de alarmismo e dixo que o tema dos descartes ía ser unha oportunidade, e resulta que, cinco anos despois, en cinco anos non fixeron nada e resulta que agora están preocupados polo tema dos descartes. Se se ocuparan cando a Unión Europea quixo impoñer o problema, igual agora non estaban tan preocupados e lle tiñan evitado un problema ao sector. (*Aplausos.*) Igual, igual, ¿non?

Resulta que agora estamos nas mesmas. Resulta que as ITQ son unha nova oportunidade e resulta que as ITQ son unha consecuencia máis desa entrada no Mercado Común Europeo no seu

momento por parte do Estado español, e a nova política pesqueira común 2014-2020 é o mantemento desas mesmas condicións que aceptou o Estado español, e que esta nova política pesqueira común non modifica, e que introduce a obrigatoriedade de ir cara a ese modelo das ITQ, que son as cotas individuais non transferibles, e que significa modificar o dereito público de recursos mariñeiros polo dereito de uso para os armadores e transformarse en dereito privado.

Non o dicimos nós, está na política pesqueira común, señora deputada. Igual se o quixera ler... Está ir dese modelo público a un modelo privado, en mans duns poucos armadores. É así: duns poucos. Unha vez adquirido ese dereito, permítese vendelo, arrendalo, trocalo, que uns poucos decidan que se fai con eles para o seu propio negocio. Significa respectar ese principio de estabilidade relativa que condena a que o Estado español siga mantendo un ridículo 7 % deses dereitos de pesca. Esa é a realidade.

Significa, pois, que mellorarán uns poucos mentres se destrúe o emprego, a actividade económica que xera o conxunto das comunidades costeiras do noso país, renunciando a regular o noso sector pesqueiro e continuando avalando medidas que non son para enfrontar os problemas e as fortalezas que ten o noso país, senón para destruír o noso modelo pesqueiro, a pesar de que determinados armadores e asociacións, que son os que maioritariamente defende o Partido Popular, se verán beneficiados. Uns poucos, un determinado grupo de industrias, un determinado grupo de armadores veranse beneficiados, pero non o conxunto do sector do noso país.

E é unha evidencia que a Unión Europea legisla non para os mariñeiros nin para o emprego, nin para manter a actividade económica, senón unicamente para un grupo de armadores, que verán como se convierten os dereitos de pesca en valor económico para si mesmos. Sen necesidade de pescar, terán negocio, porque, sen necesidade de pescar eles, poderán adquirir eses dereitos de pesca e con eles poderán especular; poderán vendelos, arrendalos, cambialos. E esas pequenas frotas, eses pequenos barcos, terán que acabar vendendo eses dereitos de pesca a cambio dunhas pequenas axudas e subvencións, e o que se verá é que a maioría da nosa frota, a maioría deses barcos do noso sector acabarán en mans duns cantos.

A política pesqueira é pura hipocrisía, e, dende logo, podémolo ir vendo como na nosa pesca artesanal, como xa a xarda, a sardiña, o bocarte, aínda que na literatura din que determinadas cuestións son para favorecer a pesca artesanal, logo a realidade é a que vemos como no xeito: ¿cantas toneladas teñen para o xeito? 175, por exemplo. E aí é onde se ve a realidade destes modelos. Ou podemos falar de cal é a realidade do bocarte, que practicamente non ten cota. E vostedes veñen aquí defender ese modelo.

Dende logo, no BNG non defendemos estes modelos. As experiencias deste modelo noutros lados dan esa concentración exaxerada, esa concentración do capital ao servizo exclusivamente do capital. E, dende logo, as embarcacións con maiores posibilidades — máis eficientes, máis eficaces — teñen a oportunidade de aumentar aínda máis a súa capacidade pesqueira; as embarcacións con menos rendibilidade — menos eficientes desde eses criterios — teñen que ir vendendo os seus dereitos de pesca, recibir unha compensación e abandonar o sector. De seguir con este sistema, dentro de moi pouco tempo o sector en Galiza practicamente será unha anécdota, terán que dedicarse ao turismo mariñeiro, que é onde

vostedes abocan o sector, e as comunidades pesqueiras perderán os dereitos de pesca acumulados durante centos de anos, e esa xeración de emprego e recursos na costa, en aras desa capitalización en mans duns poucos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Dende logo, non é o modelo do BNG, non van contar co apoio do BNG, e faremos todo o posible e o imposible por que vostedes non saquen adiante ese modelo.

Apoiaremos a iniciativa do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Señora Egerique, vostede defende que o sector do mar vai mellor, ¿pero que datos utiliza vostede? Porque eu lle dou uns datos que son da enquisa de poboación activa e aí amosan 4.400 postos menos, 1 de cada 5; e no caso das mulleres aínda peor, un 31 % menos só nun ano. Pois xa me dirá que datos utiliza vostede. ¡É que eu estou alucinada coa súa resposta, de verdade! E ademais criticou a nosa PNL, e ao final, cando está acabando, di que está de acordo coa esencia da iniciativa. Home, ¡claro que está de acordo coa esencia da iniciativa!. (*Aplausos.*) ¡non vai estar! (*Aplausos.*)

E falan ademais de reordenación, re-or-de-na-ción. Están creando unha nova linguaxe, a metalinguaxe da dereita: re-or-de-na-ción. E ao final di que creamos alarmismo. ¿Non lle parece alarmante un 31 % menos de mulleres no mar e 1 de cada 5 homes menos? (*Aplausos.*) ¿Non lle parece alarmante? (*Aplausos.*) A min paréceme alarmante. ¡Así está a poboación rural galega! Así está a poboación rural, porque a pesca ten unha responsabilidade tamén, que é un factor estabilizador de poboación.

O que nós lles pedimos —a ver se queda claro— é que fagan un estudo antes da implantación do sistema de ITQ.. (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.*) —por favor, señora Egerique, eu deixeille falar— ...para avaliar as posibles repercusións que poida ter. Antes, por cautela. E o que vostede nos está ofrecendo é facer o estudo despois, cando xa estea implantado, cando o dano está feito. ¿E por que non antes? ¡É que non se entende! O método científico leva a analizar as consecuencias dunha decisión a priori, non a posteriori; e cando se fai a posteriori é porque se defenden algúns intereses inconfesables. (*Aplausos.*) ¡Si, señora Egerique, si! (*Aplausos.*) ¡Antes, non despois! (*Aplausos.*) Son 4.400 persoas menos nun ano, ¡nun ano! Iso é o que hai.

Por suposto, non imos aceptar a súa emenda, loxicamente. E respecto da emenda de En Marea, podemos intentar chegar a unha transacción. Entendo que non teremos problema en chegar a unha. De todas formas, xa lle digo, señora Santos, que todos os nosos esforzos non van valer para nada porque o PP xa sacou o rodillo.

E máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 29120).

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o primeiro parágrafo polo seguinte texto:

«Establecer un diálogo inmediato cos representantes do profesorado que permita dar unha solución ás súas demandas retributivas.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 29120)

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir unha mesa de diálogo coas organizacións sindicais do ensino para abordar a recuperación dos dereitos laborais e salariais do profesorado galego.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Grazas tamén aos representantes sindicais que hoxe nos acompañan e pulan cada día por mellorar as condicións laborais do persoal docente neste país; e, por ende, pola mellora da calidade do noso ensino para todas. Compromiso que, dende logo, resulta totalmente ausente da axenda política deste Goberno. E o seu comportamento revela o moito que lle importa a Feijóo a educación das nosas fillas e dos nosos fillos. Tanto é así que, dende o ano 2009 que chegou ao Goberno, o presidente da Xunta non se sentou nin unha soa vez cos docentes para

negociar con eles melloras das súas condicións laborais. ¡Nin unha soa vez en nove anos! Cuestión de prioridades, por suposto.

Para o que si tivo tempo e ganas foi para recortar unha e outra vez os seus dereitos, como o acontecido co complemento específico das pagas extraordinarias eliminado polo Goberno da Xunta dende o 2013 ao 2017. Recorte que implicou que desde o 2013 ao pasado ano o colectivo docente galego perdera practicamente unha paga extra enteira cada ano transcorrido, sendo os únicos de todo o Estado que tampouco cobraron a parte autonómica nas pagas extraordinarias do 2016. Isto supuxo que o persoal docente galego perdera dende o ano 2013 unhas cantidades que oscilaron entre os 4.480 euros para un mestre sen antigüidade e os 7.936 euros para unha persoa catedrática con trinta anos de servizo.

Ou o recorte na cobertura das baixas laborais. Así, esa fantástica Lei de medidas fiscais e administrativas 12/2014, na súa disposición adicional cuarta estableceu que percibirán o 50 % das retribucións, tanto básicas como complementarias, e a prestación de fillo a cargo, se é o caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal; con independencia de que sexa a primeira, a segunda, ou máis incapacidade temporal dentro do ano natural.

Unha disposición que penaliza incompreensiblemente as enfermidades e doenzas do persoal docente. Pero non só iso, o Goberno galego négase a cubrir as baixas dos docentes nos primeiros quince días en que se producen. Todo isto, mentres repiten unha e outra vez que a crise pasou, pero a súa actitude de cara á educación segue a ser a mesma: recortar e desmantelar ata que a educación pública de calidade, como un dereito universal para toda a cidadanía, sexa unha borrosa lembranza do pasado.

Recuperación ¿para quen? Para o profesorado dos centros públicos xa lles digo que non. Para as profesoras e profesores que levan anos aguantando sobre as súas costas o noso sistema educativo, non. Para todas elas e para todos eles silencios, ausencias e desprezos por parte dun Goberno que hai tempo que decidiu ignorar toda canta reivindicación de dereitos chega á súa porta. Salvo para o profesorado de Relixión, claro, que ese si que fan negocio co Partido Popular. Calquera diría que gozan dunha auténtica bula papal en virtude da cal se lles permite nada máis e nada menos que recibir o seu salario cada mes sen impartir unha soa hora de clase. Unha burla, un desprezo ao profesorado que se deixa cada día o lombo nas aulas de todo o Estado para dotarnos dun futuro mellor. Un desprezo a toda a cidadanía, que ve dilapidar o diñeiro público sen vergoña. Un auténtico escándalo sobre o que o Partido Popular, e especificamente o ministro de Educación competente, preferiu mirar para outro lado. Para os demais, aumentos de carga lectiva, aumentos de ratios, desconfianza constante, máis e máis exixencias, abandono, desleixo... Situación que consideramos especialmente grave no noso país porque as mestras e mestres galegos son dos que menos cobran de todo o Estado. Os docentes de secundaria afrontan un agravio comparativo, son sempre dos que cobran menos salarios. No polo oposto, por suposto, o persoal de Euskadi ou de Navarra.

A fenda salarial entre uns e outros chega a ser de ata 400 euros no caso dos mestres e mestras, e de 500 no caso dos docentes de secundaria. Estes últimos cobran en Galicia unha media de 2.276 euros, fronte aos 2.757 euros que cobran en Euskadi. Ao ano, isto supón nada

máis e nada menos que unha diferenza que ronda os 6.000 euros, o que suporía 200.000 euros menos ao final da carreira laboral para os galegos e galegas que imparten clase nos nosos institutos. ¿É isto xusto? ¿É asumible? ¿Ocupan tarefas diferentes que xustifiquen unha inxustiza semellante? Nós pensamos que non, que é hora de retribuír o persoal docente adecuadamente.

A fenda ensánchase aínda máis se temos en conta que nalgunhas comunidades hai complementos por formación permanente que non existen noutros territorios. Así como complementos de titorías, coordinación do nivel ou do ciclo, xefatura de departamento, residencia ou perigosidade que tamén se retribúen de xeito distinto en función do lugar, o que vai facendo cada vez máis grande esa fenda salarial.

Dende logo, non é a primeira vez que en Galicia estamos nesta situación. Así cabe entender os acordos de revisión salarial que se asinaron en 2003 e 2007. Este último —cómpre lembralo— é histórico, froito do consenso de todas as organizacións sindicais, tratou de colocar a Galicia no sexto lugar da táboa salarial de profesorado de todo o Estado. O dito acordo incorporara unha cláusula de revisión que, dende logo, foi esquecida e pisoteada. Pero un acordo que no seu momento acadou o compromiso de aumentar 150 euros dende o 1 de xaneiro de 2007 ao 1 de xaneiro de 2009. Claro, dende este momento, dende o 2009, a situación non fixo máis que empeorar, ata atopármonos de novo na mesma situación do 2006. Despois de analizar as diferenzas salariais para cada corpo e tramo de antigüidade, volvemos observar que os docentes galegos están moi por debaixo dese sexto lugar que se acadara nese momento. Por iso os sindicatos levan reclamando que é hora xa de activar a cláusula de revisión e iniciar unha negociación que volva colocar os docentes de Galicia nun lugar xusto desta táboa.

E é que neste momento —como dicíamos— o persoal docente galego segue sendo o que padece unha peor remuneración do Estado. Ademais, conxelacións salariais e recortes fixeron que os docentes de Galicia hoxe cobren practicamente o mesmo que cobraban hai unha década. Situación inxusta e desigual que afecta, por suposto, tamén ao profesorado interino. Así, nalgunhas comunidades o persoal interino cobra os mesmos complementos que o persoal funcionario —como os sexenios—, mentres que noutras non. Ou o caso da remuneración dos meses de verán, aínda pendente neste territorio.

¿É este un Goberno cumpridor cos seus empregados no ensino público? ¡Nada máis lonxe da realidade! E a cuestión de fondo sería ¿por que se manteñen os recortes? ¿Non insisten dende o Goberno do Partido Popular en que estamos na senda da recuperación? ¿Por que mantén entón estes recortes retributivos para o persoal docente galego? ¿Por que non se sentan a negociar? ¿Acaso non merece o profesorado que depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia un trato como mínimo equiparable ao profesorado do resto do Estado? ¿Ou é que a cacarexada recuperación só serve para dar grandes titulares pero non para retribuír con dignidade os traballadores e traballadoras do ensino galego, que son os que manteñen a calidade nas aulas?

Dende En Marea consideramos imprescindible a compensación e restitución dos dereitos de todas as empregadas e empregados do sector público, e, por suposto, tamén de todas as docentes de Galicia. É urxente que se avance na mellora salarial, máxime nun momento como

o actual, no que outros colectivos de funcionarios están conseguindo melloras substantivas das súas condicións de traballo equiparando os salarios dos profesionais do conxunto do Estado. Cómpre defender tamén os dereitos laborais dos docentes galegos. Iso si que sería falar de recuperación; iso si que sería falar de compromiso coa calidade; iso sería falar dun compromiso co ensino. E iso, dende logo, require diálogo social. Recuperen a senda do diálogo, falen e séntense a negociar cos axentes sociais para traballar nun Plan de recuperación dos dereitos do persoal docente. Teñen sobre a mesa milleiros de firmas recadadas polos principais sindicatos do ensino galego reclamando o que é seu. Teñen a obriga, pero tamén a responsabilidade, de escoitalos. É o xusto, e, dende logo, sería o coherente con esa recuperación coa que enchen cada día a boca.

Se nos anos de crise foron as empregadas e os empregados públicos os que tiveron que padecer recortes enormes, é hora de que comecen a devolverlles todo o que lles quitaron, hora de que nos devolvan todo o que nos quitaron.

Por todo iso, presentamos esta proposición non de lei, porque consideramos urxente avanzar na mellora salarial dos docentes e mestres galegos. Recuperar a senda do diálogo para volver cando menos ao devandito sexto lugar da táboa salarial da que falamos antes. E, por suposto, é urxente sentarse a falar da recuperación para os docentes e mestres de Galicia dos salarios que lles foron recortados durante a crise.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas. E bo día tamén ás organizacións sindicais que están sentadas na bancada de convidadas.

Nós coincidimos coa proposta que trae hoxe o Grupo Parlamentario de En Marea. Coincidimos plenamente na necesidade de que o profesorado galego —e así llelo trasladamos tamén ás organizacións sindicais coas que nos reunimos nas últimas semanas— recupere eses dereitos salariais que foron roubados durante os anos da crise económica. Usando de parapeto e de escusa precisamente esa crise, presentábanse na retórica daquel momento eses recortes salariais e tamén doutros dereitos laborais do profesorado como algo conxuntural, como algo temporal, non provocado ou obrigado —e abro aspas— «por unha situación, por un contexto económico moi concreto e moi determinado», pero o certo é que diante dese discurso propagandístico, permanente e constante de recuperación económica o que vemos é que non se recuperan tampouco eses dereitos, nin salariais nin laborais, roubados durante os anos da crise.

Nese sentido, nós formulamos unha emenda —estamos intentando ademais chegar a un acordo co grupo propoñente— para incluír precisamente a necesidade de que se abra unha

mesa de negociación aquí, na Galiza. Hai que lembrarlle ao Goberno do Partido Popular que ten competencia exclusiva en materia de educación e, polo tanto, capacidade suficiente para reverter —insisto— eses dereitos salariais que foron roubados durante os anos da crise, pero, sobre todo —e nese sentido a emenda presentada polo BNG— poñemos moito o foco, abrimos o foco á recuperación de todos eses dereitos laborais que lle foron roubados ao profesorado galego durante a crise económica; dereitos que poderíamos tamén facer extensíbeis a outros servizos, a outros dereitos fundamentais do noso país, como pode ser a sanidade ou outros dos que se falaba precisamente na xornada de pleno de onte.

Para nós hai que recuperar ese poder adquisitivo, hai que recuperar os salarios roubados, pero tamén é unha cuestión fundamental e indiscutíbel a recuperación das xornadas lectivas, dos horarios lectivos, que foron ampliados durante a crise económica, recuperar esas 18 horas na secundaria, na formación profesional, nas escolas oficiais de idiomas, e esas 21 horas de xornada lectiva en infantil e en primaria. Reducir as ratios —é unha das cuestións das que máis se ten falado tamén tanto na Comisión de Educación como neste pleno—, contabilizar precisamente todo ese alumnado repetidor que ten unhas necesidades de atención específicas, unha maior atención e máis personalizada, precisamente porque, se alguén repite curso, é porque precisa dunha atención máis de vagar, máis polo miúdo; reducir esas ratios. Aumentar os recursos para a atención ás necesidades educativas especiais, tanto o profesorado de audición e linguaxe como PT, como persoal de orientación nos centros. Reducir esa carga burocrática e recuperar o que é a función principal dos equipos docentes, que é precisamente impartir aulas, esa función de docencia e non que se convertesen case que en administrativos. Abordar tamén, porque por esta Cámara pasaron representantes do persoal interino, do profesorado interino, un acordo de estabilidade, compatibilizando esas ofertas públicas de emprego amplas pero tamén garantindo que persoas que levan moitos anos, máis dunha década, traballando no ensino público deste país, que poida continuar adiante con ese labor, con ese traballo. Diminuír tamén, por suposto, como dicía, reverter máis ben, como dicía, todos eses dereitos —insisto— que foron roubados durante os anos da crise en materia salarial, en materia retributiva, de poder adquisitivo, pero por suposto tamén en materia de dereitos laborais —insisto— para o profesorado, pero é un debate extensíbel tamén a outros ámbitos do sector público do noso país.

E, xa para rematar e agardando poder chegar a unha transacción co grupo proponente e á espera do que nos vai dicir o partido maioritario, que á fin e ao cabo por esa maioría absoluta ten a chave nesta cuestión, tamén quería deixar unha reflexión enriba da mesa. Se a recuperación dos dereitos laborais que lles foron roubados aos cadros de persoal dos servizos públicos, pero ao conxunto tamén da clase traballadora do noso país durante os anos da crise, pasa porque defendamos obviamente eses dereitos dentro desta Cámara, da Cámara de representantes do pobo galego, pero tamén por facer valer o poder que ten a clase traballadora a través das ferramentas de loita das que dispón, sumar forzas diante desta regresión que estamos a vivir e facer real e efectiva unha das principais ferramentas para dar a batalla na recuperación de dereitos que teñen as traballadoras e os traballadores, que é cunha folga xeral. Deixo esa reflexión tamén aquí enriba da mesa.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día tamén aos representantes do profesorado que nos acompañan.

Non sei o que vai dicir o Partido Popular, pero intúo que vai dicir que o profesorado da Comunidade Autónoma é o mellor que temos na educación desta comunidade autónoma, iso seguro que si. Non sei se o mellor son as familias, o mellor son os alumnos, o mellor son os equipamentos. Dende logo, son unha parte fundamental, vital, do sistema e non hai ningún país que funcione sen profesorado.

Dito isto, evidentemente o noso grupo parlamentario vai apoiar esta proposición non de lei de En Marea. Vaina apoiar porque é de sentido común. É de sentido común que o profesorado recupere as súas condicións retributivas, tamén as súas condicións laborais. Hai —eu díxenllo ao señor conselleiro hai dúas semanas— un clamor entre todos os representantes do profesorado de que chegou o momento de reclamar o que é de xustiza, de recuperar parte do que nunca se tivo que ter perdido.

E xa sei o que vai dicir o Partido Popular con respecto a isto, xa o sei tamén, seino, seino. Se quere, señor Fernández Gil, siga por vostede, fago a súa intervención e despois gratamente me invita a un café e que quede así resolto. (*Murmurios.*)

Pero miren, a realidade é que o Partido Popular é responsable nesta comunidade autónoma de ter aplicado medidas de modificación das condicións do profesorado con carácter previo ás que no ano 2012 ditou o Estado nesa contención do gasto público, na que os que somos funcionarios, neste caso tamén docentes, contribuímos, probablemente máis que ninguén, a solucionar unha crise que evidentemente non tiñamos provocado.

Pero dicía que o Partido Popular, con carácter previo —e non hai máis que acudir ás hemerotecas e aos diarios oficiais—, incrementou o horario a este profesorado desta comunidade autónoma, a este colectivo, con esa máxima que eu sempre digo que é falaz de que con máis fan menos. Pero hoxe recordamos a regra dos signos da multiplicación e da división: $+ \times - = -$, sempre, $+ \times - = -$. En lóxica tamén funciona unha cousa parecida.

Vostedes, o Partido Popular, fixeron con esa redución de profesorado que esta comunidade autónoma pasara de estar no segundo lugar na ratio alumno/profesor no ano 2008-2009 a estar no sétimo lugar no curso 2016-2017, e iso pese á redución de alumnos. Imaxinemos cal ten que ser realmente a redución de profesorado para que a ratio, pese a baixar o número de alumnos, se incrementase. É algo realmente alarmante, é algo realmente triste, é algo que non se sostén, salvo cando un confía en que os resultados do traballo dese profesorado ao que se lle recortaron salario e dereitos siga sendo non o mesmo, senón, se cadra, máis, porque son os que realmente veñen mantendo a flote co seu traballo os resultados desta comunidade autónoma no mundo educativo. Desde logo, non á retribución

que se lles aboa por parte da Xunta de Galicia e, desde logo, mimalos, protexelos nas súas condicións laborais.

Fíxose aquí referencia á ratio do alumnado, fíxose referencia ao incremento de feito dos alumnos por aula ao non computar os repetidores, que pasaron a ser —non me gusta a broma, pero case é forzada— como unha especie de éter, un vapor que pulula polas aulas, porque non computan, non se atenden, non necesitan, como xa se dixo aquí, unha atención adicional específica.

E, polo tanto, o noso grupo parlamentario e eu tamén confío tamén en que sexamos quen de chegar a unha transacción que aúne a posición —creo— de toda a oposición desta Cámara e gustaríame tamén que do Partido Popular, porque a fin de contas o único que se lle está pedindo ao Goberno é que se sente a falar cos representantes do profesorado. Non se establece —e creo que imos chegar a unha transacción— ningunha posición a priori para dicir ao Goberno que negocie ata chegar a esa finalidade, senón que se senten á negociar. Se chegamos á transacción, creo que o Partido Popular se sumaría encantando a que o Goberno ao que sus- tenta negocie cos representantes de calquera colectivo, neste caso do colectivo docente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día tamén ás organizacións sindicais que nos acompañan.

En primeiro lugar, señor Álvarez, evidentemente non vou defraudalo, non vou defraudalo, e teño que empezar a miña intervención facendo unha referencia, por suposto, á importancia e ao traballo e ao esforzo que teñen feito os profesionais docentes en Galicia para conseguir un sistema educativo como o que temos hoxe en día en Galicia, que en todos os indicadores está bastante ben valorado.

Pero digo máis, vou facer unha pequena variación, porque tamén facía algunha referencia a señora Chao a isto, e, señora Chao, incluso os profesores de Relixión. Nós non establecemos diferenciacións en función da materia que imparte un profesor sobre cal é a súa realidade, cales son os seus dereitos ou cal é o seu esforzo ou o seu traballo. Nós entendemos que todos os profesionais do ensino galego realizan un traballo digno e un esforzo por manter o sistema coa calidade que ten. (*Aplausos.*)

A verdade é que eu non saio do meu asombro. Nós estabamos acostumados a que En Marea ao longo desta lexislatura estea permanentemente poñendo en cuestión o papel que xogan os demais partidos políticos en Galicia, porque eles son os únicos que representan a voz da

maioría social. Iso estámolo escoitando unha e outra vez. Pero agora —e aquí a sorpresa— nunha chimpacarbolla digna da propia Nadia Comaneci, agora xa non só poñen en cuestión o labor dos partidos políticos, senón que de repente poñen en cuestión tamén xa o labor dos sindicatos. Porque vostedes hoxe veñen aquí precisamente arrogarse o papel e o labor dos sindicatos. E si, non sinale, señor Lago, porque mire, non llo estou dicindo eu, estanllo dicindo as emendas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Porque, señora Chao, vostede aquí falou de negociación, de por que non se sentan a negociar, pero ¿lemos o teor literal da súa proposición non de lei? Porque os acordos da súa proposición non de lei non falan en absoluto de abrir negociacións nin de sentarse a negociar. É máis, nin tan sequera mencionan os sindicatos. Aquí di, textualmente: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a: primeiro, equiparar o salario dos docentes e mestres galegos aos salarios dos docentes e mestres mellor remunerados do resto do Estado. E, segundo, recuperar para os docentes e mestres galegos os salarios que lles foron recortados durante a crise». Nin unha soa referencia a mesas de negociación e ao papel dos sindicatos. E xa digo: non llo estou dicindo só eu; estanllo dicindo o Grupo Socialista e o Bloque Nacionalista Galego nas súas emendas.

Pero é que miren, se nós entrásemos no texto, porque ao final aquí o que falamos é da literalidade do texto da proposición non de lei, vostedes din: «equiparar os salarios dos docentes e dos mestres galegos aos salarios dos docentes mellor remunerados do Estado». Iso si, obvian calquera referencia a calquera tipo de indicador económico ou a outras comunidades autónomas. A vostedes todo lles dá igual. Ben, imos poñerlle: subimos o salario ¿a onde? Ata os mellores. É dicir, non entremos a comparar cal é a realidade económica dunha comunidade autónoma, cal é a doutra, non; aquí ¡veña!, ata os mellores.

Pois mire, poderíamos chegar, podería chegar o Bloque Nacionalista Galego despois e dicir: non, eu á proposta de En Marea súbolle un; o Grupo Socialista despois, á proposta de En Marea e do Bloque: eu súbolle dous; e eu chegar aquí como un campión e dicir: pois eu subo tres máis, e converter isto nunha partida de póker. ¿Entende por que non ten seriedade a proposta que vostedes traen aquí?

Nós o que defendemos —e tamén o falaban os outros grupos nas súas emendas— é que se fai necesario, evidentemente, negociar, e para iso hai uns interlocutores, que son os sindicatos. E dígolle unha cousa: perda coidado, non se preocupe, que o Goberno galego ten o compromiso suficiente e sabe perfectamente en que momento se ten que sentar a negociar cos sindicatos e sabe perfectamente que dentro desas negociacións hai espazos para acordos, pero, evidentemente, o que non imos é estar aquí xogando unha partida de póker dos grupos políticos a ver quen queda mellor diante dos sindicatos ou quen queda mellor diante do colectivo dos profesores.

Porque mire, ao final isto, se me permite acudir á sabedoría popular, vostedes teñen a obsesión permanente de facer iso que din no meu pobo que é amosarlle á xente que vostedes son os que lles poñen o rabo ás cereixas. E miren, ás cereixas non fai falta poñerlles o rabo, as cereixas xa o traen cando están colgando da árbore, ¿sabe? É que aquí estamos unha e outra vez, verdadeiramente, coa mesma historia, e xa cansa, realmente xa cansa. Vostedes

teñen a representación da maioría social, vostedes están por riba do papel dos sindicatos, das mesas de negociación, vostedes son omnipresentes e omnipotentes en Galicia. Pero ben, o curioso desta cuestión é que ao final, cando os galegos teñen que opinar sobre en que lugar ten que estar cada un, a vostedes colócanos onde lles corresponde. *(Aplausos.)*

Pero, xa digo, para ir rematando, porque creo que é unha cuestión que está meridiana-mente clara, miren, nós defendemos o diálogo social. Defendemos e sabemos que do diálogo social, dun diálogo serio coas organizacións sindicais —e que ademais somos conscientes de que ese diálogo existe, vai existir e vai continuar—, hai espazo para acadar acordos dentro dese diálogo —e xa me refiro a eles directamente— e sabemos que esa é a fórmula de levar a cabo estas cuestións. É dicir, nós entendemos que para algo está a Mesa Sectorial de Educación. Temos o contexto e temos as ferramentas para buscar acordos e alcanzar eses acordos. Somos conscientes —díxeno antes— dos esforzos que ten feito o profesorado galego precisamente pola situación derivada da crise. E por iso —e con isto remato— xa lle digo e lle garanto que dentro dese escenario de negociación haberá un marco e haberá unha capacidade de chegar a acordos. Esperemos que no momento no que se busque a fórmula e se acaden acordos En Marea estea de lado apoiando eses acordos e non estean precisamente, como fan noutros sectores, rebentando os acordos de sindicatos e Administración.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Agora saudamos os alumnos de quinto e sexto de primaria, e os de primeiro e segundo da ESO do centro plurilingüe Virxe da Luz de Portomarín, en Lugo, e tamén os seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

Ten agora a palabra o grupo autor da proposición non de lei, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Grazas tamén aos grupos da oposición por amosar o seu apoio e a súa disposición a chegar a unha transacción, xa que coincidimos no esencial, na necesidade de recuperar a senda do diálogo para a restitución dos dereitos do profesorado. E como semella que o Partido Popular tamén está a favor, imaxinamos que votarán a prol da transacción á que imos chegar.

E vou á literalidade do texto para que a coñezan e, dende logo, reflexionen —que estamos seguros, despois de escoitalo, señor Fernández Gil, que van votar a favor—. Porque, mire, a transacción di: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a abrir unha mesa de diálogo coas organizacións sindicais do ensino que permita avanzar nun acordo salarial e de recuperación dos dereitos laborais e das perdas salariais ocasionadas nos últimos anos». Contamos, polo tanto, co seu voto a favor, imaxinamos. Porque non será que se vaia retractar despois. Xa que tanto lle gustaba o diálogo, a ver se cando falamos de diálogo tamén votan en contra.

Se votaran que non, tamén lle digo: ningunha sorpresa. Como temos dito en numerosas ocasións nesta Cámara, os recortes, dende logo, non son neutrais. Son froito de decisións políticas concretas e falan moito de vostedes.

Neste senso, os recortes educativos na pública ao tempo que se reforzaba a concertada son exemplo claro, clarísimo, dunha posición ideolóxica concreta por parte do Partido Popular, malia que traten de escondela, e que practica en todas partes, aquí e no Estado, por suposto. Son as dúas caras da mesma moeda, da minusvaloración do ensino público ao tempo que se reforza constantemente o concertado. Só así cabe entender os orzamentos xerais do Estado que acaban de presentar, onde non só non recuperan o investimento educativo senón que o van reducir a unha cifra récord histórica, o 3,7 % do PIB; cifra que non era tan baixa desde 1992. É para estar orgullosos, dende logo. Está moi lonxe da media da Unión Europea, e moi lonxe, dende logo, de países punteiros como pode ser Finlandia. E, por suposto, aquí —alumnos sempre avantaxados da austeridade—, segundo as propias previsións do seu Goberno, o investimento no ensino este ano vai quedar por debaixo do 3,59 %, unha cifra que nos deixa por debaixo da media do Estado español malia que xa estea o quinto pola cola de toda Europa. Claro, así é que despois non lles dan os números para pagarlles aos docentes o que lles deben. Porque esa é a especialidade do Partido Popular, cadrar os números pero deixando fóra as persoas. Con estes números, coas súas negativas reiteradas a recuperar os dereitos do profesorado e a reverter case unha década de recortes, o Partido Popular segue demostrando que a educación non é nin será nunca unha das súas prioridades. Non a pública, polo menos, porque, por suposto, a crise e a recuperación van por barrios. Tanto foi así que nos últimos cinco cursos a Xunta concertou 243 novas unidades no ensino concertado, mentres que no público pechaba 59 escolas e se suprimían 441 unidades; privatización constante, sen descanso.

Dende En Marea seguiremos dicindo que non, seguiremos defendo, por suposto, a urxencia de recuperar os salarios roubados, a urxencia de recuperar todos os dereitos do persoal docente que lles quitaron. E unha cousa está clara: dende as filas do Partido Popular poderán seguir ignorando todas e cada unha das propostas que fai a oposición, o que non van poder seguir ignorando indefinidamente é a demanda unánime da comunidade educativa pedindo que lle devolvan o que lle quitaron. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Entendo que esa transacción é sobre as dúas emendas. (*Asentimento.*)

Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun pacto pola lingua galega e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Ao inicio desta mañá fomos testemuñas do que dicimos, do que vimos mantendo sempre sobre o Goberno do Partido Popular en torno á nosa lingua: que non queren ver os problemas, que non lles convén ver os problemas, porque saben perfectamente que boa parte dos problemas da nosa lingua responden á súa política lingüística, absolutamente equivocada. (*Aplausos.*)

E falouse moito dun informe que teño aquí, *Lingua e sociedade*, da Real Academia Galega. E volverei falar sobre el. Pero, para centrar o problema do que di o informe, quero ler textualmente uns parágrafos da introdución, de como a Real Academia xustifica que presenta este informe. E di: «A nosa ética profesional, na liña de acción continuada da Real Academia Galega canto entidade legalmente encargada da defensa e ilustración da lingua galega, obríganos a lanzar a voz de alerta, unha voz que se quere alentadora pero que non pode deixar de expresarse en tons de alarma. Non podemos deixar de sinalar os riscos que corre o noso idioma. Xa que logo, sentímonos obrigados a apelar ao conxunto da sociedade para garantir un futuro que recoñeza as dificultades do presente e superar os erros do pasado. Pero, sobre todo, é imprescindible un compromiso sincero, unha acción eficaz e iniciativas máis ambiciosas por parte do Goberno».

Isto é o que realmente di a Real Academia Galega. Pero non soamente di isto a Real Academia Galega, porque dende hai uns anos moitísimas organizacións relacionadas coa lingua alertaron sobre a preocupante situación que está a vivir o galego. O Consello de Europa, a través do informe dos expertos da Carta das linguas rexionais e minoritarias, no último informe —por certo, moi negativo sobre o galego— puxo de manifesto o incumprimento da Xunta en moitos dos compromisos adquiridos e manifestou a súa preocupación pola redución do uso do idioma en todos os ámbitos, dende a escola ata a Administración, pasando polos medios de comunicación.

O Consello da Cultura Galega presentou recentemente un informe sobre as prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade, e alerta da importancia do descenso de falantes en galego, dentro da mocidade, para o futuro da nosa lingua. Tamén alerta o Consello da Cultura.

A Real Academia Galega, neste estudo do que falabamos, advirte con preocupación —e cito textualmente— da «crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguan-tes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos. Os datos estatísticos e sociolóxicos existentes indican que as xeracións máis novas están xa protagonizando un proceso de monolingüización en castelán a un ritmo que non prevían os resultados de estudos demolingüísticos previos».

Isto é preocupante e estano dicindo todos os organismos relacionados coa lingua, porque si que hai unha caída moi acusada de falantes en galego. A verdade é que é o idioma, dos oficiais en España, que máis falantes perde. E iso está reflectido en todas as estatísticas.

Vostedes van dicir, como dixo o señor presidente, que hai unhas estatísticas moi boas da percepción subxectiva dos que o entenden, dos que din que poden falalo e din que poden es-

cribilo. É certo, é certo que iso creceu. Claro, é que o galego leva no ensino obrigatorio xa moitos anos. E, por desgraza, están morrendo e xa non poden contestar todas esas xeracións que non lían e, sobre todo, non escribían en galego porque non tiñan formación académica en galego. Pero todos vostedes saben que un idioma non é soamente un uso académico do idioma, un idioma que non se fala, non existe, un idioma que non se fala está dirixido á morte. O latín non está morto porque lle dera un infarto de repente. (*Aplausos.*) Está morto porque, claro, a pesar de que aínda hai moitas persoas que o len e que o escriben, non o falan, é que non o falan. No momento en que o latín se deixou de falar, morreu. Eu non digo que o galego estea, por suposto, na mesma situación, pero si que hai elementos preocupantes. E o que é máis preocupante é que o Goberno, que ten a obriga estatutaria e a obriga moral de gardar e impulsar a normalización lingüística, está tan tranquilo, porque non pasa nada, porque non pasa nada, porque estamos vivindo no mellor dos mundos posibles.

Miren, todos os organismos que nomeei antes, todos eles, os expertos da Carta, o Consello da Cultura, a Real Academia, afirman e demostran que unha parte fundamental do problema que está a sufrir a nosa lingua deriva da aplicación do Decreto 79/2010, do chamado «Decreto do plurilingüismo», todas elas. Podo citalas, o informe de expertos di que non é de recibo, que non pode permitirse, que se trate como un idioma estranxeiro o galego dentro do noso país. A Real Academia Galega di que se está a producir un retroceso nos avances conseguidos no pasado no ámbito escolar, e que os problemas do galego están na socialización secundaria, non tanto nas familias. Porque é certo o que dicía a señora Pontón: moitísimos nenos aprenden a falar en galego e logo chegan á escola e pasan ao castelán. O Consello da Cultura di taxativamente —textualmente— «que un dos factores de desgaleguización da mocidade se atopa nas primeiras etapas educativas e que cómpre un cambio de modelo de ensino, mantendo unha oferta de educación no noso idioma na educación infantil e en galego. Dío o Consello da Cultura, non o di o Partido Socialista. Porque si que é certo que o descenso da aprendizaxe do uso do galego na educación infantil é fortísimo. O 75 % dos centros infantís das cidades non o utilizan, ou practicamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero é que nas cidades é onde vive a maior parte da poboación, señor Fernández Gil; polo tanto, claro que é moi importante, porque estamos a falar do maior número de poboación de Galicia.

Pero miren, todos estes organismos din tamén que o Decreto de plurilingüismo é tamén moi pernicioso porque rachou o consenso, porque rachou o consenso político que existía en torno á lingua, que tampouco —nin sequera polos gobernos Fraga— foi utilizada con fins partidistas, pero si foi utilizada con fins partidistas, por primeira vez, polo presidente Feijóo.

Saben vostedes perfectamente que no ano 2009 o presidente Feijóo decidiu aprobar este decreto para gañar uns votos, uns votos dunhas asociacións declaradamente en contra do noso idioma. E para gañar eses votos rachou co consenso. Este decreto —e repítoo porque somos todos moi tendentes a olvidar as cousas— é negado, non é admitido, ten a crítica —e leo, e non son todos— da Real Academia Galega, do Consello da Cultura, Consello Escolar de Galicia, Mesa Sectorial de Educación, Confapa, Consello Consultivo, Movemento de Renovación Pedagóxica, das tres universidades, da comisión interuniversitaria das tres universidades, de todos os partidos políticos con representación ou sen ela nesta Cámara, de todos os sindicatos, de todas as asociacións culturais e de defensa da lingua, das asociacións profesio-

nais, como os xuristas. Hai máis, pero non teño tempo para citar todos. É un decreto que non quere ninguén e que está na cerna, no centro, da ruptura do consenso político.

E romper o consenso non é baladí, señores do Partido Popular, porque as mesmas institucións das que acabo de falar marcan en todos os seus informes a importancia para o noso idioma e para o futuro do noso idioma de recuperar ese consenso. Dío o Consello da Cultura galega —non teño tempo de ler as súas verbas— e dío a Real Academia Galega, que textualmente di: «Instamos a buscar de novo o mesmo consenso que posibilitou a aprobación da Lei de normalización e o Plan xeral de normalización».

Iso é o que nós ofertamos, señorías. Ofertamos de boa fe unírnos a ese consenso. E para iso saben vostedes, sábeno perfectamente, que o primeiro paso é derrogar este decreto, que ten consecuencias negativas moi perniciosas na lingua e que é o elemento máis importante de rompemento do consenso. Hai que acabar con el, derrogalo, e entre todos, os partidos políticos, a comunidade educativa e as institucións vencelladas á lingua, poñernos de acordo nun decreto que satisfaga as aspiracións de todos. E, a partir de aí, tamén desenvolver o Plan xeral de normalización, que a nós sérvenos, como lle serve, con algún matiz, á Real Academia ou ao Consello. Aí está a cerna, o centro, do que podemos facer en prol do noso idioma. Pero non soamente é ir en contra dunha política do PP que non admitimos. É, sobre todo, buscar unha actitude positiva, unha actitude de impulso ao noso idioma e á normalización lingüística.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Señores do Partido Popular, sen este consenso que racharon vostedes, o futuro do noso idioma é moito máis difícil que se tiveramos ese consenso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas de novo, presidente.

Bo día outra vez a todas e a todos.

Facía alusión a señora Burgo a esa campaña electoral, á ruptura dos consensos por parte do Partido Popular, e a ese uso absolutamente electoralista da lingua como arma. Foi tamén aquilo reflexo —e eu creo que é unha das análises máis interesantes e que queda pendente— dunha loita de poder interno dentro do propio Partido Popular. Pero iso quedará para a reflexión noutros espazos.

Retomando nalgunhas cuestións o que dicía o grupo proponente e a señora Burgo, hai un proverbio —desculpen que non o cite literalmente— na tradición popular que di que hai tres formas de mentira: a mentira en si mesma, as medias verdades e as estatísticas. E hoxe pola mañá o que fomos é testemuñas dunha nova xeración de mentiras por parte do presidente

da Xunta de Galiza (*Aplausos.*), que é vir aquí a dicir o que lle dá a gana, inventar a realidade, mentir, manipular e que a realidade non lle estropee o titular nunca. E vou citar textualmente, porque, claro, colles un parágrafo do informe e, coma se non houbera..., non sei, máis de trinta páxinas de informe, de reflexión, de análise, de diagnose e de conclusión... E vou citar literalmente: «Actualmente a ruptura da transmisión lingüística interxeracional do galego non é consecuencia das decisións das familias —socialización primaria—, senón que máis ben procede de aspectos relacionados coa súa escasa presenza na socialización secundaria, nomeadamente no ámbito escolar» —páxina 20—. E abro parénteses cunha engádegas propia: ademais do ámbito do ensino, os medios de comunicación son un elemento de socialización secundaria absolutamente fundamental. «Até o 2010 —páxina 28— o uso do galego como lingua vehicular na docencia experimentou un avance notable. Se nos referimos soamente aos últimos tempos, é co Decreto 124/2007 cando unha porcentaxe maior declaraba recibir maioritariamente o ensino en galego. A aplicación dun novo decreto no 2010 supuxo un retroceso na presenza da lingua galega, retrotraéndoa até os anos noventa. (*Aplausos.*) Respecto da presenza do galego nos diferentes contextos, e tal e como se mostra na figura 24, isto supón un descenso de horas lectivas nesta lingua, así como un contacto inferior con ela no contexto escolar. A aplicación do Decreto 79/2010 supuxo un retroceso en todos os ámbitos analizados. Algo está fallando cando o noso ordenamento legal desde os inicios da autonomía prevé avanzar cara a unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán e, pola contra, unha parte crecente das galegas e dos galegos sente cada vez máis unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán». Literalmente, literalmente... (*Aplausos.*)

Pero é que non quedou aí, é que non quedou aí, porque aínda vai máis alá. «Eu estou disposto a cumprir o Plan xeral de normalización lingüística aprobado por unanimidade nesta Cámara no ano 2004.» ¡Benvido sexa! Imos ler o que pon no sector 2, ámbito da familia, mocidade e todo o que ten que ver coa normalización de usos entre as franxas de idade máis novas. Medidas concretas, literais, recollidas no Plan xeral de normalización lingüística (2.1.16): «Avaliarase cada catro anos o informe, o grao de avaliación, de aplicación e de desenvolvemento dese Plan xeral de normalización lingüística no ámbito do ensino, en ESO e en primaria» —é o que recolle, entre outras cuestións, a parte resolutiva desta proposta—. Medida 2.1.22, sobre ensino infantil —naquela altura, preescolar, que diso xa practicamente non queda nada—: «Lingua galega, presenza nestas etapas: un mínimo dun terzo do horario semanal en galego». Os datos oficiais da Xunta sitúana, nas poboacións de máis de 50.000 habitantes —que é onde se concentra o groso da poboación deste país—, nun 10 %, tirando polo alto.

Puntos 2.1.26 e 2.1.27: «Alomenos o 50 % das materias en lingua galega en primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, especialmente matemáticas e tecnoloxía...», que é precisamente o que o decretazo do 2010 barreou do mapa.

Xa non imos falar do cine, da música, dos medios de comunicación, porque lingua tamén é xornalismo, e tamén é que teñamos acceso á información cultural nos medios públicos do noso país.

Vostedes isto xa o saben, que iso é o máis grave de todo. ¡É que iso é o máis grave de todo! Saben o que di o informe da Real Academia, saben cales son os resultados que está a dar a

política lingüística, ou de desgaleguización, deste país que aplican vostedes de maneira continuada desde o ano 2010. E iso é o máis grave de todo, que o fan conscientemente e sabendo os prexuízos que iso carrega.

Imos apoiar esta iniciativa, e tantas outras que se traian para coser de novo ese consenso. A man tendida do BNG absolutamente sempre, sempre, para traballar en algo que non é unha vontade, é que é unha obriga legal do Goberno galego, disposta no Estatuto de autonomía, na Lei de normalización lingüística, no Plan xeral de normalización lingüística e na Carta —como se citaba— dos dereitos lingüísticos nas poboacións como a nosa, que ven a súa lingua propia minorizada.

Volvan ao rego, porque fixeron bo a Fraga. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós, naturalmente, estamos totalmente de acordo con esta iniciativa. Primeiro é necesaria unha diagnose, o estudo en profundidade de todas as carencias. E, segundo, nós, dende En Marea, xa levamos no noso programa a derogación do Decreto de plurilingüismo.

Dende logo, podemos analizar e apalpar as súas duras consecuencias. A maior consecuencia deste decreto é a desgaleguización. O Goberno do PP é responsable máximo da desaparición das aulas de infantil, do veto ás áreas científico-técnicas —matemáticas, física, tecnoloxía—. Con impotencia e despreocupación tamén son responsables da degradación cuantitativa e cualitativa do noso idioma. Si están acadando ese obxectivo que é reducir a un terzo a presenza do galego no ensino.

Ben, a mensaxe que están dando é claramente que hai lingua de primeira e lingua de segunda, un idioma que non vale para nada, un idioma que é secundario. O ensino en galego equipárase ao ensino dunha lingua estranxeira. Isto non pode ser, non pode ser.

Respecto das declaracións desta mañá do presidente, son de vergonza. Colle tres puntitos do informe. Pero é que todas lemos ese informe. Eu vou extraer outros puntitos da Real Academia. Xa que as compañeiras que me precederon deron moitos datos, quero complementalos para non reincidir no mesmo.

Primeiro, insiste na perda progresiva de galegofalantes, especialmente entre a xente máis nova, e na creba da transmisión interxeracional. Nese mesmo informe, a Real Academia insta a Administración a actuar de maneira eficaz —e iso quere dicir que non se está actuando con eficacia— para contrarrestar a deriva perigosa do noso idioma. A Real Academia tamén fala de experiencias doutras comunidades, e di que estas experiencias mostran que,

mediante unha actuación intelixente —intelixente—, eficaz e sostible no tempo, se pode conseguir recrear e mesmo reverter o proceso dun idioma minorizado. E pídelle á Xunta que actúe para parar o devalo constante da lingua propia. ¡Unha vez máis! Tamén nese informe advirte que non pode deixar de expresarse en ton de alarma —como ben se dixo antes— ante os usos minguantes do galego pola xente máis nova.

Pero hai máis, hai máis. A situación, lonxe de mellorar, vese agravada pola entrada en vigor da súa penosa Lei de educación e a conseguinte modificación do currículo da ESO, e con carga horaria que está dando lugar a un maior desequilibrio, moito maior. ¿Por que? Pois temos o alumnado da ESO, que curiosamente ten dous itinerarios. O alumnado que cursa ensinanzas aplicadas, é dicir, o alumnado que se vai derivar prematuramente á formación profesional, ten 31 horas en español e 18 en galego. Iso quere dicir 13 horas menos en galego. Mentres que o alumnado que cursa ensinanzas académicas, que é o alumnado que se vai dirixir ao bacharelato e posteriormente ás universidades, ten 21 horas, 10 menos que en castelán.

Hai que dicir —e cómpre lembralo— que o Tribunal Constitucional en febreiro, é dicir, hai dous meses, vén de ditaminar a anticonstitucionalidade, nunha sentenza moi recente, de varios parágrafos da LOMCE que recollen que o castelán sexa a lingua vehicular de estudos. Isto é moi importante.

Política equivocada, señoras e señores do PP, equivocada e contraria a calquera obxectivo normalizador. A normalización, dende logo, é o inimigo, ou parece selo, do Partido Popular, porque é obxecto dos recortes máis intensos do seu Goberno. En termos reais, estas partidas reducíronse en nove anos un 92 %. ¡Como para estrañarse logo da perda continúa de falantes!

Nós, o que queremos dicir —e con isto rematamos— é que non existimos en lingua, ¡non existimos en lingua!, e que temos dereito a reclamar «mil primaveras máis», temos dereito a expresarnos en galego, a vivir en galego, a amar en galego, a estudar, escoitar, cantar, ler e xogar en galego.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todos e a todas.

Hai varias cuestións. Este é un debate que se reitera unha e outra vez. E dígollelo en serio, como llelo digo en moitas ocasións: por moito que insistan, non van conseguir crear esa imaxe de que o Partido Popular está en contra da defensa da lingua. Vostedes sigan, sigan mantendo ese discurso, que nós seguiremos rendendo contas diante da cidadanía, que é como se avalían as políticas públicas. (*Aplausos.*) Porque falaban de política equivocada. ¡Home!, vostedes dicían que levaban no seu programa electoral a derogación do decreto.

¡Bueno!, pois miren onde os colocou o seu programa electoral. Nós, no noso programa electoral, levamos avalar a política lingüística que se leva facendo dende hai uns anos. E miren onde nos colocou o noso programa electoral. Así é como se avalía unha política pública —ou polo menos nós así o entendemos—, rendendo contas á cidadanía e velando polos intereses da cidadanía. (*Aplausos.*)

Miren, hai cuestións que me gustaría poñer enriba da mesa, porque falamos do informe. Claro, acúsasenos de facer unha lectura parcial do informe. ¡Home!, está ben como broma, como broma está ben, porque vostedes soben aquí e só fan referencia á parte do informe que fala do Decreto de plurilingüismo, pero obvian, por exemplo, nada máis empezar o informe, na páxina 4 o seguinte: «Nas últimas décadas a sociedade galega experimentou tres procesos que alteraron a orde sociolingüística: desruralización, terciarización e avellentamento». Nin unha referencia a esas tres cuestións que son fundamentais para entender a realidade actual da nosa lingua. Pero, como iso non interesa, como iso é produto de movementos sociolóxicos e non llo podemos imputar ao Goberno malvado do PP, pois deixámolo de lado. Miren, ¡xa está ben! Eu creo que temos que establecer os debates con certo rigor e con certa seriedade.

Señora Burgo, citou textualmente, leu textualmente, o último parágrafo da introdución; leu case todo, todo menos unha frase, que non sei se a saltou accidentalmente ou foi intencionadamente, pero voulla ler eu: «Non pretendemos alimentar un discurso pesimista sobre o futuro do galego». Esa frase, curiosamente, non apareceu na lectura do parágrafo. Non, dígoo porque é curioso que o resto do parágrafo si se lera e esa frase non; a min, cando menos, resultoume significativo.

Miren, pola mañá o presidente deulles bastantes datos sobre a realidade que marca o propio informe e sobre a realidade da lingua galega. E, ademais, hai unha cuestión, e é que por iso digo e reitero, unha e outra vez, que non van conseguir deitar sobre nós esa imaxe de que estamos en contra da lingua. ¡Esquézanse diso! A sociedade xa non cre ese discurso. ¡Xa está ben de seguilo reiterando unha e outra vez!

Mire, a min tamén —xa que somos reiterativos sempre que falamos de lingua— me gusta recorrer ao imperativo categórico kantiano para dicirlles ou facerlles un reproche, que é que non debemos estar permanentemente utilizando o discurso lingüístico como medio para acadar un fin, é dicir, para desacreditar as políticas do Partido Popular, senón que o discurso de defensa da lingua é un fin en si mesmo, porque nós —ao igual que vostedes e ao igual que todo o conxunto da sociedade galega— defendemos a importancia de manter o noso patrimonio lingüístico, o noso patrimonio cultural, e de defender e mellorar o uso e a situación sociolingüística do galego na sociedade. ¡Por suposto que si! Pero empéñanse unha e outra vez en achacar ou en intentar culpar o Decreto de plurilingüismo sobre a realidade sociolingüística do galego, cando tamén, unha e outra vez, a realidade lles di que non, e vou exclusivamente a un dato, un dato que se mencionaba anteriormente e que se mencionou pola mañá tamén.

¿Como podemos queixarnos da presenza do galego no ámbito escolar cando, precisamente, no ámbito escolar é onde se adquiren as competencias para falar, ler e escribir nunha lingua e resulta que os datos din que estamos no nivel máis alto de competencia para falar e escribir

nesa lingua? Ademais, pola mañá déronlles outro dato que vostedes non quixeron recordar, pero o presidente deulles un dato moi claro: faloulles de cal foi o momento no que a mocidade deixou máis alarmantemente de falar galego, e non foi cun goberno do Partido Popular. Porque, claro, vostedes din aquí: nós rachamos co consenso lingüístico. ¡Mentira! O que fixemos foi restituílo. (*Murmurios.*) Porque, señora Rodil, si, vostede díxoo na referencia ao que se fala no informe, vostede sinálao claramente. Di que no momento da vixencia do decreto de 2007 existía unha percepción na mocidade de que recibían o ensino maioritariamente en galego. ¿Onde está o equilibrio no concepto maioritariamente en galego? O equilibrio restitúese despois, a percepción do problema estaba aí. E aquí este decreto veu restituír o equilibrio introducindo un terceiro factor —un terceiro elemento, neste caso—, que é unha terceira lingua.

Pero, miren, o tempo váiseme e é unha cuestión que hai moitos datos e moitas referencias que facer, por exemplo, o informe. Non quería rematar sen ler outro parágrafo do informe en referencia ao que son, precisamente, a capacidade ou as ferramentas que dan os decretos de ensino para o dominio, coñecemento e uso dunha lingua. Miren, di na páxina 9 o informe: «A maioría das persoas que falan unicamente castelán teñen a capacidade efectiva para falar en galego. Os falantes potenciais percíbense como un nicho de intervención lingüística. Para falar un idioma hai que ter a competencia para falar esa lingua, motivación e oportunidade de facelo. Ese é o concepto dos falantes potenciais e este grupo está caracterizado por aquelas persoas que, tendo a competencia suficiente para falar en galego, utilizan o castelán. Os resultados indican que este perfil lingüístico aumenta moi rapidamente nas últimas décadas.». É dicir, estamos a falar dun perfil lingüístico de persoas que teñen capacidade, ferramentas e capacidade de uso. ¿Por que non o usan? Pois non porque exista un decreto que regule as linguas no ensino, non o usan porque hai que xerar espazos de uso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Remato, xa presidente.

Témolo falado en moitas ocasións, hai que xerar espazos de uso, hai que impulsar o uso da lingua, hai que prestixiar o uso da lingua; e para todo iso é para o que temos que traballar xuntos, pero non empeñarse unha e outra vez en derogar un decreto que o único que fai é garantir o equilibrio lingüístico no ensino. (*Murmurios.*)

Se queren traballar a prol da defensa da lingua, aquí nos van ter a nós. Agora, se están empeñados unicamente na derogación dun decreto, alá vostedes coa súa teima.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Burgo.

Quedoulle un papel ao señor Fernández Gil. Lévello alí, por favor. Grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Fernández Gil, non me estrañou nada que una vostede lingua e eleccións, porque por algo fixeron o decreto do ano 2009, para gañar os votos de Galicia Bilingüe. *(Aplausos.)*

E non me estraña nada que una eleccións e lingua, porque iso é o que uniu o vicepresidente Rueda cando estaba nas manifestacións de Galicia Bilingüe en contra do idioma galego. *(Aplausos.)* ¡Hai fotos! *(Aplausos.)* ¡Hai hemeroteca! *(Aplausos.)* Hai hemeroteca do presidente dicindo: «o importante é que os nenos aprendan inglés». Con iso é a onde se vai, con iso hai futuro, o importante non é o galego.

E esa é a realidade do Goberno do PP en relación coa lingua. Esa é a unión electoral coa lingua, porque iso sabe vostede que é a realidade, e que a ruptura do consenso foi froito desa vontade de gañar uns votos. Ou sexa, con vostedes quedame clara unha cousa: non queren consenso coa lingua, non queren ningún consenso. Non queren facer nada cun decreto co que —se quere repítoo— todo o mundo en Galicia que ten relación coa lingua está en contra, e cito: Consello, Real Academia e demais.

Ben, a vostedes tampouco lles importa que o Consello Europeo lles diga que non están cumprindo as súas obrigas coa lingua galega. Ben, pois nada máis, está claro onde empezamos e onde imos terminar. Vostedes non queren un proceso de normalización lingüística, non o queren. Así rebaixaron..., ¿a que persoa razoable lle parece que queren un proceso de normalización lingüística se rebaixan ao 73 % os orzamentos de Política Lingüística? Fraga tiña cerca de 22 millóns —¡Fraga!—, vostedes non chegan a 8. ¡Pero a ver! Pero, ¿a quen queren enganar con todo isto? Non lles importa, é máis, toda a súa política cultural está tamén en contra do galego.

Miren, sigan manexando competencias lingüísticas, ¡que está moi ben!, que non negamos, que están aí, e que por suposto que para escribir en galego o primeiro que hai que facer é saber escribir en galego. Pero, ¿sabe o que pasa?, que o segundo é querer. Claro, pero mire por onde sabe escribir —parece, a percepción— un montón de xente, pero non o escriben. Saben falalo..., bueno, ¿canto dixo vostede?, o 90 % ou o 100 %, pero non o falan. ¿Non cre vostede que este goberno ten un problema? *(Aplausos.)* ¿Non cren vostedes que esta sociedade ten un problema coa lingua? *(Aplausos.)*

Sigan vostedes desprestixiando a lingua, sigan vostedes gañando uns votos, un puñado de votos en contra da nosa lingua, sigan vostedes facendo iso. E non se preocupen porque aquí seguirá habendo unha oposición e, dende logo, un Partido Socialista que lles seguirán pedindo respostas a vostedes. E tamén pedíndolles responsabilidades a vostedes sobre o noso idioma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de caducidade da concesión mineira *San Rafael* (núm. 2946) no concello de Touro

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei.

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver de maneira inmediata un plan de vixilancia e control específico, tanto de explotación como medioambiental, da concesión mineira San Rafael (nº 2946) nos concellos de Touro e O Pino, conforme ao desenvolvemento do Título VI de disciplina mineira da Lei 3/2008 de Ordenación da Minería de Galicia.

2. Presentar no prazo de seis meses, o Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia, tal e como se recolle no artigo 11 da Lei 3/2008 de Ordenación da Minería de Galicia.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Vou intentar calmarme un pouco pola anterior iniciativa, que me dá de cheo no corazón. En case corenta anos de vida profesional normalizadora de lingua, cando era delito, cando nos perseguían por utilizar o idioma nas aulas, ¡per-se-guí-an-nos!, ¡per-se-guí-an-nos!, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) e esa realidade había que revertela con políticas de apoio, con políticas discriminatorias a favor de, vostedes rompéronas. (*Murmurios.*) Ben, imos ao abandono, imos a outro abandono.

O abandono das actividades mineiras é causa de caducidade cando a mesma é grave e reiterada. A Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galicia, no artigo 3 fala da xestión sustentable dos recursos mineiros. No artigo 12 fala da harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do solo dentro do marco da ordenación territorial agraria e ambiental. Fala do aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos mineiros de maneira compatible coa protección do medio natural e co patrimonio cultural. E, finalmente, tamén se asenta o criterio do carácter temporal da explotación mineira respecto da ordenación do territorio e dos usos do solo.

Desde o ano 1988 na mina de Touro houbo — e aínda se mantén — un persistente e reiterado abandono da actividade mineira, abandonando a empresa concesionaria os labores básicos de explotación sen sequera adoptar medidas de restauración e prevención, o que vén provocando nos últimos anos graves problemas ambientais. Este abandono nunca foi corrixido nin penalizado pola Administración mineira, malia estarmos ante o aproveitamento dun ben

de dominio público suxeito a concesión, que conleva as obrigas de explotación e restauración consonte un plan de labores.

A propia normativa mineira prevé que a falta de actividade mineira conleva a aplicación dun réxime sancionador administrativo, mais cando se trata dunha grave e reiterada infracción das condicións contidas no título do outorgamento existe causa de declaración de caducidade da concesión. É reiterada a xurisprudencia que afirma que «toda concesión mineira conleva unha natureza funcional dirixida a unha finalidade relacionada co interese público que subxace en toda utilización demanial, polo que esta clase de concesións administrativas en materia de minería se outorgan para que o concesionario use o ben de dominio público consonte o seu destino, non para mantela en situación de total abandono, pois iso implica descoñecer a función social dos bens de natureza e o interese social que toda concesión mineira comporta». Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de xuño de 1988.

Neste caso, no caso da mina da que falamos, o abandono reviste un carácter máis grave, pois desde o ano 1988 non só se abandonou a actividade mineira, senón que tampouco se realizaron actividades de protección e restauración para evitar que a deterioración da mina tivese consecuencias sobre o medio ambiente. Eu vou facer un inciso aquí, ¿onde están os 300 millóns de pesetas que quedaron aí para a restauración e non se sabe onde van? O señor Fernández Albor creo que si debería saber algo diso, pero, bueno, nunca deu pitazo.

A empresa concesionaria non só incumpriu o deber dun uso adecuado ao destino da concesión, senón que provocou un desleixamento e abandono dos terreos mineiros, mesmo nalgún caso permitindo a actividade doutras empresas para fins distintos da extracción mineira, como é o caso do tratamento e acopio de residuos de terceiros —je vaia tratamento e vaia acopio!— que veñen ocasionando durante décadas graves problemas ambientais, sobre todo nos recursos hídricos da zona.

No espazo dos catorce anos da fase real de explotación a actividade mineira provocou alteracións ambientais críticas, con cortas profundas, paredes verticais, grandes escombrireas de materiais xeradores de drenaxes ácidas de mina. Unha extensa balsa de lodos, á súa vez, causantes de problemas continuos de contaminación de augas e solos por causa de drenaxes hiperácidas que se verten de forma continua na cunca do Ulla e nos acuíferos subterráneos.

Durante esa época a Administración mineira non actuou como debería acorde coas súas obrigas, requirindo a que as distintas concesionarias realicen medidas correctoras como a instalación de plantas de tratamento antes da xeración continua de emisións con altas concentracións de metais pesados, ou mesmo aplicando un réxime sancionador.

Máis grave aínda é que agora a esa explotación mineira agresiva —desde o punto de vista medioambiental—, sen medidas correctoras, se lle permite manter un abandono total da actividade. Estáselle permitindo actualmente, sen comunicación, nin realización de plans específicos de restauración, deixando a mina e a paisaxe contigua como un terreo estéril, case lunar, que segue vertendo fluídos ácidos sen control, causando graves danos e impacto como o medioambiental.

Vaian por alí, de verdade, ¡vaian por alí, vailles facer ben! Vailles facer ben ver aquela merda, vailles facer ben. Ver aquel despropósito vailles facer ben. E vailles facer reflexionar sobre as medidas que teñen que tomar xa.

Este país non funciona, esa inspección de minas, porque se a houbera sería difícil que unha explotación mineira abandonada, aproximadamente en 1988, non fora obxecto de varios expedientes sancionadores previos, e tamén, cando menos, iniciada a caducidade. Esta descrición real da situación de Touro xa dá idea dos servizos de inspección de minas que temos, que se funcionaran terían xa unha actuación previa que xustificaría a incoación da caducidade polo libro, como argumenta o xefe territorial da Xunta.

Pero eu vou nos acusar de algo, vou nos acusar de negación de información. Xa falamos montóns de veces dela. Vou nos acusar de inactividade na inspección e vou nos acusar de deixamento intencionado de funcións, o cal me leva a pedir a incoación dun expediente de caducidade do Goberno da Xunta, por inactividade manifesta, por complicidade en delitos medioambientais. Porque se a zona, se toda a cunca do Ulla, se toda a ría de Arousa están ameazadas, como recoñecía o outro día o señor director da Denominación de Orixe do Mexillón da Ría de Arousa, recoñecía que aquí arriba, arriba na cunca mineira de Touro, había unha ameaza tremenda de megaminaría, 122 quilómetros cadrados. ¿Saben vostedes o que é iso? É unha vez o concello de Boimorto e os 2/3 máis do concello de Boimorto. É esa extensión, esa é a concesión sobre a que está actuando todo ese conglomerado de empresas que xa non sabemos como se chaman.

Incoemos o proceso, incoemos o proceso de cese de actividade, de caducidade, pero tamén o proceso de caducidade da Consellería de Medio Ambiente e de Industria. Algo agachan cando nós non temos actas de inspeccións mineiras, cando aí non se actuou de ningunha maneira e cando se segue vertendo na actualidade ao río Brandelos xurros e xurros e xurros. Non se rían, éelles así. ¡Éelles así, véñanse por alí! Mete medo, cheira, líquido leitoso, unha balsa enorme de lodos que escoan dunha escombreira, dunha das varias escombreiras que hai, cubertiñas por tecnosolos, ese invento marabilloso saído dunha universidade non se sabe de onde, porque eu non quero que sexa de aquí ese invento marabilloso que consiste en espallar a merda tóxica, iso si, racionándoa para todo dios igual.

De verdade, son tempos, son tempos de sentarse a falar en serio disto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, como cada mércores de pleno un segue acumulando stocks de coñecemento. Lamento que non estea o voceiro de Educación do Partido Popular, porque a verdade é que escoitalos falar do imperativo categórico kantiano... O imperativo categórico kantiano dicía que se materializaba cando toda a actuación individual era susceptible de ser elevada a lei universal. Supoño que cando falan dun partido que está imputado por corrupción se refiren a ese tipo de temas en relación coa acción política. (*Aplausos.*) A verdade é que, insisto...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É unha cuestión moi relevante, porque ten moito que ver coa falta de acción na inspección medioambiental da mina de Touro.

O señor PRESIDENTE: Si, pero tamén existe o criticismo kantiano.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Tamén o sei, presidente, agradézolle a nota a pé de páxina.

O señor PRESIDENTE: Claro, por iso, pero imos á cuestión.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: En todo caso, o imperativo categórico kantiano o que debería de dicir é que cando hai un auténtico vertedoiro de residuos potencialmente tóxicos durante trinta anos a Administración tería que facer algo. Iso si que debería ser unha lei universal, probablemente aquí e en Katanga. Polo tanto, está perfectamente na cuestión, outra cousa é que non lle guste a vostede.

A outra cuestión ten que ver co proxecto de Rozas, que hoxe nos enteramos de que van alá 150 millóns de euros. Concluín unha cousa: que hai orzamentos en B na Comunidade Autónoma de Galicia, porque nos orzamentos en A nin en termos de consignación orzamentaria —e xa non digamos en termos de execución— existen. Entón, tamén aquí seguimos no imperativo categórico kantiano, que se trata —na medida do posible— de intentar que os orzamentos se axusten á realidade do orzado e que a execución sexa a maior posible para conseguir os obxectivos políticos que se plantexan.

E, efectivamente, o tema da minería e do control mineiro medioambiental é un tema que trouxemos aquí en moitas ocasións, que lamentablemente os orzamentos da Xunta de Galicia nos mostran o interese que o Goberno galego ten plantexado polo tema. A partida dedicada á minería era de 7 millóns de euros no ano 2010, e despois de alteracións á baixa sistemáticas é no ano 2018, despois de tres anos cun crecemento que eu sempre pensei que era do 3,1 %, pero agora parece que é o 4,2 %, en todo caso, o orzamento do 2018 é do escasamente o 55 % do que había no ano 2010.

Iso si, e seguimos no imperativo categórico kantiano, onte —e falamos de orzamentos e, polo tanto, é pertinente—, na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria sacou un prego para un servizo de realización dunha campaña publicitaria: 1.900.000 euros. O 50 % do que se dedica á minería nos orzamentos da Xunta de Galicia. Pero hai máis. Non só agota a partida orzamentaria que existía, que é a 09.10.731A.640.1, senón que hai unha modificación orzamentaria para aumentala; unha partida que en teoría era para promoción sectorial, estudos e proxectos da Consellería. Pois esta partida supérase, polo tanto terá que haber unha modificación orzamentaria para gastala en campañas publicitarias.

Agora entendemos perfectamente —e aquí é onde quería chegar, aínda que ao mellor dera algunha volta— por que neste país se consegue agochar a auténtica escombreira dramática que existe nas minas de Touro-O Pino. É así, comprando o silencio ou a invisibilidade. A

inacción administrativa e a absoluta desaparición de calquera interese en termos de medios de comunicación públicos, privados e mediopensionistas, desde logo no caso dos públicos sorpréndeme un pouco máis; pero bueno. E, sobre todo, sorpréndeme porque no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 —do que onte nos ilustrou o conselleiro do ramo con absoluto rigor— un dos obxectivos no tema da competitividade do sector mineiro di como unha das principais liñas de actuación: recuperación dos espazos afectados por labores mineiros abandonados, actuacións de recuperación e posta en seguridade de labores mineiros. Unha das dúas liñas de actuación prioritarias en temas de minería no Plan estratéxico 2015-2020. Na parte de calidade das augas di: pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

Insisto, non o invento, non é kantiano, é papel impreso e, polo tanto, isto é do que estamos falando. Estamos falando dunha absoluta vergonza e, polo tanto, esta é a razón pola que presentamos unha emenda na que o que pedimos é un plan de vixilancia específico, inmediato sobre esa zona, que é unha zona medioambientalmente absolutamente insostible e na que, desde logo, se vai desenvolver unha actividade mineira sobre unha situación medioambientalmente non solucionada; polo tanto, o potencial —digamos— de incrementar os problemas medioambientais está aí, e, desde logo, pedimos o que vimos pedindo sempre en relación coa minería: que se cumpra a lei.

Na lei do ano 2008, na Lei 3/2008, dicíase que no prazo dun ano había que presentar un plan sectorial de actividades extractivas de Galicia. Van alá dez anos e non hai plan sectorial, supoño que porque os fondos que tiña que dedicar a Consellería a estudos e proxectos os dedica a publicidade e propaganda.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Nós imos apoiar a proposición non de lei que presenta Mini, o BNG hoxe. Quería dicirlle —dicía Mini que a inspección mineira non funciona— que si que funciona a inspección mineira, pero funciona a favor das empresas. A inspección do Partido Popular funciona contra a xente que vai defender o medio ambiente, que son os que son inspeccionados. (*Aplausos.*) E cheira moito, moitos días cheira moito a merda que se bota alí, pero cheira máis a actuación do Partido Popular en convivencia con todas estas empresas ou, polo menos, mostrando unha pasividade preocupante e demostrada con sentenzas xudiciais, demostrada con declaracións do Defensor del Pueblo, da Valedora do Pobo, da Fiscalía, etc. Cheira moito a actuación dun goberno que durante anos tolerou a contaminación, a enorme contaminación dos regatos e o non cumprimento da obriga de restaurar e de conservar o medio ambiente.

Pero alí hai moita xente que coñece ben a historia, a historia de corrupción do Partido Popular, como dirixentes do Goberno galego ían todos os anos comer co empresario que in-

cumpriu as obrigas de restauración desa empresa, incluído o presidente Feijóo, que ía comer con ese empresario modélico que recibiu 300 millóns de euros para conservar e restaurar a mina abandonada en 1988, e que recheou o canal perimetral que tiña que recoller as augas con drenaxes ácidas, verteunas aos regatos, embolsouse iso e asinou un convenio urbanístico co alcalde do Partido Popular, que aínda está alí, onde se lle permitían construír 4.000 vivendas a cambio de xenerosamente ceder para a veciñanza de Touro un campo de golf, que era unha das principais necesidades da xente de Touro.

Que vergoña, ¡que vergoña, Partido Popular!, para que despois digan que o Partido Popular non ten unha historia de corrupción detrás; coñecémola, coñecemos en moitos dos concellos deste país como funcionan vostedes, e iso é o que hai detrás de todo iso. Iso é o que hai detrás do que di a Fiscalía que fan vostedes en San Fins, de mirar para outro lado cando levan décadas contaminando os regatos.

Iso é o que ten detrás cando «*la Defensora del Pueblo regaña a la Xunta de Galicia por los riesgos ambientales de la mina abandonada de Touro*», cando o Defensor do Pobo critica a pasividade da Xunta nas canteiras de pizarra e cuestiona a xestión das consellerías de Economía e Medio Ambiente. Iso é o que acontece cando vostedes lle negan a información á xente que quere defender o país, e iso é o que vostedes non veñen aquí explicar.

Veñan aquí explicar como vostedes toleran todo isto que está acontecendo e como vostedes traballan a prol destas empresas como Atalaya Mining, que teñen un pasado tamén. A empresa ten un pasado en Andalucía, ten un pasado noutros países de destrución e de incumprimento da lexislación. En Andalucía, polo menos, a Junta de Andalucía algo actuou, impuxo sancións a esta empresa por infraccións graves. Por certo, incumprimento na conservación de balsas, que son moi similares en dimensión e en contido das que pode haber aquí en caso de aprobarse o proxecto.

Están incumprindo gravemente as súas obrigas e poden causar un dano que multiplica por dez veces o que pasou xa en Aznalcóllar e que custou tamén moito diñeiro público. Ese é o modelo que queren vostedes para este país, por iso aprobaron unha lei de depredación que, lonxe de exixir máis rigor e máis control ambiental, lles dá máis facilidades a estas empresas, estas empresas que queren vir esquilmar os nosos materiais en doce ou catorce anos e fuxir deixando aquí unha grave hipoteca.

Esas son as persoas ás que vostedes están defendendo, e non veñen aquí dar explicacións porque en todos estes casos que lles estou citando reiteradamente vostedes miraron para outro lado e porque avalan os membros da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, como o señor Tahoces, responsable de que isto aconteza, e porque avalan os dirixentes de Medio Ambiente, que miraron para outro lado nestes temas. Dean explicacións, rectifiquen e exixan responsabilidades políticas a quen tolerou a contaminación, a desfeita e que teñamos que pagar con diñeiro público a desfeita destas empresas.

Veñan aquí e cállenme a boca e díganme cantos expedientes sancionadores incoaron á empresa de Touro por verter durante anos e anos drenaxes ácidas nos regatos. Nin un só, nin un só. Só actuaron neste ano a raíz das denuncias de cidadáns e da veciñanza de Touro.

Veñan aquí e dígnanos que expediente sancionador incoaron á empresa que contaminou a ría de Noia nas minas de San Fins. Nin un expediente sancionador, e iso que recoñeceu a empresa que estaba contaminando durante décadas os regatos. ¿E sabe quen foi sancionada ou quen foi denunciada? A persoa que foi tomar as mostras alí para demostrar a contaminación desa empresa. Nin un funcionario foi enviado alí a tomar medidas nos regatos, tivo que ir unha persoa que foi denunciada por esta empresa que vostedes amparan.

Polo tanto, déixense de lérias, déixense de desviar a atención e digan aquí por que durante todos estes anos vostedes foron coniventes con estas empresa. ¿Que intereses teñen vostedes nesas empresas para defendelas e para mirar para outro lado? ¿Que intereses e que prebendas obteñen vostedes desta actuación?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Losada: «*Dos altos cargos de ZP imputados en el caso del Partido Socialista de Valencia.*» Pero imos ver, é que vostede, de verdade, permítame, porque eu penso que para saír aquí dicir o que vostede di ou algún compañeiro tamén terán que vir coa mochila limpa. E vostede segue empeñado cando di vostede que non somos todos iguais. ¿Non se dá conta de que hai persoas en todos os partidos que fan o que non deben? E, ¿por que quere dicir vostede que un partido é bo e outro malo? ¡Oia!, ¿é que non se entera do que está pasando nos xulgados de Andalucía estes días? É que parece mentira. Pero, ¿que leccións nos vén dar? ¡Por favor!

Señorías, capítulo 25 da serie *Non á miña de Touro-Pino*. Señor Sánchez, véxoo, de verdade, moi alporizado, quitoulle o tema ao señor Casal, vese que o señor Casal non o defendía coa suficiente vehemencia que trae vostede aquí.

Señor Rivas, a caducidade dos dereitos mineiros teñen que respostar ao establecido no título VII da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e até o momento non se produciu ningunha circunstancia que o xustifique. O título concesional abarca a explotación de cobre e de áridos, é dicir, este mesmo e único título concesional ampliouse no seu momento aos recursos áridos, quedando formalmente paralizada a explotación do cobre. Polo tanto, non se pode caducar unha concesión onde se están cumprindo perfectamente o proxecto de explotación e os plans de labores correspondentes a áridos. Porque, repito, é un único dereito mineiro, unha única concesión para dous recursos, polo tanto, non é aplicable o que solicita.

Se se deran as condicións, non dubide de que este goberno o faría, e nese sentido quero lembrar que o Goberno do presidente Feijóo ten declarada a caducidade de case cen dereitos mineiros. Por certo, só catro nos anos 2006 ao 2008.

Creo que con isto que lle digo sería suficiente para que vostede retirara a proposición non de lei.

Señor Rivas, ¿está vostede enfadado ou molesto coa súa compañeira de escano a deputada Montse Prado? Dígollo porque cando gobernou o Bloque Nacionalista Galego, sendo delegada de Industria en Pontevedra e, polo tanto, tendo vostedes a Consellería de Industria no Goberno bipartito, concederon cen permisos de investigación e autorizaron corenta e tres proxectos de explotación. ¿Eran todos proxectos bos e positivos?, ¿ou tiveron que concedelos cumprindo a lei?

E tamén lle preguntaría se a señora Prado —non sei se está molesta ou non con vostede— non lle di: Oe, compañeiro Mini, cando saias a zurrarlle ao Goberno e a opoñerte a todos os proxectos mineiros, ten un pouco de cautela, porque cando nós gobernamos, e sendo eu delegada de Industria, asinei un mínimo de quince resolucións entre o 2005 e o 2007, autorizando catro concesións de investigación e once de explotación; o 45 % das resolucións de concesión de explotacións foron para metais, dúas para ouro nas Neves e Salvaterra, que supoñemos non verterían absolutamente ningún tipo de líquido ao río, e tres para materiais da sección C.

Señor Rivas, perdeu vostede novamente unha ocasión marabillosa para traer a este Parlamento as copias dos expedientes que lle abriron a esta empresa, ¿por que vostedes non gobernaron?, ¿por que todo o que dixó aquí non o fixo vostede? É dicir, ¿onde están esas copias, os requirimentos, as sancións, as obrigas que lle fixeron para restaurar os terreos afectados, etc., etc.? ¿Por que non os trouxo? ¿Quizais nada disto existe? ¿Pode dicir por que? De verdade, dígame por que cando gobernaron vostedes durante catro anos non o fixeron, ou teño que pensar que é vostede cómplice da contaminación ambiental.

Con todo o respecto e consideración que sabe que lle teño, deixen de facer demagogia, deixen de enganar a xente e non empreguen máis esa dobre vara de medir. Vostedes están nunha batalla política, pero entre vostedes, entre a esquerda, e non precisamente para defender o interese público dos veciños de Touro e O Pino, non, están para ver quen se manifesta con máis contundencia ao proxecto mineiro.

Volven pedir que se incumpra a lei. Señor Rivas, ¿por que vostede obvia —e os demais grupos— que houbo un acordo?, porque o Partido Popular non se puxo de perfil, trouxo unha proposición non de lei moi clara, que lle vou ler: «Primeiro, avaliar as consecuencias e circunstancias do proxecto de explotación mineira de *San Rafael*, situado nos concellos de Touro e O Pino, desde o total garantismo legal e o rigor na execución do procedemento, de forma que se se salvagarde o total respecto ao contorno, o estrito cumprimento legal e vixente e se dote de todas as garantías urbanísticas medioambientais e técnicas, no caso de ser aprobado.

Dous, que se garanta o cumprimento do plan de labores e o seguimento de vixilancia de calquera impacto medioambiental que se puidese producir como consecuencia do resultado actual da explotación mineira.»

¿Por que votaron en contra?, ¿por que?, ¿por que votan a marea de Podemos en contra? Porque non lles interesa. Vostedes o que queren é o jaleo, e, claro, olvídanse que vostedes gobernaron.

Mire, o proxecto de explotación —e remato—, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental —actualmente en tramitación— están á disposición do público na web da Consellería, toda a documentación do expediente en tramitación está á disposición de calquera que queira ir consultala. Díxenllo onte, algunha está en formato dixital e outra —polo volume— hai que ir consultada á xefatura.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: E remato.

A tramitación administrativa deste proxecto e, polo tanto, a súa aprobación, ou non, como se fixo con outros proxectos, estarán sempre ligadas ao cumprimento das garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas requiridas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Blanco Paradelo, vostede pode traer aquí todos os razoamentos de corrupción doutros partidos que queira, a min o que me interesa é a mina de Touro nestes momentos e a súa ameaza, e vostede a iso non se referiu para nada. (*Aplausos.*) ¡Para nada! ¡Para nada!

Vostede falou dos áridos, evidentemente, uns áridos maravillosos, esa é a desculpa. Aquí fálanlle de conivencias e eu non quería entrar aí, pero si podo entrar, podo entrar do que supuxo como oficina de contratación: eu veño de parte de fulano, e entón si entrabas. Non, non, iso non é así, porque iso forma parte da corrupción sistemática do partido Popular no medio rural, sistemática e contida no tempo desde antes do Partido Popular. (*Aplausos.*) Porque esta é a realidade. Antes do Partido Popular vostedes xa eran Partido Popular, e entendémonos, ¿verdade? Para bos entendedores...

Vostedes sábenas todas, vostedes saben tamén que esa concesión mineira máis a superficie foi ofrecida —cando se abandonou por Riotinto— a quen quixera, ata o Concello de Touro que dixo nones, porque me cae encima un petate de coidado. Aí había que facer restauración, aí había que seguir coa actividade mineira; non se seguiu, non se seguiu e vostedes son culpables de tantos anos de Goberno nesta Xunta desde o principio. Tres anos e medio e botáronnos... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

E que se me alporizan, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Tranquilo.

¡Silencio!

O señor RIVAS CRUZ: Eu sei, señores do PP, que o mundo empezou co Bipartito. Xa o sei, claro. *(Aplausos.)* Miren, se nós puideramos gobernar soamente un terzo do que vostedes gobernaron, este país estaría boiante. Si, si. Entre outras [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de sesións).*

O señor PRESIDENTE: Señor Rivas, iso...

O señor RIVAS CRUZ: É un falar, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Xa, bueno. Pero se pode retiralo...

O señor RIVAS CRUZ: Si, retíroo, non se preocupe. Total xa está dito.

O señor PRESIDENTE: Queda retirado.

Silencio, por favor, está falando o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Señor Blanco Paradelo, aquí do que se trata é de ver se temos un pouco de sentido común... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Losada e señor Trenor, respecten a quen está no uso da palabra. O fogo cruzado neste caso non interesa, interesa quen está no uso da palabra. Eu teño que protexer este señor, o que está no uso da palabra.

Remate.

O señor RIVAS CRUZ: Imos ver, do que se trata é de se nestes momentos a megaminería de Touro é unha ameaza real para toda a poboación que está no curso e na cunca do río Ulla: si ou non. E obxectivamente é.

Segundo, se houbo deixamento de responsabilidades e de funcións da Xunta de Galicia durante todo ese tempo, estivera quen estivera, si o hai.

Hai lugar a unha incoación dun expediente de caducidade, si, fágano, punto, nada máis, punto. Confórmome con iso, hai lugar, e déixense da desculpa dos áridos, que os áridos xa vemos ben en Baamonde, parte da miña tribo, o que dan de si nunha autovía; eses áridos, azufre, xofre, cobre e ferro, mesturados reaccionan e están reaccionando aínda. Consulte. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda. ¿Non acepta a emenda? Grazas.

Non aceptou a emenda.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo,

e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Bará

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Esta iniciativa trata sobre o transporte metropolitano da área de Vigo, tamén sobre a propia área metropolitana e sobre o caso concreto do Concello de Gondomar. A verdade é que o transporte é un elemento absolutamente fundamental e central para construír a Área metropolitana de Vigo, e o problema é que esta área foi dinamitada, literalmente dinamitada, pola Xunta e polo Concello. Foi dinamitada por Feijóo e por Caballero, a partes iguais. Son corresponsábeis, si, si, os dous son corresponsábeis desta decisión.

O certo é que é moi mal exemplo, porque custou moito tempo, moito traballo levala adiante, poñer en marcha a área metropolitana, e foi arrasada —literalmente— pola Xunta e polo Concello de Vigo en poucos meses, por intereses puramente partidistas. Porque viven comodamente instaladas ambas institucións na confrontación e no contencioso permanente. Parece que lles vai ben así e non lles importa que estas decisións prexudiquen miles de persoas, porque realmente están prexudicando máis de 460.000 persoas que viven na área de Vigo, que non poden acceder a servizos comúns, a equipamentos e a infraestruturas que se poderían desenvolver a través da área metropolitana.

E esta incapacidade para o acordo da Xunta e do Concello, —polo tanto do PP e do PSOE— non se restrinxe exclusivamente ao transporte da área metropolitana, senón que está levando tamén a desacordos, á parálise e a atrasos noutros moitos proxectos que son vitais para área de Vigo. Estamos a falar, por exemplo —vímolo recentemente co caso do abastecemento da auga potábel—, dos investimentos necesarios para mellorar as infraestruturas, que teñen que ser investimentos compartidos por distintas administracións.

Vémolo, tamén, nunha cuestión que chega ao absoluto esperpento e ridículo, como é o caso da candidatura das Illas Cíes ou do parque das Illas Atlánticas. Cada un defende —¡como non!— unha versión para patrimonio da humanidade, pero non se poden nin sequera poñer de acordo para isto.

É increíble, realmente, xa o nivel de infantilismo ao que chegan, ás veces, nos seus debates, nas súas liortas e nas súas controversias.

O tema do campus do mar ou a estación intermodal tamén se viron paralizados e adiados por esta confrontación, igual que a urbanización do acceso a Vigo desde a AP-9.

E, realmente, a liorta máis grave, a que ten consecuencias máis daniñas para a xente, é a que ten que ver coa propia Área e co transporte metropolitano. É o principal exemplo de falta de cooperación e de colaboración institucional entre administracións. Por iso podemos dicir, con toda propiedade, que Feixóo e Caballero son os enterradores da Área Metropolitana, que morreu —ou foi matada, mellor dito— poucos meses despois de nacer. Nace en

xullo de 2016, e en xaneiro de 2017, seis meses despois, é finiquitada por este enfrontamento entre as dúas administracións, entre o señor alcalde de Vigo e o presidente da Xunta.

¿E cal é a causa desta desfeita? Pois a causa da desfeita é unha discrepancia a respecto da posta en marcha do convenio do transporte metropolitano, porque o Concello de Vigo defende un criterio distinto a respecto dos beneficios para a xente da área do uso do transporte na cidade de Vigo. Di que que eses beneficios teñen que ser exclusivos para a xente de Vigo e non se poden aplicar a toda a xente da área metropolitana.

Pero realmente isto podía resolverse —e así o prevía o convenio— a través da vía do contencioso-administrativo, e, en lugar de acudir a esta vía, o que fixo a Xunta de Galiza —nunha actitude tamén de absoluta debilidade institucional, porque están utilizando a Administración para facerlle oposición ao Concello de Vigo— foi impugnar, recorrer, paralizar e deixar sen efecto a Área Metropolitana. E o Concello de Vigo, por outra parte, o que fai é denunciar o convenio do transporte, tamén na práctica saír dese convenio, cando podía haber solucións dialogadas, consensuadas e acordadas, que, aínda que deixaran sen efecto unha parte do convenio, polo menos permitisen que a xente se beneficiase das outras partes, tanto a xente da contorna como a propia cidadanía de Vigo, que neste caso está fóra do convenio do transporte metropolitano.

O BNG, polo tanto, fai un chamamento a este acordo, a esta cooperación, e pensamos que nesta vía de cooperación non é suficiente con mandar unha carta, como fixo recentemente a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, que lle mandou unha carta ao Concello de Vigo ofrecéndolle diálogo e cooperación. Ben, unha carta está ben, menos dá unha pedra. Iso foi o que lle pediron na xuntanza da Comisión de Seguimento do Plan de Transporte Metropolitano, pero hai que dar máis pasos para intentar chegar a acordos.

A solución tamén pasa porque o Concello de Vigo abandone esta posición absolutamente cerril de confrontación, non só coa Xunta, senón tamén cos concellos da súa área. Vigo non se pode construír de costas a Mos, a Redondela, a Nigrán, a Gondomar, a Cangas ou a Moaña. Vigo ten que construírse en cooperación e en diálogo institucional, político e social con todos estes concellos. E Vigo ten o liderado que ten, ten a potencia económica e social que ten tamén grazas a que miles de persoas da súa área van a Vigo mercar, van a Vigo facer xestións, van a Vigo, en definitiva, traballar, e iso tamén é a vitalidade, a potencia e a fortaleza de Vigo. Polo tanto, é moi mal exemplo que un alcalde de Vigo se confronte, se enfrente e insulte e despreze a veciñanza dos seus concellos veciños.

E no medio desta liorta monumental, que —xa digo— é un moi mal exemplo institucional, porque se poden gañar eleccións, pódense ter maiorías absolutísimas, pero non se pode desprezar a quen tes arredor, non podes desprezar a túa veciñanza, porque a túa cidade, o teu concello, vive tamén desa veciñanza, no medio desta confrontación, queda como vítima colateral o Concello de Gondomar, que está vendo vetada a súa entrada na Área Metropolitana ou no convenio do transporte metropolitano por este enfrontamento institucional.

O Concello de Gondomar é certo que non pediu a entrada no convenio do transporte no inicio, no ano 2015, pero pediuna despois, no ano 2016. Hai un acordo plenario do Concello para solicitar a entrada no Convenio do transporte metropolitano da Área de Vigo, e resulta que

se reuniu en dúas ocasións a comisión de seguimento deste convenio e pechouse a porta ao Concello de Gondomar. E o problema non é que se lle peche a porta ao Concello de Gondomar, o problema é que se lles pecha a porta a 16.000 persoas que se ven privadas dos beneficios e das vantaxes que dá o uso da tarxeta do transporte metropolitano, entre elas a rapazada menor de 19 anos, que tería transporte gratis a través desta tarxeta.

E esta parécenos unha decisión absolutamente sectaria por parte do Partido Popular, por parte da Xunta de Galicia e por parte da conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Ethel Vázquez, que fixo, ademais, recentemente unhas declaracións absolutamente impropias —e dóeme dicir isto, porque non é habitual nela—, fixo unhas declaracións de absoluta *hooligan* —supoño que lle dixeron que tocaba dicir iso—, pero non nos parece de recibo que diga que o Concello de Gondomar se ten que poñer á cola, porque *o que foi a Sevilla perdeu a silla*. Iso non é de recibo, non é de respecto institucional, non se pode admitir este tipo de declaracións, porque —xa digo— estalle faltando ao respecto non á alcaldía, non ao goberno municipal, non á institución municipal, senón á veciñanza de Gondomar, que non merece este trato.

O Concello de Gondomar, deixando fóra o caso de Vigo, que xa expliquei, é o único da Área Metropolitana que non entrou no convenio do transporte, cando o solicitou e cumpriu todos os trámites, mesmo habilitou as partidas orzamentarias para ser admitido. Polo tanto, pensamos que é de xustiza que se admita e que forme parte do convenio do transporte da Área Metropolitana.

E pensamos, ademais, que, chegados a este punto, deberíamos ir máis alá deste debate cativo, deste debate infantil no que estamos ás veces con respecto á Área e ao transporte metropolitano entre a Xunta, entre o Partido Popular e o Concello, entre a Xunta e o Concello de Vigo, entre Feixóo e Caballero, e ter máis amplitude de miras, pensar que un país e unha área metropolitana se teñen que construír desde a lealdade institucional, desde o respecto institucional e desde a cooperación.

E, tamén no caso do transporte, que temos que ir máis alá do sistema actual de transporte e pensar nun transporte de área metropolitana realmente vertebrador, que dea solucións globais, pensando na totalidade do transporte, pensando nun transporte sustentábel, saudábel, pensando, tamén, na mellora do transporte ferroviario, no transporte de ría e no transporte público por estrada.

Polo tanto, remato xa pedíndolles que abandonen a confrontación, que abandonen o partidismo, que abandonen o sectarismo, que realmente se senten a falar, a dialogar, a concertar e a chegar a acordos, pola imaxe das institucións, tamén pola idea de respecto institucional, pero, sobre todo, polo beneficio, polo ben da xente que vive na área de Vigo, que non merece este trato.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Agora saudamos os alumnos de 5º e 6º de primaria do Centro Plurilingüe As Solanas, da Guarda. Benvidos ao Parlamento, e tamén os seus profesores, que nos acompañan.

Agora ten a palabra o representante do Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bo día a todas e todos.

Falamos hoxe do transporte metropolitano de Vigo, un exemplo máis que reflicte a realidade e que pon ao descuberto as carencias da Consellería e dos gobernos do señor Feijóo en materia de transportes. Porque a xestión do transporte público de Galicia por parte do Partido Popular está cargada de recortes e limitacións de mobilidade para as galegas e os galegos nos últimos anos.

Lembramos a supresión de liñas separadas de transporte ferroviario de media distancia, supresión das rutas e frecuencias de transporte público de viaxeiros por estrada, sen avances nos estudos da implantación do metro lixeiro, esquecida a coordinación aeroportuaria, ningunha realidade no tren de proximidade, sen implantación real da intermodalidade, unha palabra, un concepto tantas veces invocado polo Goberno popular como tantas veces ignorado na práctica.

O balance de xestión do transporte polos gobernos populares só amosa pasividade, ineficacia e ineficiencia, e a xestión do transporte metropolitano en Galicia non é unha excepción desa ineficacia, máis ben resulta ser un exemplo dela.

Dende o ano 2011 só se creou o transporte metropolitano de Vigo, e de forma incompleta, coas necesidades e carencias que acaba de amosar, que acaba de dicir o voceiro do BNG.

Pontevedra e Ourense seguen sen transporte metropolitano, nove anos despois de gobernos do Partido Popular. Por certo, o Concello de Ourense e limítrofes, situados no ámbito do transporte metropolitano de Ourense, xa manifestaron en 1992, mediante os correspondentes acordos plenarios, os seus desexos de estaren incluídos no transporte metropolitano de Ourense. Hai vinte e seis anos, dos que o Partido Popular leva gobernando vinte e dous anos en Galicia; dende logo, todo un récord de eficacia e de bo facer. *(Aplausos.)*

E, neste sentido, nin valen desculpas ni valen culpas —alleas, claro—, porque o transporte metropolitano é unha competencia da Comunidade Autónoma na súa titularidade, o 100 %, incluído o seu financiamento —artigo 27.8 do Estatuto de autonomía—. E os concellos incluídos nos transportes metropolitanos xa están colaborando economicamente, pagando uns servizos que deberían ser financiados en exclusiva pola Xunta de Galicia.

Resulta obvio que o chamado transporte metropolitano de Galicia non deixa de ser unha denominación baixo a cal se dá cobertura a diversos transportes de persoas con carácter intermunicipal ou intercomarcal co epicentro de actuación nas cidades, que son o seu eixo fundamental, cidades con transporte urbano implantado e con casuísticas propias (no funcionamento, paradas, bonificacións...) e que é necesario integrar nun proceso de diálogo.

No caso do transporte metropolitano de Vigo, existe un feito diferencial respecto dos demais territorios metropolitanos de Galicia que non debemos esquecer.

Cabe lembrar que a Lei da Área Metropolitana de Vigo foi aprobada por unanimidade neste Parlamento, que ten amplas competencias en transporte público de viaxeiros, competencias que deben ser traspasadas cos correspondentes medios, fundamentalmente económicos, a favor da nova institución Área Metropolitana. E isto non ten pasado porque o Goberno galego ten bloqueada a Área Metropolitana de Vigo, ao ter presentado un recurso contencioso-administrativo sobre a súa constitución. Unha vez máis, o Partido Popular e o Goberno galego, máis pendente da maioría e dos servizos partidarios que lle podía prestar esa maioría na Área Metropolitana que da inmensa maioría dos cidadáns da Área que necesitan do transporte metropolitano para a súa mobilidade.

Neste senso, o Grupo Socialista presenta unha emenda de modificación para desbloquear a Área Metropolitana: que no ámbito das competencias da mesma se desenvolva o sistema de transporte metropolitano de Vigo que a propia Área decida.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Fernández.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Marcos Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Moitas grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas, bo día ás invitadas que nos seguen tamén dende a tribuna.

Eu voume centrar no caso de Gondomar, que é un claro exemplo do sectarismo popular e da súa incapacidade para defender os dereitos da cidadanía, e máis aínda naqueles municipios e aqueles concellos que non controlan.

A día de hoxe, o Concello de Gondomar é o único concello da súa contorna e da Área, xunto con Vigo, que aínda non está integrado no Plan de transporte metropolitano de Vigo, malia que hai xa tres anos da súa posta en marcha. Como consecuencia disto, miles de veciños e veciñas non poden acceder á rebaixa do 50 % nos seus billetes e a xente moza non pode acceder á tarxeta Xente Nova para viaxar de balde.

E por iso imos votar favorablemente a esta iniciativa. E, a maiores, presentamos tamén unha emenda de engádega para solventar as carencias na ruta que fai as viaxes no servizo de Gondomar, que foi o que provocou no seu día que o Concello de Gondomar votase en contra, no 2015, da incorporación á área metropolitana como medida de presión, entendendo que era o momento para solventar esas carencias que a propia cidadanía lle viña demandando.

Con estas dúas cuestións, se a Xunta de Galicia incorpora a Gondomar no Plan de transporte metropolitano, e se se arranxan os problemas destas rutas, teríamos solventados os problemas que ademais está demandando a veciñanza. Son as dúas cuestións que pide a veciñanza

e as dúas cuestións que hai que resolver. E esas dúas cuestións resólvense única e exclusivamente dende a Xunta de Galicia, aquí o Concello de Gondomar non ten nada máis que facer.

E neste punto atopámonos con que a Xunta se nega a firmar co único interese e coa única intención de desgastar a un alcalde socialista, mostrando sectarismo e a utilización das institucións para intereses particulares, prexudicando así a cidadanía. O único que considera neste caso é a ver canto rédito electoral poden sacar, e a proba é que o convenio leva preparado máis dun ano.

Polo tanto, ou a Xunta de Galicia non quere —que é o que nós entendemos nesta batalla partidista— ou non sabe, ou non ten a capacidade de, durante un ano, integrar a Gondomar no Plan de transporte. Tanto que sexa porque non quere ou sexa porque non sabe, o Partido Popular na Xunta de Galicia está demostrando non estar á altura do que se lle debería exixir a un goberno da Xunta de Galicia.

Dende a Consellería de Infraestruturas trátase de trasladar unha mensaxe: Gondomar quedou fóra da constitución desta área de transporte a comezos do 2015 porque o concello votou en contra, e, polo tanto, ten a responsabilidade disto. Esta é a vergoñenta estratexia, mentres a cidadanía padece as consecuencias.

A mensaxe que manda a Consellería é unha escusa sen fundamento, por dúas razóns. En primeiro lugar, hai tres anos, evidentemente, a Corporación de Gondomar rexeitou a proposta do Partido Popular porque non ofrecía ningunha solución ao conflito que aínda a día de hoxe —e estao demandando a cidadanía, que aínda se manifestou hai ben pouco— existe coas concesionarias de autobuses ATSA e Melitur, non porque non quixeran integrarse no Plan metropolitano. As concesionarias non completan ningunha ruta entre as estacións de autobuses de Gondomar e Vigo, o cal creo que todas estaremos de acordo en que precisa unha solución, e deixa as usuarias en Mañufe, sen entrar no núcleo do concello de Gondomar.

Naquel momento votouse en contra no goberno municipal para que o Goberno da Xunta puxera unha solución a esta problemática, que era unha demanda da veciñanza, pero a Xunta de Galicia decidiu que era mellor non facer nada ao respecto e así poder desgastar un goberno doutra cor. A ver que fan hoxe cando voten. Supoño que volverán facer o mesmo para seguir con esta batalla, que é a única que a vostedes lles preocupa.

O outro motivo polo que este argumento non se sustenta é que, a día de hoxe, o único que se precisa agora para que Gondomar poida ter acceso ás vantaxes do transporte metropolitano da área de Vigo é vontade política por parte da Xunta de Galicia. Non hai ningunha razón para que o Partido Popular non apoie agora o que defendeu hai tres anos.

Nós —como digo— introducimos esta emenda de engádegas para que se resolvan estes problemas na ruta. É unha demanda da veciñanza que haxa liñas que unan as dúas estacións de autobuses, de Vigo e de Gondomar, e que se axeiten as frecuencias e paradas ás necesidades da cidadanía. Porque tampouco ten moito xeito integrar no transporte metropolitano Gondomar sen solventar estas carencias, que é o principal problema.

E onte, que o Partido Popular fixo a ruta, que Feijóo e o ministro de Fomento fixeron a ruta de Teo vai en tren e se atoparon con que non puideron utilizar a liña e tiveron que coller un bus, podían ter collido tamén, ou tratar de coller, un autobús para ir dende a estación de Vigo á estación de Gondomar, e así vería tamén o ministro de Fomento o problema que teñen aquí, que está xerando o Partido Popular na Xunta de Galicia.

Máis nada pola miña banda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, antes de nada clarexar unha cuestión sobre certas acusacións que se formularon aquí non hai demasiado tempo.

Señor Losada, só lle quero aclarar unha cuestión: dous alcaldes socialistas de Lugo imputados; dous alcaldes socialistas de Ourense imputados, un condenado. Os dous últimos ex-secretarios xerais do PSdG imputados. Son vostedes os *petit suisse* da corrupción política galega, os imputados de dous en dous, e non lles admitimos ningún tipo de clase moral neste sentido. *(Aplausos.)* Non se pode vostede permitir isto, simplemente. É demasiado caro. *(Aplausos.)*

Indo a este tema, quero facer dúas aclaracións, unha consideración e unha petición. Aclaracións respecto da moción. A Comisión de seguimento do Convenio de transporte metropolitano que vostedes piden celebrouse o pasado 2 de maio. Foron citados a esa comisión todos os membros que forman parte dese Plan de transporte, tres deles non acudiron —hoxe oín a algún socialista falar de diálogo—. Os tres que non acudiron: o alcalde de Fornelos, a alcaldesa do Porriño e o alcalde de Nigrán. Os tres do PSOE, vese que teñen moito interese por dialogar coa Xunta.

Miren, a responsabilidade de que Gondomar non estea incluído no Plan de transporte metropolitano ten nome e apelidos: Francisco Ferreira e a súa corporación, o alcalde de Gondomar. A inclusión de Gondomar foi vetada en catro ocasións polo actual alcalde e socios de Goberno. Pleno de xaneiro de 2015, o hoxe alcalde —e entón na oposición— votou en contra; en febreiro, votou en contra. Acordo para o desbloqueo da área metropolitana, febreiro de 2016 —entón xa era alcalde—, tampouco se quixo incorporar. Firma do Convenio do transporte metropolitano entre a Xunta e Vigo, ¿sabe quen foi o único alcalde que se ausentou?, o alcalde de Gondomar, que pediu a incorporación ao pleno en febreiro de 2017. ¿Sabe por que? Explícao o propio alcalde nunha nota de prensa: «*El regidor señala que el cambio de opinión está motivado por el aluvión de llamadas de jóvenes al OMIC y al ayuntamiento solicitando información sobre la tarjeta Xente Nova*» —esa tan mala, señor Fernández—. «*Tendrán nuestro apoyo*», garante o PP. «*Creo que no puede primar el orgullo personal de un político al interés general de estos vecinos*», recoñeceu o alcalde. Xa sabe vostede cal é o motivo de que Gondomar non estea no Plan de transporte.

Nin imos castigar os veciños pola falta de criterio do seu alcalde, nin imos premiar un alcalde pola súa irresponsabilidade. Gondomar é un concello dos 22 solicitantes galegos que pediron

incorporarse a este plan, e, evidentemente, será tratado escrupulosamente en idénticas condicións que os demais, nin máis nin menos.

Paso á consideración que lle quero facer ao BNG e a de En Marea. Eu creo que chegou o momento de que vostedes abandonen esta calculada equidistancia, e de dúas maneiras. Poñéndose ao lado dos cidadáns, recoñecendo, primeiro, que a Xunta cumpriu absolutamente todos os seus compromisos en materia de transporte metropolitano. E, se non é así, dígame, señor Bará —dígao hoxe aquí—, cal non cumpriu. E, segundo, recoñecendo que o único responsable da discriminación que sofren os cidadáns metropolitanos chámase Abel Caballero. Que non só os discriminou, senón que ademais denunciou o convenio, abandonándoo, e hoxe non está no Plan de transporte metropolitano. Por certo, xa lle anuncio que este grupo rexistrou unha iniciativa para —en cumprimento do que acordaron os alcaldes nesa xuntanza—, pedirlle ao señor Caballero que reconsidere a súa postura e volva incorporarse ao Plan de transporte.

Porque, señorías, esta equidistancia levou a que os veciños dos concellos que vostedes gobernan foran tratados como cidadáns de segunda en Vigo. E esa situación hoxe vese parcialmente corrixida grazas a que un alcalde do Partido Popular —o alcalde de Redondela— acudiu aos tribunais a parar os pés ao amado líder. E grazas a iso hoxe non se segrega os veciños de Redondela do resto de concellos nos que goberna o PP, pero tampouco aos de Moaña, aos de Cangas e aos do Porriño, que estaban tirados polo seu servilismo; polo servilismo dos gobernos municipais do BNG e de En Marea. *(Aplausos.) ¡Nin máis nin menos! (Aplausos.)*

Remato, e quero facelo cunha petición. Deixen, señores socialistas, de practicar a xenofobia veciñal. Deixen de alentar a confrontación dos cidadáns de Vigo co resto dos cidadáns de Galicia. Deixen a manipulación. Deixen a demagogia. Deixen a mentira. Xa non os defende ninguén, non os defende nin o secretario xeral dos socialistas vigueses, que hoxe non vén debater aquí, ¡por algo será!

Miren, o alcalde bolivariano de Vigo *(Murmurios.)* intentou asaltar a área metropolitana incumprindo a Lei da área metropolitana de Vigo, aprobada por unanimidade deste Parlamento. Por certo, señor Fernández, conviría que a lesen, porque, *(Murmurios.)* efectivamente, o que di a lei é que ten que incorporarse ao transporte metropolitano. *(Murmurios.)* E despois, segundo vaian vencendo as concesións, van asumindo a área metropolitana. Iso é o que di a lei, hai que lela. Segundo, forzou o nomeamento ilegal de habilitados nacionais na área metropolitana para finxir que funcionaba legalmente, *(Murmurios.)* e isto coa conivencia da Deputación de Pontevedra. E agora, con esta magnífica tarxeta que sacaron, incumpren vostedes o convenio e o Plan de transporte metropolitano, a Lei de medidas fiscais 2/2017 —por certo, que nesta materia non lle fixeron vostedes ningunha emenda—, o artigo 150 do Regulamento de servizos de corporacións locais e a Lei 16/1987, de ordenación de transportes terrestres, aprobada por un ministro socialista de nome Abel Caballero. ¡Bravo! ¡Bravo! *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: ¡Bravo! *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non o di o PP, señoría! *(Interrupcións.) (Aplausos.)* Ningunha destas cuestións que lle

acabo de reprochar as afirma o PP, (*Aplausos.*) afirmáronas resolucións xudiciais, tres distintas ditadas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...por tres xuíces distintos. E a solución do señor Bará é igualar, no seu xuízo, o agresor e o agredido.

Remato xa, recordando que 15.000 vigueses teñen esta tarxeta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e benefíciáanse de bonificacións que pagan os mesmos veciños que vostedes discriminan en Vigo. Creo que os vigueses que traballan fóra de Vigo e que teñen que pagar cada día dous billetes, pasarían a pagar un só se vostedes o reconsideraran.

E hai unha cousa que me parece o máis grave de todo. A pasada semana, cidadáns de Redondela subiron a un autobús e cidadáns de Vigo reprocháronlles que o fixeran coa tarxeta Pass Vigo. ¿Sabe por que? Declaracións do amado líder no ¡Alló, presidente! vigués: «*esto costará a Vigo cientos de miles de millones de euros*» —literal—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: «*Quedarán rúas sen arranxar polo custo da Lei Feijóo*».

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Eu non sei se Vigo quere parecerse a Nova York, pero a alcaldía...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...cada vez se parece máis á de Caracas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Señor Bará. Grupo autor da proposición non de lei.

O señor BARÁ TORRES: ¡Mira, Pazos, que empezaras ben, eh! Onte organizaches aquí a festa da empanada de choco de Redondela e (*Risos.*) quedamos todos encantados. E hoxe botaches por terra toda a túa boa imaxe e o teu prestixio, conquistado a pulso na xornada de onte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Poderíamos aplicar ese dito popular de «¡carallo, lura, canta borra botas!». (*Risos.*) Falando do choco... Ademais vén a conto perfectamente para a ocasión, porque ¡mira que largaches

aquí! Precisamente contra nós non moito—, pero, bueno, ¡contra outras partes das bancadas largaches bastante! E supoño que terán aquí dereito de réplica por alusións. Entón, non vou ser eu quen defenda a quen se pode defender por si mesmo. Pero voulle dicir unhas cantas cousas a respecto da súa intervención.

A posición da Xunta sobre o tema de Gondomar é absolutamente indefendible, é absolutamente infumable, porque ¿que ten que ver que o actual alcalde votara antes ou que votara para vetar a súa entrada, como están facendo agora, cando houbo dúas reunións da Comisión de seguimento en abril do ano 2017 e en maio do ano 2018, despois de que Gondomar solicitase a súa incorporación, cumprindo todas as condicións, e que o vetasen? E é o único. Vostedes falan aquí de 22 concellos solicitantes. Non, estamos falando do Convenio da área metropolitana de Vigo, e só Gondomar está fóra, ademais de Vigo, que se botou fóra. ¡Só Gondomar! E non hai ningunha razón para excluír a Gondomar, se non é o sectarismo do Partido Popular e a represión que están exercendo contra un concello porque non ten un goberno do Partido Popular. Esa é a única razón: ¡sectarismo! (*Murmurios.*) Iso si que é xenofobia. (*Murmurios.*)

E, por outro lado, teño que dicirlle que quen paralizou a área metropolitana foi a Xunta de Galiza cun recurso contencioso para a anulación desa área do transporte metropolitano. (*Aplausos.*) ¡Foi a Xunta de Galiza! (*Aplausos.*)

E, desde logo, non estamos na equidistancia. Non sei se escoitou a miña intervención, seguro que ao señor Abel Losada non lle gustou moito. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Nós criticaremos sempre aquelas actitudes de localismo, aquelas actitudes de minifundio, aquelas actitudes de papanatismo que teñen aqueles que pensan que poden gobernar no seu terreo e excluír os demais. O BNG nunca vai facer, nunca vai apoiar, por exemplo, un estacionamento en calquera sitio onde governe de uso exclusivo para os residentes no seu municipio, nunca o vai facer, nunca o fará. (*Aplausos.*) Entón, non hai equidistancia ningunha. Non escoitou a miña intervención.

Con respecto ás emendas, aceptamos as emendas presentadas polo Grupo Socialista e tamén pola Marea, e, desde logo, tamén explico a nosa autoemenda para que a Xunta negocie co Concello de Vigo a súa integración efectiva no transporte metropolitano. E non se trata só do transporte metropolitano, trátase de que dunha vez por todas abandonen esta estratexia partidista de confrontación e se poñan de acordo nos temas que lle interesan á xente e que benefician a xente. Eu creo que darían un moi bo exemplo para este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(*O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.*)

Si, señor Leiceaga, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si. En función do artigo 76.3, eu creo que se verteron algunhas expresións que afectan o decoro deste grupo parlamentario. En concreto, refírome á expresión de utilización da «xenofobia veciñal». Chamarnos xenófobos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa non digo nada en relación —que tamén podería facerse— coa referencia a un alcalde bolivariano, porque entendo que se refire a que ten unha maioría absoluta moi sólida e que, por tanto, tal. (*Murmurios.*) Pero paréceme que o de «xenofobia veciñal» debería retirarse. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Pídlle se pode retirar a expresión «xenofobia veciñal». (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Non, tranquilidade. Non, non compliquemos, non compliquemos. Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, agradecendo a asesoría do señor Torrado. Primeiro, aclarar que eu en ningún momento me dirixín ao Grupo Socialista acusándoo de «xenofobia veciñal»; si o fixen co Concello de Vigo. Se lle parece inadecuado, retiro «xenofobia» por «discriminación veciñal».

O señor PRESIDENTE: Retirada. Grazas.

Pasamos, polo tanto, agora...

Señor Bará, ¿aceptou as dúas emendas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Foi xeneroso, nótase que está de onomástica hoxe. Si, señor.

Última proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado e voceiro Luis Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas a esta proposición non de lei, doc. número 29902 (10/PNP 002197).*)

Emenda número 1, de substitución do punto 1:

Débase substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

“1.- Acorda proclamar o seu decidido apoio ao proceso de integración europea, para culminar axiña unha Unión máis estreita, baseada no benestar do conxunto da poboación, no exercicio pleno dos dereitos civís e políticos de cidadanía, na xustiza social e singularmente con pleno control democrático das decisións económicas que afectan á vida das persoas, impedindo que no futuro grupos informais e sen control democrático directo da cidadanía como a denominada Troika (formada polo BCE, FMI e CE) podan condicionar ou suprimir a efectividade dos dereitos recoñecidos na lexislación estatal e comunitaria. O pleno respecto a estes principios deberá ser acompañado dun mercado interior tan eficiente como equitativo e xusto e unhas Institucións que enchan plenamente de contido a divisa de “Unida na diversidade”, que sintetiza o cerne da nosa Unión.”

Emenda número 2, de adición no punto 2:

Débase engadir no punto 2 o seguinte texto:

“2.- Nese sentido, insta á Xunta de Galicia a desenvolver a súa acción exterior e as súas demandas ante as institucións europeas a través dos seguintes principios:

- Reforzar o principio de confianza mutua e cooperación leal entre os Estados membros que compoñen a Unión Europea, en todos os eidos e todos os ámbitos. Estes principios vinculan inexorablemente a todos os poderes públicos de todos os Estados membros e son indispensables para garantir de xeito efectivo os dereitos, liberdades e principios enunciados na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

- Manifestar a necesidade de vigorizar a diversidade cultural e lingüística europea, igualmente amparada no artigo 3 do Tratado da Unión e no 165 e 167 do seu Tratado de funcionamento.

- Intensificar a cohesión económica, social e territorial inserida nos artigos 174 e concordantes deste último Tratado, en especial no que atinxe ao mantemento das políticas de cohesión, ao reforzo das políticas de cooperación transfronteiriza e ao impulso das conexións ferroviarias.

- En coherencia cos principios anteriores, rexeitar as prioridades orzamentarias avanzadas pola Comisión europea de incremento do gasto militar e de control de fronteiras exteriores mediante convenios que non respectan os dereitos fundamentais de forma sistemática, como é o caso de Turquía. Pola contra, apostamos polo incremento da cooperación para o desenvolvemento e unha política de asilo político e refuxio mediante a garantía de vías de entrada seguras a Europa, que eviten así a morte masiva de persoas que tratan de chegar ás costas europeas para salvaren as súas vidas dunha morte segura en conflitos armados.

- Igualmente, instar o desenvolvemento de políticas que aseguren unha política agraria común sostible social e ambientalmente e que manteñan a porcentaxe de orzamento no conxunto da UE que se viña realizando ata agora.

- Afondar na subsidiariedade, pensando en especial nas rexións, estados federados e comunidades con competencias lexislativas, que debe materializarse en novos pulos ao Comité das Rexións, elevando as súas competencias, mellorando a súa interlocución co Parlamento Europeo, co Consello e

coa Comisión Europea, dotándoo de plena lexitimación perante o Tribunal de Xustiza, e todo en liña co plasmado na vixente Estratexia Galega de Acción Exterior.

- Garantir, fronte as institucións europeas e españolas, unha defensa firme do protagonismo das rexións nas políticas de desenvolvemento e cohesión territorial, singularmente no deseño da nova PAC.
- Reclamar unha mellor arquitectura da Unión Económica e Monetaria, que permita afrontar coa debida seguridade hipotéticas crises futuras e actuar proactivamente para defender os dereitos sociais dos nosos cidadáns, con iniciativas como a cofinanciación dos seguros de desemprego e a verdadeira europeización da formación profesional e da educación en xeral das novas xeracións, nun mercado interior idéntico en esencia a calquera mercado nacional.

- Asegurar políticas públicas que eviten a emigración interior masiva de rexións e países como Galicia, que ocasiona unha implosión socioeconómica e demográfica, mediante políticas activas de desenvolvemento endógeno que fixen poboación e revertan a situación actual de implosión demográfica.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-002197, documento número 29902).

Emenda de adición:

Débase engadir no punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

“Este decidido apoio ao proceso de integración europea considera prioritario o pilar europeo de dereitos sociais, aprobado conxuntamente polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión o pasado 17 de novembro de 2017 durante o Cumio Social en favor do emprego xusto e o crecemento celebrado en Gotemburgo, Suecia, outorgándolle á cidadanía novos dereitos sociais e máis efectivos, nos tres seguintes eixos:

- A igualdade de oportunidades e de acceso ao mercado de traballo.
- Condicións de traballo xustas.
- A protección e inclusión social.

Galicia reivindica o Proxecto Europeo como modelo de integración social, económica, xurídica e democrática, que salvagardando as identidades propias de cada territorio, busca de forma decidida impulsar un modelo de convivencia pacífica, solidaria, próspera e en igualdade, contraria aos modelos de sociedade individualista, especulativa e xenófoba. Europa precisa reconstruír un modelo social tronzado pola Gran Recesión; Galicia, en Europa, aposta por restaurar un novo contrato social, onde o desenvolvemento económico teña como eixe principal unha sociedade plural e sen as desigualdades actuais.”

Emenda de adición:

Débense engadir os seguintes parágrafos no punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:

“- Facer fincapé na urxente necesidade de redefinir o modelo fiscal europeo para limitar a competencia desleal entre Estados membros, reforzando a normativa para unha estrita loita contra a evasión, a elusión fiscal e o blanqueo de capitais, tanto a nivel da Unión como nacional, nun contexto de necesaria actuación global. Os indicadores de “Bo goberno fiscal” deben integrar a axenda europea.

A cooperación transfonteiriza en materia de IVE e a harmonización fiscal das bases tributarias do imposto de sociedades deben de contribuír a esta nova política fiscal europea, que esixe unha maior transparencia por parte de todos os axentes, públicos e privados, que interveñen nas transaccións financeiras.

- Despregar toda a acción política precisa para que Galicia, no vindeiro Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 que ven de propoñer a Comisión Europea, non perda peso nas políticas de agricultura e pesca (axudas da PAC) nin nos fondos de cohesión, apostando por un maior incremento do orzamento comunitario que tamén aposte polos mozos e mozas, os programas de investigación e desenvolvemento, a loita contra o cambio climático e a solidariedade en materia migratoria.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o 9 de maio de 1950 é cando se produce, tal día como hoxe de hai sesenta e oito anos, a famosa Declaración Schuman, que é a que dá lugar ao nacemento da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro, e precisamente por ese motivo, desde o ano 1985, o día de hoxe, o día 9 de maio, é celebrado como Día de Europa.

Naquela declaración Robert Schuman, que, como saben, era o ministro francés de Asuntos Exteriores posterior á II Guerra Mundial e que el mesmo padecera no seu sangue o conflito bélico, dado que, sendo de nacionalidade francesa, era de orixe alemá e luxemburguesa, deixou dito aquel día o seguinte: «A contribución que unha Europa organizada e viva pode aportar á civilización é indispensable para o mantemento dunhas relacións pacíficas. Europa non se construíu» —referíase ao período de entreguerras— «e houbo unha guerra. Europa non se fará dunha vez nin é obra dun conxunto. Farase grazas ás realizacións concretas que creen, en primeiro lugar, unha solidariedade de feito». É precisamente por iso que Schuman propón que se someta como primeira realización concreta, que se cree unha asociación para a produción conxunta franco-alemá do carbón e do aceiro, cunha autoridade común, e a partir de aí vén o que é a filosofía da Unión Europea. Di Schuman: «Deste modo, levarase a cabo a fusión de intereses indispensables para a creación dunha comunidade económica e introducirase o fermento dunha comunidade máis profunda entre países que durante tanto tempo se enfrontaron en divisións sangrentas».

Esta é a orixe da Unión Europea, este é o fermento que fixo ao longo dos anos que chegásemos onde estamos hoxe. En 1951 creouse a CECA e, posteriormente, o Euratom; no ano 1957, a Comunidade Económica Europea, nos tratados de Roma; no 1965 fusionáronse os executivos de todas as organizacións internacionais, tanto se crean a Comisión e o Consello. A continuación, cunha lóxica económica perfectamente descrita na cita de Schuman, o que era unha unión aduaneira que permitía o tráfico libre de bens reclama para o seu bo funcionamento o tráfico libre tamén de persoas e de capitais. O perfeccionamento do mercado único é o balance da Acta única europea do ano 1986; é un mercado único con liberdade de move-

mento de persoas, mercancías e bens; require para a súa mellor eficiencia unha moeda única, que é a que se introduce no Tratado de Maastricht e que se implanta no ano 2002.

A mellor proba de que o fermento funcionou foi que se pasou de seis Estados membros, os fundadores (Alemaña, Francia, Italia e o Benelux), a vinte e oito, tras dúas grandes expansións: primeiro, cara aos países do sur, que non ingresaran antes por ter réximes ditatoriais, non democráticos; e, posteriormente, tras a caída do comunismo, cara ao leste, polo derrubamento das ditaduras comunistas, tras a caída da Unión Soviética.

E desde entón, desde a súa fundación —e precisamente a súa propia evolución así o demostramos—, os países, que pasaron de seis a vinte e oito, fixérono porque vían nesta Europa a garantía da paz, a garantía da democracia e a garantía do progreso económico, é dicir, o espazo democrático no que convivir e acadar o benestar. Por iso Europa é, sobre todo, e a Unión Europea, unha unión de valores, e por iso na nosa proposición non de lei que hoxe traemos a esta Cámara no noso primeiro punto o que facemos é reivindicar unha unión máis estreita, fundamentada nos valores, unha Europa dos valores que debe de ser de confianza e cooperación entre os países precisamente para garantir os dereitos, as liberdades e os principios inspiradores da Unión Europea, porque estamos convencidos de que a Unión Europea non o será sen os valores democráticos que constitúen a base da súa creación.

Hoxe, igual que outras veces no pasado, a Unión Europea atravesamos unha nova crise, e curiosamente, como noutras veces no pasado, nomeadamente coa crise do petróleo de finais dos setenta, que foi a que deu paso precisamente ao perfeccionamento do mercado, a crise política e institucional ten que ver cunha crise económica.

E nós entendemos que ese fermento que no seu día xerou unha crise que fixo que se perfeccionase o mercado, esta crise o que puxo en evidencia é a necesidade de que fermente unha mellor concreción das autoridades monetarias, unha mellora das institucións monetarias e tamén fiscais, de tal xeito que se poidan corrixir as crises asimétricas, que en boa medida é o que vimos padecer.

E por iso tamén na nosa proposición non de lei o que pedimos é que, xunto cun perfeccionamento dos mercados, un perfeccionamento do que son as autoridades monetarias, tamén se debe reforzar a cohesión económica e a solidariedade no seo da Unión Europea. Evidentemente, en primeiro lugar, no marco —recén coñecido— orzamentario plurianual, cun reforzo das políticas que están traballando a curto prazo, menudas pero importantes, no ámbito da cohesión, no ámbito da política agraria e tamén no ámbito da política do fomento da cooperación transfronteiriza.

En segundo lugar, evidentemente, como é unha unión de valores e é unha unión económica, a crise provocou unha crise institucional pola reacción de certos nacionalismos vinculados aos vellos Estados, pola aparición de movementos populistas, que curiosamente cuestionan a Unión Europea, nun caso populismos —imos chamalos, seguindo a Vidal-Folch— de ricos, por exemplo no ámbito alemán, onde o que negan é a capacidade redistributiva da Unión Europea, ou, en cambio, de persoas marxinas pola crise, que é o caso do populismo francés, que crece á calor das clases traballadoras, que no pasado votaban as forzas, fundamentalmente ao Partido Comunista, que se pasaron por este nacionalismo reivindicador da

propia economía cara á Fronte Nacional; e esa ameaza culmina evidentemente coa revolta populista nacionalista inglesa no referendo do *Brexit*.

Por iso nós establecemos tamén, no segundo punto do apartado 2 da nosa proposición non de lei, a importancia de que a Unión Europea, precisamente para evitar os populismos nacionalistas, atenda, fomenta, impulse as diferenzas culturais, a diversidade cultural e a diversidade lingüística, que é un dos maiores valores que ten a Unión Europea.

Outro aspecto da crise actual, evidentemente arrastrado desde hai moitos anos, é o déficit democrático das institucións europeas. E por iso nós pedimos avanzar máis para corrixir ese déficit democrático. E por iso, no apartado cuarto do punto 2, o que pedimos é maior participación das comunidades autónomas, *länders* ou rexións, que teñen capacidade normativa, particularmente reforzando o Comité das Rexións, particularmente facendo que este comité poida ir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, e que teña maior interlocución e capacidade de influencia tanto no Parlamento como no Consello, como na Comisión.

Finalmente, o último aspecto da crise das institucións europeas ten que ver coa desigualdade que a crise provocou non só dentro dos distintos países, senón tamén entre os distintos países. Neste caso, na nosa proposición non de lei o que pedimos é que, xunto coa mellora dos mercados, haxa maior redistribución, se avance na construción dun modelo social e europeo, que é o modelo social e europeo orixinario da Unión Europea, o que construíron xuntos da man os cristiáns-demócratas alemáns, italianos e mesmo algúns franceses como o propio Schuman, e os socialdemócratas italianos, alemáns e franceses, para avanzar desde ese acordo por un modelo social europeo no mantemento dos fondos de cohesión e, sobre todo, tamén nun futuro próximo, cara a autoridades fiscais con capacidade de redistribuír a renda e, á súa vez, loitar contra as crises asimétricas.

En definitiva, todos estes motivos fannos traer hoxe a esta Cámara, ao Parlamento de Galicia, no Día de Europa, á Cámara que representa a Galicia, precisamente unha das rexións que máis contribuíu á creación dunha identidade europea desde os tempos en que os peregrinos percorrían o Camiño das Estrelas, esta PNL como unha clara reafirmación do noso compromiso coa Unión Europea, que representa a paz, a convivencia pacífica, a solidariedade, a prosperidade e a loita por unha sociedade máis igualitaria.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

A lectura da PNL que hoxe presenta o Grupo Parlamentario Popular inicialmente sorprendía pola súa declaración de urxencia, que se pode explicar unicamente, evidentemente, con motivo

da celebración hoxe, 9 de maio, do Día de Europa. E, nese sentido, si que quero tamén reivindicar aquel texto inicial, aquela declaración de Robert Schuman auspiciando a constitución do tratado CECA, cando, como primeira liña, nos dicía que a paz mundial non pode salvagardarse sen uns esforzos creadores —eu engadiría continuadores— equiparables aos perigos que a ameazan.

Por suposto que os socialistas apostamos por reforzar a unión e por reforzar, evidentemente, o Proxecto europeo. Os nosos predecesores devanceiros e líderes actuais, evidentemente, sempre foron e son un exemplo do noso compromiso, do compromiso socialista, do compromiso socialdemócrata co Proxecto europeo.

E, por suposto, tamén podemos e debemos coincidir en practicamente todos os termos da declaración e dos principios, certamente xenéricos e certamente tamén socialdemócratas, que se recollen no texto da PNL que hoxe debatemos na Cámara, máxime despois de saír dunha crise institucional de lexitimidade, dunha crise socioeconómica marcada polo fracaso do Tratado constitucional de 2005 e marcada pola gran recesión económica e social orixinada nos anos de 2008.

Non podendo esquecer, en ningún momento, a tremenda crise de refuxiados que comezara en 2015 e que aínda continúa, crise —como tamén dicía o propoñente da PNL— que ten realmente exacerbados os populismos de toda clase e de toda cor. Unha saída social da gran recesión, as ameazas das actuais políticas do presidente Trump —que xa se pode considerar o maior disruptor mundial— ou precisamente o proceso do *brexit* están intensificando a reflexión de cara a un novo impulso do Proxecto europeo sesenta anos despois do Tratado de Roma de creación da Comunidade Económica Europea, que ten que xirar cara a unha verdadeira unión, non só económica e monetaria, senón a unha verdadeira unión social e política.

E nese sentido os socialistas reclamámoslle ao Partido Popular e reclamámoslle ao Goberno Rajoy que presenten no novo e actual debate europeo unha posición firme, unha posición non tibia, unha posición meramente e netamente continental, e non posicións que puideran parecer ás veces nórdicas en determinados aspectos, que non van interesar ao sur de Europa, ou ás veces posicións meramente angloxasonas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta unha emenda que pivota en tres eixes fundamentais. En primeiro lugar, dicimos que este proceso de integración europea debe considerar absolutamente prioritario o pilar europeo de dereitos sociais, aprobado conxuntamente polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión o pasado 17 de novembro de 2017 no cumio social de Gotemburgo —Suecia—, outorgándolle á cidadanía novos dereitos sociais e máis efectivos en tres eixes, como son: a igualdade de oportunidades e o acceso ao mercado de traballo, as condicións de traballo xustas e a protección e a inclusión social.

E dicimos, e así o incluímos na Estratexia galega de acción exterior, que Galicia reivindica o Proxecto europeo como modelo de integración social, económica, xurídica e democrática que, salvagardando as identidades propias de cada territorio, busca de forma decidida impulsar un modelo de convivencia pacífica, solidaria, próspera e en igualdade, contraria aos modelos de sociedade individualista, especulativa e xenófoba. Europa precisa reconstruír o

modelo social, efectivamente, e Galicia en Europa aposta, e ten que apostar, por restaurar o modelo social rachado pola gran recesión.

En segundo lugar, facemos fincapé nas políticas de estrita loita contra a evasión, a elusión fiscal e o branqueo de capitais, tanto a nivel da Unión como de cada un dos estados que a compoñen. Os indicadores, como din precisamente as recomendacións do Parlamento Europeo ao Consello e á Comisión, de bo goberno fiscal deben estar presentes na senda europea; a cooperación transfronteiriza en materia de IVE ou a harmonización das bases tributarias en materia de sociedades deben contribuír a unha nova política fiscal europea, que exige sempre unha maior transparencia por parte de todos os axentes públicos e privados que interveñen nas transaccións financeiras.

E, en terceiro lugar, e fundamental tamén para Galicia, despregar por parte do Goberno galego toda acción política precisa para que no marco financeiro plurianual 2021-2027, que vén de propoñer a Comisión, non perda peso Galicia nas axudas da PAC nin nos fondos de cuestión, apostando por un maior incremento de orzamento comunitario que aposte polos mozos e polas mozas, os programas de investigación e desenvolvemento, a loita contra o cambio climático e a solidariedade en materia migratoria.

Recordemos, simplemente para rematar, como a PAC financiou en Galicia proxectos por importe de 190 millóns de euros o ano pasado, chegando a 33.000 persoas, e como os fondos de cohesión neste período marco 2014-2020 están a aportar a Galicia 4.150 millóns de euros. Son accións nas que o Goberno galego se ten que implicar a fondo, e consideramos fundamental incorporalas a esta declaración institucional hoxe con motivo do Día de Europa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, é un bo día este para recordar que idea de Europa temos as e os que estamos aquí representando o conxunto da cidadanía galega. Existen varias formas de entender a construción europea, a forma liberal, a forma ocupada única e exclusivamente das cuestións económicas, abeirando completamente as cuestións sociais, abeirando completamente os pobos que compoñen a Unión Europea, abandonando completamente as políticas do benestar, e iso talvez foi o que provocou durante os últimos decenios, xa, unha progresiva desafección por parte da cidadanía europea en relación coas institucións comunitarias e en relación, en xeral, coa construción do Proxecto europeo.

Pola contra, existe outra opción de construír unha Unión Europea baseada na cidadanía, na cidadanía plena, baseada no dereito dos pobos, baseada no benestar.

O espazo político de En Marea é un espazo comprometido plenamente coa democracia e coa xustiza social, polo tanto, son os únicos parámetros dende os que respaldamos e apoiamos

a construción da Unión Europea. Por iso queríamos facer unha emenda que complementase de forma necesaria esta proposta de declaración.

Estamos de acordo co voceiro do Partido Popular cando di que a Unión Europea posúe un déficit democrático na súa construción. Estamos de acordo e por iso no inicio da declaración pretendemos unha emenda que pretende recoller dende o punto de vista democrático e dende o punto de vista dos principios cales deben de ser aqueles que guíen a actuación da Unión Europea, algo que non debería de ser alleo a ninguén nesta Cámara.

Falamos dunha Unión Europea baseada no benestar do conxunto da poboación, no exercicio pleno dos dereitos civís e políticos da cidadanía, na xustiza social, e singularmente nunha idea que hai xa preto de vinte anos recordaba Juan Ramón Capella: a necesidade do control democrático das decisións económicas que condicionan a vida da xente.

Estamos falando da necesidade de controlar directamente, por medio das institucións democráticas, aquelas que inciden directamente na garantía ou nos recortes de dereitos de carácter social e que crean condicións materiais mínimas para a vida con dignidade das persoas. Estamos falando da necesidade de poñer fin a institucións ou a formas de desgobernos non formalizadas, como é o caso da Troika —formada polo Banco Central Europeo, o Fondo Monetario Internacional e a propia Comisión Europea—, que poidan condicionar ou chegar a suprimir dereitos recoñecidos na lexislación, ben comunitaria, ben incluso de carácter estatal, porque recordamos que sen condicións materiais de vida digna non existe afirmación plena posible de cidadanía plena, nin europea, nin estatal, nin de ningún outro carácter. Por iso facemos esa primeira emenda.

No segundo apartado, cando se refiren a que tipo de acción exterior debe de realizar a Xunta de Galicia, e fala dos principios, estamos de acordo cos principios que aquí enuncian, pero, dende logo, é necesario complementalos, precisamente polo que acaba vostede de comentar, porque se está producindo un debate sobre o novo orzamento plurianual, e polo tanto os principios de cohesión económica, social e territorial —dos que vostedes falan— deben de ser vistos á luz de cales son as propostas neste momento da Comisión Europea, e por iso nós propoñemos que —en coherencia cos principios anteriores e cos principios que afirma En Marea da forma de construír a Unión Europea, baseada na democracia e na xustiza social— se rexeiten as pretensións orzamentarias anunciadas pola comisión de incremento de gasto en defensa e de control de fronteiras exteriores mediante convenios que de ningún modo respectan os dereitos fundamentais de forma sistemática, como é o caso de Turquía.

No caso de Turquía estamos vendo como se desviaron 6.000 millóns de euros para conter unha poboación que saía fuxindo da guerra de Siria, de cara a un estado que os retén, que os retén vulnerando sistematicamente os dereitos fundamentais. Aínda a semana pasada recordabamos no Premio José Couso a liberdade de prensa, o encarceramento en Turquía de Zehra Doğan, que foi condenada simplemente por retratar a masacre de Nusaybin —unha cidade kurda por parte da aviación turca—, e isto é única e exclusivamente por contalo ao mundo, e este é o país onde a Unión Europea está facendo unha aposta de carácter orzamentario en relación co próximo orzamento plurianual, entre outras cousas para evitar que se cumpran algúns dos principios básicos da Unión Europea, como é o ámbito da cooperación

de carácter internacional. Por iso dicimos, tamén, que apostamos, pola contra, pola cooperación e o desenvolvemento dunha política de asilo e de refuxio, que garanta vías de entrada seguras a Europea, que eviten a morte masiva de persoas que tratan de chegar ás costas europeas para salvaren as súas vidas dunha morte segura en conflitos bélicos, e quero recordar que soamente no ano 2017 morreron 1.300 persoas no Mediterráneo central por esta causa.

Igualmente, e derivado tamén das previsións da propia Comisión Europea para o próximo período plurianual, cremos desde En Marea que non se pode obviar a necesidade de instar o desenvolvemento de políticas que aseguren unha política agraria común, sostible, social e ambientalmente respectuosa cos principios medioambientais e tamén co conxunto da poboación.

Falan no derradeiro dos seus parágrafos de reclamar unha maior arquitectura que asegure dereitos sociais dos nosos cidadáns. Pois ben, o artigo 4 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle como primeiro dereito social do conxunto da poboación galega o dereito a vivir e traballar na propia terra. Por esa razón, nós consideramos necesario incluír un punto onde, en coherencia con iso, se busquen asegurar políticas que eviten a emigración interior masiva dentro de Europa de rexións e países como Galicia, exportador neto de man de obra cualificada, e sen cualificar, que despois provoca, entre outros, conxunturalmente ou estruturalmente xa neste caso —e vou rematando xa—, políticas que ocasionan o devalo sociodemográfico que estamos a vivir, e por iso pedimos que se revertan a favor de políticas activas de desenvolvemento endógeno, que fixen poboación e revertan a situación actual de implosión demográfica.

Con estas emendas, que entendemos que complementan e contribúen a consolidar o espírito de construción da Unión Europea dende a democracia e a xustiza social, nos atoparán no espazo político de En Marea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Grazas presidente.

Hoxe é o día de Europa, non vemos, a verdade, moito entusiasmo cidadán con esta data, e dígolle —xa de antemán— que non temos nada que celebrar no BNG. O Partido Popular fai aquí un canto de loanza á Unión Europea, como fixo xa recentemente tamén con respecto á Constitución. E con todo respecto ao profesor Puy —aquí falou máis o profesor Puy que o portavoz Puy—, eu diríalles que a súa iniciativa é unha iniciativa *happy flower*, de paz e amor. Paz e amor, porque falan de paz, de prosperidade, de espírito de fraternidade cotiá da nosa unión, do nobre ideal de irmandamento europeo de fraternidade. Moi relixioso todo, ¿non?

Para o Partido Popular a Unión Europea é a quintaesencia da irmandade, da paz, da fraternidade e do progreso universal. E fronte a iso está o eixe do mal, o eixe do mal que son os

populismos, os egoísmos nacionalistas así ditos, sen ningún matiz —vostede aquí dixo outra cousa—, e os pensares cativeiros. Non hai moita autocrítica, polo que se ve.

O BNG, desde logo, non participa deste discurso reduccionista, simplista e maniqueo, e queremos facer algunhas aclaracións, ademais. Miren, a Unión Europea non é o mesmo que Europa. Parece unha cousa obvia, pero é así. Islandia, ou Noruega, ou Suíza, son países europeos, ¿non?, e parece ser que non militan nese europeísmo que veñen vostedes aquí pregoar.

Europeísmo non é o mesmo que europapanatismo, porque vostedes tamén parece que agora son os pais e as nais fundadores de Europa, da Unión Europea. E tamén lles queríamos aclarar unha cousa, o nacionalismo galego ten unha decidida e clara vocación europeísta, universalista e solidaria, e tena xa desde os anos trinta, cando Plácido Castro, un nacionalista, participou na Sociedade de Nacións, e foi alí recoñecida Galiza como nación europea, (*Aplausos.*) porque Galiza tamén foi moito antes de que eses peregrinos mirasen as estrelas vindo a Galiza, foi o primeiro reino de Europa; o reino suevo de Galicia foi o primeiro reino de Europa.

Nós, desde logo, non celebramos unha Unión Europea que nos nega como pobo e como nación; non celebramos unha Unión Europea que impón políticas económicas inxustas e insolidarias, polas que sofre e morre moita xente; non celebramos esta Unión Europea que ergue muros físicos e mentais e que abandona á súa sorte millóns de persoas nos campos da vergoña de Grecia e Turquía; (*Aplausos.*) e non nos recoñecemos nesta Unión Europea que non só abandona á súa sorte, abandona á súa morte miles de persoas que perden a vida nesa auténtica fosa común na que converteron o Mediterráneo. Desde logo, non queremos esta Europa. (*Aplausos.*)

Vostedes loan os beneficios da integración na Unión Europea, pero ocultan os prexuizos, non falan dos prexuizos que tiveron a nosa economía, a nosa industria, o noso sector agrogandeiro e a nosa pesca como consecuencia da integración en Europa.

Desde logo, nós preferiríamos estar na Unión Europea pero como está Malta —que é un país moito máis pequeno que Galiza, e non lle temos ningunha envexa a Malta, pensamos que somos un país moito máis rico—, como está Estonia ou como está Dinamarca, con capacidade de decisión en Europa. Mesmo como están as Illas Feroe, fíxese o que lle digo, as Illas Feroe ou Flandres, tamén con capacidade de participación, pero de participación directa en decisións vitais para o seu futuro, para a súa economía.

Vostedes falan aquí de diversidade cultural e lingüística, e que pregoan e que defenden esa idea, pero incumpren a Carta europea das linguas, como lles dixeron en numerosas ocasións. (*Aplausos.*)

E o que nos chama máis a atención desta iniciativa é que non falaron para nada das previsións orzamentarias para o período 2021–2027, esquecelles esta cuestión. Mire, son previsións coñecidas, ademais, recentemente tiveron ocasión, porque fixeron a iniciativa hai dúas ou tres semanas. Recórdolles que hoxe era o Día de Europa, coincidía en pleno e fixeron a iniciativa, pero non falan nada da redución orzamentaria global e, o que é máis grave, da redución drástica dos fondos de cohesión. E non falan, ademais, do fracaso da estratexia exterior galega da Xunta de Galiza, que puxo como cabalo de batalla da reivindicación o feito

de que se tiveran en conta como criterio de reparto o envellecemento da poboación e tamén o criterio demográfico. Iso non aparece por ningún lado. Non aparece por ningún lado nesas previsións orzamentarias. ¿Sabe por que non aparece por ningún lado? Porque as decisións e as prioridades políticas da Unión Europea son completamente distintas, as previsións están no incremento do gasto militar e no do control de fronteiras, aí é onde incrementa o orzamento europeo.

Miren, incremento do gasto militar, subordinándose ás directrices e ás ordes da OTAN, multiplícase por 22 nese período, ¿que lle parece?, ¿está de acordo? O BNG non está de acordo. O gasto para control de fronteiras, para esa bunkerización de Europa, para pecharlle ás portas á xente que está fuxindo desesperadamente das guerras e da persecución, multiplícase tamén por tres. Desde logo, o BNG non celebra esta Unión Europea militarista, insolidaria, sen alma, inhumana e inxusta. Non a imos celebrar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Ben, eu agradezo que se decatasen de que é o Día de Europa a maioría dos grupos hoxe grazas a esta iniciativa, que recoñecerán que é un día acaído, pero a urxencia vén porque precisamente esta semana pasada —hai uns prazos para debater algo nesta Cámara— sabiamos que se ían facer públicas as previsións orzamentarias, e precisamente por iso —que está máis alá do día da celebración— se inclúe certamente unha aposta polo mantemento das políticas de cohesión e da política agraria.

Dito isto, permítanme dúas ou tres reflexións, porque o señor Bará saca dezaseis mil temas de forma esquemática e sen ningún fundamento; ten unha confusión mental importante, porque resulta que a fraternidade agora é un concepto relixioso, eu crin que viña da Revolución francesa, pero, bueno, en fin, ao final xa sabemos que o que quere é un militarismo pero da Orde de Malta, non o militarismo dos países democráticos. Esa é o ideal do Bloque, Malta, estupendo, unha illa, está perfectamente definido.

Dicía o portavoz socialista —que xa lle avanzo que lle imos aceptar todas as emendas— que esta era unha proposición non de lei socialdemócrata. Bueno, esta é unha proposición non de lei que o que intenta é establecer as bases da construción dunha Europa onde collamos todos: liberais, demócrata-cristiáns e socialdemócratas. Polo tanto, cando vostede, por exemplo, me pide que engada que a liberdade de oportunidades ten que estar no proceso de construción europea, o cal é un concepto fundamentalmente liberal, o da igualdade de oportunidades, pois comprenderá que eu llo acepto, porque ese é xusto o marco que queremos construír. E, en definitiva, traballar nese consenso básico para establecer unhas regras de xogo onde todos nos sintamos cómodos.

Efectivamente, as súas emendas inciden no novo mercado xusto, que tamén é un principio liberal, no mercado equitativo, co que estamos tamén fundamente de acordo, e que é un

principio compartido tanto por liberais como socialdemócratas, e, por suposto, engadimos —ao que xa dicimos das políticas de cohesión— o reforzo que vostede nos propón.

En relación coas Mareas, a construción de Europea comeza no ano 1950. No ano 1949 creouse unha institución, unha organización internacional rexional que pretendía construír a Europea que vostede di, a dos cidadáns, baseada exclusivamente en declaracións de dereitos. É un ideal, fracasou no período de entreguerras, é o Consello de Europa, e o Consello de Europa, como vostede sabe, ten 49 membros, e eu simplemente lle pediría que reflexionase, ¿que funcionou mellor como garantía dos dereitos e construción do estado de benestar, unha unión baseada no compartir intereses económicos, que é o fermento que fixo crecer a Unión Europea, ou outra baseada en ideais que todos compartimos pero que quedou niso, nunha exclusiva organización internacional?

Eu creo que esa reflexión pois podería darlle a vostede que pensar que a Unión Europea non está tan mal. O asilo, quero recordarlle que o ano pasado —só as autoridades europeas— o Frontex rescatou 34.392 persoas das augas do mar, polo tanto, posiblemente todos os esforzos de ONG, etc., son importantes, pero son datos oficiais da propia Unión Europea.

Como dicía o Bloque, non ten nada que celebrar. Cando entramos en Europa tiñamos aproximadamente a media de produto interior bruto per cápita en paridade de poder de compra, e agora temos o 80 %, e Europa medrou en todo isto, pero o Bloque non ten nada que celebrar, ten que celebrar o reino dos suevos, que vostede sabe que os portugueses consideran que non é un reino galego, senón que é o reino de Portugal, e poderíamos falar moito diso.

O que si é certo é que lle recomendo ao respecto que lea o último libro de ensaios do profesor Villares, o presidente do Consello da Cultura, onde explica perfectamente como o home máis decisivo de Galicia foi Gelmírez, precisamente porque en vez de entrar nun reino guerreiro que buscaba a loita contra o sur, que era o que estaba facendo Castela, preferiu abrir a vía do entendemento con Europa a través de Roma...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...o cal marcou a historia de Galicia fundamente e nos pon máis cerca, posiblemente, da Orde de Malta que doutras cousas, pero iso é o que hai.

Sobre o marco presupostario, díxose que descendeu moito, baixou un 5 % a PAC, un 7 % a política rexional, e na última proposta que coñeceramos antes de facerse públicas estas perspectivas baixaban, respectivamente, o 25 % ao 33 % na política rexional e o 15 % ao 30 % para a PAC.

Quero dicirlle con isto que este é un proceso que empeza en marcha, empezamos moito peor, con recortes de ata o 30 %, e agora estamos falando de recortes menores, que se compensarían con outras partidas, porque este marco financeiro incrementa os fondos totais da Unión Europea e, ademais, distribúeos doutra maneira, da que tamén pode tirar vantaxe Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: Polo tanto, é o momento de poñerse a traballar para que mellore ese pacto, e, desde logo, sería bo que tanto o Goberno galego como o Goberno de España tivesen coñecemento de que Galicia apoia ese proceso de construción europea.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, imos votar.

Como todos vostedes teñen xa coñecemento das proposicións, vou obviar a lectura de todas as proposicións e ímolas ir votando de acordo cos grupos parlamentarios.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de don Jacobo Moreira.

Si, ¿para que quere a palabra, señor Moreira?

Déanlle voz ao escano do señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Si, presidente, para solicitar a votación por puntos, os tres puntos por separado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pois procedemos e votamos en primeiro lugar o punto número 1.

Votación do primeiro punto da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto primeiro desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o punto número 2.*

Votación do segundo punto da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 6; abstencións, 26.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto segundo desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o punto número 3.*

Votación do terceiro punto da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 6; abstencións, 26.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto terceiro desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Dolores Toja. ¿Había unha proposta de transacción?*

A señora TOJA SUÁREZ: *Aceptamos a emenda de engádega de En Marea.*

O señor PRESIDENTE: *Grazas.*

Votamos logo con esa emenda de engádega.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Luca Chao, de acordo coa transacción que xa ela mesma leu onte no debate.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa dona Luca Pérez Chao e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Burgo, á que non se presentaron emendas.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun pacto pola lingua galega e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Rivas Cruz, que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de caducidade da concesión mineira San Rafael (núm. 2946) no concello de Touro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará, que dixo que aceptaba as emendas.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bara Torres e cinco deputados/as máis, sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Pedro Puy, que acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

Declaración institucional en relación coa sentenza da Audiencia Provincial de Navarra respecto dos feitos acaecidos en Pamplona durante a madrugada do 7 de xullo de 2016

O señor PRESIDENTE: Antes de abrir as portas, paso a ler unha declaración institucional. No día de hoxe teremos que ler dúas, leo agora esta primeira, que foi a que se propuxo na Xunta de Portavoces. Vouna ler por esta orde, pola tarde leremos a outra. Paso a lela:

«Coñecido o fallo da sentenza da Audiencia Provincial de Navarra que cualifica de abuso sexual (e non de agresión sexual) os feitos acaecidos en Pamplona durante a madrugada do 7 de xullo de 2016, o Parlamento de Galicia acorda manifestar:

1.- O Parlamento de Galicia reafírmase na súa defensa de separación de poderes e no respecto á independencia do poder xudicial, pilar fundamental do estado de dereito consagrado na vixente Constitución de 1978. Porén, os Tribunais de Xustiza, ao igual que toda a manifestación pública do exercicio dos poderes dun Estado democrático, están expostos á opinión pública.

O Parlamento de Galicia, recollendo o sentir maioritario da sociedade galega, mostra o seu desacordo co fallo da mencionada sentenza que, ao non ser firme, pode ser recorrido co obxectivo de que se modifique a cualificación xurídica dos feitos descritos como probados no

mencionado fallo como un delito continuado de abuso sexual. Neste sentido, manifesta o seu acordo co anuncio do Ministerio Fiscal de presentar recurso contra a dita sentenza.

2.- O Parlamento de Galicia traslada o seu apoio e solidariedade á vítima, aos seus familiares e persoas achegadas.

3.- O Parlamento de Galicia mostra a súa comprensión coa decepción e a indignación das mulleres e de toda a cidadanía como consecuencia deste fallo.

4.- O Parlamento de Galicia reafirma que todas as institucións deben actuar no marco de dereito de toda muller á súa plena liberdade, e, por conseguinte, declaramos o noso rexeitamento absoluto a calquera tipo de agresión sexista e de calquera outra natureza contra as liberdades das mulleres.

5.- O Parlamento de Galicia reafirma o seu compromiso para continuar traballando a favor da igualdade real e efectiva, en defensa dos dereitos das mulleres, e para a erradicación das desigualdades e os distintos tipos de violencia que se exercen cara a elas.»

Moitas grazas pola súa atención. *(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)*

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, ás dezaseis horas.

Perdón, non podemos translocar horarios que están establecidos, *(Murmurios.)* porque se non empezamos despois con cambios. Laméntoo, catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Proseguimos a sesión co punto sexto da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as consecuencias no mercado financeiro galego da posible venda do Banco Popular

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Dar tamén a benvinda e o agradecemento aos traballadores e traballadoras que nos acompañan nesta tarde de hoxe do Banco Pastor.

Ben, señor Martínez, levamos xa unha década na que o sector financeiro atravesou unha enorme crise e movementos que foron transformando as súas características, e ao tempo, tamén, case unha década reclamando de vostedes que fagan algo máis que adoptar esa estratexia do avestruz de non facer nada e ignorar as súas consecuencias. Xa foi aló, arredor

do ano 2008, cando estouraron varias burbullas financeiras e foi o inicio dun período de aceleración dos cambios no sector bancario, tanto na súa configuración como tamén nas súas funcións. E, desde entón, canto máis tempo pasa, confírmase algo que daquela demandabamos e denunciabamos as nacionalistas, que é que a resposta que deran os grandes partidos estatais —lonxe de ser unha solución— acabou converténdose en parte do problema.

Partido Popular e Partido Socialista pactaron esa denominada reestruturación bancaria consistente, basicamente, en emprender o camiño contrario ao que se precisaba. Ante as consecuencias desa falta de regulación houbo máis desregulación, menos intervención e menos control dos poderes públicos, unhas actuacións que viñeron acelerar un caldo de cultivo que derivaría tanto na perda de identidade e vinculación co territorio das entidades, como na perda de capacidade financeira do noso país.

Tampouco podemos entender a situación que temos hoxe, en 2018, se non recordamos aquel histórico feito da privatización e a bancarización das caixas de aforros. Hoxe constátase que existía unha estratexia predeterminada para chegar a ese punto e final no que, sen dúbida, tamén ten un protagonismo significativo o señor Núñez Feijóo á chegada á Xunta de Galiza, que acabou de darlles o xaque mate e que mentiu aos galegos e galegas dicindo que tiña un informe que avalaba esa fusión. Aínda onte un dos executivos desa consultoría recordaba, efectivamente, no Congreso —neste caso do Estado español— que ese informe non avalaba tal cousa.

Un proceso que acabou con esa venda para capital foráneo a prezo de saldo das nosas caixas e do que aínda hoxe quedan moitas sombras, e tamén parece que desde o Partido Popular non teñen moito interese en depuralas, porque temos aínda unha comisión de investigación conxelada neste Parlamento sen funcionar e chegar ás súas conclusións.

Seguiron así máis feitos como, por exemplo, a absorción do Banco Pastor por parte do Popular, que despois sería refundado novamente pola entidade como filial, ou como a absorción do Banco Gallego polo Sabadell. Un panorama que, ao final, o resultado sabemos todos e todas cal foi, e é que hoxe Galiza presenta un nivel de concentración bancaria que é superior á media do Estado español, pero que é tamén superior á media europea.

E xa hai menos dun ano a cuestión na que queríamos centrar a nosa atención, e que vostede coñece sobradamente, a caída bursátil do Banco Popular e a súa venda a prezo aínda máis de saldo, polo simbólico —ou máis ben ridículo— prezo dun euro, que foi a contía pola que o Banco Santander mercou a última peza do noso sistema financeiro. E queremos insistir tamén aquí nunha cuestión que para nós é clave, que isto é tamén algo que debера ser investigado con profundidade, pois podemos observar, e hai un consenso xeral arredor desta cuestión, que aquí tamén fallaron os supervisores e tamén se viron novamente os mesmos erros que nas crises de Bankia e que nas crises das caixas galegas. Unha cadea de erros na supervisión, pero tamén decisións políticas, porque isto vén demostrar, á fin e ao cabo, o fracaso desa reestruturación da débeda e a auténtica estafa que foi o rescate bancario financeiro no Estado español.

Existía tamén un amplo consenso en avaliar —e así o fixemos nesta Cámara hai escasamente un ano, en que acordamos e debatemos neste Parlamento esta cuestión e todos e todas coin-

cidiamos— que era unha mala noticia para a nosa economía a perda desta entidade. Despois xa non coincidimos tanto no que había que facer, ou máis ben chegamos a algún consenso, pero non sabemos se vostedes fixeron os deberes ou non, e a min gustaríame que hoxe nos aclarara máis cuestións sobre isto, pois a nós parécenos que foi un esforzo insuficiente.

Comezarei por unha das cuestións que a nós nos parecen máis relevantes de todo este asunto, que é o mantemento da marca Pastor. Desde o minuto número un unha das cuestións que os colectivos de traballadores e tamén este grupo parlamentario puxeron enriba da mesa era que era fundamental manter esa marca do Banco Pastor de cara a asentar non só esa marca, esa fidelidade ao territorio, senón tamén manter unha ficha bancaria e unha entidade propia que favorecera que cuestións como a perda de emprego reduciran o seu impacto.

A día de hoxe non sabemos se vostedes fixeron algo a respecto desta cuestión. O señor Núñez Feijóo regalounos varios titulares de que tivera un encontro coa señora Botín, pero á luz do que vén de anunciar a propia entidade do Banco Pastor, hai escasos días, aparentemente fracasou, porque veñen de confirmar que máis tardar no cuarto trimestre deste presente ano será efectiva esa integración xurídica das tres entidades: Santander, Popular e Pastor. Nós pensamos que esta é unha moi mala nova pero que aínda hai marxe para a actuación política, aínda hai marxe para a negociación e para poñer isto enriba da mesa, e pedímoslle que o fagan desde a Xunta de Galiza.

Nós pensamos e compartimos cos traballadores e traballadoras que manter esa marca propia podería axudar a paliar algunhas das consecuencias e evitar que sexan maiores, por exemplo en canto ao mantemento de emprego. Señor Martínez, hoxe as traballadoras están preocupadas; deste Parlamento saíu un mandato de defender os seus postos de traballo, pero non sabemos que fixeron, e a situación non é para menos que para alarmarse, pois entre as tres entidades hai 2.300 persoas traballando. Iso se non temos en conta todas as derivadas que hai das empresas asociadas que teñen estas entidades en materia de aseguradores ou en materia de servizos á banca, por exemplo vía atención telefónica.

Hai, ademais, unha tremenda duplicidade de oficinas e isto sábese —imaxino— vostede perfectamente, porque o seu goberno lle encargou a Competencia un informe a raíz dunha iniciativa presentada polo Bloque Nacionalista Galego e aparece ben clara e ben inventariada esta duplicidade: Popular e Pastor suman 231 oficinas e o Santander 174. Non fai falta ser adiviños para prever o que isto pode significar. Máis aínda, queremos poñer o acento en que esta entidade da que estamos a falar ten unha importante implantación na dispersión xeográfica que ten o noso país e, polo tanto, tememos que a desaparición de oficinas, nomeadamente no rural, seguindo a tendencia dos últimos anos, acrecente a dificultade de acceso a estes servizos que ten moita da nosa poboación destes lugares.

Tamén insistimos noutra cuestión que nos parece fundamental, que é colateral a todo o que estamos falando da desaparición desa marca e desa existencia separada do Banco Popular-Pastor, que é a vulnerabilidade que está habendo diante dos abusos bancarios e tamén afearlle a pouca implicación que, ao noso punto de vista, tivo a Xunta de Galiza nestes últimos tempos, onde votaron sistematicamente en contra de reforzar os nosos instrumentos propios, como é o Instituto Galego de Consumo.

O propio caso do Pastor é paradigmático desta situación ao comezar polos máis de 50.000 accionistas galegos e galegas que foron enganados, mesmo traballadores e traballadoras que foron coaccionados e coaccionadas para adquirir estas accións. Hai días coñecemos tamén, non todo ían ser malas novas, a primeira sentenza en Galiza que anula unha compra de accións por considerar que esta ampliación de capital do Popular incumpría o deber de información sobre o estado financeiro real da entidade.

Moito queda por facer —pensamos— neste ámbito e será motivo doutras iniciativas, pero non queriamos deixar de falar doutras desas consecuencias que chegan ao noso país aceleradas, tamén, por esta última desaparición dunha entidade que era propia, que é a dificultade no acceso ao crédito. As persoas do noso país e, sobre todo, as pequenas e medianas empresas, que eran un referente para esta entidade bancaria, van ter agora unha porta menos á que petar e a nós preocúpanos esta cuestión, e gustaríanos saber cal vai ser a folla de ruta da Xunta de Galiza.

Non é a primeira vez que poñemos este debate enriba da mesa, tal e como vimos alertando nos últimos anos. Desde que o señor Feijóo chegou ao goberno coincidiu cun pico da caída destes créditos e depósitos e podemos sinalar unha caída de máis de 30.000 millóns de euros en total. En todo caso, independentemente das diferentes cifras, Galiza é a comunidade onde o crédito foi caendo con maior intensidade, e que o Popular-Pastor deixe de ser galego, deixe de ter ficha propia, vai ter —pensamos— consecuencias, tamén, na fixación de aforro e no acceso a este para que se destine para créditos no noso país.

Vou rematando, señor Martínez, estas son, moi brevemente, as consecuencias complexas, extensas e por múltiples ámbitos que ten no noso país esa concentración bancaria, esa perda do músculo financeiro galego e que agora mesmo a perda do Popular-Pastor vén consolidar. Neste momento nós pensamos e sempre insistimos en que hai medidas estruturais a tomar, pero preocúpannos as urxencias, e dentro desas urxencias queremos demandar da Xunta de Galiza que se implique en que esa marca Pastor, esa entidade propia galega, non desapareza e que isto se inste desde os poderes públicos, porque nós pesamos que é a mellor garantía, a mellor arma á que nos podemos aferrar agora mesmo para entre todos e todas axudar a impedir esa perda de emprego, axudar a manter a relación desta entidade co territorio, e que iso pese á hora de decidir investimentos, e tamén que se garanta unha rede de atención e oficinas suficiente; e, sobre todo, a preocupación que máis temos neste momento é esa á que eu me refería do emprego, que non son contías menores e que ademais é a primeira consecuencia doutras moitas que nos van afectar a todos e todas as galegas e galegos, sexamos ou non sexamos traballadores desta entidade.

Estas son as prioridades que nesta tarde o Bloque Nacionalista Galego quere poñerlle a vos-
tede enriba da mesa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...despois duns meses onde o Goberno galego estivo ausente e, unha vez máis, non achegou ningunha alternativa nesta cuestión, nin coñecemos que fixera ningunha adaptación cuxo resultado...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...fora positivo.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Señoría, boas tardes.

O primeiro que me gustaría sinalar é que a iniciativa que trae a este pleno data de hai practicamente un ano. Dito isto, e indo ao obxecto da mesma, tamén me gustaría salientar que a concentración bancaria é unha preocupación compartida polo Goberno galego, entendo que tamén por todos os grupos parlamentarios. De feito, acaba de facer vostede unha referencia e todos estivemos de acordo en que a Comisión Galega da Competencia elaborase un informe sobre o seu impacto desde o punto de vista da competencia, que seguro —acaba de facer referencia a el, como dicía— coñece perfectamente. Porque, evidentemente, e por definición, calquera concentración nun sector pode ter efectos sobre a competencia. Non obstante, no sector bancario convén analizar os antecedentes.

En 2008 España era o país europeo con maior número de oficinas bancarias, con 46.000, por riba de Alemaña, que daquela tiña 39.500, e de Francia, que non chegaba ás 39.000. Desde entón a crise financeira o que provocou foi unha importante reestruturación no sector bancario en toda a Unión Europea, incluída España, e iso implicou unha concentración do número de entidades co obxectivo —que non era outro, e segue sendo— de garantir a solvencia e o seu futuro.

Este proceso de reestruturación produciu un progresivo axuste no número de oficinas, que en Galicia foi dous puntos inferior ao do conxunto do Estado, segundo os datos que nos facilita, obviamente, o Banco de España.

Unha vez exposto isto, permítame sinalar as tres principais conclusións do informe elaborado pola Comisión Galega de Competencia: en primeiro lugar, pese a que o mercado bancario galego presenta maiores niveis de concentración, a relación entre a estrutura de mercado e o nivel de competencia existente no mesmo non depende exclusivamente dos niveis de concentración. No mercado bancario galego conflúen unha serie de características que axudan a crear un marco máis favorable á existencia da competencia, a pesar do nivel de concentración constatada.

A pesar deste nivel de concentración existente no mercado galego, ningunha empresa ten unha posición dominante. Non existen barreiras de entrada significativas que impidan a entrada de novas entidades ou un aumento da presenza das que xa están radicadas en Ga-

licia. Hai unha serie de entidades, como poden ser o BBVA, CaixaBank ou Bankia, cunha forte presenza no mercado español e con marca de renome, que aumentan as posibilidades da súa posición competitiva no mercado galego, por riba do que indican as súas cotas de mercado, que están ao redor do 10 %. A xeneralización da banca en liña difumina tamén as fronteiras xeográficas dos mercados e permite aos consumidores e ás empresas operar cun número cada vez máis elevado de entidades aínda que non teñan oficinas abertas en Galicia.

En quinto lugar, non existen impedimentos, nin legais nin fácticos, que impidan aos clientes dun banco cambiar de entidade.

En sexto lugar, a gran cantidade de servizos do negocio bancario permite que unha entidade poida diferenciarse perfectamente do resto. Polo tanto, non estamos nun produto totalmente homoxéneo que dificulte a competencia baseada, exclusivamente, no prezo, normalmente, todo isto en prexuízo das entidades máis cativas.

En sétimo lugar, a estrita regulación e supervisión a que están sometidas as entidades de crédito dificulta as prácticas anticompetitivas. E, no caso de que se puidesen producir, serían detectadas e sancionadas, como, por exemplo, acaba de suceder coa multa de 91 millóns de euros imposta pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia a catro das principais entidades españolas.

En segundo lugar, a adquisición do Banco Popular polo Banco Santander elevou, obviamente, os niveis de concentración no mercado galego, pero reduciu o poder de mercado relativo da primeira entidade financeira galega por cota de mercado. Porque para valorar o poder de mercado dunha determinada empresa hai que ter en conta a súa cota de mercado relativo. Así, as cotas de mercado en relación co número de oficinas de Abanca e do seu principal rival pasaron do 34,17 % fronte ao 12,83 % a estar no 34,17 % fronte ao 26,11 %; é dicir, mentres a cota de Abanca non varía, o seu poder de mercado relativo é menor.

En terceiro lugar —e non menos importante—, na actualidade non existe constancia de coordinación de condutas no mercado bancario galego e si en cambio dun incremento da competencia entre as entidades. Nos últimos anos o mercado español caracterizouse por ter marxes reducidas nunha contorna altamente competitiva. Nos últimos meses en Galicia a competencia parece aumentar, como consecuencia, en parte, da loita por tentar captar clientes do Banco Pastor.

Ademais, e case unha década despois de comezado o proceso de reestruturación bancaria en España, Galicia é unha das comunidades con menos problemas de acceso a entidades bancarias —digo menos problemas, non non existencia de problemas—. En Galicia, o 97,7 % da poboación ten unha entidade bancaria no seu concello.

Por outra banda, as entidades financeiras deberán adaptarse ás novas formas de relación co cliente, as que, aínda que a oficina seguirá xogando un rol importante, deberán ofrecer unha resposta omnicanal, de tal modo que se atendan as necesidades do cliente dende a plataforma que este cliente considere.

A utilización da banca electrónica e a irrupción do smartphone, no que España é o país europeo con maior penetración (próxima ao 90 %), converterá estas canles en prioritarias na interlocución coa banca. Esta irrupción dixital expón a banca a novos desafíos no marco do seu posicionamento fronte aos novos competidores.

En Galicia temos a vantaxe de contar cunha entidade radicada no noso territorio que centra o seu negocio en Galicia e cunha importante cota de mercado, como refería hai un momento. Dende a Xunta de Galicia estamos comprometidos a defender, dentro das nosas competencias, as entidades financeiras da Comunidade Autónoma. Creo que nesta tarefa deberíamos mostrar unión entre todas as institucións, grupos parlamentarios, concellos, traballadores e o conxunto da sociedade galega para ter máis forza nos nosos argumentos.

Dende o Goberno galego traballamos e defendemos todas aquelas iniciativas que implican manter as entidades financeiras radicadas en Galicia, manter o emprego e que traballen para Galicia, con independencia de cal sexa a súa propiedade.

Nun contorno global como no que nos movemos, a riqueza e o emprego teñen que vir, nunha parte importante, a través da internacionalización da economía. Isto supón que as empresas galegas invistan fóra e que as empresas de fóra invistan en Galicia. Debemos lembrar que o Banco Pastor xa non era un banco autónomo dende o ano 2012. A venda do Pastor ao Popular foi no seu día froito dunha decisión libre que tomara a propiedade do banco, xa que, ao seu entender, era necesario para afrontar o proceso de reestruturación bancaria que se estaba a vivir.

En todo caso, e con independencia de quen sexan os accionistas do banco, quen sexa o propietario do banco, xa sexa Popular ou Santander, ou no caso mesmo ao que me refería antes, de Abanca, de Banesco, o que é bo para Galicia é contar con entidades bancarias con sede en Galicia, entidades bancarias que se identifiquen con Galicia e se comprometan coas pemes e as familias galegas e entidades bancarias que manteñan o emprego en Galicia. Esta postura é a que levamos defendendo dende a Xunta de Galicia, non só agora, senón dende o 2009, cando chegamos ao Goberno, a pesar de todas as críticas recibidas.

Este goberno traballou para que Galicia mantivese unha entidade financeira propia, con sede social e fiscal en Galicia, centrada en Galicia, como demandou tamén este Parlamento. E esas decisións tiveron un efecto evidente tamén no emprego. Hoxe Galicia conta cunha entidade radicada no noso territorio que dá emprego a máis de 4.500 persoas.

E moitas grazas por esta primeira intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Señor Martínez, a verdade, efectivamente, imaxinei que nalgún momento da súa intervención pois vostede podería facer referencia a ese informe de Competencia, que, como eu re-

cordaba na miña primeira intervención, efectivamente, foi encargado polo Goberno da Xunta cando se fixeron eco dunha iniciativa que presentara esta organización. Acórdome, ademais, porque, como habitualmente non cumpren as iniciativas que nos aproban e facemos un seguimento, pois para unha que cumpriron, aínda que non estamos moi satisfeitas co resultado, levamos cumprida conta. Eu teño aquí o resumo que cando o lin fixen del, pero xa o coñezo, non necesitaba que vostede nolo explicase. Tamén, a respecto deste informe, que o fixera Competencia; iso decidírono vostedes.

A nós parécenos un informe interesante, que, desde o punto de vista de Competencia, que é algo a ter en conta, chega a cuestións interesantes, pero tamén no seu día, cando lle preguntamos á Dirección Xeral de Consumo sobre o estado deste informe, avanzamos que para temiamos —e así o confirmamos— que algunha das patas quedase incompleta neste informe, para nós non suficientemente analizada, como é a propia cuestión do consumo.

Pero iso non é o asunto desta interpelación. Nós queríamos traer o Goberno galego precisamente aquí pola motivación que aparece recollida na iniciativa que rexistramos, e é, aínda que é certo que nese momento aínda non se consumara a venda, que cuestións ía poñer o Goberno enriba da mesa.

Por responder a algunhas cousas, falaba vostede do número de entidades. Xa teñen empregado vostedes moitas veces ese argumento de que temos unha redución inferior á media do Estado. Tendo en conta tamén como é a nosa distribución poboacional, pois non é de estrañar. Pero vostede coincidirá comigo en que vostede ten a obriga de ter, calquera persoa ten a obriga de ter unha conta bancaria. Entón, ata certo punto pois as entidades bancarias, aínda que son cuestións privadas maioritariamente, están a fornecer tamén un servizo que debemos entender como público.

Polo tanto, para nós non é menor que haxa unha redución, que estamos seguros de que, se facemos ese mesmo informe dentro de dous anos, vai ser moi drástica. Vai afectar, efectivamente, de forma máis importante a poboación rural. Hai sitios no noso país —estame acordando—, como, por exemplo, o concello da Mezquita, que vai un bus unha ou dúas veces á semana —non recordo— para que a xente de alí tire cartos.

Quero dicir: ese non é o modo ao que debemos aspirar, porque iso facilita, un, cada vez menos postos de traballo, e despois, tamén, que tendo en conta a transformación que está habendo tamén das funcións que teñen as entidades bancarias, que cada vez, en vez de fornecer créditos, son máis ben colocadoras de produtos moitas veces non ben informados, porque tampouco se fixo unha transposición responsable das normativas europeas, iso facilita que haxa tamén máis abusos e que unha parte importante do noso país non poida ter acceso a determinados servizos e se vexa afectada tamén esa parte da competencia.

Pero para nós o máis importante de hoxe, no que temos máis dúbidas, é que vai facer, diante deste novo anuncio do Santander, o Goberno galego. Porque a nós parécenos unha cuestión moi preocupante. Claro, vostede pode coller os datos brutos de traballadores e traballadoras e dicirme que, desde que se vendeu esta entidade ao prezo dun euro, non houbo drásticas reducións de emprego. Pero vostede esquece que esta xente xa arrastraba varios ERE e que,

claro, non é indiferente este anuncio de que antes de que remate o presente 2018 vai estar consumada esa transformación definitiva que fai que perdamos esta entidade bancaria. Vaina haber nalgún momento, púidose ter acelerado con anterioridade ou pode demorarse uns meses, pero vai haber nalgún momento unha saída a esa duplicidade de oficinas. E nós estamos moi preocupadas, igual que estes traballadores e traballadoras, porque temos, por desgraza, o convencemento de que só vai supoñer unha redución dos postos de traballo.

Pensamos que vostedes deberían vir aquí dicirnos algo máis que xeneralidades, porque eu, sobre o discurso, claro, se vostede me di que vostedes están moi de acordo con manter a entidade en Galiza, con manter os postos de traballo, deduzo que, cando vostede me di que quere que a sede estea aquí, se referirá á sede fiscal. Eu quero que a sede fiscal estea aquí, pero, desde logo, esperabamos un pouco máis de concreción, porque, claro, no momento de consumarse esta venda, temos aquí titulares (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*): «*Feijóo revela que Botín le aseguró que estudiará mantener la marca Pastor.*» Pois estudar estudaría moito, pero o que vemos é que tomou a decisión de non mantela. Polo tanto, vostedes deberán dicir algo.

«A Xunta» —outro titular— «estará vixiante polo mantemento dos empregos». Si, pero é que vixiar ou facer apoio, como dixo vostede, a iniciativas que defendan o emprego non é vir aquí e puntualmente votar algunha iniciativa coa oposición, senón despois exercer de Goberno galego e intentar cumprir isto alá onde vostedes vaian, exercendo un pouco o seu poder político.

Vostedes, ademais, no seu goberno teñen moita tendencia a facer grandes anuncios con grandes empresas. Esa tendencia, moitas veces, téñena. E aí, claro, cando lles convén, si que teñen capacidade de interlocución, pero cando este país ten un problema que é fundamental para o mantemento do seu músculo financeiro e que é fundamental para o mantemento dunha entidade que dalgún modo siga ligada a este país, e que non é menor, ademais, nese contexto global do que vostede falaba, de que as nosas pequenas e medianas empresas teñan unha porta á que chamar que teña certo interese co territorio e certa vinculación, e que non...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señoras PRESAS BERGANTIÑOS: ...é menor tampouco a capacidade de interlocución que pode ter a Xunta de Galiza de forma proactiva, pois que non a empregue para manter estes postos de traballo.

Entón, eu pregaríalle un pouco de sensibilidade e de compromiso cos traballadores e traballadoras que aínda neste momento teñen un emprego nesta entidade bancaria. E eu agardo non ter que volver a esta mesma tribuna dentro dun mes, dous, tres ou un ano e lamentar que xa non o teñen. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Peche da interpelación, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Señoría.

Volvo reiterar que as concentracións dos distintos sectores e subsectores económicos non son boas para a competencia. Pero o informe conclúe o que lle acabo de expoñer.

En primeiro lugar, no mercado bancario galego conflúen unha serie de características que axudan a crear un marco máis favorable á existencia de competencia a pesar do nivel de concentración detectado.

En segundo lugar, a adquisición do Banco Popular polo Banco Santander elevou os niveis de concentración no mercado galego, pero reduciu en termos relativos a importancia de Abanca, e na actualidade, e en terceiro lugar —e non menos importante—, non existe constancia de coordinación de condutas e si, en cambio, un incremento da competencia entre as entidades; insisto.

Na súa primeira intervención tamén se refería bastante ben. Teño que recoñecer que eu, que a sigo bastantes veces, considero que progresa adecuadamente.

Estamos, e estivemos, nunha crise financeira global, dicíallo moi ben, que tivo unha especial incidencia en España. ¿Debido a que? —tampouco fixo referencia, pero nunca nos debemos de esquecer, por se é o caso—, pola expansión crediticia inmobiliaria desaforada que se produciu, e isto motivou que fose necesario un saneamento de entidades e un proceso de reestruturación e concentración de entidades.

Non obstante, reitero que en Galicia estamos en mellor posición que a media do Estado. Como dicía, o 97,7 % da nosa poboación ten unha entidade bancaria no seu concello. Por comparar, e simplemente por comparar, esta porcentaxe é menor que en moitísimas comunidades autónomas. Por exemplo, País Vasco; por exemplo, Cataluña; por exemplo, Valencia, Navarra, Cantabria ou Castela e León, que está ao noso carón.

En canto á diminución de oficinas en Galicia, tamén temos unha posición relativa mellor. A media de perda de oficinas en España foi do 40 % entre o 2008 e o 2017, e en Galicia dous puntos menos.

Por exemplo, tamén en termos comparados, en Cataluña foi dez puntos superior á que tivemos en Galicia, que foi dese 38 %.

Tamén insisto en que as entidades financeiras deben de adaptarse ás novas formas de relación co cliente. Se nos ceñimos ao caso do Banco Pastor, eu creo que a situación da entidade era consecuencia dunhas decisións do banco que nos últimos anos, empezando por esa elevada exposición inmobiliaria, os seus equipos xestores no seu momento non souberon dicir convenientemente.

Volvo reiterar que o Banco Pastor foi vendido no 2012, non é algo que pasara no 2017, pero, unha vez chegado ao punto que se chegou, considero —e esta é unha apreciación persoal—

que as opcións eran dúas: a liquidación do banco, e obviamente habería unha perda non tan só para os accionistas ou os bonistas, senón tamén para os depositantes; ou, tamén, habería outra opción, que era a resolución e venda a outra entidade privada, como está sucedendo en Europa, que é unha das directrices mestras para que non haxa unha socialización de toda esta cuestión. Eu creo que é a cuestión menos mala, pero a opción elixida foi a correcta.

Polo tanto, foi a correcta porque o interese xeral creo que queda mellor garantido con esta situación, e tamén é menos mala, ¿para quen? Para os depositantes, que non perderon os seus aforros e porque garantiu a continuidade do banco e a súa liquidez.

Desde a Xunta sempre velaremos porque os axustes en materia de emprego se fagan co maior grao de acordo posible, defendendo sempre os intereses dos traballadores. Saben moi ben que dos distintos —en número de dous— presentados expedientes de emprego que temos constancia do Banco de Santander, ao afectar varias comunidades autónomas, se nos dá traslado a determinada información, pero que non temos toda; aínda así, volvo repetir que sempre velaremos porque chegado o momento dos axustes estes se fagan co maior grao de acordo posible cos representantes dos traballadores, e sempre en defensa dos intereses dos traballadores.

Dende a Xunta, e xa para pechar, señoría, sempre apoiamos as iniciativas encamiñadas a manter entidades radicadas en Galicia, que tamén se acaba de referir vostede na súa segunda intervención, ademais de defender sempre que proxectos —independentemente de cal sexa a súa orixe— creen emprego e riqueza en Galicia. Porque para Galicia cremos que é positivo contar con entidades bancarias con sede en Galicia. Sempre o dixemos e moitos desgustos nos ten dado dende o ano 2009, pero seguímolo mantendo.

Entidades bancarias que se identifiquen con Galicia e se comprometan coas nosas pemes, porque son parte maioritaria do noso tecido produtivo, e coas nosas familias, e entidades bancarias que manteñan o emprego en Galicia. Aí sempre nos terán ao seu carón.

Non é tan importante saber ou non determinadas cuestións que foron avanzadas por vostedes e outras que me parece que temos pendentes —xa falaremos en cuestión de preguntas orais que teñen formuladas—, e tamén fixo unha referencia entre a relación, entre os depósitos, os créditos, a propensión ao aforro en Galicia e a propensión ao crédito. Xa falaremos.

O que si lle adianto é que sería moi bo que o foco non o puxeramos en determinados anos, senón que miráramos un pouquiño dende máis lonxe cal é a evolución para chegar a determinadas conclusións, e creo que todas e cada unha delas son positivas para o comportamento que están demostrando as familias e as empresas en Galicia.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Hoxe traemos un asunto a esta Cámara que nos parece importante, porque é exemplo desas disfuncións ou discordancias que se ven nas leis, que non se intúen, e logo á hora de poñelas en práctica — e a través dos seus regulamentos — saen á luz e evidencian problemas de aplicación que é preciso subsanar.

E coa Lei de estradas evidenciouse, señora conselleira, que o seu regulamento se pasou nalgunha cuestión, literalmente de freada. A nova regulación normativa das estradas en Galicia está a provocar importantes incidencias na súa aplicación, afectando dereitos e deberes urbanísticos da veciñanza galega. Unha regulación que, máis alá de desenvolver o que dita a lei, neste caso innovou e engadiu articulado novo, o que colleu por sorpresa a moitos concellos, incluso aqueles que estaban a tramitar os seus propios planeamentos.

E a poboación pode estar máis sensibilizada con outro tipo de problemas de índole urbanística moito máis visibilizados, como a afectación de núcleos costeiros na liña de 100 metros da costa, que hoxe, precisamente, trouxo a xente de Vilaboa a manifestarse a este Parlamento, e que conleva á drástica derruba de vivendas aínda amparadas por licenza.

Pero o problema que traemos hoxe a este pleno é moito máis silencioso, porque os afectados e afectadas moitos nin coñecen a medida que lles afecta, e os e as que a coñecen non atopan un interlocutor claro que lles explique o porqué. O porqué de non poder facer uso do aproveitamento das súas parcelas, que os propios planeamentos si lles autorizan. En concreto, existe unha prohibición que afecta as parcelas lindeiras coas estradas provinciais e autonómicas en todo tipo de solos, sexa cal sexa a súa clasificación, e isto é importante recalcalo, señora Vázquez, porque, sexa cal sexa a súa clasificación, as partes máis afectadas son, sen dúbida, os tramos de treitos urbanos que discorren polos solos de núcleo rural.

E expliquemos de onde vén todo isto. A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 52 que a administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer con carácter obrigatorio os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo a normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, de seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, di que será prioritario o emprego dos accesos existentes.

Fala, por tanto, de, por un lado, respecto á normativa vixente e, por outro lado, de aplicar criterios que xustifiquen esa limitación de accesos. Esta regulación é moi similar ao réxime establecido para as autorizacións de novos accesos por parte das administracións titulares das estradas, que se recollían na normativa anterior á Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

E, sen embargo, o Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, vai máis aló do establecido na Lei de estradas galegas, e no seu artigo 137 establece que as

parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través doutras vías distintas das estradas.

Polo tanto, o Regulamento de desenvolvemento non está a ser concorde coa lei aprobada ao respecto e vén supor unha modificación da propia lei, xa que coa previsión incluída no artigo 137 está a prohibir as parcelacións e segregacións de parcelas con fronte a estradas provinciais e autonómicas, cando non haxa alternativa de acceso por vías doutra titularidade pública, o que non se recollía na lei do 2013, e que tampouco se recolle na regulación das estradas de titularidade estatal.

Temos a constancia en diferentes concellos de casos de parcelacións non autorizadas polos titulares de estradas non municipais ante a imposibilidade de acceder ás novas parcelas por vías alternativas. Un cambio, polo tanto, normativo, en principio, sen carácter urbanístico provoca *de facto* unha recualificación urbanística, xa que con esta imposibilidade de autorización desaparece a posibilidade de parcelación de fincas que cumprían todos os requisitos da normativa urbanística para a dita parcelación.

Esta imposibilidade de parcelación ou segregación, que lembremos que ten como fin último a edificación conforme o artigo 148 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, implica de forma clara e nítida unha modificación do réxime de dereitos e deberes dos e das propietarios.

O propio regulamento no seu artigo 128, de limitación e ordenación dos accesos, no seu punto 4, en relación coas estradas convencionais, que son todas as que non son autoestradas, autovías ou vías exclusivas para automóbiles, contempla a autorización de accesos ás mesmas das propiedades lindeiras cando se xustifique, incluso, a non posibilidade de acceso a calquera outra vía pública.

Parécenos chocante, polo tanto, que se contemplan novos accesos para parcelas que dan ás vías convencionais, se se demostra que non teñen posibilidade de acceso por outra vía, pero, sen embargo, que non se contemple esta vía para segregacións e parcelacións neste mesmo tipo de vías, e especialmente nos treitos urbanos cando teñen, precisamente, cualificación de solos urbanos ou de núcleos rurais.

Este artigo 137 aplica, polo tanto, unha táboa rasa para toda Galicia, sen ter en conta, precisamente, o que di o artigo 52 da lei, que é aplicar criterios de intensidade, funcionalidade, seguridade ou de explotación da estrada para restrinxir os accesos.

Non só non se están a aplicar eses criterios que xustifiquen estas decisións, senón que se consideran que son as mesmas condicións as das estradas do concello ourensán, por exemplo, de Castrelo do Val que aquelas do concello de Sanxenxo, algo que, como comprenderá, non se explica de ningún modo.

Eu agardo que entenda a dificultade de entender esta discriminación dunha situación respecto á outra, e especialmente nos treitos urbanos, porque é precisamente nestes contornos e nos núcleos rurais onde as normas urbanísticas buscan precisamente a concentración das

edificacións para, precisamente, mellorar a eficacia dos servizos e das infraestruturas e evitar a dispersión. Xusto o que o artigo 137 está fomentado e limitando ao condenar moitas parcelas a un menor aproveitamento do que lles é factible.

Se este condicionante que impón o Regulamento da Lei de estradas provoca esa incapacidade para concentrar a edificación, máis alá do que dita o propio Plan xeral de ordenación municipal, algo, sen dúbida, está a chirriar.

Nós non dubidamos —e quero insistir neste punto—, señora conselleira, das bondades que ten esta lei e da motivación que —entendemos— hai detrás de moitos dos artigos do regulamento, que é contribuir —entendemos— á seguridade viaria das estradas. Pero ben é certo que neste tipo de tramos, onde a consolidación en moitos casos é grande, non atopamos sentido a poñer trabas ao máximo aproveitamento e en contra das propias normas urbanísticas vixentes en cada caso. Basicamente porque poden darse casos moi concretos de gran consolidación de núcleos con múltiples edificacións e accesos dende parcelas ás vías e que restando unha ou dúas por edificar se vexan agora inexplicablemente afectadas. Núcleos con medidas redutoras de velocidade, de seguridade viaria e con condicións moi parellas ás áreas urbanas.

Nós, polo tanto, hoxe expoñemos esta disfunción do regulamento, que ten agora dous anos de andadura, e agardamos que nos traslade o seu punto de vista e o da súa consellería.

Opiniós sobre un decreto autonómico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, en reunión do 26 de maio de 2016, a proposta da persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que non só inclúe unha regulación moi diferente á lei sectorial que desenvolve regulamentariamente, senón que modifica o contido e efectos de toda normativa urbanística en vigor en moitos — por non dicir todos— concellos de Galicia.

Francamente, regular está ben, pero sobrepasarse é o que provoca friccións difíciles de compaxinar. As e os que temos contacto co mundo da construción e do urbanismo sabemos da tolería que é a excesiva regulamentación vixente, unhas 140 normas de tipo autonómico e ao redor duns 500 textos legais son os que temos que manexar e coñecer, e entendo que é laboura deste goberno conseguir que, polo menos, se coordinen e, como neste caso, se limiten á materia que lles compete.

De feito, sería interesante coñecer non só a súa opinión senón a da propia Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola clara invasión do seu terreo competencial. Saber tamén pola súa parte, segundo todo o exposto, e permítame, señora conselleira, que lle traslade as seguintes preguntas:

Primeiro, se considera o Goberno que o artigo 137 do Regulamento de estradas de Galicia é congruente e respectuoso coa normativa legal existente; se valorou as consecuencias que ten para Galicia; se é coñecedora dos problemas e cambios de cualificación urbanística para moitas parcelas en todo o ámbito galego; se levou a cabo algún proceso previo de información ou colaboración a respecto desta cuestión concreta con outras administracións. Nese caso, ¿con que informes previos se contou? ¿Neses informes valorouse a incidencia deste

artigo 137? ¿Pensou tomar algunha medida para anular a regulación contida no artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia?

Agardando que poida responder a todas estas cuestións, nada máis polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pierres.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Pierres, trae vostede hoxe ao Parlamento unha iniciativa relacionada coa aplicación da Lei 8/2013, da Lei de estradas de Galicia, e tamén co Regulamento xeral de estradas de Galicia. O certo é que é unha iniciativa cun importante compoñente, dende logo, técnico, excesivamente técnico, e creo que o foro axeitado sería de tipo técnico. En calquera caso, non teño ningún problema de explicar algo tan técnico no pouco tempo limitado que teño nesta tribuna.

Primeiramente, a Lei de estradas de Galicia, que nace no 2013, nace con motivos de mellorar a coordinación coa lei urbanística e, tamén, coa propia ordenación prevista na lei estatal. Estamos a falar dunha lei que facilita a xestión da rede viaria atendendo as peculiaridades territoriais de Galicia e tamén as condicións urbanísticas singulares da propia Galicia. Eu creo que ten que recoñecer —como arquitecta que é, ademais de deputada— o propio éxito que é o concepto de treito urbano dentro desa propia Lei de estradas e que o propio núcleo rural sexa tamén atendido como solo urbano nese concepto de treito urbano. Permite unha regulación moito máis sinxela, máis peculiar para as necesidades que temos en Galicia, e ese mesmo obxectivo teno o propio Regulamento xeral de estradas de Galicia, o primeiro regulamento que temos galego de estradas.

E respecto da prohibición de parcelacións é que non é un tema que naza co Regulamento da Lei de estradas, señora Pierres, debería vostede sabelo. Os propios informes sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas sempre se emitían para eses casos de parcelacións ou segregacións, que é o que se está a facer dende o propio regulamento. É que esas parcelacións e segregacións non podían facerse sen o informe da Axencia Galega de Infraestruturas, o Informe sectorial de seguridade viaria.

Porque, señora Pierres, o que estamos é a falar dunha cuestión que afecta principalmente a seguridade viaria, e eu creo que compartirá comigo que coa seguridade viaria non se xoga. O que fai o regulamento é trasladar ese criterio técnico dunha disposición de carácter xeral e ser máis transparente, conseguir que as estradas sexan cada vez máis seguras, señora Pierres, e equilibrar os propios intereses dos propietarios cos propios usuarios da vía, e tamén da Administración, para velar pola seguridade viaria.

E, como dicía, as parcelacións e as segregacións supoñen xerar novos accesos ás estradas, xa o dicía vostede. As estradas están deseñadas para mellorar a mobilidade, pero non para

substanciar e incrementar os desenvolvementos urbanísticos. Dende logo que cantos máis accesos teñan as estradas máis interferencias terán as estradas e, polo tanto, serán estradas moito menos seguras. Eu creo que iso hai que condicionalo, hai que controlalo e hai que priorizar que eses accesos cumpran seguridade viaria, cumpran criterios específicos de seguridade viaria e que sexan á marxe da estrada. Aínda máis, para que unha segregación sexa viable debe cumprirse a normativa de accesos; polo tanto, do que estamos a falar é de cumprir criterios específicos e concretos de seguridade viaria e, polo tanto, de contar con estradas máis seguras e non máis inseguras.

E o certo é que hai moitos factores que me comenta vostede que poden xerar problemas. Realmente escoitando a súa interpelación é que están a pedir facer cambios, e facer cambios tamén pode xerar moitísimos problemas. Pode ocorrer, por exemplo, de modificarse o regulamento, que pode haber parcelas que sexan resultado dunha segregación e que a edificación non sería viable pola imposibilidade de cumprir a propia normativa de accesos, porque a normativa de accesos compartirá que hai que cumprila e, polo tanto, estaría contravindo o propio acto administrativo de segregación.

Tamén podería suceder que se permitise a execución dun desenvolvemento urbanístico da estrada de moitísimas vivendas adosadas. ¿Imos permitir moitos accesos indiscriminados nunha mesma estrada dese desenvolvemento urbanístico en varias vivendas adosadas? Pero é que o regulamento é para Galicia, non para un caso concreto que trae aquí vostede, señoría, e, polo tanto, o que gañaría é o promotor. O que me está a trasladar, ao mellor, é que ten que gañar o promotor e, por suposto, diminuír a seguridade viaria.

No artigo 130 —un artigo anterior ao 137— do Regulamento xeral de estradas determínanse as condicións concretas dos accesos: razóns de visibilidade —non o vou relatar aquí para non estenderme moito, ao artigo 130 seguro que vostede tivo ocasión de botarlle unha ollada—, ¿quere vostede que suprimamos este artigo tamén? ¿Quere vostede que fagamos accesos e que autoricemos accesos sen visibilidade? É que non é calquera cuestión a que trae vostede aquí, insisto, é moi técnica, excesivamente técnica —na miña opinión— para abordar aquí dunha forma coherente e seria para que todos poidamos entendela neste tempo limitado e sen, incluso, ao mellor, traer planos. Para entender as cousas, eu creo que tendo formación técnica, coma min, as cousas se entenden moitísimo mellor —para entendelas ben— con algún plano.

Eu creo que é evidente que non hai ningunha contradición entre o artigo 52 e o artigo 137. Dende logo, o artigo 52 da Lei de estradas de Galicia xa o indicou vostede e xa non o relato, e o artigo 137 tamén. O artigo 137 do regulamento está a desenvolver de forma coherente —insisto— o artigo 52 da Lei de estradas; por iso son os regulamentos con criterios, específicos e pensados por seguridade viaria, señora Pierres.

O corpo normativo é tamén, dende logo, consistente: a Lei de estradas de 2013 e o regulamento do ano 2016. Agora seguro que sabe que estamos traballando nunha orde que regula os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo. Dende logo, unha orde que afecta a parcelación, e, por suposto, sen accesos non pode existir parcelación. Un documento que, dende logo, facilitará os accesos cunha normativa máis adaptada á realidade territorial

de Galicia e á normativa estatal; pero, dende logo, primando e velando pola seguridade viaria, como debe ser a nosa responsabilidade. Tamén estamos a avanzar no recoñecemento dos treitos urbanos en solo de núcleo rural. Dende logo, é un éxito que na Lei de estradas de Galicia se incluíra este concepto.

E indo a unha segunda parte da cuestión que vostedes plantexan: a necesidade de acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas que se resolva a través doutras vías distintas das estradas. Tamén neste punto vostedes fan unha interpretación singular, máis restritiva que a propia realidade. É o que lle teño que trasladar porque así, dende logo, o ven os técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas e na propia consellería. E é un precepto normativo que exige unicamente o acceso rodado a esas novas parcelas resultantes dunha segregación distinta das estradas, e que ao que habilita é a ter acceso a esas parcelas a través, por exemplo, dunha vía de servizo, que segurísimo, dende logo, aporta moitísima máis seguridade viaria.

Polo tanto, bastaría con solicitar unicamente e previamente esa conexión cunha vía de servizo e unha vez executada perfectamente autorizable esa parcelación. En consecuencia, cunha solicitude previa para executar esa actuación estaría a cumprirse co precepto 137 do Regulamento de estradas, garantindo, polo tanto, que as parcelas segregadas teñan un acceso conforme o regulamento, un acceso que garanta a seguridade viaria e que garanta que teñamos unhas estradas cada vez máis seguras.

Eu creo que están xerando unha alarma onde non a hai, buscando problemas onde non os hai. E, dende logo, o artigo 137 do regulamento non fai ningunha discriminación, como a que comenta vostede; non hai ningunha invasión de competencias da Consellería de Medio Ambiente e de Ordenación do Territorio e Urbanismo; non contradí a Lei de estradas; é coherente coa normativa urbanística e coa propia Lei do solo, que prohibe, por certo, a parcelación no solo rústico —seguro que o sabe—; e tampouco supón unha intromisión no réxime de dereitos dos propietarios.

O artigo 137 do Regulamento de estradas non é outro que regular as segregacións coa pertinente autorización dos accesos, buscando dous obxectivos principalmente: dar maior seguridade xurídica aos cidadáns; é un exemplo, alguén que venda esa parcelación ou segregación dunha finca que fixera sen coñecemento da Administración titular da estrada e sen un acceso estarlle vendendo a alguén sen condición de solar e, polo tanto, cun prexuízo ao que está comprando; iso evítao este artigo. E tamén garante a seguridade viaria, que é o que estamos buscando.

Polo tanto, en definitiva, señora Pierres, estradas máis seguras, un regulamento moi extenso adaptado a Galicia, adaptado, dende logo, ás nosas peculiaridades. Un regulamento sólido e completo, cun corpo normativo, dende logo, co que buscamos compatibilizar o desenvolvemento urbanístico pero con estradas máis seguras.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Si. Grazas, presidente.

Señora conselleira, estas cuestións técnicas tráense hoxe aquí porque as leis se debaten aquí, e sobre os regulamentos non temos a mesma sorte nin a oportunidade; polo tanto, a nós si que nos parece acaído traer estes temas aquí. *(Aplausos.)*

E, por outro lado, eu sabía que a seguridade viaria sería o principal argumento para xustificar este artigo. Pero é verdade que teríamos que falar de moitos núcleos rurais, de moitas estradas provinciais que teñen unha intensidade puramente residencial, puramente de servizo e, polo tanto, practicamente nula; e eu podería ensinarlle miles de casos e casuísticas. Polo tanto, penso que é un argumento un pouco endeble.

E para entendelo mellor, de todos modos, e como vostede ademais me lanzou un pouco a intención, eu si que traio planos para visualizar mellor do que estamos a falar. E imos falar dun caso que sendo ficticio si que se basea neses casos que antes lle comentaba e que nos teñen chegado, pero que francamente si están silenciados. Vostede di que non procede facer alarma, pero si que é verdade que os usuarios e usuarias, os galegos e galegas que se teñen atopado con este problema —como acontece con moitos outros de tipo urbanístico tamén— os asumiron sen máis. Son asumidos porque despois do «non, non se pode facer isto», bueno, pois a actitude é asumilo e non se sabe a quen acudir.

E este é o caso de Teresa, que no ano 1950 recibe dos seus pais unha parcela de 5.000 metros cadrados. No ano 1980 a parcela é atravesada por unha vía convencional autonómica que é proxectada e divídese en dúas: en 2.000 metros cadrados cada parcela e os 1.000 restantes para expropiación da autovía.

No ano 2012 Teresa morre e déixalles as parcelas aos seus fillos, Paco e Pepe. No ano 2015 Pepe decide segregar a parcela para tres dos seus fillos e a outra para el, porque o planeamento urbanístico do seu concello lle permite segregar en parcelas de 500 metros cadrados para construír unha vivenda. E Paco decide que non lle interesa nese momento segregar nin parcelar. A sorpresa vén cando no ano 2016, e a raíz deste regulamento, a segregación que nese momento xa pretende Paco lle é denegada, porque precisamente a súa parcela non ten capacidade para ter acceso por outra vía.

A día de hoxe esta é a realidade, que no 2018 Paco pode ter a posibilidade de ter unha vivenda e ve como o seu irmán e os seus sobriños teñen cadansúa parcela e a súa capacidade para facer vivendas e catro accesos á vía convencional, cando Paco só pode ter un acceso e a raíz deste regulamento.

Penso que así si se entende mellor.

Eu creo que este exemplo explica ben, polo tanto, esa disfunción da que falabamos ao principio e como está a provocar este tipo de situacións, que son de verdadeira desigualdade. E chama a atención, tamén, esta medida nun goberno que non se cansa, ademais, de repetir que respecta enormemente as competencias municipais, se ben na práctica non ten reparo —como neste caso— en sobrepasalas e botar por terra a ordenación urbanística que ditan os propios planeamentos municipais.

Por certo, algúns dos planeamentos aprobados hai apenas uns meses con informes da propia AXI, que lle autoriza precisamente esas parcelacións e segregacións en solo urbano, incluso se non se pode asegurar o acceso dende outra estrada, pero sempre, sempre que se asegure o acceso único para as parcelas resultantes. Algo que, loxicamente, en solo urbano é moito máis factible, porque falamos doutro tipo de edificacións moitas veces en altura e plurifamiliares. Informe este do que falo e relacionado cun PXOM —repito, recentemente aprobado— que non está adaptado ao regulamento actual por estar aínda suxeito, efectivamente, ás normas do ano 1994. Esta opción, non obstante, que conxunga neste planeamento os artigos 137 e 128 parece unha solución —en liña tamén co espírito da Lei de estradas do Estado do ano 2015—, pero nin sequera é unha solución satisfactoria, pois deixa fóra outro tipo de solos.

Por iso hoxe quero coñecer novamente a súa opinión, se considera de verdade, con franqueza, que condicionar todas as parcelacións e segregacións de parcelas de Galicia con ese artigo 137, sen ter en conta as condicións específicas de cada tipo de solo, da estrada, do lugar, dos tráfico, da intensidade, se cre que está totalmente xustificado, porque nós, certamente, non o entendemos. Non entendemos un regulamento que non só inclúe unha regulación moi diferente á lei sectorial que desenvolve regulamentariamente, senón que modifica o contido e efectos de toda a normativa urbanística en vigor.

Desde o Grupo Socialista agardamos que con este debate se abra, cando menos, unha posibilidade de reflexión común e se o exceso que entendemos de celo e prudencia da súa consellería ten prexudicados sen xustificación os intereses e a igualdade de oportunidades de moitos galegos e galegas, algúns dos cales se terán atopado xa nesta situación, pero moitos outros e outras veranse sorprendidos nun futuro sen seren conscientes da problemática existente.

Pedímoslle, polo tanto, conselleira, que recolla as nosas reflexións e participe de mellorar a engrenaxe entre a Lei de estradas, o seu regulamento, a Lei do solo e os plans de ordenación municipais. Só vostede pode poñer un pouco de *tres en un* neste asunto e evitar que artigos aparentemente inocuos, como é o 137, provoquen unha cascada de afeccións que entendo non eran a intención desta lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Peche desta interpelación, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Pierres, eu insisto en que o Regulamento da Lei de estradas con ese artigo non prohibe as segregacións, polo tanto, hai que deixalo claro, porque é a primeira cuestión. O Regulamento da Lei de estradas nin modifica ningunha normativa urbanística nin prohibe a [...], estou segura de que vostede ben o sabe.

Estamos a falar dun Regulamento da Lei de estradas que ten en conta a singularidade desas peculiaridades de Galicia, a multitude de núcleos rurais que temos, a dispersión, a multitude de travesías e de poboación, edificacións illadas, diferentes estradas e moitísimos camiños públicos. Polo tanto, o que busca, e o que buscamos —estou segura que tamén o comparte vostede—, son solucións, e o regulamento que pretendemos o que pretende é buscar solucións a situacións singulares que podemos ter no territorio galego. Permite que as administracións titulares das infraestruturas viarias, tanto a Xunta, deputacións, como estradas provinciais, poidan realizar en condicións óptimas as actuacións que aseguren a seguridade viaria. Vexo que non lle gusta que fale de seguridade viaria, eu, dende logo, non discrimino, e pouco valoro a seguridade viaria que pareceu que me trasladou vostede.

O regulamento tamén reforza as garantías xurídicas para a cidadanía, con criterios obxectivos, criterios regulados, procedementos regrados. Ese regulamento que vostedes critican o que fai é dotar de instrumentos normativos que permiten xestionar dun xeito o mellor posible, e sobre todo en Galicia, coas nosas peculiaridades que temos en Galicia.

En calquera caso, señora Pierres, eu teño que dicirlle que me alegro moito de estar hoxe aquí dando explicacións sobre un feito de que a normativa de estradas antepoña a seguridade viaria ante desenvolvementos urbanísticos. Dende logo, non me gustaría nada estar aquí defendendo o contrario, que é o que parece que me está defendendo vostede. Dende logo, un paso de peóns non se pode poñer en calquera lado, vostede sábeo, e un acceso tampouco se pode poñer en calquera lado. Dende logo que accesos a destro e sinistro, pois ao mellor a sinistro, ¿non sei se me entende?

Polo tanto, eu creo que desprezar a seguridade viaria dende este Goberno non o imos facer, e ese artigo 137 é congruente, é respectuoso coa normativa vixente, concretamente coa Lei do solo, por suposto, e ademais que a propia Lei do solo fala —e vostede sábeo— de cumprir a normativa sectorial; polo tanto, a propia Lei do solo para os seus planeamentos debe cumprir con informes sectoriais, igual que a Lei de estradas debe cumprir cos informes sectoriais pertinentes. Polo tanto, todo congruente e todo coordinado.

O Regulamento xeral de estradas non ten potestade de mudar —sábeo perfectamente— ningunha cualificación urbanística, porque parece que si e non é certo. Non modifica ningunha cualificación urbanística e, por suposto, non prohibe a segregación. O que si establece con claridade é o que se cumpre e o que non se cumpre en materia de seguridade viaria. Eu volvo insistir que coa seguridade viaria non se xoga, e dende a consellería non imos xogar coa seguridade viaria.

Resulta certamente sorprendente que vostedes tendan a xerar dúbidas sobre un regulamento, regulamento que se tramitou de forma transparente, con participación, publicidade, sometido a información pública. Calquera administración, calquera organismo, podía realizar suxestións, proposicións. Foi modificado para incorporar achegas de moitas administracións e de moitos colectivos, melloras introducidas, tamén, pola asesoría xurídica; atendemos a totalidade das observacións de legalidade do ditame do Consello Consultivo e ningunha fixo, nin o Consello Consultivo nin a asesoría xurídica, a esa incongruencia que traslada vostede do artigo 137 co artigo 52 da Lei de estradas. Polo tanto, os órganos xurídicos, dende logo importantes, non fan alusión ao que fai vostede.

Chaman atención, dende logo, exactamente os mesmos argumentos que unha moción de Teo, polo tanto vostede está a falar dun caso concreto. E sorprende que o faga dous anos despois, pois nin vostedes como partido político nin o Concello de Teo na información pública realizaron achegas a este regulamento.

En calquera caso, en xuño imos realizar unha xornada técnica entre técnicos de infraestruturas cos técnicos dos concellos e das deputacións; invítoa a esas xornadas técnicas para explicar e abordar o Regulamento da lei de estradas, e que sexan os técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas, que seguro que o explicarán moito mellor ca min.

En calquera caso, eu alégrome moito de vir aquí xustificar un asunto onde prima a seguridade viaria con respecto de desenvolvementos urbanísticos, non o contrario do que me pide vostede, dende logo. A seguridade viaria é unha cousa, para min, dende logo, moi seria.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos agora ao punto oitavo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Xunta de Galicia para o asinamento dun protocolo co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para a xestión do bordo litoral da cidade da Coruña

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ningún problema, ¿non?

Ben, pois moi boa tarde.

A verdade é que nós dirixiamos esta pregunta á señora Bea Mato, pero parece que é unha desas persoas que, aínda que non o pareza, prefire tirar a pedra e esconder a man. Dicimos isto porque, efectivamente, ela é a representante da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Portos da Coruña e, polo tanto, estaría ben que hoxe viñera aquí darnos explicacións en relación cun protocolo que nós definimos como protocolo da vergoña e do roubo á cidade da Coruña.

Queremos falar dun protocolo que foi asinado con nocturnidade e aleivosía por parte de tres administracións —que casualidade, son todas do Partido Popular— que claramente están cometendo un roubo á cidade da Coruña. E digo roubo porque cando un le un protocolo, igual que cando asina un contrato, é moi importante ver cal é a letra pequena que hai nese contrato. E na letra pequena deste protocolo é onde se desvelan as verdadeiras intencións que ten o Partido Popular.

¿Que é o que nos di o primeiro apartado da letra pequena deste protocolo? Pois é que o señor Feijóo lle quere regalar 21 millóns de euros ao Estado para que uns terreos que xa son pú-

blicos, que son propiedade da cidade da Coruña, sigan sendo públicos, e isto realmente a nós o que nos parece é o colmo dos colmos, unha tomadura de pelo, que, en fin, roza o que poderíamos chamar malversación de fondos públicos, porque neste país temos moito a que dedicar estes recursos. *(Aplausos.)*

Pero a segunda cláusula deste protocolo da vergoña é tamén moi interesante, porque o que nos quere dicir este protocolo é que hai que blindar o pelotazo urbanístico que se quere facer nunha parte deses terreos que son propiedade da cidade da Coruña, non son propiedade nin da Xunta, nin do Ministerio, nin de Portos.

Polo tanto, vemos como a intención real deste protocolo é activar e blindar un pelotazo urbanístico na cidade da Coruña e, ademais, consolidar ese modelo da submisión de Galicia ao Estado que a nós nos parece que é absolutamente terrible. Porque estamos vendo que no que se xustifica este protocolo é en que temos que pagar nós as obras do porto exterior da Coruña. Un porto exterior que hai que lembrar que foi comprometido polo Estado no ano 2003 nese Plan Galicia e que significa un agravio a respecto do que pasou con outros portos do Estado. Poderíamos citar moitos, pero temos cerca Xixón, o Estado gastouse 786 millóns de euros; ampliación do porto de Valencia, 978; Barcelona, 1.300; e Bilbao, 2.000 millóns de euros investidos.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: No caso de Galiza o que temos é, pois, o mundo ao revés...

O señor PRESIDENTE: Xa coñece ela a pregunta, razóns de firmar o protocolo...

Coñece a mecánica, non me diga que vostede non coñece a mecánica...

A señora PONTÓN MONDELO: Aquí todo o mundo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Correcto. Si, si, non o dubide. No tema das preguntas... Non, non. Xa está.

Señora Pontón, non imos discutir isto. Sabe que no tema das preguntas é unha cousa de sempre no Parlamento de ser estritos. Si, si, e eu sono ata co Goberno e con todo o mundo. Procuero selo. Si, si, co Goberno, que é o que resposta. E logo, ¿quen vai responder agora? Claro.

Ten a palabra para responder a señora conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pontón, antes de darlle resposta á pregunta que me formularon por escrito, simplemente clarificarlle unha cousa, eu non sei se vostede vén aquí preguntar porque está preocupada polo protocolo que se asinou para resolver o conflito que existía nos muelles da Coruña ou se busca algunha outra intención cando a pregunta lla dirixe a representantes da Xunta no porto da Coruña.

Recórdolle, simplemente, que hai varios representantes da Xunta no Porto da Coruña e que eses representantes, de momento, os nomeo eu, como tamén teño a competencia de nomear o presidente do porto; *(Aplausos.)* polo tanto, entendo que debo ser eu a que ten que vir aquí e dar as respostas que se fan ao Goberno en relación cun tema que, de momento, entra dentro das miñas competencias.

E como vostede ben comprenderá, a única razón que moveu a Xunta de Galicia a asinar este acordo é o ben e o interese da Coruña e a vontade de mellorar o futuro da cidade e o do porto, que é, dende logo, unha panca socioeconómica de primeira orde para esta cidade.

En decembro xa lle respostaba eu mesma a unha pregunta sobre este mesmo aspecto e sinalaba, daquela, que a única liña de traballo para este asunto pasaba por buscar unha solución que non deba pasar pola confrontación nin polo tacticismo político. Buscábamos esa solución que pasa por facer máis A Coruña e por facelo dende onde sempre partiu o crecemento da cidade: dende o porto.

Dicía que esa solución debería estar baseada no realismo e ter en conta dous obxectivos. O primeiro, que A Coruña tivese un patrimonio público no porto interior, porque esa era a clave do futuro da estrutura de cidade, e, o segundo, que a solución non levase a unha situación de dificultade económica e financeira ao porto, porque esa era a clave do futuro desa estrutura importante para a cidade. Queríamos, polo tanto, que os peiraos de Calvo Sotelo e Batería seguiran formando parte do patrimonio público de todos os coruñeses, para dedicalos a facer máis cidade. Do mesmo xeito, tamén contemplabamos, nesa liña, que os terreos que actualmente ocupa A Solana non se vendesen e seguiran sendo de propiedade pública.

Iso, e nada máis ca iso, é o que agora se consegue con este acordo entre a Xunta, o Ministerio de Fomento e a Autoridade Portuaria da Coruña. Non nos apartamos nin un grao do rumbo inicial, seguimos traballando polo futuro da Coruña, e os seus portos servirán a ese futuro na forma en que se estime.

Pero, para estimar ese futuro, o primeiro era manter a propiedade pública dos terreos, e por iso agora se blinda a titularidade pública para a cidadanía, e cremos que debemos de rexeitar todos eses termos que dedican vostedes —e que están fóra de lugar—, como latrocinio, especulación ou sacrificio de intereses, mesmo o de que foi feita de costas á cidadanía. Só cabe recordar que estes dous gobernos que asinan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...os escollen os cidadáns e, polo tanto,...

(A señora conselleira do Mar, Quintana Carballo, pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, terminou o seu tempo.

(Aplausos.)

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señora conselleira, é que A Coruña xa ten uns terreos portuarios que son de titularidade pública (*Aplausos.*). Polo tanto, vostedes non están blindando absolutamente nada, senón que o único que queren blindar é unha operación especulativa, que, ademais, vai en contra da reforma de futuro que necesita a cidade da Coruña.

Porque, mire, dixo ao inicio da súa intervención que vostedes non querían partidismo, e a maneira que tiveron de demostrarnos que non queren partidismo neste tema pois é que colleron as tres institucións nas que está o Partido Popular (Xunta, Ministerio e Portos) e fixeron un protocolo ás agachadas e non negocian nada, nin co Concello nin coa Deputación da Coruña, (*Aplausos.*) un exemplo de manual e de libro de como respecta as institucións o Partido Popular.

Efectivamente, nós cremos que este é un debate importante para a cidade da Coruña, porque se vai definir o modelo de cidade do futuro, e vostede convirá comigo en que iso non pode facerse de costas á cidade da Coruña, e moito menos cun deseño prefixado hai quince anos que é un erro de futuro. Non creo que ese fora o modelo polo que optaron noutros sitios. Non penso que o futuro da Coruña sexa construír máis centros comerciais e máis vivendas, porque non creo que esa vaia ser unha opción que permita que esa oportunidade que se abre coa desafectación deses peiraos permita que A Coruña avance, que A Coruña progrese. Hai moitas propostas que poderíamos facer.

Hoxe nós queremos facerlle unha defensa da dignidade deste país. Deixen vostedes o partidismo estéril, de utilizar isto desde o punto de vista dos intereses do Partido Popular e da defensa supoño que dalgún especulador, e reclamemos que sexa o Estado quen financie o porto...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...exterior da Coruña...

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo, grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, señora conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pontón, a garantía de que eses usos van ser públicos é dende que se firma este protocolo. (*Murmurios.*) Si, si, si. Eu voulle recordar que hai un plan de empresas aprobado en

xullo do 2008. Naquel momento eu creo recordar, se a miña memoria non me falla, que gobernaba o PSOE en Madrid e que gobernaban vostedes mais o PSOE aquí en Galicia, (*Murmurios.*) e aprobaron un plan de empresas no que se acordaba a venda deses terreos por un importe total de 30 millóns de euros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, para que ese plan de empresas se puidera modificar, houbo que firmar este convenio. Así é que vostedes xa nos teñen acostumbrados a que, cando gobernan, fan o que lles peta e cando están na oposición renegan de todo aquilo que dixeron que ían facer cando gobernaban. (*Aplausos.*)

E este é un exemplo máis do que vostedes queren para esa cidade da Coruña. Non lles importa nada a cidade, de verdade, non lles importa nada. Foi un goberno do Partido Popular no ano 2004 —xa llo recordou hoxe aquí o noso presidente, o presidente de todos os galegos—, gobernando con maioría absoluta no Concello da Coruña un alcalde do Partido Socialista, chegaron a un acordo para salvar a cidade da Coruña, para evitar que os tráxicos perigosos entraran no medio e medio da cidade e se puidera ir construír o porto de Langosteira, señora Ana Pontón, no porto de Langosteira, unha gran obra que vostedes se empeñan en criminalizar (*Aplausos.*), pero que, cando gobernaron, o único que buscaban era que fora cos cartos da Autoridade Portuaria, de todos os coruñeses, cos que se pagara esa expropiación, porque así aparece recollido no plan de empresas, ao que vostedes non se opuxeron; recórdollo: xullo do ano 2008. (*Murmurios.*)

Agora teñen unha oportunidade, señora Pontón. Nós fixemos única e exclusivamente o que nos pediron, tanto aquí no Parlamento como no Pleno do Concello da Coruña: que interveña o señor presidente da Xunta de Galicia para que eses terreos sexan públicos. E, unha vez que o presidente intervén, e unha vez que o presidente consegue firmar ese protocolo, onde hai un compromiso de que eses espazos van ser de uso público, vostedes agora, como xa non teñen discurso, inventan o que lles parece. (*Aplausos.*) E eu dígolles: teñen a oportunidade, o protocolo está firmado, falen coa Deputación, onde vostedes gobernan en coalición, que aporten solucións, que digan entre todos que é o que queren facer, a que usos temos que destinar eses terreos, e seguro que, se falan dende o punto de vista da construción dunha cidade, seremos capaces de chegar a acordos. Dende logo, a nosa man téñena tendida.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Eu pregaríalles que, se fan algún cambio en quen formula a pregunta, por favor mo comuniquen, porque agora me acaban de confirmar os Servizos da Cámara que quen ía facer a pregunta era vostede. Eu non o digo por min, porque a pregunta pódea facer a señora Pontón; dígoo tamén polos medios de comunicación. Porque eu me trabuco cando digo o señor Rivas Cruz e despois quen formula a pregunta é a señora Pontón. (*Murmurios.*) Se mo comunican, facilitamos todo. Ben, queda falado, xa está. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Queda falado. Non é unha cousa tampouco de tanta transcendencia.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o futuro do servizo ferroviario Renfe-Feve, a súa planificación e xestión

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, eu son eu, son eu. Grazas, presidente.

Grazas, presidente. Boa tarde.

Conselleira, hoxe, que lle preguntamos polo ferrocarril, permítame: teño que dicirlle que sinto a tentación de preguntarlle como lle foi a viaxe en tren Sarria-Lugo do luns, porque para facer un tour, señora conselleira, vostedes, acompañando o presidente da Xunta e o ministro de Fomento, un tour de vinte e catro minutos, cancelaron dous servizos: A Coruña-Ourense e Monforte-A Coruña. Obrigaron vostedes, para sacar unha foto co ministro, a que moitas persoas e veciñanza non luguesa padecera o que é habitual no antigo Feve, (*Aplausos.*) no tren de ancho métrico: ter que agardar que veña un autobús ou un taxi, no seu defecto, porque non hai tren. No caso de Lugo, podemos dicir que por mandato papal, porque foi unha decisión que tomou o Goberno español e o Goberno da Xunta de Galiza, deixar a xente sen tren e tirada na estación de Lugo.

Hoxe preguntámoslle que está a facer o Goberno galego, o Goberno da Xunta de Galiza, para defender o antigo Feve, cuestión que temos traído moitas veces a esta Cámara, e facémolo de novo porque, transcorrido un ano da creación desa mesa de traballo conxunta, na que está tamén representada a Consellería de Infraestruturas, pois lonxe de mellorar a situación que vimos arrastrando nos últimos anos, dende hai anos, o que vemos é que manteñen as supresións, as cancelacións de servizos, os atrasos, as avarías e a falta de persoal. Non é só que se manteñan como vén acontecendo nos últimos anos, senón que nalgúns casos mesmo van a peor.

25 de xaneiro de 2018, seis servizos suprimidos. Marzo de 2018, supresións os días 15, 16, 20 e 21. O 18 de abril marcaron a súa propia meta, o seu propio récord: suprimíronse nun só día trece servizos (nove de cercanías e catro rexionais de comunicación con Asturias).

Días antes, o 16 de abril xa se suprimiran servizos rexionais desde Ribadeo e varios cercanías entre Ferrolterra e Ortegá, que se suman ás cincocentas supresións rexistradas no ano 2016 e ás máis de novecentas do ano pasado.

Hai un promedio de tres cancelacións diarias no servizo do antigo Feve. As causas, no 70 % dos casos, directamente son as deficiencias nas máquinas.

Por iso, o que lle preguntamos, señora conselleira, hoxe, é que van facer vostedes, que é o que están facendo e que prevén facer para garantir que se manteña este servizo fundamental, porque o único que vimos nesa mesa conxunta de traballo é que Renfe propuxo catro páxinas prevendo unha reforma horaria na que nin sequera se teñen en conta as localidades da comarca da Mariña.

Por iso lle preguntamos que é o que están a facer vostedes para garantir o mantemento do antigo Feve. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Rodil, o que traslada vostede do ministro de Fomento non é certo, desmíntoo totalmente, é mentira, rotundamente o digo, e o certo é que nada máis lonxe da realidade. A circunstancia que deu lugar a ese transbordo de viaxeiros en autobús foi que o tren que debía saír de Monforte cara á Coruña, vía Lugo, ás sete e media da mañá tivo unha avaría que impediu a saída a Monforte, (*Murmurios.*) e, polo tanto, houbo que substituír o percorrido deste tren con autobús. Polo tanto, infórmense ben e non digan mentiras e mentiras e mentiras. Eu entendo que queiran apostar polo transporte público —todos apostamos polo transporte público—, pero non mintan, e, polo tanto, pido que se informen ben e non digan cousas que non son certas.

Dende logo que estou segura de que non o comparte, pero estamos a falar dunha liña —volvendo ao tema que me traslada vostede—, a liña Ferrol-Ribadeo, que é un asunto de competencia estatal, pero, en calquera caso, encantada de contestar aquí. Eu, aínda que a vostede lle pareza o contrario, dende logo que dende a Xunta de Galicia sempre nos mantivemos con atención permanente sobre as actuacións que dende logo se deben realizar na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo. Eu asegúrolle que lideramos esa reivindicación de necesidade de melloras nesa liña ferroviaria.

Preocúpanos ese servizo. Vimos insistindo de forma reiterada, falando co Ministerio de Fomento, falando con Renfe e falando tamén con Adif, que vostedes seguro que se olvidan tamén de Adif, para que sexan servizos competitivos e acordes coas necesidades.

Esa implicación da Xunta —eu diría que continua, permanente, e eu insisto: lideramos esa reivindicación dende a Xunta de Galicia— tamén contribúe a impulsar ese grupo de traballo que a vostede non lle gusta. Concellos e representantes estatais, conxuntamente, abordamos posibles melloras, solucións, continua disposición de colaborar para buscar nese grupo de traballo alternativas, e velando, dende logo, polo cumprimento de melloras, tanto por parte de Renfe como tamén por parte de Adif, na propia infraestrutura, que trasladaron nese grupo de traballo e que se comprometen a traballar, a avanzar e a actuar, porque todos somos conscientes de que hai que actuar.

Eu expliqueillo a vostede o pasado mes de xullo, expliqueillo recentemente a un compañeiro do Partido Socialista, explicareino novamente e falarei deste asunto, sen problema ningún. Algo se ten conseguido, non o suficiente dende logo, pero algo se ten conseguido, e téñense intensificado esforzos, dando pasos, dende logo, sobre esta situación. Celebramos reunións a tres bandas —insisto—, con representantes de Adif, porque foi á proposta da Xunta que

viñeran representantes de Adif para que explicaran os investimentos previstos, porque hai investimentos previstos por parte de Adif para modernizar esta liña.

Acadáronse compromisos concretos, o punto de saída é o plan de actuación de Renfe, e propuxéronse propostas de horarios, que, por certo, quedaron en estudar os concellos e aínda non contestaron; era bo que contestaran. Pero si previsión de modernizar con máis de 20 millóns de euros por parte de Adif ese trazado no grupo de traballo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira, grazas.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, grazas, presidente.

¿Menten os xornalistas? Isto queda todo rexistrado, a min paréceme estupendo. ¿Menten as persoas viaxeiras que quedaron apeadas en Lugo co billete pagado? (*Aplausos.*) Eu pásolle o seu correo electrónico, que está dispoñíbel na páxina web da Xunta de Galiza, a esas persoas, e xa lles explica vostede que menten, a elas directamente.

Indo outra vez á cuestión (*Murmurios.*) —por min poden seguir, se queren, facendo comentario a pé de nota, ¿non?—, volvendo outra vez á cuestión do tren de ancho métrico, a min paréceme estupendo que vostedes digan que lideran. Eu teño unha interpretación completamente diferente da realidade. Se non fose a presión social a través da plataforma, se non fose a presión veciñal a través dos concellos, nin sequera se tería constituído esa mesa conxunta de traballo.

E tamén a min, se eu estivese na súa pel, señora Vázquez, preocuparíame considerar que, dados os resultados que estamos a recoller dese suposto liderado, —insisto— con tres supresións de media diarias do propio servizo, con trece cancelacións nun só día, se ese liderado non será máis ben peso pluma (*Aplausos.*) diante das institucións españolas, que se levan rindo na cara deste país, do conxunto da veciñanza de Ortegal, da Mariña e de Ferrolterra moitos anos, pero, sobre todo, tamén na propia cara da Xunta de Galicia, que —gústenos máis ou menos quen está no Goberno— é o Goberno de todas as galegas e de todos os galegos.

Eu esquecíame de Adif, porque é que a primeira vez que decidiron sentarse nesta mesa de traballo conxunta representantes de Adif foi precisamente o 4 de abril, a última reunión que tiveron os concellos, a súa Consellería e representantes de Renfe. Non me estraña que me esqueza de Adif.

Eu insisto: paréceme que ten unha falta de peso político enorme o Goberno galego, que o que vemos é a morte...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...case que por episodios dun servizo que... *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil, grazas.

(Aplausos.)

Peche desta pregunta, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Rodil, eu dende logo celebro que se preocupe polo transporte público e, polo tanto, eu agardo que esa preocupación dende logo chegue tamén onde gobernan, e que no concello de Pontevedra se implante o transporte público —estamos falando de transporte público— e implante ese transporte urbano obrigado por lei, e, polo tanto, se sume a todo o transporte público de Galicia, señora Rodil. *(Aplausos.)*

Protestas si, pero propostas non. Eu pido menos protestas, máis propostas e máis traballo, porque é o que facemos os que traballamos para conseguir resultados dende logo positivos.

Insístolle en que lideramos —eu entendo que a moleste—, pero traballamos e lideramos esa reivindicación, porque insisto en que recoñecemos que hai que actuar e hai que facer melloras, porque somos conscientes desa necesidade. E por iso insistimos e hai que recoñecer que Renfe e Adif están actuando e dende logo solicitamos os medios necesarios para que se eviten esas incidencias e paliar esas carencias, e sabemos do traballo de Renfe e Adif.

Non sei que lle contan a vostedes dos grupos de traballo, pero dende logo hai que recoñecer avances. Puidemos saber recentemente que se incrementou o persoal itinerante con 5 traballadores. Dende logo, eu creo que foi unha noticia positiva que todos compartimos, e valorada incluso por algún colectivo. Non a valora vostede, pero, en calquera caso, sempre hai que mellorar máis, pero non ignorar o que se fixo de verdade.

Por información adiantada por Renfe, tamén se van dotar de material rodante, unha unidade formada da serie 524, incluído nese plan de actuación que non lle gusta, pero que é un plan de actuación con investimentos, un plan de actuación con investimentos claros, e nós seguiremos atentos e vixiantes.

Dende logo que, máis alá do ruído mediático, o xogo político que fan vostedes, a meirande parte dos concellos eu creo que valoran o que se está a facer, esa adecuación de horarios sobre a que insisto en que estamos agardando que os concellos nos trasladen a súa proposta —o certo é que están tardando— para estudar eses horarios que se trasladaron xa hai tempo, dotación de persoal, material rodante, etc.

Somos conscientes de que falta máis, dende logo que si, e debemos de seguir dando pasos, e seguiremos reclamando e insistindo en que hai que facer melloras, pero insisto: hai un

plan de actuación que ten respaldo económico. E dende logo que se lle parece ter pouco peso político todos os avances e todos os investimentos en materia ferroviaria en Galicia, eu creo que aí está o AVE, o investimento no ano 2019 co AVE en probas a Galicia coa Meseta —non lle gusta—, os investimentos de Ourense con Lugo, dende logo 1.300 millóns de euros para garantir a conexión con Lugo, modernizar o treito dende logo A Coruña-Ferrol —parece que vostedes se olvidan, pero eu non me olvido tamén de actuar na Coruña-Ferrol— e dende logo tamén actuar no ancho métrico.

Pola miña parte, nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para aliviar a densidade de tráfico pesado na A-55, no tramo Vigo-O Porriño

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira.

Este luns, hai exactamente dous anos e cinco meses que o secretario xeral do Ministerio de Fomento anunciou unha obra de arranxo de seguridade —si, exactamente, señora conselleira, o 26 de outubro do 2015— na A-55 de Vigo. Apareceron as primeiras máquinas —unha especie de revelación mística, seguro que non hai ningunha, pura coincidencia—, pero volvo repetir: dous anos e cinco meses dende que se anunciara.

Anunciáronse nese momento, en teoría con dezanove meses de prazo —é dicir, terían que estar rematadas en maio do 2017—, e empezan en maio do 2018. É a eficacia do Goberno, neste caso de España, e estou seguro de que a Xunta de Galicia protestou enerxicamente por este atraso, sempre en privado, como corresponde a unha relación institucional fina e elegante.

En xaneiro do 2018 o Ministerio de Fomento dixo que non había un prazo pechado, o 2 de marzo do 2018 anuncia que se inician as obras ese mes e o 20 de abril do 2018 volven dicir que non teñen un prazo de inicio pechado. Empezaron, afortunadamente, este pasado luns.

Como vostede ben sabe, a A-55 é unha estrada, unha autovía que ten vinte e seis anos e que consistiu no desdoblamento do último tramo da nacional 120. Presenta algunhas características peculiares. O quilómetro 12 é un tramo que se atopa sistematicamente entre os tres tramos con maior sinistralidade de toda a rede do conxunto do Estado. Iso si, non ten iluminación, pero ten moitos radares do Ministerio do Interior; está moi ben; é verdade que os radares conseguiron diminuír o número de accidentes, pero seguro que tamén axudaban outro tipo de medidas de carácter construtivo e, sobre todo, a iluminación.

Esta autovía ten entre 60.000 e 65.000 vehículos diarios de tráfico, dos cales aproximadamente entre un 6 % e un 7 % é transporte pesado. É dicir, que se atopa absolutamente colapsada, e especialmente tendo en conta ese trazado que reproduce un trazado dunha estrada tradicional, e é a vía de servizo tanto dos polígonos industriais do concello de Mos como do concello do Porriño, e é a saída tanto para a Meseta como para Ourense a través da A-52 dende a comarca de Vigo, da cidade de Vigo. Vostedes, que están tan preocupados polo transporte metropolitano de Vigo, probablemente saberán que a maior parte dos autobuses que saen de Vigo, tanto cara ao Condado como cara ao Baixo Miño, pasan por esa vía, e a conexión con Portugal.

Como vostede seguro que tamén sabe, o presidente Rajoy anunciou de novo —é verdade que é extraorxamentariamente, é dicir, non está nos orzamentos, pero imos crelo, porque a fe é unha virtude teoloxal como calquera outra— que se ía facer un túnel de aproximadamente 330 millóns de euros para rematar o trazado da A-52 entre O Porriño e Vigo.

¿Que vai pasar ata que ese túnel estea rematado, señora conselleira? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada.

Resposta, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Losada, formula unha pregunta sobre a autovía A-55, polo tanto de titularidade estatal. En calquera caso, volvo insistir: encantada de volver contestar aquí asuntos de titularidade estatal. Pero eu creo que cómpre botar unha ollada cara a atrás e falar da A-55. Dende logo, é unha autovía co maior índice de sinistralidade, pero é certo que deben de recoñecer vostedes a súa responsabilidade. Foi un goberno socialista o responsable do deseño da execución desta propia autovía A-55. Decidiu aproveitar o Goberno socialista en España a propia estrada existente, desdobra-la directamente, sen criterios quizais propios de autovía, e cun deseño malo, e polo tanto iso é o que herdamos desa política socialista en materia de infraestruturas de hai xa anos, da década dos oitenta, desdobra-do insistentemente as vías existentes dese xeito, cunha calidade non desexable, e, polo tanto, con trazados difíciles, con pendente moi elevadas, con curvas moi pechadas e con peraltes deficientes.

Conclusión: estamos cunha autovía cun índice de sinistralidade elevado, ideada e executada por un goberno socialista. En calquera caso, señor Losada, non teño problema en responderlle a esa cuestión, pero creo que botar unha ollada con espello retrovisor era prudente, máis que nada para poñernos en contexto.

O Ministerio de Fomento fixo un programa experimental de desvío de tráfico pesado, de peaxe, un 43 % de bonificación. Non se conseguiu o transvase desexado para que os vehículos pesados deixaran de pasar pola A-55 cara á AP-9. Teríanos gustado que dende logo o transvase fora maior.

Na Xunta temos trasladado a necesidade de retomar descontos para os vehículos pesados. Pero, en calquera caso, temos priorizado dende a Xunta a liberación de peaxe de Vigo e de Redondela. Vostede sabe que sempre nun goberno —seguro que o Concello de Vigo o fai— hai que priorizar os investimentos e todas as actuacións para mellorar a calidade de vida. Vigo-Redondela era unha reivindicación empresarial, unha reivindicación social, e, polo tanto, tamén aquí politicamente por unanimidade do propio Parlamento.

Pero non significa que nos esquezamos da A-55. Medidas efectivas e reais, dende logo, son a obra de mellora da seguridade viaria da A-55, que, afortunadamente, comezou o pasado luns, despois de incidencias, e nós celebramos que se retomaran as obras e impulse a autovía dende logo de novo trazado de Vigo ao Porriño.

Esas son as nosas demandas, o noso traballo, e seguiremos traballando para mellorar infraestruturas, como estamos a facer continuamente na zona de Vigo.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, efectivamente no ano 1992 decidiuse replicar o trazado da nacional 120, que cruza unha zona cuns desniveis orograficamente moi complexos, como vostede, que é enxeñeira, ben sabe. Sabe tamén que hai unha densidade de poboación de máis de 250 habitantes por quilómetro cadrado, e estou seguro de que a Xunta de Galicia tiña algunha solución construtiva moito máis imaxinativa, como eran os tubos de aceiro corrugado da autovía do Salnés, que colocaran no seu momento. *(Aplausos.)* Estou seguro de que tiñan algún tipo de solución.

Mire, clases de construtivismo de estradas eu creo que pouquiñas poden dar —non digo vostede concretamente—, porque agora, como non as fan, pois nin ben nin mal.

Audasa ten uns enormes beneficios, reduce persoal de maneira absolutamente brutal e ten os maiores niveis de reclamación dos usuarios do Estado. A AP-9 nese tramo entre Vigo e O Porriño ten aproximadamente un tráfico de menos do 10 % da A-55. Efectivamente, o plan do Ministerio de Fomento de transferencia de tráfico saíu mal, porque era malo. Todos o dixemos, menos vostedes, que todos sabemos que teñen a verdade absoluta. Todos dixemos que os camións non ían ir por alí, e, efectivamente, non foron. Asegúrolle que non houbo ningunha consigna do alcalde de Vigo para que os camións evitaran a A-55 e non pasaran pola AP-9.

Entón, do que se trata é de que vostede defenda os intereses da comarca de Vigo. Trátase diso, señora conselleira. Porque mire, cando o Goberno de España di que o tramo Vigo-O Porriño, perdón, Vigo-Tui —o cal demostra absoluto descoñecemento—, é un tramo de circunvalación de Vigo —insisto: Rande-Tui, circunvalación de Vigo—, vostede podería terlle

explicado a alguén que probablemente o tramo Rande-Puxeiros circunvale Vigo, pero o tramo Puxeiros-Tui non circunvala nada, excepto o val da Louriña.

Pero —insisto—, ao mellor en privado o fixo vostede. (*Murmurios.*) Esa foi a resposta que deu o Ministerio de Fomento, que se consideraba unha circunvalación de Vigo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e que, polo tanto, non se podían... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada, grazas.

(*Aplausos.*)

Peche desta pregunta, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu creo que é máis que evidente a defensa dos intereses dos veciños da comarca de Vigo, con todos os investimentos que estamos a facer, dende logo no concello de Vigo. Somos a administración que máis inviste no concello de Vigo, a pesar das trabas, atrancos, atrancos e atrancos do alcalde de Vigo.

Xa que falou do transporte metropolitano, polo ben de todos, para que Vigo non teña un transporte metropolitano de segunda, que se incorpore o Concello de Vigo e así poderán aforrar, incluso, os vigueses 400 euros máis ao ano e ter un transporte metropolitano de primeira.

Pero, en calquera caso, ao grao, ao que vimos, a A-55. Falaba vostede de Audasa e de bonificacións de peaxes. A nós gustaríanos ter moitas bonificacións de peaxes. Dende logo sabe que, en calquera caso, se as fixeramos, os seus compañeiros andaluces molestaríanse moito. (*Murmurios.*) Pero, en calquera caso, de facelas, non as imos facer do que falaban agora vostede de Audasa, e dos beneficios de Audasa. Non as imos facer como o convenio de 2006 que asinou Magdalena Álvarez con Touriño, cando gobernaba o Bipartito, (*Murmurios.*) —e teño que remitirme a el—, porque dese convenio que conseguimos anular para que os galegos deixaran de pagar 7 millóns ao ano e polo tanto 400 millóns de euros ata a fin da concesión, o propio Consello de Estado, dese convenio que asinou Touriño con Magdalena Álvarez, fala de «*enriquecimiento injusto*» —páxina 20—. (*Murmurios.*); polo tanto, favorecer ingresos importantes a Audasa con ese convenio asinado no ano 2006 e, polo tanto, polo Bipartito da Xunta de Galicia.

En calquera caso, nós priorizaremos a supresión de peaxe de Redondela e Vigo, non con esta fórmula, dende logo cunha fórmula de interese xeral. E tamén queremos que se mellore a A-55, unha actuación necesaria, que se axilicen e se finalicen os trámites e se finalice a obra. E dende logo para nós é unha prioridade ese novo trazado que garante a alternativa real e

funcional á A-55, e, polo tanto, a alternativa real de seguridade viaria, eses dez quilómetros, a maioría en túnel. Polo tanto, un investimento importantísimo. E por iso o que fixemos no primeiro momento foi solicitar que se incluía esa autovía no Plan extraordinario de investimentos de carreteras do Ministerio. Así o expliquei aquí no Parlamento. Polo tanto, o resultado é positivo. Algo de peso aínda temos. Parece, ¿non? Incluíuse no plan de investimentos. Resposta positiva por parte do Estado —337 millóns de euros—. ¿Por que? Porque tamén inclúe a conservación durante moitos anos desa autovía; que, dende logo, reforzará a seguridade viaria. E, polo tanto, os feitos quedan por si sos; a A-55, un trazado dificultoso —xa comentei por que—. É este Goberno quen impulsa a mellora da seguridade viaria da A-55 e o que impulsa unha nova autovía de novo trazado, que será a plena garantía da seguridade viaria na comarca de Vigo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe oficial a México que vai realizar o presidente da Xunta de Galicia, xunto co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, no mes de maio de 2018

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Miguel Ángel Tellado Filgueira, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, traemos a este Pleno unha pregunta para coñecer o contido e o alcance da viaxe que o presidente da Xunta realizaba a pasada semana a México e na que vostede mesmo participaba. «Viaxe inútil, viaxe turística, un *bluff*...», son algúns dos cualificativos que lle dedicaron dende os grupos da oposición a esta viaxe institucional na que o Goberno galego estivo acompañado, nada máis e nada menos, que de corenta e cinco empresas galegas exportadoras.

A actitude da oposición é verdade que non nos sorprende, é unha actitude comprensible, é o esperable. Porque eu supoño que eles entenderán que as viaxes institucionais da Xunta de Galicia son como as que facían cando eles gobernaban no Goberno galego, cando eran o famoso Bipartito, aquel que aderezaba as viaxes con mojitos —os membros daquela bancada recordarano perfectamente—. Ou pensarán, os que non estaban naquel Goberno, que estas viaxes da Xunta de Galicia son como as que fan dende os gobernos do mal chamado cambio, dende as cidades onde gobernan as «Mareas de Pudimos». Hoxe puidemos coñecer na prensa escrita que as viaxes do goberno local da cidade da Coruña, o goberno das Mareas, nos tres anos que levan en María Pita equivalen a dar a volta sete veces e media ao mundo, (*Murmurios.*) sete voltas e media ao globo terráqueo. O Goberno de Xulio Ferreiro —ou Julius, como lle chaman en Madrid— resulta que fixo máis de 300.000 quilómetros en 251 viaxes diferentes nestes tres anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei se para as Mareas iso é turismo, viaxes inútiles, ou que será. Dende logo, señora Pontón, para o BNG —que é quen

destapa este escándalo das viaxes, a única representante do BNG no Concello da Coruña— é algo inadmisíbel. Polo tanto, dixérono vostedes dende esa única acta que teñen. «O Goberno local nin aplica aquí o que observa fóra e tampouco ten nada que ofrecer aos lugares aos que viaxa». É o que di a voceira do BNG sobre o Goberno das Mareas de Pudimos na cidade da Coruña e as súas viaxes. Non o digo eu, dío, señora Pontón, a súa voceira.

Nós, sen embargo, hoxe quixeramos falar e preguntar neste Pleno sobre viaxes institucionais. Nós queremos preguntar sobre unha viaxe que serviu para abrir mercados exteriores, para acompañar as nosas empresas exportadoras, e especialmente do sector agroalimentario, para abrírnos a un mercado, nada máis e nada menos, de 130 millóns de habitantes, como é o mexicano. E, polo tanto, disto, que para algúns é turismo e que para nós é unha viaxe institucional, queremos coñecer a valoración e a opinión do Goberno galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, en primeiro lugar, quero agradecerlle a oportunidade que brinda ao Goberno para explicar precisamente nesta Cámara os motivos e os resultados da misión comercial que, efectivamente, o presidente da Xunta de Galicia encabezou no país de México acompañando neste caso medio centenar de empresas galegas, a metade delas do sector agroalimentario. É unha misión comercial importante dende o punto de vista da estratexia da internacionalización, na medida en que precisamente a política económica e a política do Goberno, dende o punto de vista de medidas de impulso do crecemento económico, vai orientada non só á innovación e, polo tanto, á competitividade, senón tamén a abrir portas dende o punto de vista internacional. E, nese sentido, loxicamente, as relacións institucionais do Goberno con outros gobernos doutros países ou doutros estados é un complemento propio da actividade económica das empresas e, por suposto, é un plus a ese esforzo diario que fai o noso tecido empresarial.

É esa a razón pola cal o Goberno está apoiando as empresas para que se poidan abrir a novos mercados. E, sobre todo, desenvolvendo un labor dende o punto de vista institucional para precisamente establecer pontes entre Galicia e o eido internacional que nos permitan abrir novas oportunidades para incrementar as exportacións e, loxicamente, tamén para presentar Galicia como un lugar axeitado para investir e, polo tanto, para fortalecer e reforzar as políticas industriais e as políticas económicas.

México foi o país destino neste caso. México é un destino consolidado, é un país que é o principal comprador de produtos galegos de toda Latinoamérica. E México é tamén, neste caso, un país no cal as exportacións durante os dous últimos anos creceron un 72 %. Cada vez hai unha maior presenza de empresas galegas neste país, e non só dende o punto de vista das exportacións. Dende o ano 2009 incrementáronse nun 32 % as empresas que son exportadoras regulares a México. Neste momento son 541 empresas as que teñen intereses

comerciais neste país. E, ademais, hai outras empresas como Ramón García, que precisamente a semana pasada abría unha nova instalación en México, cun investimento previsto de 14 millóns de euros, que precisa, loxicamente, do apoio institucional do Goberno. Ese é o motivo polo cal se organizou esta misión comercial. E na réplica trasladareille os resultados concretos, tanto dende o punto de vista das reunións institucionais como dende o punto de vista dos resultados que as propias empresas tiveron ocasión de acadar con motivo desta viaxe institucional.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica do señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que é sorprendente que se molesten dende o BNG por facernos eco das súas propias críticas aos seus compañeiros de bancada. Eu non entendo esa molestia. Dende logo, non era o noso ánimo. Pero, en calquera caso, o que queda claro é que as viaxes que protagonizaban vostedes cando eran goberno nada teñen que ver coas misións comerciais que protagoniza o Goberno galego nestes momentos. Nada ten que ver esta viaxe institucional con aquelas viaxes, que si eran turísticas, ou coas que agora critican dende o BNG das que fai o *gobierno viajero*, ou *callejeros viajeros*, da Coruña, protagonizado polo goberno de Xulio Ferreiro, con 444 días viaxando dende que están en María Pita. A verdade é que é todo un récord, e supoño que para ben deles. É, dende logo, sorprendente.

E por iso eu creo que as críticas a esta viaxe son porque, dende os grupos da oposición, practican aquilo que di o refraneiro popular, o de «cre o león que todos son da súa condición». Non, non, esta é unha viaxe comercial, esta é unha operación comercial.

E disto queremos preguntarlle ao señor conselleiro.

Decía vostede que o principal comprador de produtos galegos en Latinoamérica é precisamente México, e de aí a importancia de acompañar as empresas do sector agroalimentario galego para exportar e para abrir novos mercados, novas posibilidades. Eu pregúntolle neste turno de pregunta sobre os resultados que agarda o Goberno galego desta misión comercial e os resultados tamén no plano institucional. Dende logo, agardamos que quede moito máis para Galicia e para as empresas galegas que daquelas viaxes de *jolgorio* do Bipartito que ben aderezaban con mojitos para todos e con barra libre. Iso agora só ocorre na Coruña, non ocorre no Goberno galego. E agardamos que dentro dun ano tampouco ocorra na Coruña.

Nada máis, moitas grazas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Peche desta pregunta.

Señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, efectivamente, trasládolle os resultados concretos desta viaxe.

En primeiro lugar, o presidente da Xunta de Galicia tivo ocasión de manter un encontro co presidente dos Estados Unidos de México, co presidente Peña Nieto, precisamente para agradecerlle a confianza que México depositou durante os seis anos do seu mandato en Galicia. Unha confianza que está a permitir que Galicia e as nosas empresas se poidan consolidar no país de México; pero que, ao mesmo tempo, serviu para reforzar e consolidar a recuperación do sector naval en Galicia. Polo tanto, foi un encontro importante dende o punto de vista institucional.

Tamén o presidente mantivo unha reunión co secretario de Economía, co ministro de Economía do Goberno mexicano, que nos confirmou precisamente a colaboración de ProMéxico para o evento que organizaremos no próximo mes de outubro para identificar oportunidades de investimento por parte de México en Galicia. E o presidente mantivo finalmente senllos encontros con dous gobernadores das dúas zonas industriais con importantes intereses para Galicia, como é o estado de México e tamén o estado de Oaxaca.

En concreto, asinouse un memorando de entendemento co gobernador do estado de México polo cal os dous gobernos imos estimular, imos expandir e fortalecer, a cooperación económica e comercial en sectores importantes para os dous estados, como é o sector agroalimentario, o sector téxtil, a automoción, as TIC ou as enerxías renovables.

Co gobernador de Oaxaca tamén se confirmou a colaboración e o impulso das relacións comerciais no eido do turismo, no eido da pesca e no sector agroalimentario. E, polo tanto, ábrense dúas oportunidades para que as nosas empresas, acompañadas polo Goberno, poidan establecer novas relacións comerciais; neste caso con dous estados —como lles dicía—, México e Oaxaca.

O presidente tamén tivo ocasión de manter un encontro con toda a colectividade, 4.500 galegos que celebraban o Día de Galicia en México. E, polo tanto, tamén a vinculación de Galicia cos galegos e galegas que viven en México foi un aspecto importante.

Finalmente, o presidente asistiu tamén a un encontro gastronómico de Galicia, no que 25 empresas galegas tiveron ocasión de presentar os seus produtos a máis de 300 profesionais, pechando diferentes acordos empresas tan importantes como Coren, como Torre de Núñez, como Conservas Palacio de Oriente ou Adega Terras Gauda, entre outras.

E, finalmente, unha vintena de empresas adicionais, de sectores TIC, do sector do naval, do sector da confección infantil, a través da colaboración da Cámara de Comercio da Coruña, tamén mantiveron máis de cen encontros con outras empresas. E, polo tanto, completouse así unha axenda importante dende o punto de vista comercial, unha axenda importante

dende o punto de vista institucional, nun país prioritario para Galicia e nun país no que estamos consolidando tanto as relacións comerciais como as relacións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...entre ambos os dous países.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da integración dos profesionais de Educación Social en toda a educación obrigatoria de primaria e secundaria, así como na infantil

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Traemos un tema que consideramos importantísimo, e esperamos contar coa súa sensibilidade. É evidente que o noso sistema educativo formal precisa superar moitas carencias e deficiencias. A conflitividade e a complexidade das aulas comporta o abandono de moitos alumnos —sabémolo—, distorsiona o ritmo de traballo e desgasta a función docente; e provoca en moitos casos alarma social no ensino obrigatorio. Para superalas faise necesario buscar novos vieiros que fagan da escola un espazo máis inclusivo de aprendizaxe, crecemento e desenvolvemento individual e colectivo, efectivo e eficaz.

Como sabemos todas, investir en educación de calidade é facer xustiza social. A inclusión é un dereito inalienable, vostede sábeo. Un dos camiños é a colaboración entre a escola e a educación social. Pode ser un paso moi relevante. Trátase de acadar a plena incorporación desta figura como axente indispensable para a mellora da calidade na educación.

Dende o recoñecemento da educación social en 1991 e a creación do Colexio de Educadores Sociais no 2001, estes profesionais tiveron un papel activo na educación non formal, na educación de persoas adultas, na inserción de persoas en risco de exclusión social e de persoas con diversidade funcional, así como na acción socioeducativa. Do que se trata é de que as funcións recollan de maneira legal e formal esta incorporación.

A comunidade pioneira na introdución da educación social nos centros foi Estremadura. No ano 2002 contratou 118 profesionais, un por cada instituto. Cataluña ten gran tradición. Castela-A Mancha, no 2013, incorporou 40 profesionais. No 2014 en Andalucía integráronse en equipos multidisciplinares 59 profesionais. Neste curso 2017-2018 en Baleares xa comezaron

a traballar en 10 institutos. En Canarias experimentan. Ceuta, Melilla e Aragón están reflexionando e experimentando. Na nosa comunidade, no curso pasado, houbo un importante congreso internacional celebrado en Ourense que contou coa participación de máis de 100 expertos, analizando realidades e potencialidades. Todos coincidían nunha reivindicación: que Galicia precisa unha lei reguladora do exercicio da profesión.

Por iso, a nosa pregunta é a seguinte: ¿pensa a Xunta de Galicia integrar as e os profesionais de educación social en toda a educación obrigatoria de primaria e secundaria, así como na infantil? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, para responderlle á súa pregunta, farei como unha dobre diferenza: por unha parte, unha parte xurídico-organizativa, referente ao que é o sistema educativo e tamén o que ten que ver coa función do educador social; e, por outra parte, falarei —supoño que xa na segunda intervención, porque non creo que me dea tempo— do que ten que ver co modelo educativo que existe en Galicia, e que, por suposto, está na liña do que vostede está dicindo, que é xusto socialmente, que é equitativo, que é inclusivo, que favorece a convivencia e que reduce o fracaso escolar.

¿Que podemos dicir respecto do punto de vista organizativo neste ámbito? Podemos dicir que a Xunta de Galicia, e a Consellería, por suposto, neste ámbito cumpre de xeito exclusivo a normativa legal a nivel profesional. E vostede dío tamén. Vostede, na súa exposición de motivos, fala dun real decreto de 1991 onde se establece o título universitario de diplomado en educación social e se fixan as competencias, as directrices, o plan de estudos, etc. E creo que o artigo 1 é moi definitorio do que é función profesional do educador social, tal como hoxe a coñecemos. Dinos este artigo número 1: «As ensinanzas conducentes á obtención do título oficial de diplomado en educación social deberán orientarse á formación dun educador nos campos da educación non formal (educación de adultos, incluídos os da terceira idade, inserción laboral de persoas desadaptadas e minusválidos), así como na acción socioeducativa». Isto dío no ano 1991 un real decreto que define a profesión de educador social.

Posteriormente, no ano 2001, créase o Colexio de Educadores Sociais de Galicia, onde tamén se regula a profesión e tamén se fala de que esta profesión é unha garantía para os sectores sociais máis desfavorecidos, aos cales se dirixe a acción dos colexiados. Aínda máis, a doutrina científica, a literatura científica que existe neste ámbito dinos que a profesión de educador social está centrada nuns campos de atención especializada, que son centros de acollida, centros residenciais da infancia, centros da terceira idade, ámbitos de desenvolvemento comunitario, servizos sociais, equipos psicopedagóxicos municipais, servizo de atención primaria etc., etc.

En ningún caso, señoría, en todo este marco organizativo aparecen os centros educativos, e non se di por un capricho, en ningún caso se di por un capricho, porque o que hai é un respecto e unha separación que creo que está así, que é así, no marco existente no que ten que ver tamén co ensino regrado.

¿Que é o ensino regrado?, que vostede tamén plantexa. Pois o ensino regrado —así está definido na LOE— é o conxunto de ensinanzas que se atopan no sistema educativo español e que se imparten dun xeito presencial ou a distancia en centros públicos ou privados de ensinanza dentro do marco da LOE.

Creo que dende o punto de vista organizativo queda moi claro que os educadores sociais, este colectivo, moi importante, sen dúbida, fundamental sen dúbida, ten o seu ámbito de traballo fundamental no ámbito das políticas sociais e de benestar, prestando fundamentalmente servizos autonómicos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e locais. É dicir, non nos debemos confundir, aínda que teña a palabra educador social. É que iso non quere dicir nin moito menos que unha persoa que ten esta titulación non poida participar ou non poida ser profesor, non poida ser educador dentro dos corpos docentes, pero hai vías profesionais para iso. Hai que diferenciar, dunha parte...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...un perfil profesional tanto dende o punto de vista organizativo, como despois posteriormente lle explicarei, cando teña tempo, no seguinte turno, dende o punto de vista do modelo educativo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para réplica ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, vostede o que acaba de dicir son obviedades. É evidente que o decreto onde se regula o currículo e o desenvolvemento da profesión é unha cousa e outra cousa é a posibilidade de modificar a lei e de integrar estes profesionais no ensino, cando estamos vivindo situacións de *bullying*, absentismo, violencia de xénero, maltrato, drogodependencia. Poden traballar en habilidades sociais, prevención, mediación e resolución de conflitos, redución do absentismo e fracaso e mellora das competencias.

Creemos que vostede o que fai é eludir algo que defrauda; defrauda porque hai expectativas lexítimas no marco legislativo para que a Consellería outorgue aos educadores a súa incor-

poración no marco regrado. Nós imos seguir insistindo, imos intentar promover unha lei e esperamos que reflexionen sobre esta cuestión. Porque das funcións podemos citar moitas.

Vostede falou dun punto A e un punto B. Unha cousa é o que existe e outra cousa é o que xa se mudou. Se vostede mira a lei, modificada, pioneira de Estremadura, do ano 2002, hai dezaseis anos, e mira a cantidade de comunidades que se están incorporando, polo tanto temos precedentes polo menos en catro comunidades e esperamos que moitas máis que están experimentando leven a bo termo a súa reivindicación de crear a lei, pois nós esperamos que a nosa comunidade tamén se comprometa nisto.

Hai moitísimo, moitísimo traballo por facer e moitísimas funcións e moitísimas leis que avalan a posibilidade, tanto lei de educación e prevención e detección de violencia de xénero —que podía ser unha intersección perfecta—, medidas de protección integral contra a violencia, lei de protección á infancia e adolescencia... Todas estas leis tamén contribuirían a fornecer a proposta que nós dende aquí facemos.

O que hoxe traíamos era unha pregunta. O que vostede nos di é que é case inamovible o que xa está creado dende o 2002.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Non é unha resposta valente dun conselleiro que se gaba de que temos unha das comunidades máis inclusivas de España. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Para o turno de réplica ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Cuña, eu xa lle dixen que había dúas partes: unha parte organizativa, do marco xurídico, que entenda vostede que hai que respectar, a non ser que vostede entenda que os marcos xurídicos non importan, e o que é o modelo organizativo do que é o modelo educativo.

Vostede cita aquí Estremadura, citouna varias veces. Mire, poderá ter o que vostede di, pero eu fágolle unha pregunta: ¿vostede cre que Estremadura ten menos fracaso escolar que Galicia? Non. ¿Vostede cre que o modelo estremeño ten unha mellor convivencia que o sistema galego? Non. ¿Vostede cre que hai máis inclusión educativa en Estremadura que en Galicia? Non. ¿Vostede cre que é máis equitativo o sistema estremeño que o galego? Non. ¿Vostede cre que hai menor absentismo en Estremadura ou noutras comunidades autónomas que en Galicia? Tampouco. ¿Vostede cre que hai mellores competencias docentes de coñecemento en Estremadura que en Galicia? Tampouco. ¿Vostede cre que hai mellor tratamento na igualdade de xénero en Estremadura que en Galicia, unha comunidade autónoma, Galicia, que puxo a primeira asignatura de libre configuración especializada neste ámbito ou o primeiro ciclo de formación especializada neste ámbito? Non.

Hai modelos diferentes e cada un ten o seu modelo. Nós temos un sistema educativo que, afortunadamente —e non o digo eu—, creo que é un éxito colectivo do conxunto do sistema educativo, que pode presumir dalgúns factores: un, é o máis inclusivo de España; e, dous, é o máis equitativo de España (*A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.*), o primeiro en equidade e o primeiro en igualdade de oportunidades. Iso non o di este conselleiro; obviamente, vostede non me crerá. Pero dígolle que vaia vostede aos informes oficiais do Ministerio ou de ámbito supranacional e verá perfectamente que somos a comunidade autónoma máis inclusiva de España e máis equitativa de España e que garantimos mellor que ningunha a igualdade de oportunidades. E pode ir vostede, señora Cuña, preguntar a calquera sitio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E para iso hai un marco profesional fantástico.

Mire, hai un número de profesionais dedicados á atención á diversidade e a cubrir todas as cuestións vencelladas coa igualdade de oportunidades altísimo no sistema público galego, practicamente 3.500 profesionais (PT, AL, coidadores, orientadores, etc.). E vostede está facendo como unha especie de malabarismo dialéctico. Un profesional diplomado ou graduado en educación social pode perfectamente participar na función docente. Obviamente, ten que seguir os trámites e os requisitos necesarios. Por exemplo, para secundaria, facer o máster de secundaria e presentarse ás oposicións, simple e llanamente. Outra cousa é que vostede diga que hai que facer prazas específicas para este colectivo, que eu creo que é o que vostede plantexa.

Pero eu dígolle que hai un camiño claro, por exemplo, facendo un máster de secundaria, facendo a oposición e entrando no sistema educativo, ou —como estou dicindo— facer o que estamos facendo nós: un sistema integral do que afortunadamente temos que estar todos orgullosos. A Administración estao. Pero debemos, como galegos, estar orgullosos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...de ter o ensino máis equitativo de España e o ensino máis inclusivo de España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os recursos destinados e as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, boa tarde.

O 18 de decembro do ano 2014 o Consello da Xunta deu luz verde á Estratexia galega contra a pobreza e a exclusión social, a Estratexia galega de inclusión social de Galicia. No seu deseño participaron non só os concellos, senón tamén as entidades sociais. E, ademais, un dos obxectivos desa Estratexia galega de inclusión social é fomentar, promover, facilitar a participación das entidades de iniciativa social na loita contra a pobreza e a exclusión social.

Fronte a situacións de exclusión, é necesaria a suma de esforzos. Por iso, dende a Xunta de Galicia sumáronse esforzos da Xunta, dos concellos e das entidades sociais nesa Axenda social de Galicia. A coordinación e a implantación de todos é fundamental para tecer unha rede de apoio que nos permita combater a exclusión social en Galicia.

E hoxe nós queremos facerlle unha pregunta, porque para o noso grupo o papel das entidades sociais na loita contra a pobreza e a exclusión social ten que ser fundamental. O terceiro sector xoga un papel esencial na protección e na prestación de servizos sociais. Demostrámo-lo coa reforma da Lei de servizos sociais, que blindou o papel das entidades sociais, onde se crearon os concertos sociais e o acordo marco e se deu prioridade ás entidades sociais sen ánimo de lucro na prestación dos servizos sociais. Por iso, o diálogo, a colaboración e a coordinación con eles é para nós primordial.

Por iso, queremos preguntarlle cales son os recursos e as liñas de colaboración da Xunta coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Grazas, señor presidente.

Señorías, señora Rodríguez Arias, o desenvolvemento de políticas activas de inclusión que teñan unha maior eficacia, que cheguen a todos os galegos e galegas que máis o precisan, é un eixo fundamental do Goberno de Galicia, é un eixo fundamental que nos ten que unir a todos os grupos deste Parlamento. Así o estamos a facer a través dos instrumentos normativos e de planificación do Goberno, onde me gustaría destacar a Axenda social única de Galicia, como vostede recollía na formulación da súa pregunta.

Efectivamente, trátase de unir esforzos, unir esforzos das diferentes administracións e unir esforzos das entidades sociais precisamente pensando nos galegos e nas galegas que máis precisan o noso apoio e a nosa atención; sumar esforzos, se mo permite, para multiplicar os recursos, que é o que conseguimos precisamente coordinándonos, para acertar nas políticas que desenvolvemos.

Iso tamén require un maior investimento, un maior investimento de carácter social, un maior investimento de carácter social no ámbito da inclusión social, das nosas políticas públicas de inclusión social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, e tamén maiores recursos económicos para as entidades sociais, que colaboran con nós nese obxectivo fundamental, nese obxectivo fundamental de que en Galicia teña plena vixencia o que di a Declaración de dereitos humanos, concretamente o seu artigo 25, que é unha folla de ruta fundamental para garantir que todas as persoas teñan cubertas a súas necesidades básicas.

Como lle dicía, hai un maior incremento nas nosas políticas públicas da Dirección xeral de inclusión, que este ano volven medrar ata acadar os 115 millóns de euros. Medran un 8 % cando o conxunto do orzamento da Comunidade Autónoma medra un 3 %. Se mo permiten, hai un crecemento acumulado tamén, dende a creación da Consellería de Política Social, do 35 %. Polo tanto, está claro que este Goberno está priorizando as políticas sociais e o investimento social sobre outro tipo de gasto. Estamos a desenvolver, polo tanto, esta axenda. Moi recentemente ampliamos o Programa Reconduce ás sete grandes cidades de Galicia. E tamén un eixo fundamental é ampliar o Plan concertado de servizos sociais cos concellos, que leva tamén incrementándose nos dous últimos anos.

Polo que vostede me pregunta exactamente, polo que respecta a entidades, dígolle que as incrementamos dunha maneira moi importante: na convocatoria do 2015-2016, cinco millóns de euros; na de 2016-2017, oito millóns de euros e na última convocatoria, 2017-2018, dez millóns de euros. Polo tanto, duplicamos ata este momento o esforzo con entidades sociais, co terceiro sector, para entre todos sumar esforzos e multiplicar a eficacia das nosas políticas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Ten a palabra, para a réplica, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Señor conselleiro, sen recursos non se pode loitar contra a pobreza e a exclusión social. E por iso a Xunta, como vostede acaba de dicir, duplica ese orzamento, eses recursos, para loitar e axudar as persoas que máis o necesitan.

Non acontece así en moitos concellos de Galicia, e ás veces non acontece así neste Parlamento, porque se ten demonizado as entidades sociais en moitos debates deste Parlamento. Cando se fala da prestación de servizos sociais non escoitamos outra cousa que críticas contra as entidades sociais que traballan e axudan as persoas que máis o necesitan. Cando falamos de loitar contra a pobreza e a exclusión social o que escoitamos é que concellos como o da Coruña ou o concello de Compostela o que fan é reducirles as axudas ás entidades sociais. O que hai que facer para loitar contra a pobreza e a exclusión social é incrementar os recursos, como fai a Xunta. Iso si, a hipocrisía é reducir as axudas ás entidades sociais pero logo ir sacar a foto coa Casa Real cando lle dan un premio á Cruz Vermella. *(Murmurios.)*

E neste Parlamento negáronse a darlle a medalla do Parlamento a Cáritas, co que Cáritas fai por moitas persoas na nosa comunidade. Pero, dende logo, nós témolo claro. O papel das

entidades sociais en Galicia para a prestación dos servizos sociais é fundamental. O incremento de recursos, pero tamén falar con elas, coordinarse con elas, é o que hai que facer. É o que está facendo a Xunta de Galicia. Porque o que non se pode facer é tentar loitar contra a pobreza e a exclusión social sen os concellos e sen as entidades sociais.

Dende logo, nós apoiamos esas entidades e, ademais, defendemos o seu papel.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Rodríguez Arias, efectivamente, eu xa lle manifestaba o que temos feito ata o de agora. O que temos feito ata o de agora é ter unha política social expansiva, que se pode ter porque temos unha boa política económica en Galicia. Sen crecemento económico non hai crecemento de recursos para investir máis en políticas sociais. É un feito o de que estamos investindo máis ca nunca en políticas sociais, pero por suposto non nos conformamos co que temos feito.

Estamos mellorando a coordinación, efectivamente, a coordinación coas entidades sociais. Neste momento en que lle daba os datos duplicamos os recursos económicos que as entidades sociais de Galicia están a percibir para, conxuntamente cos concellos e co Goberno autonómico, desenvolver políticas que están a pé de rúa, que están a pé de barrio, que chegan a lugares onde desgraciadamente non pode chegar a Administración. Na última convocatoria foron 122 entidades sociais ás que lles temos que agradecer ese esforzo continuo por axudar as persoas que máis o precisan.

Temos que mellorar tamén a nosa coordinación e o noso apoio aos concellos, e estámolo facendo. Este Goberno foi quen de asinar esa axenda social única, precisamente para non só mellorar a coordinación e o financiamento das entidades senón mellorar a coordinación e o financiamento dos concellos. E, como xa lle dixen anteriormente, incrementamos o Plan concertado de servizos sociais nos dous últimos anos, como, por certo, non está facendo ningunha outra comunidade autónoma, porque o estamos facendo con recursos de todos os galegos e cos recursos de todas as galegas.

Pero no ámbito da exclusión social, no ámbito da inclusión, o que necesitamos non é estar satisfeitos polo que fixemos senón estar concentrados no que nos queda por facer. Aínda hai moitas persoas despois da crise económica que precisan a nosa atención. E agora que seguimos crescendo, que segue crescendo o orzamento de Galicia, non hai que conformarnos co que fixemos, como lle digo, senón facer máis, e precisamente facer máis coas entidades sociais. Por iso quero anunciarlles que estamos a tramitar neste momento unha nova orde de

entidades sociais, como as ordes que lles relataba na miña primeira intervención, que nesta convocatoria, con carácter plurianual, tal e como teñen demandado as entidades sociais, entre o 1 de xullo de 2018, deste ano, e o 30 de xuño de 2020, acadará os 15 millóns de euros e, polo tanto, triplicará os recursos que as entidades sociais tiñan no ano 2015 en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade na provincia de Pontevedra

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero dar as grazas ás representantes dos equipos de valoración de Pontevedra que nos acompañan hoxe aquí.

E, conselleiro, eu recollo as súas palabras. Acaba de dicir que a política de Política Social é expansiva e que hai un crecemento económico e que, polo tanto, vai haber máis investimentos. Pois para a valoración da discapacidade e os seus equipos da provincia de Pontevedra tamén llo pido antes de comezar a miña pregunta.

Seguro que vostede coñece este caso, un caso real que saíu na prensa hai uns días: unha nena de Mos con trastorno xeneralizado de desenvolvemento diagnosticado. Pediu a dependencia, pediu a discapacidade. A dependencia está recoñecida, vanlla aboar en xullo deste ano —segundo dixo o seu pai—, pero para a discapacidade dixéronlle que vai ter que tardar como mínimo, para a valoración, un ano. Iso significa que non vai poder optar a unha axuda de 100 euros mensuais por fillo a cargo da Axencia Tributaria nin á beca do Ministerio de Educación para alumnos con necesidades específicas.

Esta nena é prioritaria en canto a tempo. O tempo vai ser un ano para valoración porque falamos de Mos, falamos da provincia de Pontevedra e é unha nena. O mesmo ocorre cos maiores de noventa anos, coas persoas con cancro terminal ou con aquelas que reciben unha pensión non contributiva. O resto, o resto de persoas, teñen que esperar, de media, case tres anos. Esta agarda, segundo unha enquisa de Sondaxe recente, é a agarda que menos xustifican os cidadáns da nosa comunidade autónoma. E o prazo legal para resolver eses expedientes, sábeo vostede, é de tres meses.

¿Que pasou para o desfase nestes equipos? Un desastre do novo programa informático en 2014; persoal contratado pola acumulación de tarefas en 2015 e sen formación, que tiveron que supervisar dende os equipos; a creación de novos EVO en 2016 para Santiago e curiosamente para Ferrol pero ningún para Pontevedra; un convenio infame co Sergas, polo que

interveñen previamente médicos de atención primaria sen ver os pacientes, só atendendo os expedientes, e que debían ser revisados polas médicas dos EVO —digo «debían» porque dende hai uns días recibiron a orde de que vai ir todo directamente á propia Consellería e xa non van revisar nada máis—; e escaseza de persoal: son tres equipos, tres médicas —unha acaba de xubilarse, outra vai coller unha baixa de varios meses sen nada—, son dous psicólogos e outro a media xornada, entre discapacidade e dependencia—. Esta é a situación.

Sei que me vai contestar que vai haber seis equipos máis dentro de nada, porque xa sei que esa vai ser a resposta. Eu pregúntolle se vai crear o Goberno galego novos equipos de valoración e orientación permanentes e formados para Pontevedra; como mínimo, dous, que era o que lle pediamos. Curiosamente seguro que me vai contestar que vai haber seis, porque nós fixemos esta iniciativa. Porque antes desta iniciativa nin había seis nin había cero.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Para contestación por parte do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Vilán, pois, mire, vou empezar polo final, porque parece que vostede xa coñece a resposta que eu lle vou dar. Eu agradézolle moito a súa resposta, pero vostede recordará perfectamente que antes da súa pregunta o que houbo foi un acordo unánime hai algunhas semanas neste Parlamento. Polo tanto, eu o que estou facendo, como representante do Goberno, é nin máis nin menos que cumprir un acordo unánime deste Parlamento.

Díxeno na pregunta que me formularan anteriormente. Acadamos avances importantes en materia de política social, cun maior investimento social que se está notando en todas as áreas da Consellería, pero queda moito por facer. Vostede mesma acaba de comentarme un caso concreto, un caso que, efectivamente, saíu nos medios, un caso que eu coñezo e que non é o único caso, efectivamente, onde nós, dende logo —de acordo co establecido polo propio Parlamento— temos unha marxe de mellora moi considerable. Pero non é todo o que vostede me está plantexando na súa pregunta. Este é un tema que ten unha enorme complexidade, é difícil en tres minutos resumilo. Pero eu tratarei de darlle, ademais da resposta que vostede esperaba, algunha outra clave.

En primeiro lugar, quero dicirlle que nós imos tratar de superar con creces o acordo que se adoptou neste Parlamento pensando en todas as persoas que están esperando durante máis tempo do que teñen dereito. Os prazos son prazos establecidos e, polo tanto, nunca a acción da Administración pode causar ela mesma un retraso en prazos de dereitos persoais de xente que require unha especial atención pola nosa parte.

Polo tanto, eu o que quero anunciarlle hoxe non é que vai haber seis equipos máis para Pontevedra, onde, por certo, unha moción moi recente do Partido Socialista solicitaba dous. Imos crear seis novos equipos en Pontevedra. Pero, señora Vilán, quero anunciarlle —e isto si que parece que llo vou anunciar— que imos crear 14 novos equipos de valoración en Galicia: seis en Pontevedra, catro en Vigo e un novo equipo na Coruña, outro en Ferrol, outro en Lugo e outro en Ourense.

E despois o que imos facer, señora Vilán, tamén é un gran exercicio de simplificación e mellora dos procedementos. En primeiro lugar, a mellora dos sistemas de citas e a súa confirmación vía SMS. En segundo lugar, simplificar todo o procedemento de valoración a través da historia social única; primeiro, simplificando o cuestionario —de catro folios vai pasar a un folio— e evitando exixirle á xente papeleo totalmente innecesario, porque xa está en poder da Administración. En terceiro lugar, imos recoñecer automaticamente a discapacidade do 33 % a todas as persoas que teñen recoñecida unha pensión de incapacidade permanente por parte do Estado —máis do 10 % de solicitudes—.

Polo tanto, eu creo que unha batería de medidas que nos vai permitir dar un salto importante na atención a esas persoas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleiro, ¿e necesitaron vostedes oito anos e unha pregunta, que xa estaba rexistrada antes da proposición non de lei que hai quince días... *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A min gustaríame poder facer a miña intervención sen corrillos por detrás, se fose posible, presidente. *(Pausa.)*

Grazas.

Necesitaron vostedes —volvo outra vez— oito anos e unha pregunta para facelo. Díciame o meu compañeiro que estaban vostedes en Pontevedra, que están vostedes en Pontevedra, en negativo. Porque, se van ser 14 equipos para toda Galicia e seis para a provincia de Pontevedra é que na provincia de Pontevedra estamos en negativo, conselleiro. E vostede o único que fai é vir a remolque. E ademais de vir a remolque, igual que fixo na Residencia do Maior de Campolongo, igual que fixo no Avelino Montero de Pontevedra, é que isto é un parche. Porque eu quero que me responda se eses seis equipos van ser permanentes e con persoal formado que non teña que ser supervisado polos equipos dos EVO que xa hai agora. Eu só lle pregunto iso, se van ser equipos para a acumulación de tarefas por seis meses, e logo outros tres meses máis, ou se van ser equipos permanentes. Porque ese mínimo de dous que lle di-

ciamos nós na nosa proposición non de lei para Pontevedra era precisamente de equipos permanentes, que é o que se necesita. Porque, se non, non vai haber maneira de sacar o traballo. Ese convenio co Sergas ¿vai continuar ou non? Tamén nos gustaría sabelo.

Pediríamos que non lle volva mentir á Valedora do Pobo, como fixo o ano pasado dende a súa consellería, dicíndolle que dá igual, que estes atrasos non producen efectos prexudiciais porque o seu resultado se retrotrae ao momento da solicitude. Porque non sempre é certo. E a propia valedora así o recoñeceu onte cando veu aquí a explicarnos o seu informe, conselleiro.

Pedímoslle tamén que nos diga onde van colocar eses novos seis equipos, porque onde están non collen. ¿Van quitar os tres que hai e colocar os outros seis? Porque non collen onde están. E, igual que foi á Residencia do Maior e ao Avelino Montero hai uns días, vaia tamén a onde están en Sanidade, e poderá ver onde están.

Tamén lle preguntamos, por exemplo, polos gastos nalgún material e se tamén o van facer; en camillas, por exemplo. Porque é necesario o material ademais do espazo físico.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Se van investir, nesa nova política expansiva da Consellería, ¿van investir en serio, de maneira permanente, nos equipos de valoración da discapacidade na provincia de Pontevedra?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra, para a réplica por parte do Goberno, o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Señora Vilán, vou tratar de contestarlle algunhas cousas, pero a verdade é que —xa lle digo— vostede só me fala dunha parte do problema e hai dúas partes moi importantes do problema. Vostede só me fala dunha, que, efectivamente, recoñecemos, na que estamos actuando, efectivamente. Pode que tarde, pero é que, como comprenderá, hai moitas máis cousas no ámbito da discapacidade que requiren toda a nosa atención; por exemplo, a dependencia, no que os números tamén están aí.

Mire, supoño que a vostede lle parecerá ben que o conselleiro siga os pasos do Parlamento, ¿non? Porque vostede dime que teñen que preguntar para actuar. Pois eu a verdade é que teño moito respecto polo Parlamento. E cando me fan unha pregunta dunha residencia, cando me fan unha pregunta de equipos de valoración, o que teño que facer é precisamente ter ese respecto polo Parlamento, o que merece o Parlamento, e polo tanto actuar cando o Parlamento mo require. De verdade que iso é algo importantísimo —eu enténdoo así— nunha acción de Goberno. Eu creo que trato de facelo, unhas veces con máis éxito, de verdade, e outras veces con menos éxito.

Mire, respecto do tema do persoal dos EVO, acabo de dicirle: 14 novos equipos, e 10 na provincia de Pontevedra —seis en Pontevedra e catro en Vigo—. Son 10 de 14 (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Son seis para Pontevedra pero tamén está Vigo; polo tanto, a provincia... Vostede falábame da provincia. (*Aplausos.*) Non, pero é que é bo que nos aclaremos. Vostede dicíame: «A provincia de Pontevedra está discriminada». Non, todo o contrario, non está discriminada. De 14 equipos vai levar 10, porque é o que corresponde. Analizamos as razóns medias de cumprimento de cada equipo e era absolutamente necesario. E por iso imos dar ese paso, cun investimento de 1 millón de euros e cunha contratación de 51 novos profesionais —16 médicos, 15 psicólogos, 14 traballadores sociais e 6 auxiliares—.

Pero de verdade que esa é a metade. Porque a outra metade é a simplificación, a simplificación do procedemento. ¿A vostede parécelle ben que reduzamos un cuestionario para persoas que, como di, ás veces teñen máis de 90 anos? Que teñan catro folios diante é absolutamente impresentable por parte da Administración, e estámolo mellorando.

Sobre a supervisión preguntábame vostede. Pero ¿vostede cre que un médico do Sergas ten que ser supervisado por outro médico? ¿Vostede realmente cre que temos que exixirle á xente dúas veces pasar polos médicos da Xunta de Galicia? De verdade, nós imos aumentar os medios, os recursos humanos, pero o que imos facer é un grande exercicio de simplificación administrativa. Porque pedirle dúas veces informes médicos, pedirle dúas veces informes dos traballadores sociais, pedirle dúas veces a declaración da renda é, dende logo, non pensar na persoa e pensar soamente no propio funcionamento dos equipos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta, que é un debate acumulado das preguntas 8.9 e 8.11.

Pregunta de D^a Carmen Santos Queiruga, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para considerar agora vangarda tecnolóxica os medios de salvamento aéreo da Xunta de Galicia que pasaron a mans privadas no seu día por considerar que estaban obsoletos e que precisaban de actualización

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía polo Goberno galego do cumprimento polos helicópteros *Pesca I* e *Pesca II* das condicións técnicas necesarias para a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, boa tarde.

O venres 27 de abril deste ano, na Comisión de Pesca e Marisqueo do Parlamento galego, preguntamos dende o noso grupo sobre a cuestión á secretaria xeral técnica. Porque dende había meses En Marea levaba advertindo deste tema e parecíannos de extrema gravidade as informacións que estaba a recoller a prensa. Cal foi a nosa sorpresa que, cando en vez de asumir a desvergoña desta operación —supoñendo o que supón tanto para as arcas públicas dos galegos e galegas como para a salvagarda dos traballadores e traballadoras do mar no caso de sufrir un accidente—, esta non fixo máis que contradicirse. E despois optou por atacar ao noso grupo, que estaba no exercicio das súas funcións de control ao Goberno galego e na petición dunha información que cremos que é lexítima.

A secretaria xeral técnica afondaba nunha escusa que contradí o expresado por vostede xa nalgúns medios —e tamén por outros membros do Goberno— no sentido de afirmar que os medios aéreos do servizo de gardacostas son vangarda tecnolóxica, cando con anterioridade se defendía a necesidade de actualizar estes medios como pretexto para a súa venda e posterior externalización.

Expuxemos que o Consello de Contas xa sinalara en 2014 que a venda dos helicópteros por 13,5 millóns —a metade do que custaran cando os adquiriu o goberno do señor Fraga— non contaba con ningún estudo sobre a repercusión da venda dese patrimonio. A secretaria negou estas irregularidades e, despois de preguntarlle directamente se o Consello de Contas mentía entón, comezou a liarse dicindo e desdicindo, e rematando por atacar de novo á oposición.

A única realidade, dixese o que dixese a secretaria xeral técnica, é que ninguén pode omitir que, no mellor dos casos, o Goberno do Partido Popular malvendeu a cegas bens que eran públicos e, no peor, regaloulle un negocio moi rendible a unha empresa amiga a custa dos intereses dos galegos e das galegas.

A cronoloxía dos feitos é a seguinte: os helicópteros foron adquiridos no ano 2005 despois da catástrofe do *Prestige*; a xestión do seu servizo e mantemento foi entregada a Inaer, empresa que coñecemos ben na Comisión 7ª no tema dos incendios forestais; no ano 2012 estes helicópteros foron vendidos polo Goberno á dita empresa alegando que os aparatos quedarán vellos e que a venda permitiría rebaixar, primeiro, a cota anual que estaba pagando á empresa, que mantiña a obriga de prestar os seus servizos ata o ano pasado, e, segundo, que eses helicópteros se ían renovar; no mes de abril, a Xunta convocou un primeiro concurso para atopar unha empresa que continuase prestando o servizo de salvamento marítimo con helicóptero, durante catro anos prorrogables a seis, por 6,5 millóns; Inaer —a actual Babcock— non se presentou ao concurso e este declarouse deserto, xa que a única empresa que se presentara descartouse por non cumprir as condicións.

Así, coa intención de confeccionar un traxe á medida de Inaer, en xuño a Xunta realizou unha consulta preliminar do mercado, para que as empresas puideran acudir ao novo concurso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Isto está pasando tamén nos incendios.

Unha vez feita a consulta, a Xunta convocou unha nova licitación, que incrementaba este gasto.

A gravidade desta cuestión fai que este grupo volva traer unha vez máis este tema a debate, pois merece unha resposta o suficientemente coherente por parte súa.

¿Como explica o Goberno galego que uns medios considerados obsoletos, que precisan de actualización, agora que pasaron a mans privadas sexan considerados como vangarda tecnolóxica?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten agora a palabra, para formular tamén a pregunta, a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Explicouse moi ben o lamentable e bochornoso espectáculo que o outro día a secretaria xeral técnica deu na Comisión de Pesca en canto á pregunta do *Pesca I* e *Pesca II*. Está claro que neste tema non nos entendemos. E non nos entendemos porque vostedes pasan olímpicamente do que o Consello de Contas dixo naquel momento. Pasan olímpicamente ata o punto incluso de negalo.

Mentres que vostedes din que a operación se planificou, o Consello de Contas advertiu do contrario. Voulle ler textualmente: «Débese sinalar que non consta ningún estudo sobre a repercusión da venda dos helicópteros no prezo das futuras contratacións do Servizo de Gardacostas de Galicia». E léollo textualmente, porque a secretaria xeral técnica dixo que non había, respecto disto, indicacións do Consello de Contas.

Como lle digo, pasan olímpicamente. Mentres vostedes din que seguiron todos os trámites, o Consello de Contas advertiu do contrario, e tamén llo vou ler textualmente: «Os pagos á empresa realizáronse a través do trámite excepcional da (...) (*Inintelixible.*) do gasto polo Consello da Xunta, omitindo os procedementos legalmente establecidos pola Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia».

Mentres vostedes dicían que a venda permitiría contar con aeronaves máis modernas e que o contrario sería anquilosarse no tempo —estas son unhas declaracións do ano 2011, xusto antes de vendelos—, a realidade indica que hoxe en día se está prestando servizo cunhas aeronaves que son do ano 2005, co cal volven outra vez a pasar olímpicamente de todo. Mentres vostedes dicían que a venda permitiría evitar o monopolio, a realidade vólvenos indicar que finalmente estamos en mans unicamente dunha empresa, e esa empresa é Babcock, como vostede sabe.

Pero como estes argumentos foron requeterrepetidos, e xa sei que xa a deben aburrir, hoxe traémoslle outro novo, a ver o que opina. (*A señora Toja Suárez amosa un papel.*) Mire, isto que

está aquí é unha oferta de venda dun Sikorsky do ano 2005 S-76C+. Esta é unha oferta actual. Pódese mercar por 2 millóns de dólares, o que vén sendo 1,7 millóns de euros. Isto é un equivalente a un *Pesca I* ou *Pesca II*. Como lle digo, son 1,7 millóns de euros. O custo do servizo anual para Galicia é de 8,5. Se vostede fai o cociente de 8,5 entre 1,7, dálle 5. Cada ano estamos pagando o equivalente a cinco aeronaves.

Non ría, conselleira, porque a nós parécenos unha cousa seria. E co custo de 40 millóns, que é o que custa o contrato enteiro, poderíanse mercar 23. Daquela, conselleira, volvémoslle plantexar a pregunta que facemos sempre: ¿Que intereses está defendendo vostede para eses sobrecostos, para comprar por 27 e vender por 13, e agora pagar un contrato de 40 millóns que permitiría comprar 23 *Pesca I* ou *Pesca II*, 23 Sikorsky? Señora conselleira, aquí o ten, isto non está inventado. Navegue e encontrarao aí por internet. ¡Son 2 millóns de dólares, 2 millóns de dólares! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Señora Prado, ¿ten que estar en todos os saraos? ¡Por favor! (*Murmurios.*)

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Queda pouco xa na orde do día, así é que lles pido a todos que manteñan silencio, por favor. (*Murmurios.*)

¡Silencio! ¡Silencio, por favor! Silencio a todos, ¡a todos!

Por alusións, vai falar a conselleira e contestar á pregunta. Grazas.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, señor Rodríguez, señora Toja.

Bueno, señora Toja, despois xa falaremos. Pero, claro, vostede está falando do que custa un helicóptero e de que podíamos comprar cada ano 23 helicópteros. ¿Onde está a operatividade, os pilotos, todas esas cousas? Pero, bueno, vostede sabe de todo, e eu déixolles esas cousas aos técnicos.

Mire, antes de entrar na circunstancia común pola que preguntan os dous grupos, creo que é necesario clarear algo para intentar evitar malas interpretacións e que vostedes volvan sacar palabras fóra de contexto para armar, como suelen facer, a súa propia versión, que eu creo que está bastante afastada da realidade. Digo isto, señora Toja, porque, cando vostede pregunta como garantimos o cumprimento das condicións técnicas necesarias para o desenvolvemento do salvamento marítimo, teño que dicirlle que o facemos dunha forma sinxela e clara: facendo un seguimento técnico, e facendo ese seguimento por técnicos. Aínda máis, señora Toja, vostede debería saber que, nas mesas de contratación e no seguimento

dos contratos, para os pagos non intervimos os políticos, senón que só hai técnicos. Son eles os que verifican o cumprimento do contrato e os que verifican os aboamentos necesarios para facer fronte ao contrato.

No caso do señor Rodríguez, e cando se refire a que malvendemos os helicópteros e que non contabamos con ningún estudo sobre a repercusión desta venda, teño que dicirlle dúas cousas. A primeira é que iso de malvender é moito dicir, porque contabamos cun informe dun enxeñeiro, e visado polo Colexio de Enxeñeiros Aeronáuticos. E mesmo o Consello de Contas o reconece no informe que citan. Porque deben ler todo o informe e non só unhas partes do informe. A segunda, se coa falta de informe sobre as repercusións da venda se refire á frase que vostede citaba: «*Se debe señalar que no consta ningún estudio sobre la repercusión de la venta de los helicópteros en el precio de las futuras contrataciones del Servicio de Guardacostas de Galicia*». Creo que o tempo xa puxo bastante claridade nesta cuestión, porque temos que dicir que nestes momentos acadamos un aforro de 700.000 euros mensuais sobre o adxudicado no ano 2012, un aforro de 2,4 millóns de euros en todo o contrato. Polo tanto, creo que queda acreditado que algo debemos de facer ben.

Clarificadas estas cuestións, tamén quixera botar luz sobre ese mantra que repiten día si e día tamén, e que acaban de volvelo facer hoxe, de que temos uns helicópteros obsoletos. Heilles dicir que non é así e que unha mentira repetida mil veces non chega a converterse nunha verdade. E paso a explicarllelo para que quede isto claro.

Vostedes refírense a unhas comunicacións feitas desde a propia Consellería. Eu pódolle deixar ao presidente do Parlamento a nota de prensa onde se fixeron públicos a licitación e o contrato que se ía facer. E ¿saben o que dicía esa nota de prensa? Despois xa a lerán, pero vóullelo dicir eu agora: «A Xunta considera que, dada a rapidez coa que a tecnoloxía avanza, os dous helicópteros modelo Sikorsky S-76 corren o risco de quedar obsoletos antes da segunda década de vida, polo que considera preciso amortizar o gasto da súa compra antes de que sigan perdendo valor, taxado neste momento por peritos independentes en 11,5 millóns de euros. A súa segunda década de vida vén sendo alá polo ano 2025. Faltan sete anos, e antes dese momento terá que producirse outro segundo contrato. Entón, en ningún momento falamos de que estivesen obsoletos nin de que se vendesen por tal motivo. Tempo haberá para cambialos antes de que finalice este contrato e antes de que poidan estar obsoletos. O que se sinalou publicamente foi que, tal e como consta nos ditames periciais de valoración das aeronaves que no seu momento se recabaron, aquel era o momento óptimo para proceder á súa venda. Diciamos e dicimos tal cousa porque, de esperar máis tempo, os helicópteros iríanse depreciando paralelamente ao seu envellecemento e o encarecemento das reparacións e mantementos que fosen necesarios, que correrían a cargo dos propietarios, é dicir, a cargo da propia Administración. Polo tanto, en lugar de sacar as palabras de contexto, eu recomendaríalles que lesen ben o que dixemos, que lean tamén as condicións sinaladas no prego de condicións deste contrato, porque os requisitos exixidos aos helicópteros son incluso superiores aos que exixen outros servizos de rescate aéreo en España.

Xa que logo, non vou admitir dúbidas sobre a valía dos helicópteros nin sobre o servizo por tres razóns. A primeira, porque doutra maneira vostedes estarían vertendo críticas sobre outros servizos con condicións menos exixentes e que, por certo, non son feitos por un goberno

dunha cor semellante á de Galicia. A segunda, porque estes helicópteros gozan de postos que agora están vostedes poñendo en solfa, que levan realizando misións sumamente dificultosas e exixentes en canto ás condicións meteorolóxicas, e incluso algunhas destas misións teñen recoñecementos a nivel internacional. Entendemos que estas misións non poderían levarse a cabo se os helicópteros foran obsoletos; e, desde logo, eu creo que isto non vén sendo así. E a terceira razón é porque sobre estes helicópteros non pesa dúbida ningunha a nivel mundial sobre a súa valía e capacidade. Polo tanto, creo que nin obsoletos, nin faltos de capacidade para traballar nas nosas costas. E pídolles, por favor, que non xoguen con estes temas, que non asusten a xente. Porque xa ben se encargaron de dicir que o 31 de outubro ían quedar sen servizo de salvamento marítimo. Estamos a día 9 de maio do ano 2018 e xa a xente puido comprobar que nin no 31 de outubro quedaron sen servizo nin o día 8 de maio están sen servizo nin estarán sen servizo mentres governe o Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, a adxudicación de medios aéreos polas administracións públicas galegas xa comezou hai tempo a ter certos problemas coa suposta relación que ten a súa Administración coas empresas adxudicatarias. Ata tal punto que a propia Audiencia Nacional é quen decide iniciar unha profunda investigación sobre a adxudicación de medios aéreos por diversas comunidades autónomas, xa que este asunto afecta a un número considerable de comunidades e incluso de países, como pode ser Portugal. E digo isto porque a vostede tamén lle tocou estar na Consellería do Medio Rural, e con vostede continuou o negocio de Inaer.

A escusa para a venda dos helicópteros era a mellora tecnolóxica —iso foi o que dixeron ao principio— e, polo tanto, a posibilidade de contar non naves novas e mellor dotadas tecnoloxicamente. As actuais naves seguen a ser as mesmas que no ano 2005. Non poden negar que seguimos operando cos mesmos helicópteros. Pode vostede disfrazalo como queira, vendémosllos mal vendidos a unha empresa privada.

Dicía literalmente no ano 2011 o responsable da Xunta: «Se melloran tecnicamente, podemos optar a estes medios mellores co paso do tempo, cuestión que, se os medios son propiedade nosa, é absolutamente imposible». Polo tanto, vostedes daquela defendían absolutamente a reformulación do contrato porque crían que era un mellor destino para os cartos públicos.

Hoxe vostede volve reiterar as mentiras cando se amosou sobradamente que toda esta manobra que armaron era para tapar a súa práctica política habitual. A empresa é exactamente a mesma, as máquinas tamén. Esta operación por conta dos traballadores do mar foi un negocio malo e ruinoso, e séguese sendo. Os mesmos que no ano 2012 estaban obsoletos, hoxe —sete anos despois— ségueno estando. A realidade é que os helicópteros foron vendidos

pola metade do seu prezo de compra, nun proceso que foi —como vostede sabe— cuestionado polo Consello de Contas.

Dicía a Xunta no ano 2012 que estas aeronaves non se adaptaban a Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Iso foi dito polo seu voceiro parlamentario. Pero hoxe son os que seguen utilizando o noso servizo privatizado de salvamento, do cal vostede é responsable.

Queda claro —remato, presidente—, diga o que diga, que esta operación non tiña ningunha xustificación nin técnica nin económica. A única xustificación é que unha empresa privada fixo negocios outra vez, ¿como non?, da man do Partido Popular.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten agora a palabra, para a réplica, a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Coma sempre, o servizo funciona grazas ao persoal e a pesar da xestión da Xunta, sempre é así. E vostedes manipulan e terxiversan para ao final poñer na nosa boca cousas que nós non dicimos, como que o servizo non funciona, que dubidamos do persoal, etc. Sempre fan o mesmo e iso é común en todas as súas intervencións.

Hoxe vostede leunos aquí unha nota de prensa, ¡moi ben!, pero obviou todo o que se dixo no ano 2011 naquela comparecencia, acábao de explicar o deputado de En Marea. Se se venderon as aeronaves, foi de acordo co que vostedes mesmos xustificaron por mellora tecnolóxica. Porque dicían precisamente que esa venda ía permitir, no caso de que houbera aeronaves máis modernas, poder dispoñer delas no servizo. E agora precisamente estamos utilizando aeronaves que son do ano 2005. Vostede diga se é de sentido común mercar no ano 2005 por 27 millóns, vender no 2012 pola metade, e estar utilizando aquilo mesmo que nós compramos no ano 2005. ¡É que é unha cousa totalmente absurda e sen sentido!, onde o único que houbo é un sobrecusto, unha ruína para Galicia e un choio para a empresa, diga o que diga.

E o que nós lle preguntamos é por que vostede non lle exige á empresa Babcock que preste o servizo con aeronaves máis modernas, tal e como se comprometeu no ano 2012. ¿Por que non o fai? ¿Por que non defende os intereses dos galegos e das galegas e defende constantemente os intereses desa empresa? ¿Por que non o fai? ¿Sabe por que? Porque a Babcock, se o prezo de venda dos helicópteros son 2 millóns de dólares —1,7 millóns de euros—, ¿quen lle vai pagar o que lle está pagando Galicia por algo que no mercado está agora a 1,7? ¿Quen vai ser o que pague 8,5 millóns ao ano por algo que no mercado está a 1,7 —por moito que me fale de operatividade e de salarios—? ¿Vostede sabe que Babcock

rebaixou enormemente os salarios dos traballadores? ¿Vostede sabe que están en folga agora mesmo por tema de salarios? Vostede fala e fala pero ao final está dando voltas sobre algo e detrás hai un tema que non está nada claro. É isto —repítollo— é unha ruína para Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Rodríguez, señora Toja, eu a verdade é que xa non sei como explicarlles as cousas. Eu estou empezando a dubidar da miña capacidade de explicarme, pero tamén empezo a dubidar da comprensión lectora dalgúns dos deputados que forman parte desta sesión de control. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro, aquí vexo que moitos deputados teñen titulacións e entenden de todo, entenden de aeronaves, entenden de enxeñaría, entenden de marisqueo, entenden de todo. Eu, a verdade, quedo un pouco abraiada con isto. (*Murmurios.*)

Pero, miren, eu voules dicir unha cousa simplemente... (*Murmurios.*) ¿Cantas empresas coñecen vostedes que poidan prestar este servizo? (*Fortes murmurios.*) ¿Cantas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Cantas? (*Murmurios.*) ¿A cantas empresas lles fixeron vostedes contrato mentres gobernaron? (*Murmurios.*) ¡A unha! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É máis, vostedes nin sequera sacaron a oferta pública deste contrato, (*Murmurios.*) o que fixeron foi unha addenda... Non, varias addendas que incrementaron en só un ano un 43 % o valor do contrato. (*Murmurios.*) (*Protestas.*) Esa é a diferenza entre como fan as cousas algúns e como as facemos outros. (*Aplausos.*)

Eu non teño ningún tipo de interese en defender a ningunha empresa e por iso o que fixemos foi unha oferta pública, publicada no *Boletín Oficial da Unión Europea*, publicada no *Boletín Oficial do Estado* e publicada no *Diario Oficial de Galicia*. E o que pretendíamos era que viñeran a maior cantidade de empresas posible, porque iso seguramente permitiría mellorar a competitividade. Pero soamente unha se presentou e unha reunía os requisitos, de acordo co que establecen os técnicos.

Señor Rodríguez, señora Toja, outros terán que dar explicacións. Eu, dende logo, non, nin son mentireira. E eu o que digo é o que vostedes dixeron. Vostedes dixéronlle á xente que o día 21 de outubro se acababa o contrato e que non ían ter servizo de salvamento, non o dixen eu. E eu non veño aquí a terxiversar as palabras de ninguén nin a mentir, que nunca o fixen. Vostedes metéronlle o medo á xente, igual que lle dicían que iamos cobrar polos sillóns nos hospitais. Esa é a súa maneira de asustar a xente. (*Fortes murmurios.*) Non fan ningunha contribución á defensa dos intereses. (*Murmurios.*)

Eu o único que lles digo é que temos un servizo único en todo o territorio nacional, creado por un goberno do Partido Popular, mellorado por un goberno do Partido Popular. E mentres vostedes estiveron no Goberno, ¿que fixeron? En lugar de mellorar o servizo decidiron que ían crear un heliporto e poñer un terceiro helicóptero. Decidírono, ¿e con que criterios? Diciendo: naquela finca de Pepe ao mellor podemos facer un heliporto —sen ningún estudo técnico—; un heliporto no que gastaron 2 millóns de euros e que nunca puido estar operativo. E o SEPLA mesmo díxolles a vostedes que incumprían o contrato en 23 puntos. ¿Fixeron algo? ¡Non! ¿E nós fixemos algo? ¡Si!, melloramos o contrato. E hoxe temos un contrato que permite ter mellores prestacións técnicas.

E non lles vou explicar eu —porque me parece que iso xa é de nenos pequenos— que, cando un compra un coche, desde o mesmo día en que o matricula, ao día seguinte, xa perde valor; e que canto máis tempo pase máis valor vai perdendo. Nós vendemos os helicópteros no momento en que os vendemos porque os peritos aos que lles pedimos o informe dixéronnos que aquel era o mellor momento para perder o menor valor posible pola venda deses helicópteros. E con iso o que conseguimos foi obter uns beneficios que nos permitan, no momento en que eses helicópteros deixen de estar operativos e de prestar un bo servizo, que a empresa teña a obrigaón de poñernos os mellores helicópteros dispoñibles no mercado. Non iamos esperar a arruinar a Xunta de Galicia, a que os helicópteros deixaran de ter valor, para despois dicir: e agora ¿que imos facer? Porque esa é a maneira que teñen algúns de gobernar, deixar pasar o tempo: *¡Ay!, que se me agota el tiempo. Pues ahora hago una adenda al contrato, y ahora hago otra adenda al contrato, y ahora hago otra adenda al contrato...* E, ao final, en menos dun ano doulle á empresa un 43 % máis de valor. Alguén terá que dar explicacións por iso, pero, dende logo, esta que subscribe, non.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Consellería do Mar respecto do desenvolvemento das campañas para o fomento do consumo de peixes e mariscos tituladas «O sabor da aventura está no mar», «Ponlle as pilas ao teu bocata» e «Do mar ao prato»

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Salorio Porral.

A señora SALORIO PORRAL: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira.

Dende hai varios anos, estase a percibir na sociedade unha fonda preocupación polo escaso interese demostrado dos nenos e das nenas polo consumo de peixe. Nun mundo onde cada vez é máis frecuente comer fóra da casa porque vivimos sen tempo, estase a ver un incre-

mento da chamada comida rápida, un 6 % no ano 2016, e outro 6 % no 2017 en España, cunha facturación de 10.657 millóns de euros.

Nas xornadas de Expomar, en Burela, a semana pasada, dona Rosaura Leis, vicepresidenta da Fundación Dieta Atlántica e coordinadora da Unidade de Atención Pediátrica do CHUS, recoñecía a súa preocupación aseverando que comer peixe é fundamental para a infancia e ao longo de toda a vida polas súas propiedades nutritivas, polos beneficios para a saúde dos nenos, ademais de por ser unha fonte única de ácidos omega 3 e ademais de aportar vitaminas e minerais. Son beneficios fundamentais para o desenvolvemento cerebral, da retina, do esperma, do corazón e do fígado, evitan a deterioración cognitiva e benefician a función cardiovascular e a lonxevidade, ademais de actuar como antiinflamatorio e antitrombos.

A Consellería do Mar, consciente desa realidade e apostando por crear hábitos de consumo alimenticios saudables —sobre todo entre os nenos—, deseñou unha serie de actuacións cun dobre obxectivo claro: incidir e equilibrar as dietas alimenticias, fundamentalmente nas idades infantil e xuvenil, co Plan de prevención da obesidade infantil en Galicia de 2014 e o Plan Xermola, e poñer en valor e fomentar o consumo dos produtos da pesca de Galicia, ademais de campañas de promoción no ámbito escolar como «O sabor da aventura está no mar», para realizar obradoiros e excursións para o fomento do consumo de produtos frescos da pesca e da acuicultura nos campamentos xuvenís, centros escolares e actividades culturais; «Ponlle as pilas ao teu bocata», que pon de relevo as virtudes das conservas dos produtos do mar nos colexios públicos e o seu consumo a base de receitas sinxelas; ou tamén «Do mar ao prato», que iniciou en 2016 e busca o compromiso dos profesionais da hostalería co produto galego.

Por todo o exposto, quero formularlle, señora conselleira, a seguinte pregunta: ¿que balance fai a Consellería do Mar destas campañas para o fomento do consumo de peixes e mariscos? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Salorio.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, señora Salorio, como vostede ben dicía, é unha preocupación que temos no Goberno da Xunta de Galicia ter unha poboación que se alimente ben e que, polo tanto, responda a uns criterios de vida saudable. E por iso nós estamos traballando, dende a consellería que me honro en dirixir, en varios programas dos que hoxe vostede pregunta e sobre os que teño que facer un balance entendo que sumamente positivo. Digo isto porque a apreciación subxectiva consolídase cando se poden buscar argumentos en catro razóns para outorgarlles este balance positivo.

A primeira é o número de participantes nestas campañas, que chegan xa a máis de 115.000 nenos e nenas que tiveron contacto con estas actividades. É unha cifra relativamente importante, pois estamos cubrindo aproximadamente o 57 % da poboación escolar de infantil e primaria da nosa comunidade autónoma.

A segunda razón radica en que esta atención das campañas nos leva a traballar con nenos en idade infantil e tamén de educación primaria, e iso supón tanto como forxar a base das xeracións futuras; é dicir, estamos buscando os futuros consumidores.

A terceira razón reside en que forxar esa base supón que poidamos reverter esa tendencia que paseniñamente leva a que a nosa sociedade cada día estea consumindo menos peixe, xa que este consumo se reduciu nos últimos anos un 2,4 %.

A cuarta razón creo que tamén vai nese interese social, xa que estas campañas forman parte dun programa, como lle dicía, moito máis amplo, que é o de «Aliméntate ben». E ¿que pretende este programa? Pois mellorar os hábitos de consumo dos nosos nenos e nenas e derivalos cara a unha vida máis saudable.

Estas campañas teñen que levarnos a un resultado a medio e longo prazo, e esa visión é coa que temos que traballar, chegando a moitos nenos e nenas e facéndoo dunha maneira sinxela e lúdica. Ese é o caso de «O sabor da aventura está no mar» e tamén o de «Ponlle as pilas ao teu bocata». De aí que cada campaña conta con dúas páxinas web nas que hai dispoñibles diferentes materiais —fichas, contos, xogos e unidades didácticas— co obxectivo de implicar o maior número de axentes da comunidade educativa e para que o profesorado traballe tamén co alumnado en relación con estas iniciativas.

Ademais, e por outra banda, entendemos que difundir os valores e o consumo dos produtos do mar tamén ten moito que ver con aumentar o número de prescritores. E iso debemos conseguilo dunha forma: traballando cos nosos cociñeiros do futuro. E por iso aproveitamos a puxanza das nosas escolas de hostalería para desenvolver o programa «Do mar ao prato», no que desenvolvemos un completo calendario de xornadas de promoción e difusión dos produtos do mar no eido específico da hostalería, que aborda de forma global, multidisciplinar e especializada o coñecemento e o tratamento dos produtos do mar para os futuros profesionais deste sector.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, para a réplica, a señora Salorio Porrál.

A señora SALORIO PORRAL: Moitas grazas, señora Quintana, pola información e polo traballo.

Creo que lle pode dar os parabéns á Consellería por poñer en marcha estes programas, por atender ao futuro do sector e á boa saúde desta sociedade. Creo que estas cifras non son menores e que os resultados se van ver a medio prazo. Vemos que este traballo segue a bo ritmo e, nese senso, quixeramos que nos explicase se vai haber novos pasos neste eido.

Novamente moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a señora conselleira, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señor presidente.

Señorías, señora Salorio, agradézolle as súas palabras e así llas trasladarei a todo o equipo que desenvolve estas campañas, que dende a Subdirección de Mercados e Produtos da Pesca traballan diariamente para conseguir, como dicía, ter unha mocidade máis sa, máis concienciada cun consumo responsable dos produtos do mar. E non paramos de seguir mirando o que podemos aportar dende a Xunta de Galicia para conseguir recuperar este consumo de peixe, que era algo tradicional na nosa vida, na nosa forma de ser como galegos, e que ultimamente se viña perdendo. Neste caso teño que comentarlle que, ademais de seguir adiante con estes dous programas que vimos de traballar cos nenos e tamén de seguir co programa dos alumnos das escolas de hostalería, tamén estamos deseñando unha nova campaña que intente abarcar os mozos de entre 18 e 35 anos, os que hoxe se chaman —creo recordar— «millennials» —estou un pouco alonxada desta nova forma de chamarlles aos xoves—. Eu creo que é importante que, así como traballamos cos nenos para que eles mesmos aos pais lles pidan que lles poñan de comer peixe nas casas, os mozos —unha vez que abandonan a casa familiar e empezan a desenvolver a súa vida fóra da casa— poidan coñecer as facilidades que ten tamén preparar un bo prato de peixe, xa sexa con peixe fresco, con peixe conxelado ou incluso con peixe transformado a través das conservas.

Imos intentar que sexa unha campaña moi sinxela e utilizar as redes sociais, que é unha ferramenta que hoxe en día a xuventude utiliza moito. Eu espero que ao final consigamos que toda a xuventude e mais os mozos consigan incrementar o consumo de peixe e así teñamos unha poboación moito máis sa, que é como nós a herdamos dos nosos antepasados.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Declaración institucional en relación coa Declaración dos defensores e defensoras dos dereitos humanos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Antes de rematar, queda pendente a lectura da última declaración institucional que queríamos facer neste pleno, por acordo de todos os grupos, a declaración institucional «Dereitos e liberdades».

Prego silencio.

«O Parlamento de Galicia reafírmase na defensa da Declaración dos defensores e defensoras dos dereitos humanos, aprobada hai vinte anos pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Neste aniversario subliñamos a responsabilidade primeira dos Estados e das institucións para coa defensa dos dereitos universais e, de forma especial, nesta declaración institucional, para coa garantía da vida e o exercicio desa defensa por parte daqueles e daquelas hoxe dedicados de forma explícita a esta función.

Os chamados «defensores e defensoras dos dereitos humanos» son igualmente defensores e defensoras da vida e da humanidade. Por iso saudamos e apoiamos mediante esta declaración o seu desempeño e compromiso nunha loita que debe ser de todas as persoas.

En consonancia coas Nacións Unidas, este Parlamento tamén é consciente da perda de valor nos últimos anos do discurso dos dereitos humanos en detrimento doutros principios e intereses —políticos, xeoestratéxicos, económicos ou comerciais—, o que nos preocupa de forma especial. E por iso:

1. O Parlamento de Galicia reafirma o seu compromiso coa consideración dos dereitos humanos individuais e colectivos tal e como foron recollidos nos instrumentos internacionais, con especial referencia á Declaración universal dos dereitos humanos, neste o seu 70º aniversario, e á coñecida como Declaración de defensores e defensoras dos dereitos humanos, da que celebramos o seu 20º aniversario.
2. Así mesmo, entendendo que todos e todas temos —xunto coas organizacións sociais— responsabilidades e funcións que realizar na protección e recoñecemento dos defensores e defensoras, facemos un especial chamamento ás institucións públicas para o cumprimento de todas as súas responsabilidades nesa mesma protección.
3. Rexeitamos os procesos de criminalización que se articulan, especialmente desde algúns sectores económicos e políticos, contra o labor dos defensores e defensoras. Estas persoas contan, desde as súas actuacións pacíficas e como defensoras da vida, co recoñecemento e protección deste Parlamento.
4. Recoñecemos o destacado traballo realizado ata a data por diferentes programas de protección temporal de defensores e defensoras dos dereitos humanos, sempre en coordinación continua entre institucións e organizacións sociais do ámbito da cooperación e da solidariedade internacional.



Por último, o Parlamento de Galicia trasladará esta declaración institucional ao Goberno de Galicia, á Valedora do Pobo e ao Goberno de España, solicitando a estas instancias que activen, de acordo coas súas competencias, os mecanismos e procedementos necesarios para o total e libre exercicio de todos os dereitos humanos por parte dos defensores e defensoras en calquera país do mundo.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018» *(Aprobada por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

E rematada a orde do día, levantamos a sesión.

Remata a sesión ás sete e catorce minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25